

Saudade

(Verba Galega nas Américas)

Saudade
(Verba Galega nas Américas)
[México, D.F., 1942-1953]

Edición de:
LUÍS ALONSO GIRGADO
MARISA MOREDA LEIRADO
MARÍA VILARIÑO SUÁREZ

Edita: Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Coordinador científico
Manuel González González

Director Técnico de Literatura
Anxo Tarrío Varela

Imprime
Galigraf Galicia

ISBN
978-84-453-4557-3

Depósito Legal
C. 254-2008

A nosa gratitude á Biblioteca Penzol de Vigo, de onde proceden os orixinais que fixeron posible esta edición facsimilar da revista galego-mexicana *Saudade*.

O número de agosto de 1952, que erroneamente aparece como número 5 cando en realidade se trata do número 6, chegounos a través de Claudio Rodríguez Fer, que conservaba a reprodución da colección íntegra da revista (sete números en total), colección pertencente á que foi a súa alumna, Práxedes García Vázquez, que viaxou a México e fixo un estudo das páxinas de *Saudade* inédito ata hoxe mesmo.

OS EDITORES

Xa navegando cara o desterro, os nazonalistas tivemos a primeira xuntanza e acordamos seguir avencellados e non acougar no propósito de seguir loitando polo noso ideal como sucedeu, a pesar das dificultades inherentes ás vicisitudes propias da subsistencia. Logo de chegar a México traballamos enviando panfletos, circulares e a revista *Saudade* que lograbamos introducir á Terra gracias á moi eficaz axuda do señor Barros, boticario de Tourem, na fronteira de Portugal.

Co tempo, no ano 1952, fundamos o Padroado da Cultura Galega, que axiña había ser emulado, co mesmo nome, en Buenos Aires e en Montevideo. O noso Padroado exerceu unha intensa actividade política e cultural. Debemos lembrar a revista *Vieiros* moi gabada (até pol-os que non simpatizaban co seu contido) debido ó seu fermoso feitío.

Tamén debo lembrar a “Hora de Galicia” que cada domingo se transmitía por radio en ondas longa e curta, ésta moi escoitada, a xulgar por reportes que nos chegaban de remotos lugares.

Elixio Rodríguez, “As voces do exilio”,
en *Actas do Congreso Internacional*
“O exilio galego” (2006-2007)

A primeira empresa sociocultural creada polos galeguistas de México foi *Saudade. Verba Galega das Américas*, que sae á rúa en 1942 coincidindo co “Día de Galiza”. Tivo como editor responsable nos dous primeiros números o arquitecto Xosé Caridad Mateo, responsabilidade que traspasa a Ramiro Illa Couto no terceiro número, e correrá a cargo de Ramón Cabanillas Álvarez a edición dos números catro e cinco (...). A redacción integrábana Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto e Ramón Cabanillas Álvarez, colaborando estreitamente con eles Marcial Fernández, Manuel Porteiro Viñas e Bieito Búa Rivas (...)

Un dos propósitos que perseguía a publicación era a incorporación da colonia galega, a dos vellos residentes, á loita pola defensa da personalidade cultural e política de Galicia. Coincidindo co último número de *Saudade* publícase, tamén con motivo do “Día de Galiza”, o *Cancioneiro da Loita Galega*. Edición da que se sabe foi responsable o poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

Saudade non volve aparecer ata 1952, manténdose na nova xeira ata agosto de 1953. Nesta súa segunda etapa incorpora colaboracións de galeguistas do interior, e na dirección está agora o socialista Marcial Fernández, incorporándose Luis Soto á redacción. Segundo R. Gurriarán “esta empresa unitaria foi o xermolo de importantes accións culturais que logo virían, como o Padroado e *Vieiros*”.

Unha vez máis, o último número de *Saudade* coincide con outra sonada actividade galeguista. Nesta volta, coa constitución do Padroado da Cultura Galega en México, que se leva a cabo no hotel Majestic de México D. F. , o 29 de xuño de 1953. A primeira directiva estivo presidida polo violinista Xesús Dopico Barreiro, con Roxelio Rodríguez de Breñaña como secretario xeral.

María Xosé Rodríguez Galdo,
Galegos en México. Pasado e presente (2004)

ÍNDICE

1. <i>Saudade</i> (Verba galega nas Américas). México, D.F. (1942-1953):	
Ficha Técnica	15
2. Contextos de <i>Saudade</i>	25
• Emigración	25
• Centros galegos	26
• Exilio	26
• Prensa galega	28
• Prensa mexicana	31
3. Algunhas valoracións	35
4. Índices	39
A) De números	39
B) De colaboradores	44
5. <i>Saudade</i> : facsímile	53

1. FICHA TÉCNICA

TÍTULO: *Saudade*.

SUBTÍTULO: Verba Galega nas Américas.

LUGAR: México, D. F. (México).

TOTAL DE NÚMEROS: 7.

CRONOLOXÍA DOS NÚMEROS: 1 (25-xullo-1942), 2 (Nadal-1942), 3 (maio-1943), 4 (xullo-1943), 5 (agosto-1944), 5 bis¹ (xullo-1952), 7 (xullo-1953). Non poucos dos que se ocuparon de *Saudade* son imprecisos a este respecto. Así, o mesmo Delgado Gurriarán lembraba en entrevista con Dolores Pla Brugat, en 1979, que “aunque éramos poucos y con poucos recursos, publicamos varias revistas, todas en gallego, como *Saudade* «Verba galega das Américas», de ésta salieron cinco o seis números en la primera época y después, esporádicamente, salieron otros dos números, total, siete números. También publicamos *Vieiros*, que fueron como cinco números”².

CRONOLOXÍA DA REVISTA: 1942-1953.

ETAPAS: dúas, a primeira ocupa os anos 1942-1944 e nela aparecen cinco números. A segunda vai de 1952 a 1953 e tira dous números. Hai unha síncope temporal de oito anos entre unha e outra. Unha entrada crítica en asuntos e situacións da vida política galega pasada e presente (e aínda española) podería ser o trazo diferencial e caracterizador da segunda etapa. Para Sixirei Paredes, “na primeira etapa estivo vencellada á primitiva Irmandade Galeguista e nela colaboraron Gurriarán, Velo, Ramón Cabanillas (fillo) e Illa Couto (Ramiro). Na segunda etapa ten máis protagonismo Rodríguez de Breaña e a primeira directiva do Padroado”³.

Sinala Ricardo Gurriarán que “Novamente o grupo “Saudade” xúntase para volver a sacar a revista que tan boa acollida tivera ó principio dos 40. Incorporan á redacción a Luis Soto. E entre os novos colaboradores, como xa dixéramos, contan con galeguistas de Galicia como Otero Pedrayo, Cuevillas, no número 5, para incorporar, no 7, a Pura Vázquez, Álvaro Cunqueiro e Ben-Cho-Sey.

Entendemos que os tempos non eran os mesmos que había dez anos. Imponíase a unidade de acción, e deste xeito súmanse á empresa o heterodoxo comunista Soto,

1 Por erro na numeración, repítese o número 5 no canto do 6, que sería o correcto. Ao longo do noso traballo sobre a revista referímonos a este segundo número 5 como 5 bis.

2 Entrevista con Dolores Pla Brugat, en Enriqueta Tuñón, *El exilio gallego de 1939 en México*, en *Actas do Congreso internacional “O exilio galego”*, p. 514 (vx. Bibliografía).

3 Carlos Sixirei Paredes, *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p. 235.

e os socialistas galeguistas que xa colaboraran na etapa anterior, Marcial Fernández, como director, e Porteiro Viñas; todos eles conformarían a redacción do primeiro número da nova andaina –número 5, de Xullo de 1952–, xunto cos galeguistas Roxelio R. de Breaña, Velo, Tomé e Florencio. Pensamos que esta empresa unitaria foi o xermolo de importantes accións culturais que logo virían, como o Padroado e Vieiros”⁴.

PERIODICIDADE: irregular. Semestral primeiro, anual despois. Hai, como xa anotamos, un baleiro de oito anos (1944-1952) no que a publicación desaparece.

EDITADA POR: Grupo Saudade e Irmandade Galeguista de México, D.F.

EDITOR RESPONSABLE: José Caridad Mateo (números 1 e 2), R. Illa Couto (nº 3), Ramón Cabanillas Álvarez⁵ (números 4 e 5), Roxelio Rodríguez de Breaña (nº 5 bis e 7).

DIRECTOR XERAL: Marcial Fernández (nº 5 bis), Florencio Delgado Gurriarán (nº 7).

REDACTORES: Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, José Caridad Mateo, Ramón Cabanillas Álvarez, Carlos Tomé, Roxelio Rodríguez de Breaña, Lois Soto Fernández⁶ e Manuel Porteiro Viñas vanse sucedendo ao longo da xeira da revista.

ADMINISTRACIÓN-ENDEREZO: República del Salvador, 96, Despacho 406; Artes, 199, Despacho 22; Abraham González, 40, Despacho 2; V. Carranza, 5, Despacho 5; Bucareli, 12; Carlos Daza, 253, baixos (México, D. F.). O domicilio social da publicación é, pois, certamente itinerante e sitúase nas rúas que rodean a Praza do Zócalo da Cidade de México.

IMPRESA EN: A. Artís imp., S.R.L.; Durango 290 (nº 1). Posteriormente (nº 4), Imprenta Gallarda, I.A. Franco, Uruguay, 40. México D.F.

ADMINISTRACIÓN E PUBLICIDADE: ao cargo de Andrés Valín Salvador.

FORMATO DE PÁXINA: 19’5 x 27’5 (ou 28’5 no número 7).

NÚMERO DE PÁXINAS: variable: 1 (16), 2 (22), 3 (26), 4 (30), 5 (18), 5 bis (39), 7 (39). Exclúense as páxinas de publicidade, que van sen numerar.

LINGUA: monolingüe en galego, con mínimas excepcións. A defensa da lingua e o seu mantemento e difusión fóra de Galicia, na terra de asilo mexicano, é unha constante, un motivo recorrente en *Saudade*, a “verba galega” en terras de América (as Américas xa non –aínda que tamén– da entrada de milleiros dos nosos emigrantes, senón da chegada de centos e centos de desterrados ou exiliados) que proclama –Cabanillas *dixit*– no remate da súa curta xeira (nº 7, contracapa) que a lingua é a defensa e o máis transcendente signo identitario do país. A praxe idiomática relaciona *Saudade* con outras irmás americanas impulsadas por galegos. *A Gaita Gallega*

⁴ Ricardo Gurriarán, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada: do Castro, p. 233.

⁵ Prologou o *Cancioneiro da loita galega* (1943, reeditado en Galicia en 1996), publicación auspiciada polo Partido Galeguista e na que colaboraron Ramón Cabanillas Enríquez, Ramón Rey Baltar, Emilio Pita, Florencio Delgado Gurriarán, etc.

⁶ Editou *El Eco* (Arxentina) e foi redactor de *España Popular*, *Nuestra Bandera*, *Saudade*, *Loita* e *Vieiros* (todos eles en México).

(Cuba), *O Irmandino* (Uruguai), *A Nosa Terra*, *A Fouce*, *Terra*, *Lar Galicián* (Arxentina) ou *Vieiros* (México), así mesmo monolingües en galego.

A lingua é unha bandeira ideolóxica que centra frases propagandísticas e textos doutriniais ao longo dos sete números da publicación. Ocupa lugar salientable nos editoriais e escritos voceiros do Grupo Saudade (vx., por exemplo, o do reverso da cuberta do nº 3, 1943), é obxecto de estudos e análises como “O problema lingüístico de Galiza” (nº 4, 1943, pp. 13-15) ou fornece material de carácter oral e popular para a Sección “Fontes e forxas da fala”, de epígrafe ben ilustrativo ao respecto.

Repárese no infrecuente feito de que os anuncios das páxinas da publicidade comercial levan con moita frecuencia os textos en galego. Polo que atinxe ás achegas de colaboradores non galegos (Agustín Millares Carlo, Alfonso Reyes, Rafael Cardona, A. Rovira i Virgili) ou galegos como Xesús Dopico Barreiro foron, con seguridade, obxecto de tradución. Esta circunstancia non consta habitualmente, mais témola, explicitamente, no caso de “O Capricho Hespagnol e Galiza”, de Xesús Dopico, texto que figura “traducido por *Saudade*”. Cardona e Dopico asinan algúns dos contadísimos textos en castelán que *Saudade* publica.

PREZO: 50 centavos (nº 1), 5 \$ (nº 5 bis), 10 \$ (nº 7). O dato figura na contracapa dalgúns números⁷.

PUBLICIDADE: pouca. Redúcese a 1/2 páxinas ao comezo e final de cada número e iso non sempre. Os anuncios son de tipo comercial (cafés, bares, moblarías, hotéis, boticas, axencias de transporte), así como produtos de diverso tipo (tabaco, combustibles, aceiros). Máis da metade dos breves textos dos anuncios están en galego.

ILUSTRACIÓNS: relativamente escasas, sempre en branco e negro e case sempre de pequeno formato. Predominan claramente as viñetas inspiradas en figuras, paisaxes, escenas e motivos galegos. O traballo no campo, os bailes, a música, o mundo rural e mariñeiro e as súas xentes (con especial relevancia da muller) e a morte son eixes motivadores de viñetas, gravados, caricaturas e debuxos. A fotografía é practicamente inexistente. Seguramente este capítulo estético de *Saudade* constitúe a dimensión máis pobre e limitadora da revista, circunstancia que contrasta coa da posterior *Vieiros*, de moi importante plástica pictórica.

ILUSTRADORES: aparecen nos sumarios. Rexistramos os nomes de Arturo e Uxío Souto, Colmeiro, Zarzalejo, Carlos Maside, Dichi (Cándido Sánchez Mazas), Ramiro Illa Couto e Xurxo. O máis frecuente é que as ilustracións estean sen asinar.

CABECEIRAS HOMÓNIMAS: a consulta de repertorios de prensa galega non fornece, contra o que sería previsible, ningunha cabeceira homónima desta *Saudade* galega de México, aínda que sospeitamos da existencia de máis de unha. A única excepción da que temos constancia é *Saudade, Revista Ilustrada*, (Ferrol, 1924)⁸ na que colabo-

7 A situación económica da revista debeu ser sempre precaria, problemática. No número 5 bis (xullo de 1952) hai unha “chamada” á axuda económica: “Fannos falla 100 dos “bons e xenerosos” que se suscriban a Saudade con \$ 5.00 ao mes para evitar sexa interrumpida a publicación d-ista Revista. Faino axiña coperando con ise cativo grau de area”. Nin a publicidade, escasa, nin os subscritores, poucos, deberon representar unha base económica de mediana solvencia para soste estas páxinas cuxos rectores confesan que “non nos move máis i(n)trés que o da galegitude. Se labouras por ela estás traballando dende o punto de guía da SAUDADE” [Nº 5 (bis), contracuberta].

8 Guillermo Llorca Freire, *Historia da prensa ferrolá*, Sada (A Coruña): do Castro, 1992, p. 88

raron, entre outros, Ramón Gómez de la Serna, Bello Piñeiro ou Xaime Quintanilla. Imprentada no prelo de *El Correo Gallego*, continuaba a súa xeira en 1925.

COLABORADORES LITERARIOS (ACTIVOS E PASIVOS): Xerardo Álvarez Gallego, Ben-Choshey, Basilio Bernárdez, Teóphilo Braga, Bieito Búa Rivas (Ribas), Ramón Cabanillas (Enríquez)⁹, Ramón Cabanillas Álvarez, Rafael Cardona¹⁰, Uxío Carré Aldao, Leandro Carré Alvarellos, Castelao, Rosalía de Castro, Martín Códax, Curros Enríquez, Florencio Delgado Gurriarán, Xesús Dopico, Marcial Fernández, Serafín García, Xohán García Gómez, Ramiro Illa Couto, Chita Lamas de Illa Couto, Celestino López, Edmundo Lorenzo, Macías (o namorado), E. Martelo Paumán, Madove, Félix Martín Iglesias, A. Millares Carlo, Manuel Murguía, Roberto Nóvoa Santos, Ramón Otero Pedrayo, S. Pellit Varela, Eduardo Pondal, Manuel Porteiro Viñas, Porto do Río, A. Rey Romalde, Alfonso Reyes, R. Rodríguez de Breaña, A. Rovira i Virgili, Faustino Santalices, Lois Soto Fernández, Valle-Inclán, Pura Vázquez, Adolfo Vázquez Humasqué e Carlos Velo. Son, en total, corenta e catro sinaturas de colaboradores literarios.

PSEUDÓNIMOS: dos pseudónimos, Porto do Río, cunha única achega, ten que ser –por ourensán– Florencio Delgado Gurriarán, circunstancia que xa acredita Ricardo Gurriarán no estudo da vida e obra do seu pai citado con anterioridade. A forma Madova reúne as iniciais dos nomes de pía –Manuel Venerando– de Manuel Vene-



Carlos Velo (centro) e Elixio Rodríguez (dereita)

⁹ Debemos reparar aquí na presenza, dunha banda, de achegas poéticas en verso (dúas) de Ramón Cabanillas Enríquez, o poeta cambadés (unha delas, dabondo coñecida, é o poema dedicado a Castelao, nº 7, 1953; p. 23) e, doutra, as achegas en prosa (dúas así mesmo) do seu fillo, Ramón Cabanillas Álvarez, que debeu ser o responsable da publicación en *Saudade* de dous poemas do pai.

¹⁰ Foi ilustrador e encargado do “Axeito artístico” de *Vieiros*.

rando Porteiro Viñas, ocupado na revista en temas económicos e “aguillóns” críticos doutras temáticas. En fin, Ben-Cho-Shey está consagrado como pseudónimo na nosa historia literaria e xornalística.

TEXTOS EN PROSA: anotamos mostras de prosa crítico-ensaística, narrativa e ata poética. A temática galega é constante nas páxinas dedicadas a escritores (Castelao, o P. Feixóo, Rosalía, o P. Sarmiento, Suárez Picallo, Valle-Inclán ou Curros), á emigración, feitos históricos, folclore, economía, motivos xacobeos, música, lingua, situación política de Galicia nos anos da posguerra (décadas dos 40 e 50), morriña, saudade, motivos relacionados co celtismo e o atlantismo, etc. Rexistramos un total de sete textos de prosa narrativa (Ramón Cabanillas Álvarez e Bieito Búa salientan neste apartado), sete de prosa poética (Carlos Velo, Nóvoa Santos, Delgado Gurriarán, Porto do Río, Roxelio R. de Bretaña cultivan esta modalidade lírico-poemática da prosa) e trinta e tres de carácter crítico-ensaístico, sen que falten as características achegas de prensa, informativas ou de opinión. Castelao, Xesús Dopico, Marcial Fernández, Manuel Porteiro Viñas, Rafael Cardona, Luis Soto Fernández ou Félix Martín Iglesias cultivan esta prosa de temática variada.

TIPOLOXÍA DA REVISTA: centrada en todo o que sexa o ámbito galego, *Saudade* é unha publicación do exilio, dos exiliados galegos (republicanos, nacionalistas, socialistas, comunistas) en México. Trátase de páxinas de carácter cultural nun amplo senso, defensoras e divulgadoras da lingua en terras de América, con atención particular á creación literaria (a lírica especialmente) sen esquecer os temas e motivos folclóricos, biográficos, lingüísticos, antropolóxicos, musicais, de pensamento, plásticos, sociais, políticos e económicos de raíz galega. A orientación política de signo galeguista e nacionalista, de actitude e prédica antifascista e de protesta contra os “detentadores do Poder na Hespaña”, os “cabalos de-Atila do réxime” ou os “atentados a cultura feitos pol-o dictador” (o réxime de Franco) e denuncia da “Galiza irredenta”, intensifícase nos dous derradeiros números (anos 1952-1953, segunda xeira) da revista¹¹. É inequívoca a afirmación de fe idiomática: a “verba galega” identificativa da xente e do país galego no exilio, sempre coa saudosa lembranza de Galicia, é canle expresiva “de unha publicación periódica na nosa fala” (Nota editorial do nº 4, xullo de 1943) que quere divulgar e espallar a imaxe e coñecemento de Galicia en México. Un percorrido por estas páxinas revela a intención de recuperar e revitalizar vellos ideais galeguistas (os discursos do celtismo e do atlantismo) e a aposta política “pol-a República Federal” e polas “ideias da democracia federal hespañola”.

SECCIÓNS: a única que posúe continuidade (figura en seis dos sete números da revista) é “Fontes e forxas da fala”, de temática lingüística ou literaria (adiviñas, cancións, cantigas de diverso tipo, romances, contos de variado asunto, locucións, romanzas, refráns). Esta sección non está asinada, aínda que se rexistra a colaboración (activa ou pasiva) de Leandro Carré Alvarellos e Roxelio Rodríguez de Bretaña. Cómpre tamén rexistrar unha segunda sección, “Poetas novos. Poetas vellos”, que aparece en catro números da publicación. Tampouco consta o seu responsable.

11 En diferentes notas emanadas da dirección, *Saudade* protesta polo que considera aldraxes do réxime franquista a Galicia. Un deles, o nomeamento do xeneral Mizzian como comandante da rexión de Galicia, (vx. nº 7, p. 24); outro, “habere sido crausurada pol-o Réxime totalitario hespañol a Editorial Galaxia” (nº 7, p. 1, Editorial).

Leve ou non o epígrafe “Editorial”, a revista está sempre presidida por este tipo de escritos que representan a súa liña de opinión, a súa orientación ideolóxica. En *Saudade* prima a cultura e conciencia galegas, o espallamento do idioma, a procura da unión dos galegos, a inquedanza da saudade como valores identificativos e caracterizadores a defender. No número 2 (1943), no editorial (sen o epígrafe) afírmase con contundencia que “De todol-os elementos que fan que Galiza sexa unha unidade cultural; lingua, arte, espírito, o primeiro é o de meirande importancia”. No do número 4 (1943) salientase o papel de defensor da cultura galega como clave da revista. Un xiro ben claro cara á actualidade política caracteriza os editoriais dos números 5 bis e 7 (segunda etapa de *Saudade*) que rexeitan o “Réxime vandálico” franquista mentres teiman na preocupación pola cultura e polo home galegos.

Epígrafes como “Esbozos”, “Aguillóns”, “Lembrando a terra”, “Revista de libros”, “Letras de loito” e algún outro son esporádicos e non tiveron apenas presenza; non callaron en seccións, como tería sido previsible.

TEXTOS POÉTICOS: calcula P. García Vázquez¹² que suman algo máis do trinta por cento do total de escritos da revista. Co discorrer dos números da publicación, van en aumento: 1, no número 1; 3 no número 3, 11 no número 5 bis. Hainos de tipo popular (na sección “Fontes e forxas da fala”) e de carácter culto (en “Poetas novos. Poetas vellos”). Aos clásicos do século XIX (Rosalía, Curros) ou aos trovadores dos cancioneros medievais (Meendiño, Martín Códax, Pero Meogo) súmanse voces coetáneas da revista: Pura Vázquez, que está representada con dous poemas do aínda daquela inédito *Maturidade* (1955), Roxelio Rodríguez de Breaña, Xohan García Gómez, Xesús Dopico e, sobre todo, Florencio Delgado Gurriarán, que adianta poemas logo incorporados ao poemario *Galicia infinda* (1963), dan vida a este apartado, como tamén Bieito Búa ou Chita Lamas de Illa-Couto. Non falta (repetido no número 5 bis e presente primeiramente no número 4), o “Himno Galego” con letra de Pondal. Polo que atinxe a Ramón Cabanillas, que deixa aquí dous poemas (números 5 bis e 7 da revista), trátase de Ramón Cabanillas Enríquez. O seu fillo asina cos apelidos Cabanillas Álvarez.

FRASES PROPAGANDÍSTICAS E TEXTOS DIDÁCTICOS: Como acontece noutras publicacións da prensa galeguista, *Saudade*¹³ aproveita os espazos das súas páxinas para inserir –a xeito de consignas– frases ou textos de marcada intencionalidade didáctica onde se defenden valores e principios galeguistas. A defensa e dignificación da lingua é quizais o máis reiterado deses valores, xa desde o texto de Murguía que cerra o número 1 (páxina 16) ata o máis breve de Cabanillas, que constitúe o colofón do número 7 e teima con forza e rotundidade nesa liña: “A lingoa é o noso escudo...”. Nesta dinámica de didactismo galeguizador e nacionalismo reivindicativo temos que situar as codas engadidas a poemas e colaboracións en prosa ou as novas referidas a aniversarios ou cabodanos como o de Alexandre Bóveda (número 7, p. 8). Otero

12 Servímonos, neste e nalgún outro apartado, da introdución de Práxedes García Vázquez ás páxinas de *Saudade*; estudo inédito presentado ao profesor Claudio Rodríguez Fer no antigo Colexio Universitario de Lugo.

13 Ademais da propia revista, o Padroado contaba xa en 1952 co programa de radio “Hora da Cultura Galega de México” que a mesma *Saudade* publicita no seu nº 7 (p. 30), 1953, aínda que amose a súa discrepancia coa liña do programa emitido pola emisora do ourensán Ramón Ferreiro e logo por Cadena Radio Continental. Bos Aires, Londres, Caracas ou Montevideo tiveran, ou tiñan daquela, programas de radio levados por galegos emigrados ou exiliados.

Pedrayo, Evaristo Martelo Paumán, André Maurois, Theophilo Braga, Carré Aldao ou Manuel Murguía fornecen eses textos que actúan como ferramentas doutrinais.

NÚMEROS EXTRAORDINARIOS OU CONMEMORATIVOS: a revista atende en especial ás personalidades representativas do seu credo político ou cultural, concretando esa actitude en números conmemorativos. Así, no número 7, que celebra o Día da Terra (xullo de 1953) e aparece expresamente como “eistrordinario”, salienta a atención a Castelao, do que escriben Luis Soto Fernández, Félix Martín Iglesias e Ramón Cabanillas (este, un ben coñecido poema elexíaco), mentres se reproducen textos do rianxeiro. Pola súa banda, o número 5 (agosto de 1944) está dedicado a Ramón del Valle-Inclán, do que escriben Castelao, Alfonso Reyes e Manuel Porteiro Viñas, ao tempo que se reproduce a “Cantiga de vellas” que don Ramón escribira en galego. Ramón Suárez Picallo, Rosalía, Sarmiento, Arturo Souto, Roberto Nóvoa Santos, Curros Enríquez, Alexandre Bóveda e o Padre Feixóo son outros nomes aos que *Saudade* concedeu atención.

REVISTAS GALEGAS COETÁNEAS NOUTROS PAÍSES AMERICANOS

URUGUAI: nada de mediano interese.

MÉXICO: 1) *Loita*¹⁴ (1943). Periódico mensual de información. Director, Luis Soto. Editado pola Comisión Galega do Partido Comunista de España.

2) *Follas do Partido Galeguista* (1944): Difusor do republicanismo e do nacionalismo galego no exilio.

3) *Galiza* (1943). Director e editor, Juan García Gómez. Voceiro da Alianza Nazonal Galega. Publicou varios números ata o ano 1947.

4) *Anduriña* (1948). Publicación societaria do Centro Galego de México D. F.

5) *Vieiros* (1959). Revista voceira do Padroado da Cultura Galega do México. Dirixida polos que foran redactores de *Saudade*: Carlos Velo, José Caridad Mateo, Florencio Delgado Gurriarán e Lois Soto Fernández. Galeguista, cultural e política. “Foi un pouco a continuación de *Saudade*” e tirou catro números¹⁵.

VENEZUELA: *Galicia* (Caracas, 1952). Director, Ramón Somoza Outeiral. Galeguista, cultural e societaria. Voceira do Centro Galego de Caracas.

ARXENTINA: 1) *Agromar* (1949). Voceira da Irmandade Galega¹⁶ de Bos Aires. Monolingüe en galego.

2) *Airiños* (1944). Director, Ramón Berdullas. Voceira da Casa de Galicia de Bos Aires. Societaria e cultural.

14 Foi continuadora do *Boletín Galego de Información*, redactado así mesmo en galego, e voceira da Comisión Galega do P.C.E. Puntualiza Alonso Montero: “se *Saudade* era revista de inspiración galeguista, *Loita*, editada pola Comisión Galega do P.C. de Hespaña é a primeira publicación periódica redactada integramente en galego por un grupo comunista. De concepción menos literaria que *Saudade*...” (vx. Xesús Alonso Montero, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p. 148)

15 César A. Molina, *Prensa literaria en Galicia* (1920-1960), Vigo: Xerais, 1989, p. 498.

16 Entre 1941 e 1943 os nacionalistas de Irmandade Galega, liderados por Rodolfo Prada, colaboraron, xunto cos comunistas, na liña editorial de *A Fouce*.

- 3) *Galeuzca* (1945). Prensa política nacionalista de galegos, cataláns e vascos.¹⁷
- 4) *Galicia Emigrante* (1954). Director, Luís Seoane.¹⁸
- 5) *Lugo* (1943). Voceira do Centro Lucense de Bos Aires. Director inicial: Alfonso Díaz Trigo. Publicación societaria e cultural.
- 6) *Mundo Gallego* (1951). Revista de Galicia en América. Director, Eliseo Alonso. Galeguista e cultural.
- 7) *A Nosa Terra* (1942). Periódico galego. Editado pola Irmandade Galega de Bos Aires. Director inicial, Bieito Cupeiro. Prensa política do nacionalismo galego.
- 8) *Opinión Gallega* (1945). Voceira do Centro Orensano e Pontevedrés de Bos Aires. Societaria e cultural. Director inicial, Rodolfo Prada.
- 9) *El Orensano* (1944). Periódico galego. Director, Rodolfo Prada. Voceiro do Centro Orensano de Bos Aires.
- 10) *Orzán* (1948). Revista do Centro Coruñés de Bos Aires. Director, Bieito Cupeiro. Societaria e cultural.
- 11) *Rianxo* (1950). Editada pola Sociedad de Parroquias Unidas del Ayuntamiento de Rianxo. Societaria e cultural.
- CUBA: 1) *Curros Enríquez* (A Habana, 1944). Revista mensual. Director, Antonio Tolda Dolz. Voceira da Sociedad de Naturales de Celanova.
- 2) *El Secante* (A Habana, 1942). Editada polo Centro Galego da Habana. Voceira do seu Plantel Concepción Arenal de ensino. Director, José A. García Antón.
- 3) *La Vida Gallega en Cuba* (A Habana, 1950). Voceira da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. Director inicial: Antonio do Campo de la Fuente. Societaria.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- ALONSO MONTERO, Xesús, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995; p. 145-151.
- BLANCO CAMPAÑA, Xosé L., *Radio e prensa na Galicia Exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995; pp. 154-155
- CHECA GODOY, Antonio, *Historia de la prensa en Iberoamérica*, Sevilla: Alfar, 1993; pp. 427-441
- ECICLOPEDIA GALEGA UNIVERSAL: “Saudade”, Vigo: Ir Indo, 2002; t. 15; p. 222
- F.D.G.: “Labor dos galegos na Nova España”, en *Faro de Vigo*, 5-IX-1968.
- GURRIARÁN, Ricardo, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada (A Coruña): do Castro, 1999; pp. 158-177.
- GURRIARÁN, Ricardo, “Florencio Delgado Gurriarán, poeta valdeorrés no exilio mexicano”, en *Raigame* “Revista de arte, cultura e tradición popular”, nº 13, Deputación de Ourense, 2001; pp. 21-31.

17 Desta publicación hai edición facsimilar na Editorial Edinosa (A Coruña), 1992.

18 Edición facsimilar en Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1995.



Elixio Rodríguez (esquerda), Delgado Gurriarán e Ramón Cabanillas fillo

- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé M., *A literatura galega no exilio*, Vigo: do Cumio, 1995; pp. 208-209.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón, *A literatura galega no exilio*, Vigo: edicións do Patronato, 1987; pp. 46-50.
- MARTUL TOBÍO, Luis, “Las revistas del exilio gallego en México”, no vol. colectivo *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas. ¿Adónde fue la canción?*. Anthropos, Barcelona, 1991; pp. 301-317.
- MOLINA, César Antonio, *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*, Vigo: Xerais, 1989; pp. 496-497
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (dir.), *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998; pp. 237-238
- RODRÍGUEZ, Elixio “As voces do exilio” en *Actas do Congreso Internacional O exilio galego*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Ed. do Castro: Sada (A Coruña), 2006-2007. Este CD no que figuran as actas aparece conxuntamente co libro *O exilio galego de 1936. Política, sociedade, itinerarios*, do que son editores literarios X.M. Núñez Seixas e Pilar Cagiao.
- RODRÍGUEZ, Elixio, *Matádeo mañá*, Vigo: Edicións Xerais, 1994; p. 348.
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a Xosé (coa colaboración de M^a Antonia Pérez Rodríguez), *Galegos en México. Pasado e presente*, Viveiro (Lugo): Xunta de Galicia, 2004; pp. 218-219
- SIXEIREI PAREDES, Carlos, *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995; pp. 232-240
- SOTO, Luis, “A diáspora de Soto”, en *Teima*, nº 25, 2-9 xuño de 1977 [continúa o artigo no nº 26].

- TUÑÓN PABLOS, Enriqueta, “El exilio gallego de 1939 en México”, en *Actas...*, *op. cit.*; pp. 497-516
- VILAVEDRA, Dolores (coord.), “Saudade” en *Diccionario de literatura galega, II. (Publicacións periódicas)*, Vigo: Galaxia, 1997; pp. 437-438
- VV.AA., *O exilio galego. Repertorio biobibliográfico: unha primeira achega*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2001. [Publicación en CD-Rom]

2. CONTEXTOS DE SAUDADE

EMIGRACIÓN

Polo que atinxe á emigración galega en México aparece, nos poucos estudos cos que ata agora contamos, como reducida ou residual cuantitativamente. Os traballos realizados por Elixio Villaverde son unha obrigada fonte informativa e así sabemos, a través da súa consulta de 50.000 fichas de españois do Archivo General de la Nación mexicana, que no período que vai de 1878 a 1936 chegaron a México 4.085 galegos. O mesmo investigador fala, matizando a cifra, de 4.468 “inmigrantes galegos probablemente rexistrados” que representarían o 14,89% dos 30.000 españois contabilizados por Clara Lida¹⁹. Repara o profesor Villaverde nos “centos de galegos” que chegaron na década 1926-1936; nos 267 emigrantes galegos a México xa na etapa 1891-1895; nos 12 coruñeses que en 1885 desembarcaron en México (fronte aos 1.555 que chegaron a Arxentina) e nos 72 galegos rexistrados no período 1878-1898.

De “unha ausencia case total de estudos sobre a emigración a México” fala Ramón Villares²⁰, para que o país azteca foi “un destino importante da emigración galega” da que salienta localizacións como Puebla²¹ ou Nova Galiza de San Lorenzo. Na década 1885-1895 serían 292 os galegos emigrados a México fronte aos 64.953 que elixiron Cuba ou os 26.128 que foron a Brasil. Pilar Cagiao afirma que “É moi pouco o que se pode dicir da presenza das mulleres galegas en México”, aínda que poderían chegar ao 15 ou 20% dos máis de 4.000 galegos chegados de 1878 a 1936. Non deixa de reparar a investigadora citada no feito de que en México o fenómeno do exilio desviou a atención pola emigración, da que sabemos moito menos.

Na enquisa feita en centros e asociacións galegas, que recolle datos dos galegos no mundo, cífranse en 70.000 os galegos de México no ano 1980. No entanto, xa en 1989 a cantidade baixaba aos 36.700. Salienta a pervivencia –polo menos ata a derradeira década do século XX– do Padroado da Cultura Galega de México²², que

19 Vx. Elixio Villaverde, *Pioneiros na corrente do golfo. A primeira emigración galega a México (1837-1936)*, Vigo: Xerais, 2000, pp. 56 e ss.

20 Ramón Villares, *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996, pp. 101 e 161 [colección a Nosa Diáspora].

21 Datos referentes aos galegos asentados no Estado de Puebla témolos en Elixio Villaverde, “Os galegos no estado e na cidade de Puebla á luz do Rexistro Nacional de Estranxeiros (1878-1936)”, en Pilar Cagiao Vila (comp.), *Galegos en América e americanos en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999, pp. 275-309 [colección a Nosa Diáspora].

22 Este Padroado nace nunha xuntanza mantida o 29-VI-1953 no hotel Majestic de México D.F. O violinista ferrolán Xesús Dopico Barreiro preside a primeira directiva. Moi cedo prestixiouse esta organización no

desenvolveu un amplo e meritorio labor cultural ao longo do tempo. Ao respecto, en *Vieiros* (nº 1, 1959, sección “As labouras”) escribe C.V.C. unha nota na que lemos que “o grupo do Padroado ten publicado en diferentes xeiras as revistas *Saudade*, *Nova Galicia*, *Loita*, o libro *Presencia de Galicia*²³ en México e agora iste *Vieiros*, máisimo esforzo pola interculturazón dos galegos”.

Afirma M^a Xosé R. Galdo²⁴ que hai que agardar polo menos ata 1946 para que se reinicie o fluxo migratorio ás Américas, en particular a Venezuela e México, fluxo que percorre as décadas que van do 1950 a 1970 e que sucede á eclosión da chegada de exiliados políticos españois (1939-1942) que levou a México a máis de 20.000 republicanos. Respecto da xeografía galega na que xorde esa emigración de finais dos anos corenta, está centrada no “cuadrilátero ourensán Avión-Beariz-Borborás-Carballiño”. Venezuela e México son destinos preferentes para os emigrantes ourensáns, pero é México o elixido maioritariamente, sobre todo a partir de 1964.

CENTROS GALEGOS

Menos representativa aínda que a creación de cabeceiras de prensa é a fundación de entidades societarias. Hai xa anos que só temos constancia do funcionamento de dúas: o Centro Gallego de México D.F.²⁵ (fundado en 1911 como Orfeón Gallego –con José González como primeiro presidente e con sede na colonia Roma–, como Casa de Galicia aparece en 1936, e como Centro Gallego de México. Asociación Civil témolo desde 1948) e o Centro Gallego de Guadalajara, fundado en 1992 e continuador do Club España de Guadalajara fundado en 1985. A sociedade galega de México D.F. agrupaba no ano 2000 un total de 1.240 familias e ata 1996 mantiña a revista *Anduriña*, fundada en 1948. En 1969 contaba 828 socios, que pasaron a 2.780 en 1988. Desenvolve actividades culturais, folclóricas e deportivas.

EXILIO

No contexto destas olladas previas á consideración de *Saudade* haberá que lembrar o feito do exilio galego en México²⁶, enmarcado no exilio español ao país, que representou a chegada de continxentes que eran a elite de intelectuais e profesionais de España: médicos, xornalistas, avogados, artistas, profesores, escritores, investigadores ou editores. Os estudosos do tema estiman que desde 1939 ao remate da guerra civil española, chegaron a México arredor de 20.000 españois. Deles,

ámbito do galeguismo e nun ano pasou de 33 a 400 socios. En agosto de 1953 remataba a xeira de *Saudade*. Promoveu o Padroado clases de música, lingua, historia, xeografía, socioloxía, etc. Nas páxinas de *Vieiros* hai ampla información das súas actividades.

23 Publicado en 1954, recolle trinta e cinco ensaios emitidos previamente pola radio do Padroado da Cultura Galega na súa emisión “Hora da cultura galega”, que comezou a súa xeira en 1952.

24 Vx. M^a Xosé Rodríguez Galdo: *Galegos en México. Pasado e presente*, Xunta de Galicia: Viveiro (Lugo), 2004, pp. 85 e ss.

25 Vx. *A galegitude no mundo*, Asociación Cultural da Vieira: Madrid, 1991, p. 27.

26 Será oportuno precisar aquí que durante moitos anos o exilio galego non contou con estudo ningún mentres que o exilio español incrementaba unha valiosa bibliografía. Agora, o caso galego conta coa plural e múltiple análise das *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”* (congreso celebrado en 2001, actas publicadas en 2006-2007) xunto co libro *O exilio galego de 1936. Política, sociedade, itinerarios* (2006-2007). De notable interese é tamén a xa citada monografía de M^a Xosé Galdo (na que colabora tamén M^a Antonia Pérez Rodríguez), *Galegos en México. Pasado e presente* (2004). (vx. o apartado de bibliografía).

máis do 22% eran cataláns, mentres que os galegos sumaban o 4'2%. Os primeiros milleiros chegaron a Veracruz a mediados de 1939 nos buques Ipanema, Mexique e Sinaia. Politicamente, o 13% eran republicanos, o 20% socialistas e o 7% nacionalistas. Procedían dos campos de refuxiados de Francia, onde sobreviviran en terribles condicións. Da instalación en México ocupábanse as organizacións SERE (Servicio de Evacuación de Republicanos Españoles) e JARE (Junta de Auxilio a Refugiados Españoles). Juan Negrín e Indalecio Prieto dirixían estas organizacións²⁷.

O exilio galego representa unha nova dimensión da Galicia peregrina, que agora deixa a terra por razóns políticas e despois da desfeita da Guerra Civil española (1936-39). Son, efectivamente, refuxiados políticos galegos os que, entre 1939 e 1945 chegan a México. Ben cedo a convivencia anímase nas inevitables tertulias de café das que fai memoria Ramón Esturao Calvo: “Enseguida se formaron peñas en los cafés, había en el Café París, en el Venecia costaba veinte centavos el café, el Betis, el Tupinamba, el Papagayo, en fin, había varios, esto lo instauramos los españoles porque los mexicanos estaban acostumbrados a reunirse en las cantinas. Y allí, en los cafés, nos pasábamos las horas gobernando España a control remoto”²⁸. Un ambiente de elevada fervenza política caracterizou a estadía dos exiliados nos primeiros anos, de acordo co novo testemuño do comandante Esturao²⁹: “En cuanto a la vida política, yo iba a todas las conferencias que daban los catedráticos, estábamos muy pendientes de cuando hablaba Prieto o don Diego Martínez Barrio, de cuando hablaba Ruiz Funes de Derecho Penal, o llegaba de Estados Unidos don Fernando de los Ríos y pronunciaba una conferencia. También asistía a los mítines que se daban del Partido Comunista, pero allí se acabó. Por otro lado, también concurríamos a los centros españoles, sobre todo al Fogar Galego, también Ateneo”³⁰.

A partir de 1946 a emigración adquire de novo o seu clásico papel. Inmigrantes e refuxiados políticos relaciónanse³¹ e configuran grupos onde as motivacións da relación dos integrantes é diferente. Co paso do tempo non faltarán discusións e enfrontamentos debidos ás diferenzas políticas. En todo caso, o grupo de galeguistas era pequeno, reducido. Nucleouse arredor de organizacións unitarias de inspiración comunista como Alianza Nazonal Galega (1942) na que confluían socialistas, comunistas, cenetistas e republicanos de diversa filiación ideolóxica ou partidista. A alianza creou o Fogar Galego e o Ateneo de Galicia (este, presidido por Amancio Bolaño Isla). Os nacionalistas galegos desenvolveron actividades culturais, docentes

27 A afirmación da excelente acollida dos exiliados españois en México na etapa do presidente Lázaro Cárdenas, debe e pode ser matizada como acontece no testemuño dun daqueles exiliados, Delgado Gurriarán, que co paso do tempo lembrará que na prensa mexicana “se publicaban muchos artículos en contra de los exiliados políticos españoles diciendo que veníamos a sacar el pan a los trabajadores mexicanos, todo lo malo que ocurría nos lo achacaban a nosotros” (citado en Enriqueta Tuñón Pablos, *op. cit.*, p. 507)

28 vx. Enriqueta Tuñón Pablos, *op. cit.*, p. 506

29 Ramón Esturao Calvo, natural de Bastavales, estudou dereito na Universidade de Santiago e no ano 1936 viaxou a Cuba. Participou na Guerra Civil española ás ordes do xeneral Enrique Lister e foi un dos galegos que chegou a México no Ipanema. Afincado en Guadalajara, na antiga Nova Galicia, traballou na contribución dos mexicanos á Guerra Civil española. Falece en México en 2002. Temos noticias da súa biografía no traballo de Elixio Villaverde “De Francia a México: a incerta travesía existencial dos refuxiados republicanos galegos” en *Actas do Congreso Internacional “O exilio galego”*, *op. cit.*, pp. 1965-2012.

30 *Op. cit.*, p. 508

31 Recoñece Ramón Esturao, a respecto da convivencia entre emigrantes e exiliados que “El encuentro con los de la colonia antigua, era de discusión porque ellos eran muy franquistas y nosotros antifranquistas pero fuimos caminando, fuimos conociéndonos y entonces vino la amistad que rezó por encima de lo político y así, muchos de ellos empezaron a emplearnos...” (En Enriqueta Tuñón Pablos: *op. cit.*, p. 507).

e de lecer a través do Padroado da Cultura Galega, que –como xa anotamos– impulsou varias publicacións periódicas voceiras do seu ideario. Patrocinou tamén o Padroado programas de radio como “Hora da Cultura Galega”, ao que xa fixemos referencia, organizado por Elixio Rodríguez e Roxelio Rodríguez de Breaña. Houbo tamén unha delegación de Galeuzca en México da que F. Delgado Gurriarán foi un dos seus representantes.

Lectura de interese para entender o contexto cultural de *Saudade* é o capítulo sete do libro de M^a Xosé Rodríguez Galdo –*Galegos en México. Pasado e presente* (2004)– onde percorre a presenza en terras mexicanas, case sempre en calidade de exiliados, de figuras como os escritores Valle-Inclán, R. Dieste ou Lourenzo Varela; pintores como Arturo Souto e Francisco Miguel; investigadores e profesores universitarios como Alejandro Otero Fernández, Ramón Iglesia Parga ou Bibiano Fernández-Osorio Tafall; músicos como Xesús Bal y Gay ou Xesús Dopico Barreiro; xentes do mundo cinematográfico como Carlos Velo³² ou Juan Orol; fotógrafos como os irmáns Mayo (Julio e Cândido Souza e Faustino e Pablo del Castillo); etc. Varios dos citados colaboran nas páxinas de *Saudade*.

PRENSA GALEGA


Contrariamente ao que adoita acontecer en países como Cuba ou Uruguai, onde a prensa galega é creación de emigrantes galegos e, case sempre, voceira das súas institucións societarias (centros, casas, lares, irmandades, etc.), en México esa prensa nace no seo dos exiliados, posúe un marcado acento político e está protagonizada por republicanos, nacionalistas, socialistas e comunistas aos que a guerra civil española (1936-39) levou ao país presidido por Lázaro Cárdenas na etapa que vai de 1934 a 1940. Precisamente é a década 1940-1950 a que ve o agromar destas publicacións, que chegan a un total de once cabeceiras.

O Partido Galeguista, a Comisión galega do Partido Comunista español, o Grupo Saudade-Irmandade Galeguista, o Padroado da Cultura Galega, a Alianza Nazonal-Galega ou o Centro Gallego de México son organismos –políticos, societarios– emisores de cabeceiras que evidencian a súa orixe galega: *Anduriña* (1948), *Compostela* (1967), *Galicia* (1943), *Nova Galicia* [1968], *Saudade* (1942) ou *Vieiros*³³ (1959). De todas elas é *Vieiros* a máis e mellor coñecida. Difundida nunha edición facsimilar³⁴, *Vieiros* impresiona no artístico polas ilustracións (Castelao, L. Seoane, J. Díaz Pardo, A. Souto, Carlos Maside ou Xaime Quesada están entre os seus ilustradores), ás que temos que sumar un envexable conxunto de colaboracións escritas que desenvolven un amplo abano de temas e formas (desde o lirismo do verso ata o pensamento político, social e cultural, todo centrado en Galicia) nas sinaturas de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, X.L. Méndez Ferrín, Cabanillas, V. Paz Andrade, Núñez Búa, López Cuevillas, F. Delgado Gurriarán, Elixio Rodríguez, Carlos Casares, L. Carré Alvare-

32 Redactou integramente as páxinas do nº 1 da revista *Terra e tempo*, impresa en México e distribuída clandestinamente en Galicia. Esta publicación era voceira da UPG, da que Velo foi un dos fundadores, ao mesmo tempo que axudaba á recuperación de Galeuzca no exilio Mexicano.

33 De acordo coa información aparecida en *Vieiros* (nº 2, 1962), houbo tamén un *Vieiros* galego na Arxentina que apareceu, con textos en galego e portugués, no ano 1962. Arturo Souto ilustraba a cuberta do seu número 1, de cuxa saída deu conta o seu homónimo de México.

34 *Vieiros*, edición facsimilar, Vigo: A Nosa Terra, 1989. Nota prologal de Margarita Ledo Andión.



llos e moitos outros. O Padroado da Cultura Galega, responsable desta publicación, tivo outras voceiras como o *Boletín Informativo* (1966) ou a xa citada *Nova Galicia*, que só tirou cinco números, todos eles en 1968.

Os comunistas galeguistas lanzaron en 1943 o mensuario *Loita*, en galego, dirixido por Luís Soto, radicalmente antifranquista e partidario da unión das forzas antifranquistas vehiculada pola Alianza Nazional Galega³⁵, que tivo en *Galicia* (1943), dirixida por J. García Gómez, o seu órgano de difusión, unitarista e antifranquista igualmente. No mesmo 1943 os comunistas publicaron *Loita*, como xa dixemos, e conxuntamente tiveron un efémero *Boletín Gallego de Información* para espallar a política do P.C. galego en México. Páxinas societarias foron unicamente as de *Anduriña* (1948; segunda época, 1990), voceira do Centro Gallego de México D.F. e dirixida inicialmente por José Luis Sánchez. O labor, as actividades da entidade son aquí prioritarias sen esquecer temas e asuntos galegos. Por fin, neste mesmo terreo, rexistramos iniciativas individuais levadas por Alejandro Finisterre. Referímonos a *Compostela* (1967), “Revista de Galicia”, bilingüe e de número único con máis de 900 páxinas. As páxinas de creación literaria e de lingua complétanse coas dedicadas a lares e centros galegos de México ou coas que se ocupan do III Congreso da Emigración Galega que tivo lugar en Santiago. Textos da autoría de Florencio Delgado Gurriarán, Xesús Bal y Gay, Arturo Souto, Ramón Villar Ponte, Jesús Dopico, Amancio Bolaño ou Uxío Souto figuran como colaboracións neste volume.

Cómpre facer mención aquí da “Revista de poesía universal” *Ecuador 0º, 0’, 0”*, publicación creada por Alejandro Finisterre, que dedicou un número especial (1965) á poesía galega. Trátase dunha escolma de poetas galegos contemporáneos onde están representados –en galego ou castelán– case un cento de sinaturas (Cunqueiro, Risco, Otero Pedrayo, Díaz Jácome, Díaz Castro, V. Paz Andrade, etc.). Amplo espazo ocupan as ilustracións (fotografías, debuxos, gravados, etc.), que son obra de Colmeiro, Castelao, Díaz Pardo, L. Seoane, A. Faílde e de fotógrafos como A. Fisterre ou Ksado.

A consideración de conxunto deste material hemerográfico non fai senón salienta a presenza de colaboradores literarios que frecuentaron as páxinas da nosa prensa emigrante no alén mar: Otero Pedrayo, Manuel María, R. Rey Baltar, Valentín Paz Andrade, Cunqueiro, Cabanillas, X. Álvarez Gallego, E. Blanco Amor, R. Villar Ponte, Pura Vázquez, Suárez Picallo, L. Cuevillas, Ramón Piñeiro, xunto con artistas plásticos como Castelao, Seoane, Díaz Pardo, A. Souto, A. Faílde, Maside e outros. A estes nomes que vemos en *Vieiros*, *Saudade*, *Compostela* ou *Ecuador 0º, 0’, 0”* hai que engadir, como galegos –intelectuais, artistas– exiliados en México e colaboradores na prensa político-cultural galega editada naquel país, os nomes de Florencio Delgado Gurriarán, Xesús Bal y Gay, José Caridad Mateo³⁶, Alejandro Campos Ramírez (Alejandro Fisterre), Juan López Durá, Luís Soto Fernández, Santiago Álvarez, Francisco Comesaña, Carlos Velo, Lois Tobío Fernández, Elixio Rodríguez, Roxelio Rodríguez de Bretaña, ademais dos escultores Arturo Souto Feijoo (tamén pintor) e Uxío Souto. Outros galegos significativos viviron exiliados en México: o poeta Ángel Lázaro, o editor José M^a González Porto, o catedrático Bibiano Fernández Osorio Tafall, o histo-

35 Creada en setembro de 1942, proclamouse representación auténtica da Galicia no exilio. Enfrontada ao fascismo, publicou un documento de Bases políticas onde se restauraba a legalidade republicana, a constitución de 1931 e o Estatuto da Nazionalidade Galega. Os integrantes da alianza pertencían a múltiples grupos de esquerdas.

36 José Caridad Mateo: foi un dos fundadores, xunto a Manuel Porteiro Viñas, Arturo Souto Alabarce e Carlos Velo, en 1949, do Ateneo Español de México, que promovía actividades culturais e daba acobillo aos exiliados.



Urbano Lugrís ilustrou *Ecuador 0°, 0', 0''*

riador Ramón Iglesias Parga, o fotógrafo Francisco Souza, o médico Alejandro Otero Fernández, os xornalistas e escritores ferroláns Fernando e Víctor Rico Galán e Víctor Rico González así como Julio Sesto, escritor, Ramón Cabanillas Álvarez, xornalista e Julio Sanz Sáinz, editor e xornalista.

PRENSA MEXICANA

Unha referencia sequera breve á prensa mexicana nas décadas en que apareceu *Saudade* (1942-1953), referencia que debe encabezar *Excelsior* (1917), fundado por Rafael Alducín, que desde 1932 funciona en réxime de cooperativa. Nos anos

cincuenta dirixiuno Rodrigo de Llano. Nos anos setenta tiraba 146.000 exemplares. É un xornal conservador, independente e crítico. Longa xeira tivo tamén *El Universal* (1916), pertencente á familia Lanz Duret ata 1976. Apoiou o proceso revolucionario do país e foi pioneiro da prensa industrial. De orientación liberal-conservadora, foi un dos dez máis vendidos de México, tirando 90.000 exemplares nos anos noventa do pasado século. Compañeiro deles é *La Prensa* (1928), o xornal máis vendido, que tiraba 300.000 exemplares a finais dos noventa. Trátase dun xornal populista que pervive baixo a fórmula cooperativa. En fin, o cuarto gran diario é *El Nacional Revolucionario*, que chegou aos 120.000 exemplares. Foi sempre defensor do PRI e propiedade estatal.

En 1936 Ignacio F. Herre-rías funda *Novedades*, matutino moi lido (chegou aos 210.000 exemplares diarios) e pouco despois (1938) aparece o progresista *El Popular*, directamente relacionado co mundo obreiro e desaparecido en 1961. Tamén en 1938 xorde *La Voz de México*, o máis importante voceiro do Partido Comunista mexicano, desaparecido en 1969. Xa en 1941 nace *Esto*, que é o gran xornal deportivo do país nos anos setenta, con 200.000 exemplares de tiraxe. Ao seu carón, *Ovaciones* (1947), que chegou á súa mesma tiraxe. En 1953 *Cine Mundial* informaba dos espectáculos para ofrecer despois información xeral. México D.F. era unha capital con moita prensa, caso tamén de Bos Aires. Nas décadas 1940-50 esa prensa era de signo oficialista e estaba controlada polo goberno, que na etapa presidencial de Lázaro Cárdenas fíxose co monopolio do papel (tiña o 60% das accións da Empresa Nacional papeleira). Estaba, ademais, a cuestión da propaganda institucional e das grandes empresas relacionadas coas gobernos do PRI. Nos anos setenta comeza un proceso de apertura.

Nos diferentes estados e cidades houbo importantes xornais. Así, en Guadalajara aparecía en 1942 *El Occidental*, e nos anos cincuenta *El Sol de Guadalajara*. En Monterrey circulaba desde 1919 *El Porvenir* e en 1938 nacía *El Norte*, que chegaba aos 125.000 exemplares. En Puebla tiñan desde 1935 o *Diario de Puebla*, o máis lido de todos, e nos anos cincuenta circulaban *La Voz de Puebla*, *El Sol de Puebla*, *Aristos* ou *La Opinión*. A lectura da prensa era un feito relevante aínda nos pobos peque-

GALEGOS EN MÉXICO

PASADO E PRESENTE



M^a XOSÉ RODRÍGUEZ GALDO

XUNTA DE GALICIA

nos, que tiñan ata dous ou tres xornais. Así en Cananea (Sonora), nos anos cincuenta, mantíñanse *La Palabra*, *El Intruso* e *El Sol del Bajío*; en Ciudad Obregón (Sonora) líanse *Heraldo del Yaqui* e *Diario del Yaqui*; en Hermosillo (Sonora), *El Imperial*, *El Pueblo*, *El Regional* e *La Opinión*. En Villahermoso (Tabasco), editábase *La Tarde*, e na mesma década dos corenta (fundado en 1943), *Rumbo Nuevo*. En 1954, de acordo coa estatística da UNESCO manexada por Checa Godoy³⁷, había en México 162 xornais activos, que en 1965 sumaban xa 220.

37 Antonio Checa Godoy, *Historia de la prensa en Iberoamérica*, Sevilla: Alfar, 1993; pp. 427-441

3. ALGUNHAS VALORACIÓNS


Un anómalo baleiro –“unhos anos de ausencia”– de oito anos entre dúas xeiras da publicación (1942-1952 son datas de inicio e reinicio de *Saudade*), unha modesta sinxeleza en deseño e ilustración, unha xa tópica curta existencia sempre ameazada por unha precaria economía son datos pouco positivos para esta *Saudade* primeira e pioneira³⁸ entre as publicacións dos galegos exiliados³⁹ en México, nucleados no Grupo Saudade e na Irmandade Galeguista, procedentes de filiacións políticas diversas pero sempre de esquerdas, espaxados pola xeografía do México de Lázaro Cárdenas (Veracruz, Guadalajara, Cuernavaca, Durango, Uruapán) que non tardaron en entenderse e facer amizade cos seus paisanos emigrantes, xentes de dereitas con frecuencia que os acolleron e lles deron traballo, aínda que rifaran con eles, entre os que non faltaban simpatizantes do franquismo.

Saudade xurdiu na fervenza política do exilio, no galeguismo de resistencia e afirmación identitaria, na lembranza de mitos como Castelao ou Rosalía, na vivencia da saudade e na declarada oposición ao réxime franquista. Suma de raíces culturais, conciencia galeguista e saudade foi a revista no seu primeiro trienio (1942-44); na súa segunda etapa (1952-53), malia a declaración de non subordinarse a “postulados estreitos no orde político, económico ou inteleitual” (“Editorial” do número 5 bis, 1952) o incremento da politización, da ideoloxización das páxinas é máis que notable, e así mesmo acontece coa radicalización dos posicionamentos. Froito desta evolución de actitude é o peso que adquiren textos e achegas de signo combativo, reivindicativo, de loita e oposición aos acontecementos da Galicia interior, franquista e irredenta; que tentaba afogar as contadas iniciativas galeguizadoras (a de Galaxia entre elas) que estaban a se producir.

Saudade ten máis de unha similitude con *Vieiros* (1959), continuadora da súa liña e moito máis afortunada na súa difusión grazas á edición que hai anos fixo *A Nosa Terra* coa colaboración de Margarita Ledo Andión. *Saudade* viviu, pola contra, no esquecemento malia o seu indiscutible interese: mantivo aceso o facho do idioma –do idioma escrito, instalado nas páxinas da nosa prensa no exilio mexicano– grazas ao esforzo e a vontade dos galegos exiliados, que son a case práctica

38 Esta condición de publicación temperá, pioneira, foi destacada por Alonso Montero ao subliñar que “Con criterio cronolóxico, hai que empezar pola revista *Saudade* (Verba galega nas Américas) que editou sete números nas súas dúas épocas (1942-1944 e 1952-53). Habería que destacal-as colaboracións poéticas de Rodríguez de Breaña e Delgado Gurriarán” (X. Alonso Montero, *op. cit.*, p. 145).

39 Se Arxentina foi o país máis beneficiado polo feito do exilio galego, México foino polo exilio español en xeral. Bos Aires e México D.F. foron as capitais culturais e políticas do exilio galego e nelas os galeguistas organizaron sociedades políticas (padroados, ateneos, alianzas) nas que se reagruparon e deron pulo a incontables iniciativas publicísticas, bibliográficas, artísticas e culturais de todo tipo.



totalidade das máis de 40 sinaturas que concorren na revista e, desde logo, o corpo de redactores que a fixeron posible. A case inexistente colaboración do galeguismo da Galicia interior, característica de *Saudade*, está positivamente corrixida en *Vieiros*. Florencio Delgado Gurriarán, Roxelio Rodríguez de Breaña, Manuel Porteiro Viñas, Luis Soto Fernández, Carlos Velo, Ramón Cabanillas Álvarez ou Marcial Fernández son nomes fundamentais dos que levaron adiante *Saudade*.

Estes que anotamos son nomes que aparecen directamente en *Saudade* ocupando un lugar concreto (colaborador, redactor, director, editor) na publicación. Na intrahistoria da revista, Delgado Gurriarán ofrece algunha variante cando lembra que “O ano 1942 sacamos á luz *Saudade*, verba galega nas Américas. Fomos pais dela,

entre outros, Carlos Velo, hoxe soado director de cine, o Illa Couto, o Cabanillas fillo, o Xermán Rañó, o Andrés Valín e máis eu”⁴⁰.

No que aos contidos atinxe, xa revisamos temas e motivos sempre e todos eles de raigame galega, clásicos da prensa galeguista cultural e política promovida polo amplo espectro das esquerdas que agrupaban os transterrados galegos en México para os que *Saudade* foi un primeiro vínculo de irmandade ideolóxica, unha ponte do galeguismo, unha canle comunicativa vital, sentimental e de loita común. En certaínte síntese precisa Xosé M. Maceira⁴¹ que “A súa estratexia ideolóxica e cultural está alonxada da erudición estética ou de calquera elitismo; afirmándose na liña do galeguismo e da afirmación historicista, do perpetuo regreso aos acontecementos pasados. O celtismo, o atlantismo, a saudade ou a emigración son constantes deste primeiro momento (...) resulta interesante o esforzo por vincular toda a colectividade galega co compromiso cultural e galeguista”.

Algunha anécdota en materia de lingua nesta *Saudade* que consideramos orixinalmente monolingüe, agás algúns textos traducidos ou dous ou tres en castelán. Pois ben, orgulloso como estaba da súa *Saudade* “chea de dinidade lingüística,

⁴⁰ Ricardo Gurriarán, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, Sada (A Coruña): do Castro, 1999, p. 160

⁴¹ *A literatura galega no exilio*, Vigo: do Cumio, 1995; pp. 208-209.

escrita nunha linguaxe enxebre, limpa...” Gurriarán non levou ben as palabras de Luis Soto: “Saudade era bilingüe, e aínda sendo unha esgrevia revista tiña un feble tono político e cultural”⁴². As afirmacións de Soto crearon unha resposta crítica de Gurriarán e unha ruptura e posteriores enfrontamentos entre os dous.

Investigadores da nosa prensa, estudosos da emigración e do exilio, colaboradores de *Saudade*, historiadores da literatura galega e outros teñen deixado notas de caracterización (directas ou contextuais, interpretativas e valorativas) de *Saudade*, unha adiantada nun tempo en que o pensamento dos exiliados era de esperanza certa que eles mesmos desexaban: o réxime de Franco non podía durar. Esperanza fallida, como o tempo demostrou, co conseguinte cambio de actitude, pero tamén coa vontade de loita ergueita. *Saudade* navegou por aqueles anos de tránsito e soubo manter firmes os seus principios, incrementando se cadra o volume da súa voz, a atención crítica á actualidade, a actitude combativa cara ao franquismo. Logo chegou *Vieiros*. Pero esa é unha historia máis e mellor coñecida. Esta edición facsimilar quere contribuír á posibilidade de situar *Saudade* no lugar que merece facilitando a súa lectura íntegra e directa.

42 En *Teima*, nº 25, 2-9 de xuño de 1977 (continúa no nº 26). Citado en Ricardo Gurriarán, *op. cit.*, p. 238

4. ÍNDICES

A) SUMARIOS


NÚMERO 1, (25 / XULLO / 1942)

- “Saudade”, Grupo Saudade, [p. 1]
- “Noiturno da noiva jarocho”, Florencio Delgado Gurriarán, p. 2 [poema]
- “Galicia pensadora e caminante”, Rafael Cardona, pp. 3-4
- “Notas a «Follas Novas»”, Marcial Fernández, pp. 5-8
- “Vida e verba de Maneolón de Gándara”, Bieito Búa Ribas, pp. 9-10
- “Louvanza do viño de Ourense”, Porto do Río, pp. 11-12
- “Fontes e forxas da fala: Contos do liño. Contos dos bichos”, s.s, pp. 13-16
- “Aos poetas galegos...”, Manuel Murguía, p. 16, [fragmento]

NÚMERO 2, (NADAL-1942)

- “Saudade está en débeda...”, Grupo Saudade, [p. 2]
- “Entroido enfeitizado”, Carlos Velo, pp. 3-7
- “Morriña”, Adolfo Vázquez Humasqué, p. 8
- “Pintura de feira”, Florencio Delgado Gurriarán, pp. 9-10
- “A parrea”, Ramón Cabanillas Álvarez, pp. 11-13
- “Poetas vellos. Cativo, da miña tristura...”, Macías o Namorado, p. 14, [poema]
- “Inquedanzas”, Xohan García Gómez, p. 15, [poema]
- “Fontes e forxas da fala: As bodas do piollo e mais-a pulga”, s.s, p. 16, [poema]
- “Canzóns de mariñeiros: Vals de acordeóns. Pandeirada de Ons. Mariñada de Esteiro. Ruada de Noia. Mariñada de Rianxo. Alalá de Vilagarcía. Ruada de Estribela”, s.s, pp. 17-18, [poemas]
- “Cantigas pra bailar: Canto dos maios. Roda de nenos. Bailado de mozas. Bailado de mozos. Baile con són da muiñeira. Danza das pandeiradas de Nebra”, s.s, pp. 19-20, [poemas]
- “Adiviñanzas”, s.s, pp. 21-22

- “De todol-os elementos que fan que Galiza sexa unha unidade cultural...”, s.s, [p. 2]
- “Páxinas Póstumas”, Roberto Nóvoa Santos, pp. 5-6
- “Roberto Nóvoa Santos, o primeiro dos biólogos galegos contemporáneos...”, C. V., pp. 6-7
- “Treitos de un ensaio en col a psicopatoloxía do emigrante”, Xerardo Álvarez Gallego, pp. 8-12
- “... a Galiza é a provincia máis duramente subme-tida...”, Theophilo Braga, p. 12
- “En col da música popular galega”, Xesús Dopico, pp. 13-15
- “Poetas novos: Valente saíu”, Roxelio Rodríguez de Breña, p. 16, [poema]
- “Poetas novos: Hoxe foise o meu amor”, Chita Lamas de Illa-Couto, p. 16, [poema]
- “Poetas vellos: E no sagrado en Vigo...”, Martín Códax, p. 17, [poema]
- “Valores galegos no desterro. Arturo Souto”, Marcial Fernández, pp. 18-19
- “Os «Ciclos Económicos»”, Manuel Porteiro Viña, pp. 20-21
- “Fontes e forxas da fala: A festa dos maios”, s.s, p. 22, [poemas]
- “Conto popular: Inxenio”, Carré Aldao, p. 23
- “Refraneiro”, s.s, pp. 24-25
- “Tivemos muita cencea...”, Evaristo Martelo Paumán, p. 25, [fragmento]
- “...Ausencia dunha ríxida dogmática...”, Ramón Otero Pedrayo, p. 25, [fragmento]
- “Notas”, s.s, p. 26
- “O primeiro xornal galego foi o «Catón Compostelano», que apareceu no mes de Maio de 1800”, s.s, p. 26



- “O primeiro libro que se imprimiu en Galiza foi o Misal de Monterrei, 1494”, s.s, p. 26
- “Errata”, s.s, p. 26

NÚMERO 4, (XULLO-1943)

- “Hoxe é o día da nosa Terra e neste día universal de Galiza...”, s.s, [sen páxinar]
- “Hino galego”, Eduardo Pondal, p. 1, [poema]
- “Na costa verdecente”, Carlos Velo, pp. 1-2
- “O gran galego”, Agustín Millares Carlo, pp. 3-4
- “Un fondo e un perfil: Galiza e Castelao”, Marcial Fernández, pp. 5-7
- “Esbozos: Outeando no Porvir”, Manoel Porteiro Viñas, pp. 8-10
- “Notas en col dos ce[ltas]”, s.s, p. 10
- “Vellas lembranzas: O Cego de Padrenda”, Ramón Cabanillas Álvarez, pp. 11-12
- “O problema lingüístico de Galiza”, Ramiro Illa Couto, pp. 13-15
- “Na Bretaña, como na Galia, os celtas...”, s.s, p. 15, [Da Historia de Inglaterra de André Maurois]
- “Poemas da Galiza infinda: (Notas pra unha xeografía metafórica de Galiza), «¡Galicia é infinda!...», «Rumba», «Pandeirada»”, Florencio Delgado Gurriarán, pp. 16-17, [poemas]
- “Os gaiteiros de Montgomery”, Florencio Delgado Gurriarán, p. 18, [poema]
- “Lembranza viva: O Crime de Carballal”, Bieito Búa Rivas, pp. 19-20
- “Galiza Agrícola e Gadeira”, Severino Pellit Varela, pp. 21-22
- “Un Aventureiro Galego no Amazonas”, Celestino López, pp. 23-24
- “Foille Galego”, Roxelio R. de Bretaña, p. 25
- “Canción do Espírito do Lago”, s.s, p. 16, [poemas]
- “Fontes de forxas da fala: Cantigas de humor”, s.s, pp. 27-30, [poema]
- “Os Amores do Moucho e a Laberca”, s.s, p. 30, [poema]

NÚMERO 5, (AGOSTO-1944)

- “Saudo”, s.s, [sen páxinar]
- “Homenaxe”, s.s, [sen páxinar]
- “Cantiga de vellas”, Ramón del Valle-Inclán, [p. 1], [poema]
- “Galiza e Valle-Inclán”, Castelao, pp. 2-6
- “Unha lembranza de Valle-Inclán”, Alfonso Reyes, pp. 7-8

- “In memoriam: Valle-inclanescas”, Manuel Porteiro Viña, pp. 9-10
- “O Capricho Hespagnol e Galiza”, Xesús Dopico, pp. 11-13, [Traducido por Saudade]
- “Poema gaélico”, s.s, p. 14, [poema]
- “Namorado da auga viva”, Bieito Búa Rivas, p. 15, [poema]
- “Nouturnal poético”, Roxelio R. de Breaña, p. 16, [poema]
- “Fontes e forxas da fala: Romanza do Conde Laíño”, s.s, p. 17, [poema, recollido por Roxelio R. de Breaña]
- “Notas sobre o P. Feixóo”, s.s, p. 18

NÚMERO 5 (bis), (NÚMERO EXTRAORDINARIO, DÍA DA PATREA, 1952)⁴³


- “Editorial”, s.s, pp. 1-2
- “España es Galicia”, Rafael Cardona, pp. 3-4
- “De «Sempre en Galiza»: Ten Galiza hábitos psicolóxicos reflexados n-unha comunidade de cultura?”, Castela, pp. 5-6
- “Encomenda”, Manuel Curros Enríquez, p. 7, [poema]
- “A Derradeira Pirueta dos Bugallido (Relato Pantástico)”, Marcial Fernández, pp. 8-13
- “Canto a Roma”, Ramón Cabanillas, pp. 14-15, [poema]
- “Encol do Centenario de Curros Enríquez”, Luís Soto Fernández, pp. 16-17
- “Poetas novos: Tres poemas: «Cantiga da angunia orfa», «Ai amar... Ai amor...», «Cantiga da arela deserta», Roxelio Rodríguez de Breaña, pp. 18-19, [poemas]
- “Himno galego (con partitura)”, s.s, pp. 20-21
- “Aguillóns: Pingueiras que recoller”, Manoel Porteiro Viñas, p. 22
- “Da Galiza Infinda (libro prouximo a aparecer): «Nemórame o feitizo do tesouro», «Vello almanaque», «Bocarribeira valdeorresa», Florencio Delgado Gurriarán, p. 23, [poemas]
- “Nas cadeias da saudade: A chamada da terra”, Edmundo Lorenzo, p. 24
- “Lembrando a terra: O Noso Ramón (A Ramón Suárez Picallo, o fillo do zoqueiro de Vei)”, Serafín García, p. 25
- “Verbas do Irmán Rodolfo Prada no segundo ano da morte de Castela”, s.s, pp. 26-27
- “A gaita galega”, Rosalía de Castro, pp. 28-29, [poemas]
- “Ausenza”, Basilio Bernárdez, pp. 30-31
- “Revista de libros”, s.s, p. 31
- “Dos bardos das edades: Paralelidade entre o mito do Sant-Iago i-o de San Patricio”, Félix Martín Iglesias, pp. 32-34

⁴³ Erro na numeración. É, en realidade, o número 6, penúltimo da revista, que citamos como 5 (bis).

- “Verbas pronunciadas polo irmán Roxelio Rodríguez de Bretaña, Segretario Xeral da Irmandade Galeguista de México, na ceia homaxe a Marcial Fernández pol-a publicación do seu libro *Trascendencia y hondura de Castelao...*”, s.s, pp. 35-36
- “Verbas de agradecimento”, s.s, p. 36
- “Resposta de Marcial Fernández na ceia homaxe que lle foi ofrecida pol-o grupo «Irmandade Galeg[u]lista de México»...”, Marcial Fernández, pp. 37-38
- “Severino Pellit”, s.s, p. 38
- “El mirlo”, Xesús Dopico, p. 39, [poema]
- “Escoita galego. Irmán Galego. Chamada”, s.s, [contracuberta]

NÚMERO 7, (NÚMERO EISTRAORDINARIO, DÍA DA TERRA, XULLO-AGOSTO 1953)

- “Editorial”, s.s, pp. 1-2
- “En col da «morriña»”, Manoel Porteiro Viña, p. 3
- “Do poeta «Da Galiza Infinda»: A galega en París, Camiño da serra”, Florencio Delgado Gurriarán, p. 4, [poemas]
- “A Gaita Galega ten máis de vinte séculos de estoria e tamén a zanfona é o noso instrumento popular”, Faustino Santalices, pp. 5-8
- “Alexandre Bóveda”, s.s, p. 8
- “De «Sempre en Galiza»”, Castelao, p. 9
- “A universalidade de Castelao”, Luis Soto Fernández, pp. 10-11
- “Un Galego de Pedra”, Armando Rey Romalde, pp. 12-14
- “Dous poemas: Xeografías, Orixen da saudade”, Pura Vázquez, p. 15, [poemas]
- “Un Home de Concencia”, Ben-Cho-Shey, pp. 16-17
- “Poetas novos: Noite cruel sen remate, Non sei si é ela”, Roxelio Rodríguez de Bretaña, p. 18, [poemas]
- “Sempre en Galiza”, Castelao, pp. 19-20



- “Castelao. Verba inmorrente da Galiza”, s.s, p. 21
- “Lendo a Castelao: As Cruzes de Pedra na Galiza”, Félix Martín Iglesias, p. 22
- “Na morte de Castelao: ¿De que morreu a nosa prenda?”, Ramón Cabanillas, p. 23, [poema]
- “Unha ofensa pr-os galegos. Un rifeño Capitán Xeral da Galiza”, s.s, p. 24
- “Folerpas. Coma eu a vexo”, Xesús Dopico, p. 25
- “Aguillóns. Esguellos”, Madove, pp. 26-27
- “Poetas vellos: Pero Meogo”, p. 28, s.s, [poema]
- “Poetas vellos: Mendiño”, p. 29, s.s, [poema]
- “En col a Unhas Trasmisións do Patronato da Cultura Galega de México”, s.s, p. 30
- “Letras de loito”, s.s, p. 31
- “El problema de las nacionalidades hispánicas”, A. Rovira i Virgili, pp. 32-37
- “Fontes e forxas da fala: locucións galegas”, Leandro Carré Alvarellos, pp. 38-39

B) COLABORADORES⁴⁴

ÁLVAREZ GALLEGO, XERARDO

- “Treitos de un ensaio en col a psicopatoloxía do emigrante”, nº 3, pp. 8-12

BEN-CHO-SHEY (XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA)

- “Un Home de Concencia”, número día da terra 1953, pp. 16-17

BERNÁRDEZ, BASILIO

- “Ausenza”, número día da patrea 1952, pp. 30-31

BRAGA, THEOPHILO

- “... a Galiza é a provincia máis duramente submetida...”, nº 3, p. 12

BÚA RIVAS, BIEITO

- “Vida e verba de Maneolón de Gándara”, nº 1, pp. 9-10
- “Lembranza viva: O Crime de Carballal”, nº 4, pp. 19-20
- “Namorado da auga viva”, nº 5, p. 15, [poema]

C. V. (Carlos Velo)

- “Roberto Nóvoa Santos, o primeiro dos biólogos galegos contemporáneos...”, nº 3, pp. 6-7

⁴⁴ Cómpre precisar que algúns nomes –ilustres non poucos deles– que figuran na nómina de colaboradores de *Saudade* non deixaron achega ningunha nas súas páxinas. Así acontece con A. Vilanova, Bal y Gay, E. Blanco Amor, A. Cunqueiro, Emilio Pita, López Durá, Sebastián González, R. Martínez López e algúns outros.

CABANILLAS (ENRÍQUEZ), RAMÓN

- “Canto a Roma”, número día da patrea 1952, pp. 14-15
- “Na morte de Castelao. ¿De que morreu a nosa prenda?”, número día da terra 1953, p. 23

CABANILLAS ÁLVAREZ, RAMÓN

- “A parrea”, nº 2, pp. 11-13
- “Vellas lembranzas: O Cego de Padrenda”, nº 4, pp. 11-12

CARDONA, RAFAEL

- “Galicia pensadora e camiñante”, nº 1, pp. 3-4
- “España es Galicia”, número día da patrea 1952, pp. 34

CARRÉ ALDAO, (UXÍO)

- “Conto popular: Inxenio”, nº 3, p. 23

CARRÉ ALVARELLOS, LEANDRO

- “Fontes e forxas da fala: locucións galegas”, número día da terra 1953, pp. 38-39

CASTELAO

- “Galiza e Valle-Inclán”, nº 5, pp. 2-6
- “De «Sempre en Galiza»: Ten Galiza hábitos psicolóxicos reflexados n-unha comunidade de cultura?”, número día da patrea 1952, pp. 5-6
- “De «Sempre en Galiza»”, número día da terra 1953, p. 9
- “Sempre en Galiza”, número día da terra 1953, pp. 19-20

CASTRO, ROSALÍA DE


- “A gaita galega”, número día da patrea 1952, pp. 28-29

CURROS ENRÍQUEZ, MANUEL

- “Encomenda”, número día da patrea 1952, p. 7

DELGADO GURRIARÁN, FLORENCIO

- “Noiturno da noiva jarocho”, nº 1, p. 2




- “Pintura de feira”, nº 2, pp. 9-10
- “Poemas da Galiza infinda: (Notas pra unha xeografía metafórica de Galiza), «¡Galicia é infinda!...», «Rumba», «Pandeirada»”, nº 4, pp. 16-17
- “Os gaiteiros de Montgomery”, nº 4, p. 18
- “Da Galiza Infinda (libro próximo a aparecer): «Nemórame o feitizo do tesouro», «Vello almanaque», «Bocarribeira valdeorresa»”, número día da patrea 1952, p. 23
- “Do poeta «Da Galiza Infinda»: A galega en París, Camiño da serra”, número día da terra 1953, p. 4

DOPICO, XESÚS

- “En col da música popular galega”, nº 3, pp. 13-15
- “O Capricho Hespagnol e Galiza”, nº 5, pp. 11-13, [Traducido por *Saudade*]
- “El mirlo”, número día da patrea 1952, p. 39
- “Folerpas. Como eu a vexo”, número día da terra 1953, p. 25

FERNÁNDEZ, MARCIAL⁴⁵

- “Nota a «Follas Novas»”, nº 1, pp. 5-8
- “Valores galegos no desterro. Arturo Souto”, nº 3, pp. 18-19
- “Un fondo e un perfil: Galiza e Castelao”, nº 4, pp. 5-7
- “A Derradeira Pirueta dos Bugallido (Relato Pantástico)”, número día da patrea 1952, pp. 8-13
- “Resposta de Marcial Fernández na ceia homaxe que lle foi ofrecida pol-o grupo «Irmandade Galeg[ul]ista de México»...”, número día da patrea 1952, pp. 37-38



⁴⁵ Ferrolán de nacemento, Marcial Fernández (1903-1963) fora director do corpo de carabineiros e, xa en México, colaborador de *Saudade* e *Vietros*.

GARCÍA, SERAFÍN

- “Lembrando a terra: O Noso Ramón (A Ramón Suárez Picallo, o fillo do zoqueiro de Vei)

GARCÍA GÓMEZ, XOHAN

- “Inquedanzas”, nº 2, p. 15

GRUPO SAUDADE

- “Saudade”, nº 1, p. 1
- “Saudade está en débeda...”, nº 2, [p. 2]

ILLA COUTO, RAMIRO

- “O problema lingüístico de Galiza”, nº 4, pp. 13-15

LAMAS DE ILLA COUTO, CHITA

- “Poetas novos: Hoxe foise o meu amor”, nº 3, p. 16

LÓPEZ, CELESTINO⁴⁶

- “Un Aventureiro Galego no Amazonas”, nº 4, pp. 23-24

LORENZO, EDMUNDO

- “Nas cadeias da saudade: A chamada da terra”, número día da patrea 1952, p. 24

MACÍAS, O NAMORADO

- “Poetas vellos: Cativo, da miña tristura...”, nº 2, p. 14

MADOVE (MANUEL VENERANDO PORTEIRO VIÑAS)

- “Aguillóns. Esguellos”, número día da terra 1953, pp. 26-27

MARTELO PAUMÁN, EVARISTO

- “Tivemos muita cencea...”, nº 3, p. 25, [fragmento]

MARTÍN CÓDAX

- “Poetas vellos: E no sagrado en Vigo...”, nº 3, p. 17

MARTÍN IGLESIAS, FÉLIX

- “Dos bardos das edades: Paralelidade entre o mito do Sant-Iago i-o de San Patricio”, número día da patrea 1952, pp. 32-34
- “Lendo a Castelao: As Cruzes de Pedra na Galiza”, número día da patrea 1953, p. 22

⁴⁶ En *Vieiros* (nº 2, 1962) recóllese unha nota de C.V.C. (Carlos Velo Cobelas) na que dá conta da publicación da 2ª edición do libro de Celestino López, *La vida en el Amazonas*, do que salienta o capítulo “O aventureiro galego”.

MILLARES CARLO, AGUSTÍN

- “O gran galego”, nº 4, pp. 3-4

MURGUÍA, MANUEL

- “Aos poetas galegos...”, nº 1, p. 16, [fragmento]

NÓVOA SANTOS, ROBERTO

- “Páxinas póstumas”, nº 3, pp. 5-6

OTERO PEDRAYO, RAMÓN⁴⁷

- “...Ausencia dunha ríxida dogmática...”, nº 3, p. 25, [fragmento]

PELLIT VARELA, SEVERINO

- “Galiza Agrícola e Gadeira”, nº 4, pp. 21-22

PONDAL, EDUARDO

- “Hino galego”, nº 4, p. 1

PORTEIRO VIÑAS, MANUEL

- “Os «Ciclos Económicos»”, nº 3, pp. 20-21
- “Esbozos: Outeando no Porvir”, nº 4, pp. 8-10
- “In memoriam: Valle-inclanescas”, nº 5, pp. 9-10
- “Aguillóns: Pingueiras que recoller”, número día da patrea 1952, p. 22
- “En col da «morriña»”, número día da terra 1953, p. 3

PORTO DO RÍO (FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN)

- “Louvanza do viño de Ourense”, nº 1, pp. 11-12

REY ROMALDE, ARMANDO

- “Un Galego de Pedra”, número día da terra 1953, pp. 12-14

REYES, ALFONSO

- “Unha lembranza de Valle-Inclán”, nº 5, pp. 7-8

RODRÍGUEZ DE BRETaña, ROXELIO

- “Poetas novos: Valente saíu”, nº 3, p. 16
- “Foille Galego”, nº 4, p. 25
- “Nouturnal poético”, nº 5, p. 16
- “Poetas novos: Tres poemas: «Cantiga da angunia orfa», «Ai amar... Ai amor...», «Cantiga da arela deserta», número día da patrea 1952, pp. 18-19

⁴⁷ Otero Pedrayo, Curros Enríquez e Cabanillas tiveron tamén xenerosa presenza nas páxinas de *Vieiros*.


- “Poetas novos: Noite cruel sen remate, Non sei si é ela”, número día da terra 1953, p. 18

ROVIRA I VIRGILI, A.

- “El problema de las nacionalidades hispánicas”, número día da terra 1953, pp. 32-37

SEN SINATURA

- “Fontes e forxas da fala: Contos do liño. Contos dos bichos”, nº 1, pp. 13-16
- “Fontes e forxas da fala: As bodas do piollo e mais-a pulga”, nº 2, p. 16
- “Canzóns de mariñeiros: Vals de acordeóns. Pandeirada de Ons. Mariñada de Esteiro. Ruada de Noia. Mariñada de Rianxo. Alalá de Vilagarcía. Ruada de Estribela”, nº 2, pp. 17-18
- “Cantigas pra bailar: Canto dos maios. Roda de nenos. Bailado de mozas. Bailado de mozos. Baile con són da muiñeira. Danza das pandeiradas de Nebra”, nº 2, pp. 19-20
- “Adiviñanzas”, nº 2, pp. 21-22
- “De todol-os elementos que fan que Galiza sexa unha unidade cultural...”, nº 3, [p. 2]
- “Fontes e forxas da fala: A festa dos maios”, nº 3, p. 22
- “Refraneiro”, nº 3, pp. 24-25
- “Notas”, nº 3, p. 26
- “O primeiro xornal galego foi o «Catón Compostelano», que apareceu no mes de Maio de 1800”, nº 3, p. 26
- “O primeiro libro que se imprentou en Galiza foi o Misal de Monterrei, 1494”, nº 3, p. 26
- “Errata”, nº 3, p. 26
- “Hoxe é o día da nosa Terra e neste día universal de Galiza...”, nº 4, [sen páxina]
- “Notas en col dos ce[lta]s”, nº 4, p. 10



- “Na Bretaña, como na Galia, os celtas...”, nº 4, p. 15, [Da *Historia de Inglaterra* de André Maurois]
- “Canción do Espírito do Lago”, nº 4, p. 16
- “Fontes de forxas da fala: Cantigas de humor”, nº 4, pp. 27-30
- “Os Amores do Moucho e a Laberca”, nº 4, p. 30
- “Saudo”, nº 5, [sen páxinar]
- “Homenaxe”, nº 5, [sen páxinar]
- “Poema gaélico”, nº 5, p. 14
- “Notas sobre o P. Feixóo”, nº 5, p. 18
- “Editorial”, número día da patrea 1952, pp. 1-2
- “Himno galego (con partitura)”, número día da patrea 1952, pp. 20-21
- “Verbas do Irmán Rodolfo Prada no segundo ano da morte de Castelao”, número día da patrea 1952, pp. 26-27
- “Revista de libros”, número día da patrea, p. 31
- “Verbas pronunciadas polo irmán Roxelio Rodríguez de Bretaña, Segretario Xeral da Irmandade Galeguista de México, na ceia homenaxe a Marcial Fernández pol-a publicación do seu libro *TRASCENDENCIA Y HONDURA DE CASTELAO...*”, número día da patrea 1952, pp. 35-36
- “Verbas de agradecemento”, número día da patrea, p. 36
- “Severino Pellit”, número día da patrea, p. 38
- “Escoita galego. Irmán Galego. Chamada”, número día da patrea 1952, [contracuberta]
- “Editorial”, número día da terra 1953, pp. 1-2
- “Alexandre Bóveda”, número día da terra, p. 8
- “Castelao. Verba inmorrente d Galiza”, número día da terra 1953, p. 21
- “Unha ofensa pr-os galegos. Un rifeño Capitán Xeral da Galiza”, número día da terra 1953, p. 24
- “Poetas vellos: Pero Meogo”, número día da terra 1953, p. 28
- “Poetas vellos: Mendiño”, número día da terra 1953, p. 29
- “En col a Unhas Trasmisións do Patronato da Cultura Galega de México”, número día da terra 1953, p. 30
- “Letras de loito”, número día da terra 1953, p. 31

SANTALICES, FAUSTINO

- “A Gaita Galega ten máis de vinte séculos de estoria e tamén a zanfona é o noso instrumento popular”, número día da terra 1953, pp. 5-8

SOTO FERNÁNDEZ, LUÍS

- “Encol do Centenario de Curros Enríquez”, número día da patrea 1952, pp. 16-17
- “A universalidade de Castelao”, día da terra 1953, pp. 10-11

VALLE-INCLÁN, RAMÓN DEL⁴⁸

- Cantiga de vellas, nº 5, p. 1

VÁZQUEZ, PURA

- “Dous poemas: Xeografías, Orixen da saudade”, día da terra 1953, p. 15

VÁZQUEZ HUMASQUÉ, ADOLFO⁴⁹

- “Morriña”, nº 2, p. 8

VELO, CARLOS

- “Entroido enfeitizado”, nº 2, pp. 3-7
- “Na costa verdescente”, nº 4, pp. 1-2


48 Valle Inclán fixera dúas viaxes a México: a primeira, en 1892; a segunda, en 1921, como hóspede de honra do Goberno do país. En 1968 a revista *Vieiros* facíase eco da homenaxe ao escritor que lle dedicaba a UNAM (Universidade Nacional Autónoma de México) no nº XXI da súa revista.

49 Non era galego, mais pasara en Galicia os seus anos de neno. Colaborou en *Vieiros* e foi Presidente de Honor e membro do Consello Executivo do Padroado da Cultura Galega de México. Foi enxeñeiro de profesión.

SAUDADE
facsimile

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



I

MEXICO 🐾 SANTIAGO 🐾 MCMXLII

GASOLINA

Manuel Mazoy

MINA Y ALDAMA

Teléfono : Ericsson 13-12-43

M
A
Z
O
Y

MAZ O Y

SERVICIO

Ramón Mazoy

DURANGO Y VERACRUZ

Teléfono : Ericsson 18-76-85

CAFÉ
VENEZIA

Ezquisito café expés

Xeados finos

16. de Septiembre, 18

Eric. 12-19-77 □ Mex. L-93-10

MUEBLERIA

EL PUERTO
DE VIGO

**A millor calidade
e os milleres prezos**

F. I. Madero, 1 - Tel. 3-89
PACHUCA, Hgo.

ANTON Y TESTAS

LA NUMANTINA ★ Salón-Bar

RAMON R. CONDE

MANUEL M.^a CONTRERAS Y RIBERA DE SAN COSME

ERICSSON 18-30-59

MEXICO, D. F.

MEXICANA L-95-54

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADO POLA IRMANDADE GALEGUISTA E O GRUPO SAUDADE

Editor responsable: Xosé Caridad Mateo

República del Salvador, 96, despacho 406

Número 1

MEXICO, D. F.

25 Julio 1942

Solicitado el registro legal en la Administración Principal de Correos de México, D. F.

Saudade

ARELA do infindo. Inquedanza do espírito, de cote a coidar no alén ou no pretérito. Chamada da Terras aos que están lonxe. Debecer que nos obriga a alonxarnos dela en procura dunha mítica Atlántida que presentimos. Intuíción ou lembranza infabal. Desexo de outra cousa: eis a SAUDADE.

A concencia galega aparece, dende o seu abrente histórico, avencellada á inquedanza da saudade. A cultura galega, a máis europea e occidental das da península, atopou naquel sentimento a súa nota máis orixinal, a derradeira diferenza que a distingue das outras culturas hespañolas.

Xuntos, nas terras de Nova Galiza, no mes de Sant-Yago, mes simbólico de Galiza, e inspirados pola saudade, que tencionamos trocar nunha forza do porvir, loitaremos dende estas follas: por alumar o acento do galeguismo, espallando as verbas dos nosos irmáns; por xuntar, contra todol-os ventos, as vontades xenérosas dos millores galegos das Américas, que inda vein estrelas no ceio, falan na lingua inmorredoirá dos nosos eidos e cibdades, e teñen arelas da Terra; poío trunfo do espírito galego, enxebre e universal.

Somos poucos e non dos millores, mais si esforzados, e non acougaremos na loita, que, coma dixo o Bardo, tempo é de segal-a nosa herdade e « ¡Ai daquel que non sexa valente!... »

GRUPO SAUDADE

Noiturno da noiva jarocho

Son veracruzano

*¡Ai que sin, que sin, que sin!
¡Ai que non, que non, que non!
O mar arrola ás estrelas...
¡Ledo rolán de danzóns!*

*Teño unha noiva jarocho:
cór, mel e arume de mangos,
rítmico van de boleros,
quente paixón de huapango.*

*Teño unha noiva jarocho:
riñas salgadas de mar,
feros ciumes de corrido,
mourenza de señardás.*

*¡Ai que non, que non, que non!
¡Ai que sin, que sin, que sin!
¡Ai a canela das conxas!
¡Ai os peitos de alhelí!*

*Sagro viño de luar
en cálices de magnolia.
As maracas do recendo
tanxen un son de herbaboa.*

*Ando a esmoer meu degoro
(chicle a acougar inquedanzas).
Na preta noite do anceio
os vagalumes da espranza.*

*¡Ai que non, que non, que non!
¡Ai que sin, que sin, que sin!
¡Quen puxera ron de bicos
na piña do teu sorrir!*

*Doces rires de granadas,
engados do amor e o vento.
Bebedeira de falsetes
a ferver nos tolos pleitos.*

*Tépedo corpo de soma
de craridades espido.
Tremar de estrelas e frores
nunha cópula de ritmos.*

*¡Ai que sin, que sin, que sin!
¡Ai que non, que non, que non!
Son os meus brazos vencello...
¡Seu van é feixe de sons!*

Por
FLORENCIO DELGADO GURRIARAN

Galicia pensadora e camiñante

Por RAFAEL CARDONA

As follas de SAUDADE están abertas, dende o primeiro día, para os que, coma o noso amigo Rafaél Cardona, saben dicir de Galiza cousas interesantes. O esgrevio escritor e poeta que hoxe nos honra, é nado en Costa Rica, terra de forte proxenie galega: eis polo que coidamos ollar na i-alma do noso amigo moito da saudade dos galegos.

O seu poema *Las piedras preciosas*, traducido dispois ao francés, foi premiado en Costa Rica nos Xogos Froraes Centroamericanos, do ano 1914.

E autor do ensaio *El sentido trágico del Quijote*, do libro de poemas *Oro de la mañana*, *De los límites del intelecto* e de *El hombre sentado*, aforismos, en preparación, dunha orixinalidade e fondura pouco comúns.

O galego éis un home a camiñar porque non tén espazo na casa e o mundo inteiro é a del. Milagre de adaptación, que leva Galiza onde quér que vai, e para sempre. Pobo forte, coa dozura daquel Cristóforo que servira de ponte moitos anos entre os fachos dun río, o galego sai dunha terra de idilio, comparabel somente ás debesas onde Krishna tanxía a flauta entre antílopes.

O galego foi nas Américas o lévedo das masas populares; e se non expricaría a hespañolización das Américas sen il. Cecais dende Colón, cuio berce anda a preitearse fai xa moitos anos, coma outrora o de Homero. Hai algunha cousa maravillosa nesta psicoloxía galega, que fai amigo a calquer home dun galego. Lembro que entre as xeracións conqueredoras do Continente non hai galego que lle estorraxe os pés ao indio. Todo é chegar a unha terra e deital —o suor no traballo. E isto é o que achega ao aborixe do galego, sexa éste tendeiro no pobo ou comerciante a viaxar.

Moitos hespañoes morreron no decurso da nosa Revolución mexicana a mans de xentes

de asalto; galegos casi todos sobreviven. O mester homildoso que exerce o home de Galiza nas terras de América é ás veces obxeto da moca popular do mestizo, mais nunca da xenreira. O mestizo descobre inmediatamente naquel ao «gallego», non ao gachupín. I-é que o gachupín é o hespañol deshespañolizado, que tén perdido a estribeira hestórica, mais que en troques garda certo celme da súa cepeira coma motivo de alonxamento íntimo na América. Namentras, o galego non atopa esforzo en seguire sendo hespañol e apacibel veciño do poboado onde anda a vexetar.

Sai o galego da súa terra por dous motivos: porque non cabe nela e porque tén o sino das boas sementes. Son estas as que adquiren prezo lonxe; e lonxe, alén do mar, vai, sen programa algún, coa súa bohemia de neno xigantesco, a súa lingua vernácula chea de arrollos e ise agarimo excepcional para todol-os homes da terra, nunha univertidade inxel que se adiantou a total-as fraternidades de letreiro á porta. E máis faláramos desto se houbese vagar.

Esta psicoloxía nena non tén impedido a

formación desas grandes mentalidades que, ata onte non máis, teñen nutrido o pensamento mundial, dende o abrente lexendario de Prisciliano, o Panteísta, que teimou introducir no irto mundo teolóxico a frescura mítica dos celtas, ata Nóvoa Santos, cuia Patoloxía Xéral foi vertida aínda ao chino, dispois de sel-o a total-as linguas sabias. Facer un inventario dos homes esgrevios de Galicia sería tan parvo coma un diccionario, inda que tan útil coma él.

E cabo daquel está Carracido o químico; e Casares Xil, o catedrático; e Varela Radío, o xinecólogo; e tantos máis que na modernidade son cumes e valores sen poente. Mais tivo Galiza en todol-os tempos voces espalladas, ás veces atormentadas, como a de Curros Enríquez, que é coma unha grosa nuben de país húmido; a Rosalía de Castro, a Eduardo Pondal, a Concepción Arenal, e aos padres Feixóo e Sarmiento, que fai moito deixaron de ser curas mais siguen decote a seren xenios; sobor de todo o primeiro, que concibeu a derradeira expresión da filosofía estética nun tempo en que había máis retórica que fondura mental. E tivo Galiza fai pouco a don Ramón del Valle Inclán, príncipe do inxenio, tan inqueda coma todol-os seus; e tivera outrora a Gregorio Hernández, escultor de madeiras finas que volveu carne canto tocou; e ao Mestre Mateu, que deixou alá en Sant-Yago un «Pórtico da Gloria» por onde pasarán, aínda por séculos, non todol-os arrependidos mais todol-os que reverencian a obra de arte perfecta.

E así coma tivo Galiza a Payo Gómez Charino, o Almirante poeta dos Cancioeiros, e a Macías o Namorado, e a aquel Mezonzo que compuxera unha Salve inmortal —única arma para él— perante unha invasión, hoxe tén no deseño a Castelao, no pensamento político a Salvador de Madariaga, a Otero Pedrayo, ao hestoriador López Ferreiro, ao novelista de éxito Fernández Flores e a moitos máis que folga enumerar.

O galego é a nenez da Hespaña. Non lle compre millor gabanza. O castelán, por exemplo, nasce vello; é duro dos tendois e da

i-alma. Pasou por discipriñas centenarias e polo deserto ventoso: Castela. No andaluz vemos nos a fantasía, a churriguera do inxenio, así coma vemos no catalán samente ao home moderno, en toda a súa forza. Emporiso có galego recibimos algo así coma a tradición viva do Evanxello. Sai as veces da súa terra sen dúas roupas de vestir, coma di o sinóptico; tan cheo de inxeleza e de sán mansedume que se funde axiña na terra que tripa. Por esto predomina nas familias da América, precisamente, o galego, transformado ou non. Fágase un inventario de apelidos e verase quén leva ventaxa.

Deste xeito o galego anda a inzal-a terra como a boa semente da verba profética. E aquilo dos Mansos que poseerán a terra en herdade, cousa que pol-o de agora figura menos gabanza que bulra. E a estos que se bulran da mansedumbre galega, compre lembrarlles aquel outro pensamento, decote certo, de Salomón: «A vida do violento é curta.»

E aínda sendo nemigo da violencia, o dóce galego de linguaxe neno asombrou —coma nos sitios casi fabulosos da hestoria— aos hespañoes peninsulares pola súa resistencia e acometividade durante as loitas malogradas da derradeira República: os galegos ían decote onde a loita era máis esgrevia.

Este herdo psíquico infundeu nos cruces das Américas todo o que temos de estabilidade. Hespaña, con máis galegos, houbérase aforrado moitos trebois; ou se os tivera, serían cecais coma esas tempestades que o vento empuxa e que leixan tras de si ouro de sol húmido no lusco-fusco da serán.

Un amigo a quen lle amostramos estes apuntes, díme dispois dun intre de reflexión: «Non esqueza vostede dicir que istes celtas chegaron un día ata Escocia; fecundaron unha raza e brindáronlle aos incultos «anglis» dos tempos de Gregorio unha gaita que... non é galaica coma dixera Darío.»

Se na Hespaña se endereitan as cousa, a primeira déveda por cubrir terá de sel-a restauración de Galiza, veeiro sagro de sangue hespañol.

Notas a «Follas Novas»

Por MARCIAL FERNANDEZ

«Son as bágoas que hai nas cousas, as
cousas mortaes que firen o corazón.»
VIRXILIO.

I.—SENSO LÍRICO

INEVITABELMENTE, ao millor libro de Rosalía lle non era dado, dende o punto de vista da crítica ou do análisis, ficar ao marxe da literatura, inda que o esgrevio poeta galego houbera feito os meirandes esforzos por fuxir dela, ás veces, é certo, con artificios sentimentaes moi semellantes aos que emprega a literatura de escola. No fondo, incorporou boa e sinxelamente a literatura á súa verdade, e o que era estilo, fórmula ou tópicos, deixouno decote arredado, valéndose, en troques, para producir emocións, dun certo ton e dun certo movemento mais axiña interiores.

Por eiquí acertariamos a precisal-o engado destes versos. Se o libro é delicado, o non é por lirismo propiamente dito; si é intenso, a súa intensidade sentímola independente de toda acción dinámica de ritmos, pola súa sinxeleza que se nos amosra tan chea de elementos ben misturados e endexamais fondos na súa complexidade. O certo estado de indefinda excitación en que nos deixan os versos de Rosalía Castro non compre atribuílo a condicións musicaes, endeben que entre eles haxa estrofas de tan outo senso armónico coma estas:

Aquel romor de cántigas e risas,
Ir, vir, algarear;
Aquel falar de cousas que pasaron
I outras que pasarán.

Un a un desfilaron silenciosos
Por aquí, por alá,
Tal como cando as contas d'un rosario
S'espallan pol-o chan.

Antre os seus efectos predomiñan mais ben imaxes vivas e liñaes, formando cadros perfectamente deseñados, acostumado o poeta, sen dúbida, a sentir e pensar en esquemas de figuración directa.

Todos estamos de acordo en que os poemas de «Follas Novas» éntannos insensiblemente no corazón, e moven e firen en nós as febras mais fondas do sentimento. E, esta é a instintiva, a fonda, a certa intención do poeta. A verba acarrexo mainamente no seu seo toda a vida dun espírito ultra-sensíbel, co cal e respecto do cal é sentida xustamente por Rosalía, a vida.

As veces unha verba; outras un pensamento; de cando en cando un recurso de estilo afinado:

Mais xa nos vidros da grand'araña
Cai o postreiro
Raio tranquilo qu'o sol da tarde
Pousa sereno;
I en cada prancha da araña hermosa
Vivos refrexos
Cintileando com'as estrelas
Pintan mil cores no chan caendo...

Ora unha figura flamexante ou banal, dun xeito persistente, ledos, sutil e sincero, sen barroquismos inutís, mais tamen sen desfigurar cada elemento desta verba acesa de lus, que conta o que esta muller viu e sintiu diante das súas dóres e das dóres da súa terra, pondo homildosamente a súa i-alma nun xogo de asociación afectiva e imaxinativa. Todo, en conxunto, por este xogo, o mais poético en sí da linguaxe, danos o sentimento

das realidades humanas elementaes, e o que é mais admirabel ainda: dun xeito casi sempre elemental. Porque para nós, a verdadeira novidade deste libro de Rosalia aséntase en que está feito sen ningunha preocupación. «Son as bágoas que hai nas cousas, as cousas mortaes que firen o corazón», como veu a dicir Virxilio, que tanto sabia das tristuras e das grandezas dos homes, no verso mais fermoso que se escribira endexamais.

No prólogo de *Follas Novas* atópanse pensamentos coma este: *¡Ai, a tristeza, musa dos nosos tempos, cónceme ben, e de moitos anos atrás; mírame coma súa, é outra como eu, non me deixa un momento, n'inda cando quero falar de tantas cousas com'andan hoxe no aire e no noso corazón.*

Rara identidade de espírito, que pode ser a causa verdadeira de certas semellanzas que algúns críticos atoparon na laboura poética de Rosalia ao cotexala coa dos outros poetas do século XIX, Heine e Gustavo Adolfo Bécquer. Identidade lírica que nasce dun estar e sentir perante a vida, e non de fórmulas de escola que o noso poeta non cultivou endexamais. Desta identidade pode nacer, e nasceu de feito, un senso estético que xustifica todas as semellanzas formaes arredadas dos tópicos literarios. E non somente entre Rosalia e Heine ou entre Rosalia e Bécquer, senon entre os verdadeiros líricos todos da literatura universal de todos os tempos.

* * *

II.—FONDO SENTIMENTAL

*Que morrer de puro triste,
Que maior contentamento.*
CAMOENS

A dor foi sempre unha fontenla inesgotabel de estética, no senso de creación de beleza, cúa explicación mais anterga poderíamos atopar na catarsis aristotélica, como ben dí Nóvoa Santos, no seu estudo intitulado *Las Raíces Tróficas del Sentimiento Estético*. De entón acá, sobor de todo nos domínios da poesía, atopámolo dun xeito cas-que constante constituindo a teimática da mei-

rande parte da lírica universal dende Virxilio ate o de hoxe.

En Rosalia, e moi especialmente en *Follas Novas*, escrito fora de Galicia nun intre de intensa traxedia espiritual do poeta, esta dor creadora adoita formas diversas, pero sempre está presente, coma un compañeiro inseparabel.

Unhas veces é a saudade da paisaxe nativa:

Os mesmos montes negros y as mesmas alboradas
Do Sar e do Sarela, mirándose nas augas,
Os mesmos verdes campos, as mesmas torres
Da catedral severa, olland'as lontananzas... [pardas

que crea na i-alma do poeta unha anguria infinda e uns anxeios de retorno a poñerse en contacto co *humus* nutricio das paraxes queridas. Todo canto constituiu o marco do cadro onde espertou a sensibilidade exquisita de Rosalia xurde ao conxuro do recordo, nun milagre de encantamento, en versos dunha frescura e dunha sinxeleza ameigoadas, que semellan escritos:

Baixo a prácida sombra dos castaños
Do noso bon país;
Baixo aquelas frondosas carballeiras
Que fan dóce o vivir,
Cabe a figueira da paterna casa,
Que anos conta sin fin...

onde a infancia e a adolescencia de Rosalia decorreron monótonas e felices:

¡Que contos pracenteiros!... ¡Que amorosas
Falas se din alí!
¡Risas que s'oyen nas serans tranquilas
Do cariñoso Abril!...

Pero esta saudade da paisaxe e da terra, dos seres queridos e das primeitras emocións, trócase ás veces nun complexo misterioso no que entran a melanconia, a morriña, a desilusión e o desleixamento de si mesmo; e tamén os anxeios de esmorecer no acougo da morte. O poeta sinte:

.....unha sede
dun non sei que, que me mata

pra decilo coas mesmas verbas de Rosalia, que dá fin a un dos seus poemas dicindo:

I-eu..., mais eu, ¡Nada temo no mundo,
Qu'a morte me tarda!

Í é que a morte, dirémolo con verbas do mesmo Nóvoa Santos, outro esgrevio galego tamen ferido do sentimento saudoso, siñifica a forma mais outa de revoltar á terra, á comunión coela nunha eucaristía total e definitiva. A arela de afundirse coa paisaxe nunha fusión moito mais íntima que a que nos percura a sempre vision da terra natal.

Con imaxes, cheas dun outo senso poético, dille Rosalía á terra escollida para esa comunión:

Dame os teus bicos y-os teus brazos ábreme
Aquí onde o río, n'a espesura fresca...
A ninguén digas ond'estou...; con frores
D'as qu'eu quería, a delatora mancha
Crube

A carne e o espírito do poeta fanse paisaxe polo milagre destas nupcias supremas e fecundas. As dores e os desenganos morreron xá. En troques, as froles, á beira do regato cristiáño e rebuldón, poñen o espírito do seu arume e a sinfonía das seus cores sobor da terra estremecida e caladiña...

Esté é o teima central de *Follas Novas*. Á redor dél, son motivos de contraponto o amor e-as dóres de Galicia, que compretan o acorde da sinfonía rosaliana. Do pirmeiro, somentes lóstregos esvaidos pola distancia nos derradeiros currunchos da lembranza:

Unha vez tiven un cravo
Cravado n'o corazón...

ou tristura do ben perdido feita crisis de arrepenimento nun intre de desengano no crepúsculo derradeiro do poeta:

Era delor y era cólera,
Era medo y aversión,
Era un amor sin medida,
¡Era un castigo de Dios!

Das dóres de Galicia, verbas de alento a os galegos emigrantes no intre da partida, ou anateimas rexos e varudos para a inxusticia do meio ambiente, alcouve de ausencias obrigadas pola miseria.

E todo, o fondo sentimental de *Follas Novas*.

III.—REALIDADE ESTÉTICA

.....
*E fan qu'a tola d'a fantasía
Soñe milagres, finxa portentos.*

ROSALÍA

Rosalía, que tén sempre coma motivo estético fundamental o seu mundo interior, non se arreda tampouco da realidade circundante, i-e, socesivamente, bulrona ou seria, leda ou rexa; pero sempre triste. Dunha tristura de paisaxe con alma, de muller con drama, e dicer: unha tristura con imaxinacións, activa e sempre melancóneca.

Con instinto certo e sutil lévanos a carón das suas experiencias sentimentaes, partindo con nos a súa anguria de querer e de sentir, amostrándonos, ao mesmo tempo, as infindas posibilidades de graduación da dor que ten o noso espírito, ao examiñar a intimidade do que somentes asemella un cadro monótono na súa monocrónica diversidade de péndolo do Destiño.

A necesidade da cousa espiritual, impón ela mesmo a morte de todo canto está arredado da verdade subxetiva, que é para Rosalía a única verdade do Universo, pensado, sentido e ata adiviñado máis que coñecido.

A realidade externa, que xurde milagreiramente coma un fondo de feitizo, non nos engana endexamais. Coas pirmeiras imaxes, a paisaxe revive exprendorosa:

¡Que prácidamente brilán
O río, a fonte y o sol;
Canto brilán!..., mais non brilán
Para min, non.
¡Cál medran herbas e arbuostos,
Cál brota n-o árbor a froll!
Mais non medran nin frotecen
Para min, non...

Coma intres discontinuos de lembranza de vida vivida, as imaxes lévannos á carón do acontecer inexorable:

Y ó fin soya quedei, pero tan soya,
Qu'oyo d'a mosca o inquieto revoar,
D'o ratiño o roer terco e constante,
E d'o lume o *chis chás*,
Cando da verde ponla
O fresco zugo devorando vai,

Parece que me falan, qu'os entendo,
¡Que compañía me fan;
Y este meu corazón lles di tembrando:
«¡Por Dios!..., ¡non vos vayás!»

Os homes, as mulleres, a paisaxe e as cousas agardan ao poeta; precísanno para que as súas vidas, sin ritmo interior, teñan motivo, xustificación de se presentar no mundo da beleza. A presenza do poeta móveos, dalles razón de existir, presenza con senso de sacrificio para o rito do arte. A paisaxe e as cousas sábenno e compren o seu destino con senso de espera.

Ao leitor dos versos de *Follas Novas* non se lle amosra nunca un acontecer; apéséntaselle un devir lento, a anacos. A unidade final, chega sempre por xuntanza de presencias de seres e de cousas que se ven ou se presinten, de romores e de verbas que se escoitan. A presenza do poeta xunge todas as presencias espalladas, e o seu sentir, cheo de lus, è o falar do tempo: A eternidade.

Nesta conceición estética non pode haber un estilista ao uso, ni ún literato. Haberá sempre un poeta, un lirico, unha muller que sofre e que canta.



Vida e verba de Maneolon de Gandara

Por BIEITO BUA RIBAS

ATOPEINO dunha maneira impensada. Foi un domingo pola mañán e achábase tomando a raxeira do sol nun banco de Chapultepec: Tiña o cabelo branco, vestía rechamante i enfeitaba o colete cunha gran cadeia de ouro. Aquel home debía levar mostra, i eu debecía por saber que hora tiña. Pergunteille pola hora, i el, a sorrir, díxome:

—O sol vóalle a modo... E logo, ¿vostede non é das Rías Baixas?... Coñecinllo no falar. Eu tamén son de por alá, pro lévolle xa nas Américas perto de cincoenta anos. Teño ollado moito mundo: Estados Unidos, Cuba, o Brasil, Arxentina, Chile, o Perú, México...

—Agora xa lle vou vello, e todo o mundo lle me chama Sr. Manoel da Gándara; en troques, aló na nosa terra, sempre lle me acumaron o Manoelón. ¡Cousas de rapaces! Mais, aínda hoxe, se me atopo triste e apouvigado por unha grande contrariedade, fólgame que o peito me diga: ¡ánimo, Manoelón! Porque esta voz arrinca do ár que sospiro saudosas lembranzas da miña aldeia, e faime sentil-a señardá dun tempo de indubitable felicidade. Non coide, emporiso, que eu fun nado en casa grande; non, sonlle fillo de moinantes i entrei moi novo a servir na casa dun labrador de Leres. E xa que de Leres lle dixen, ben quixera eu amostrarlle o cerne dalgunha das moitas léndas que por aló zosan encol do Río, do Crego ou do San Bieitiño. Pro lle non son home estudado, e samente lle sei anteragos alalás labregos. E os alalás non son contos, sonlle coplas.

—Mire, halle de haber poucos que tanto

como eu lle queiran á nosa Terra; mais es-cóiteme unha cousa: ¡lle non hai como as Américas! Saínlle de alá, de Leres, sen o coidar e coase que sen saber pol-o meu nome. Ben seguro está Deus de que non minto ao dicirle que se algo sei, adprendino polo mundo endiante. Craro que tamén na nosa Terra hai escolas e ata Unversidade. Pro eu nunca lle estiven en Sant-Yago e funlle moi poucas veces á escola. ¡E como quería que fora, se tiña que traballar!

—Cando ía era coma se non fose: Nin xiquer lle puña os ollos derriba aos catóns. Lémbrome de que lle andaba descalciño, amorado e abalando có frío, mollado pola choiva escura e tristeira da nosa Galiza. E, ¿sabe en que pasábamol-o tempo? En cantar: «¡Salve, bandera de mi Patria, salve!...» A min lle non me gorentaba aquilo. E cando viña o sol da primadeira e os arumes das veigas e a ledicia dos paxaros, brincábame o corazón de contentamento, por tér de levalgado aos eidos da Fontaiña. Alí, a carón do río, debaixo dun carballo, onde tantas veces teño adormecido a escoital-o melancónico son dos sinos do Mosteiro, soupen un día o que era ser probe i estar namorado. A miña moza era filla dos amos. I eu pensei nas Américas. ¡Non tiña un can!

—Fuxín, coma fuxen os ladróns: calado. De Pontevedra a Vigo, na traseira dunha carrilana. De Vigo ata Nova York, no alboio dun barco, e logo na cocíña, a bullar patacas e carrexar auga. Todo sen pagar, porque non tiña cartos. ¡Vínlle de polisón!

—Dispois, houbo días que comín i outros

que pasei sen xantar. Así andiven máis de oito anos, percorrendo as Américas de punta a punta. Nunha daquelas viaxes, cheguei á Cibdade do Carme, testeiro dunha illa que está no mar de Campeche. E alí me quedei, a traballar de serrantín; os tempos eran bós e metinme a contratista. Na volta dun par de anos, fixen artos, máis dos que eu poidera soñar. E voltei á Terra, volvín a Leres.

—Ninguén agardaba por min; nin tan xiquer a rapaza, a filla dos meus amos, a primeira moza que tiven, bonita e branca coma unha rosiña. E, coa i-alma transida por un frío más mouro que aquel da miña escola malpocada, collín o barco de novo para as Américas. Porque alá, en Vigo, a pouco de eu chegar, mercara un libro dun peisano noso, poeta i emigrante, que vivía na illa de Cuba polas súas ideas e que se chamaba Manoel Curros. O libro aquel era coma un cravo ardendo:

«Os que polo mundo vades
nun xuramento a fiar,
os que polo mundo vades,
non deberades tornar.»

—Non sei o que vostede pensará deste probe vello. Teño cinco fillos e a todos lles paguei unha carreira. ¡Ogallá que a vida lles sexa máis doada do que me tén sido a min! Xa so vivo pra eles, e non desexo levar deste mundo máis que a seguranza de que terán de abondo có don que lles precurei. Pro vostede é novo, e cicais ollará as cousas doutro xeito: ao millor tén nai e ha de querer ir a bicala denantes de que morra. Tamén eu faría o mesmo; máis, pra desgraza miña, alá so deixei a desventurada realidade do noso pobo. E coido que ren podería facer, aos meus anos, polo seu rexurdimento; e máis agora, que andan as vidas deslavadas e a tremer có medo...

—Boeno. Xa o entretiven abondo coas miñas lembranzas: ¡sonlle cousas dos vellos! Voume indo a modiño, que agora xa o sol está moi outo. ¡Que Deus lle dea saúdiña e sorte!

Eis canto me dixo, nunha mañán dominigueira, o Sr. Manoel da Gándara: un home da nosa Terra.



Louvanza do viño de Ourense

Por PORTO DO RIO

A Valdeorras, terra nai da fror dos nosos viños

A terra de Ourense non se vei cortexada, como as terras irmáns, polo xigante Atlántico nin polo alteiroso Cantábrico; os seus penedos non coñecen o salgado bico das augas do mar, nin as súas árbores ouviron a conversa, riseira ou alritada, dos ventos do océano; os carreiros de escuma dos ronseles lle non levan novas do mundo, Mais se non laia delo, Privada do mar das augas, os seus fillos souperon brindarlle outro mar millor: o dionisiaco mar das cepeiras, que asolaga os seus mais ricos vales, e co'el os acios e mail-o viño, o «bonum vinum» que aleda o corazón dos homes.

As cepeiras son o motivo barroco da verdecente sinfonía da paisaxe de Ourense. Outas parreiras ou cativos baceiros, cinguidas en aloumiñante aperta ao agarimo de rexas ponlas de carballo ou castiñeiro, ou ceibe toda a súa vizosa prodigalidade de vidras e follaxe, as cepeiras déitanse, pinguizosas, ao longo dos vales, a ollarse no inqueda espello dos rios mentras a maina bris lles pieita a cabeleira, gateñan polas ladeiras dos montes, ou ben ruben, maxestosas, polos degraus dos sucalcos, en procura do cume dos outeiros. No mes de abril gorentan aos ollos coas súas follas novas do trinquete, que mesmo figuran acabadas de mercar nos grandes armacéns da primadeira. Polo San Xoán maquíllanse, churrusqueiras, có azul do sulfato e danse pos dourados de xofre, mentras agardan ao noivo vran que está a chegar da América do Sul e que prometeu traerlles as pérolas dos acios. No outono, meio bébedas de sol, arranxan un cock-tail de córes, para acabaren de collela e, dispois, deitárense a dormir na longa noite

do inverno. Os acios, fillos e enfeite das cepeiras, son ao contrario dos homes, acedume na mocidade e mel na vellez.

O viño é neto daquelas e fillo destes. Vindo de casta tan fidalga, non podía leixar de perpetuala e, por eso, é pai da lediza; mais tén tamén uns filliños entangarañados: os achagues dos bébedos.

O viño, inda que sexa pai de tan riseira filla, é a única cousa seria deste cativo mundo; non hai nel ren que poida comparárselle. A cervexa non é mais que unha andrómina, un engano: fanfarrona e vaidosa, a súa carraxe desfaiase en escumas e arrotos; o hidromel é consolo de larpeiros sedentos; e o pulque tén samente a categoría de aprendiz de viño branco do pé. Dos licores só o augardente puro e mail-o cognac, son dignos de gabanza porque son a i-alma do viño; a xinebra é un alcohol embalsamado; o wiskey e mail-o ron son bebidas que fán lembrar demasiado o «acá no es como allá» dos que estiveron en Cuba ou Norteamérica e ferenxan delo; os licores doces, coma o anís ou o benedictino, non son outra cousa que augardentes con diabetes.

O viño é forte e mol, tén unhas rexas córes de saúde e un recendo de cousa limpa e sán, que mesmo incitan a facer co'el, o que debe facerse e se fai: bebelo. Por eso houbo a quen, nun intre tolo de poeta, se lle non ocorreu cousa millor, para gabal-a beleza dunha rapaza, que decirlle:

Teu cabelo é viño branco,
os teus beizos viño tinto,
os teus ollos augardente...
¡Quixera beberte a bicos!

Mais non todol-os viños son do mesmo xeito. Agás do noso, o viño hespañol é pai de paixón e non de lediza, e aínda algunhas veces, contra a súa vontade (compre decilo en honra del), pai tamén de cusileirías patrioteiras; lembre aquel inefabel *Como el vino de Jerez —y el vinillo de Rioja...* Os viños de Aragón e Andalucía, por exemplo, son coma mozas xa feitas, que inspiran cantigas de paixón, cíos, despeito, *A Dolores, Quien te puso Petenera...* Son viños ardentes, de guitarra, jota e navallazo. Son viños tráxicos que matan por «delirium tremens» ou drama de taberna ao que se namora deles. Son viños muller fatal ou vampiresa. Son viños extremistas e fanáticos, que o mesmo dán azos para queimar igrexas que para rustrir herexes.


O noso viño, o viño de Ourense, é pola contra, coma unha rapaza de dazaseis anos. Tén a cór sán da adolescencia, a súa agulla é coma unha risada, a súa espuma é coma o sorrir dunha nena e o seu labio fresqueiro desperta saudades de bicos dados en beizos ou fazulas de muller nova, en fror. É a antítesis do outono, da maturidade, das cousas murchas, da paixón extremada e da intran-

sixencia. E mocidade, festa e cantiga de amor sinxelo de rapaz de aldea que, correspondido, desenvólvese polas canles dunha xuntanza fecunda, ou desbotado morre escoándose en ironías e non en sangue.

O viño de Ourense non mata mais, na súa aparente inxeleza, faise dono dos que abusan del e vénceos por k. o. técnico, dispois de traballarlles o estómago e mail-o fígado a pór de groulos. Emporiso os bós encaixadores atúranos moito tempo e si ao fin cain, a súa caída non é tráxica: nin coitelada de baiuco, nin tolo desvarío de peneque; todo o máis unha pequena sobretasa nas doenzas da vellez, algo así coma un seguro de viaxeiro nos boletos da viaxe ao alén.

O viño de Ourense foi mestre de eleitores, cando a política non era loita á morte, senon pintoresca partida de birisca antró compadres raposeiros, e tamén pretexto, lecer e remate das biriscas de verdade. Director de orfeón nas troulas dos mozos das aldeas, pois entende moito de armuñías. Forxador de folklore, requinta as millares características rancias do noso pobo: humor, siso, lirismo e saudade.

¡O viño de Ourense é o millor do mundo!



Fontes e forxas da fala

NOITES da Terra: augas do mar e do ceo, lume no lar e nos ollos; ventos na serra, viño da ribeira; trasnos nos teares e megallos no cruceiro; boróa con manteiga e danzas no fiadeiro.

Noites infindas: escura conversa dos vellos, longo surrir dos picariños; antergas loitas dos homes, ledas cancións das mulleres.

Noites galegas estrelecidas de mitos: xogos de paus, contos de bichos, cousas de vellas, adiviñanzas, regueifas, ruadas do maldicer, feitos e ditos.

Noites lonxanas, agora estralan na nosa i-alma.

CONTOS DO LIÑO

AQUELA era unha muller pouco amiga de fial-o liño. Mais en troques gostáballe moito o viño. Por iso matinaba o seu home como faguela ir polo rego.

Cando il saía pra lonxe a muller dixo:

—Déixame a chave da adega á mau, meu amigo, logo teño moita sede ao fiar, e non teño que beber.

Entón coma il sospeitaba que íase achispar, deixoulla escondida na primeira das estrigas que tiña no queipiño pra fiar. E foise.

A dona non traballou ren; por iso non atopou a chave. Volveu o home e díxolle a muller:

—Coma sempre, meu amigo, fúcheste e non deixachel-a chave para ir á adega. A pouco máis morro coa sede de tanto cuspir pra fiar!

Entón o home deulle unha boa malleira dicindo:

—Lacaceira, moita sede non terías, cando non atopaches a chave onde debías!

* * *

OUTRA vez era unha nai que tiña unha filla moi desastrada. Tanto que nin sabía fiar.

I-a filla tiña un mozo. Un domingo agar-daba por il e daquela a nai discuriu, pra

engaiolar ao mozo arranxal-a filla coma se estivese fiando. Púxolle na aba moitas mazarocas fiadas i-armoulle unha roca con liño do millor. Dispois foise polo camiño por onde viña o mozo.

A pouco a filla tirou coa roca i-as mazarocas e púxose a faguer un pote de papas de millo con leite. Ao romatar encheu unha dúcia de cuncas, postas en ringleira nunha banceira.

Namentres o noivo atopou á nai que íle dixo:

—E logo?

—Pois vou pr'alá. Queda a moza na casa?

—Queda. Ti vai i-arrepara ben que «coma hoxe sempre».

Il marchou e colleu á moza con sete cuncas de papas, pois a galdrapeira xa comera cinco.

—Pra muller és moi cara, dixo o mozo e non volveu.

CONTOS DOS BICHOS

UNHA vez un home levou a súa vaca cabana á feira coidando vendela. No camiño atouna onha ponla de castiñeiro, mentras ía atallal-a i-auga da horta. A vaca turrrou pola trenla e ceibouse pra ir on lameiro

a pacer na ferraña nova. Estando elí chegou o Lobo e díxolle:

—Voute comer.

—Non me comas, hom, dixo a vaca. Vou pacer e dispois cómesme. E senón, se desconfías, átate eiquí nesta trenla que pendura dos meus cornos, i-así non poido fuxir.

E non máis o Lobo atouse ben aoredor da barriga e logo púxose a dormir, mentres a Vaca pacía.

Cando a Vaca o sintíu roncar deu un forte pulo cós cornos e botou a correr espaventada levando o Lobo, arrastro, batendo co'il de valado en valado.

Foi tan rexo o barullo qu'a Raposa saíu da súa toqueira e coidando qu'o Lobo ía turrando da Vaca berroulle diste xeito:

—Ai Compadre Matías déixese disas porfías qu'inda lle teño eu carne pra tres días.

Respondeulle o Lobo:

—Se a soga non toupa i-o nó non desata leve o demo se non vou dar á porta do dono da Vaca.

* * *

UNHA vez, o Lobo e mail-a Raposa, que eran compadres, xuntáronse pra facer unha merendada. A Raposa trouxo tres ou catro galiñas, o Lobo un ou dous carneiros. Xa era noiteña cando escomenzaron a comer no toco da Raposa. Mais non poideron con tudo porque xa estaban moi fartos. E dixo a Raposa:

—Boeno Compadre, hoxe non podemos máis, millor é deixalo pra mañán. ¿Non lle parece ben?

—Como queira vosté, Comadre, díxolle o Lobo.

Entón deitáronse a durmir. De elí on instantiño, díxolle a Raposa ao Lobo:

—Ai, Compadre, vosté é moi pícaro e vaise erguer de noite pra comel-o que queda.

—Non, eu non-o fago, eu hei durmir.

—Pois repare o que fai Compadre, xa sabe que pola mañán quen teña o bandullo súado é que comeu de noite.

—Boeno, boeno, Comadre. Descoide por min que vou durmir.

E non mais deitáronse de novo panza pra riba. O Lobo deseguida escomenzou a resoare i-a Raposa faguía que durmía. Cando se decatou de qu'o Lobo xa tiña o sono peche foi, ergéuse, comeu total-as sobras i-o romatar mexoulle no bandullo. Logo durmiu.

Pola mañán dixo a Raposa moi alritada:

—Ai Compadre ¡Ergase de presa! ¡Eiqui non hai nin migalla das sobras!

—Nó, pois eu non-as comín!

—Imos vel-as barrigas Compadre, a ver quen-a tén súada.

—Nó, eu non fun Comfadre.

—Arrenégote demo Compadre. ¡Vosté tén-o bandullo súado Compadre, ai Compadre!

—Eu non, eu non fun, eu non, eu non fun...

* * *

XA foron os tempos da Raposa Vella Maior. Pois, unha vez, a tal Raposa chegou on pobo i-atinou dun galiñeiro con cinco pitos noviños, ademais de oito galiñas vellas e inda máis, dous capós cebados. Ela soila non s'atreveu a roubar, buscou catro compañeiras e díxolles:

—Eu sei dun galiñeiro con cinco pitos, mañán vides e imos por iles.

—Imos ista noite, dixeron as catro Raposas, pódose a badoar con moito barullo.

—Mañán, dixo a Raposa Vella, pois hai qu'ir con moito vagar. O Home ten catro cadelos de coenllos e dous ou tres cás dos outros.

E non mais esí foi, xuntáronse e foron.

Ao chegar á casa do Home dixo moi baixiño a Raposa Vella:

—Eiquí é o choio! Agatúñase por aquíl pau contra aquíl pendello, elí está o galiñeiro; no corredor están os cas. Ala, veña! Entrar!

—Entra ti, dixeron as catro Raposas con grande medo.

—Boeno. E rubiu triquitriqui, triquitriqui, polo pau enriba. Colleu un pito a modiño pra que non poidera nin píar e saíu correndo

deica o pé dunha fontenla, nunhas lameiras, según tiñan convidado.

E foi outra, triquitriqui, triquitriqui, e sacou outro pito, centellada.

I-outra. I-outra.

A derradeira, coma quedou soila tivo moito medo e coa presa colleu o pito de calquer xeito. O pito cantou, as galiñas cacarexaron i-os galos cantaron. O Home, isperto, acírralle os cadelos que saíron polo rastro das Raposas, botando lume polos ollos. De contado, fuxiron as cinco Raposas, mais pra iren mais lixeiras tiveron que deixal-os pitos nun millo e catapín, catapán, catapín, catapán, chegaron ás centieiras onde tiveron a grande rifa.

—Es unha parva.

—Ti teil-a culpa, medroña, dicíanlle á derradeira Raposa.

Entón ila, pra que non-a morderan, maximou unha maneira de voltar ao pobo, indo por unhos carreiros escondidos.

Amañecía cando chegaron. Enriba das ponlos das maceiras estaban as galiñas, perto moi calados o Home i-os cas.

E dixeron as Raposas ás galiñas:

—Galiña, galo, vén pola roupa.

E responderon os galos ás Raposas.

—O corpo está san e ha criar outra.

E dicían as galiñas:

—Vinde pr'eiquí Raposas, ou inda non sabedes qu'hai unha nova orden de que todol-os bichos andarán xuntos sin se faguer mal.

Mail-as Raposas desconfiaban, cheirábanlle os cas.

E viñeron vindo, pouco a pouco.

—Baixai galiñas e galos, dixeron as Raposas, senón non podemos ir xuntos coma dí a orden nova.

E non mais naquíl intre o Home soltou todol-os cas dunha vez.

Fuxiron as Raposas coma raios i-ao chegaron onha costa moi pina dicían antre resollo e resollo:

—Arriba pés i-arriba chancas que niste mundo non hai senón trampas.

I-acabouse o conto neste e na verga dun cesto.

* * *

UNHA vez era un Pirico i-on Gato que ían andando polo mundo adiante. I-ao chegal-a noite trataron de buscar pousada e petaron nunha porta. E saíu un Lobo e díxolles:

—Que queren?

Iles dixeron.

—Pousada.

I-entón díxolles o Lobo:

—Pasen adentro.

I-entón o Pirico díxolle ao Gato:

—Eu eiquí non entro, porque coma son Lobos vanme comer!

—Eso tudo goberno eu!

Entón entraron e sentáronse cós Lobos na cociña a carón do lume que era de cascas de piñeiro.

As cascas saltábanlle á lá do Pirico. I-o Gato arrabañáballas axiña.

Daquela perguntáronlle os Lobos:

—Por qué fas eso hom?

E-il díxolles:

—Porque isto que vos vedes e que coidades que é lá é pólvora; i-estoutros dous son dous cañós. Se prenden toupan e máttannos a todos.

I-entón tudol-os Lobos axudábanlle ao Gato a quitarlle as cascas. E daquela o Pirico estaba moi ledo porque dicía: ¡Teñen medo e xa non me comen!

Dispois cearon e fóronse deitar. Os Lobos deitáronse nos leitos. I-o Pirico díxolle ao Gato:

—Eu non me deito porque senón cómenme.

Entón dixo o Gato:

—Pois rubamos pr'a aquela trabe.

Dixo o Pirico:

—Eu non podo.

I-o Gato díxolle entón.

—Pónteme eiquí nun hombreiro que te rubo eu.

E rubiu pr'a trabe e puxéronse a durmir. I-alá a meia noite acordoulle ao Pirico de mexar e dixo:

—Teño moitas ganas de mexar, pero se mexo nils ispertan e cómennos.

I-entón díxolle o Gato:

—Non eso non-o fagas! Ponte coa barriga pr'arriba i-así a lá chúpache o mexo e non pinga.

I-entón o Pirico quíxose pór e caiu; Blummm!!!

I-os Lobos ispertaron có ruído e coidaron qu'eran os cañós que toupaban e saíron correndo. Esí que chegaron alá moi lonxe e cansaron pararon e puxéronse a falar e dixeron:

—Daquela non himos poder volver pr'a nosa casa?

Dixeron:

—Quén vai mirar?

I-entón o Lobo Rabón, que é o Xefe de todos, dixo:

—Vou eu!

E chegou e púxose a escoitar dende fora.

En canto alcenderon o lume o Pirico i-o Gato e contentes quedáronse a dormir, o Pirico topeleando i-o Gato rosmando. I-o Lobo ao ouvilos pensou que dician:

—Comeer, ao Lobo Rabooooón.

—Comeer ao Lobo Rabooooón.

I-o Pirico, acenando coa testa:

¡E máis aos outros!

¡E máis aos outros!

I-entón o Lobo Xefe foi pr'a onde os outros, contoulles o que ouvira e fuxiron todos espaventados.

I-o Gato e mail-o Pirico quedaron felices e donos da casa dos Lobos.

Aos poetas galegos, para facérense europeos e modernos, compríalles ceibárense da hexemonía castelá que os levaba cinguidos de pes e mans a aquela especialísima produción poética castelá, na que o externo é todo. Víronse, pois, os nosos poetas na obriga de abandoal-o uso dunha lingua que os avencellaba para sempre ao artificial e convencional dunha poesía na que a rotundidade do metro e o rumor das verbas figuran ser o esencial. Para sacudiren, pois, aquel xugo e poderen expresar coma homes os seus sentimentos de xente civilizada, tiveron que empregal-o idioma materno. O castelán lles non servía.

(MANUEL MURGUÍA, ao comental-o rexurdimento da poesía galega nun artigo *A don Juan Valera*).

WAIKIKI

Paseo de la Reforma, 13

Teléfonos: 13-42-06 y J-97-24

● millor Club de noite de México

MATERNIDAD ESPAÑOLA

Dr. Márquez

de Universidade de Santiago de Compostela

Córdoba, 123 Tel. Eric. 14-24-69

*CABLES DE ACERO
MAQUINARIA Y REFACCIONES*

PROVEEDORA INTERNACIONAL S. A.

Artes, 13 Tels. 18-32-06 y J-66-99

*Si queredes xantar ben
ide pola*

Casa de Galicia RESTAURANT

BOLIVAR, 30 Ts. 12-29-36 y J-59-10

LA ISLA DE CUBA ANTON MULEIRO

*O millor surtido en roupa e mobles
a bos prezos*

Guerrero, 114 PACHUCA, Hgo.

Hotel CANADÁ

150 HABITACIONES
BAÑOS
TELEFONOS



RESTAURANT
CANTINA
PELUQUERIA


5 DE MAYO, 47 □ Teléfonos: 12-48-24, 12-48-26 y L-16-70



50 CTVOS.

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



S U M A R I O

CARLOS VELO: *Entroido enfeitizado*. ADOLFO VAZQUEZ HUMASQUÉ: *Morriña*. FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN: *Pintura de feira*. RAMÓN CABANILLAS ÁLVAREZ: *A parrea*.—POESÍA: *Cativo da miña tristura*, por MACÍAS O NAMORADO. *Inquedanzas*, por XOHAN GARCÍA GÓMEZ.—FOLKLORE: *Canzóns e adiviñanzas*.—NOTAS.—DESEÑOS de *Maside, Colmeiro, Dichi, Xurxo e Illa*.

MEXICO

II

NADAL-1942

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADO POLA IRMANDADE GALEGUISTA E O GRUPO SAUDADE

Editor responsable: Xosé Caridad Mateo

República del Salvador, 96, despacho 406

Número 2

MEXICO, D. F.

Nadal-1942

Solicitado el registro legal en la Administración Principal de Correos de México, D. F.

REDACCION

Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, Xosé Caridad Mateo

COLABORADORES

A. Alonso Ríos, X. Alvarez Gallego, X. Bal y Gay, V. Barros, E. Blanco Amor, B. Búa Rivas, R. Cabanillas Alvarez, R. Cardona, A. R. Castelao, M. Colmeiro, A. Cuadrado, R. Dieste, M. Fernández, X. García, V. González, G. Paz, X. López Durá, R. Martínez López, E. Pita, R. Rey Baltar, L. Seoane, U. Souto, R. Suárez Picallo, L. Tobio, A. Vázquez Humasqué.

Administración e Publicidade:

Andrés Valin Salvador



SAUDADE está en débeda de gratitude con todas as persoas que nos enviaron o testimonio da súa simpatía.

A aparición do primeiro número resultou un acontecemento que estábamos moi lonxe de agardar. Voces de alento, felicitacións, loubanzas e críticas cordiais, ficarán presentes no esforzo e na loita de cada intre.

Sería o noso deber respostar a cada ún, mais somos xente de traballo e o tempo empregado en compoñer e distribuir estas follas temos que roubalo ao descanso cotián.

En troques, pedimos mais axuda, moita axuda, calquer xeito de axuda, pra seguir adiante no esforzo, que coidamos inevitabel, de manter a verba do galeguismo, a forza dos precursores, a sangue dos nosos mortos; o anxeio dos alonxados, nestas terras ceibas da América virxe.

GRUPO SAUDADE

Entroido enfeitizado

Por CARLOS VELO

I

Riscando o vento do mar, sete anduriñas brancas pousan no souto de Fisterra. O son das lonxanas badeladas, fai chorar ao orballo nas ponlas dos castiñeiros. Nun ár de saloucos e responsos camiña o enterro.

—¡Ai miña xoiá! ¡Meu ben! ¡Meu corazón!

—*Cum veneris iudicare saeculum per ignem.*

..—¡Ai prenda, prendiña! ¡Meu amor! ¡Meu sol!

..—*Dona ei requiem.*

—¡Ai Santa, Santiña, lévanos contigo!

No tempo dos sinos, as zocas do pai siñalan o vieiro do carro, mentras os bois, de moura pele relucente, cunha estrela branca na testa, puxan a reo nas molidas. Palpebrexan catro faroles, chuzados nos estadullos, alumando a outa cruz das Animas, entalada nas chedas, onde se pendura un Cristo de madeira de buxo, cos seus ollos bulreiros fixos na dobre siñal roxa da frente da morta.

Branco é o cadaleito, brancos os lenzos de liño, brancas as rosas que o adornan e brancas as maus cinguidas cunha cintiña de seda azul. Belidas trenzas botan un fogo doucado, no surrir invisíbel dos beizos que larexa na pel traslúcida das palpebras e, dispois de esbarrar nas frescas meixelas, fuxe polos currunchiños cintilantes das orellas.

Amañeceu nas areas da veiramar. O seu corpo semellaba dormir un sono infindo. Unha cobra de vidro saíu dos seus seos e meteuse nas pedras, antre as escumas verdes da marea baixa.

Sete irmás cantan seus choros, crebando a negrura dos panos.

—Raiña da lúa, noso caravel!

—Fonte de amores, miña amiga!

—Estrela da noite!

—Pombiña branca!

—Non te vaias irmanciña da i-alma!

—*Requiem aeternam dona eis Domine, et lux perpetua luceat eis.*

Seguindo o enterro as sete anduriñas chilran como sete nenos. Viaxa o cadavre pola paisaxe, zugando nos borbollóns dos regatos, no arume dos fanancos, no rescaldado das queimadas, as forzas da terra, que son morte e vida xuntas.

II

Mais enton era, cando se coce a cachucha do porco e os mellores chourizos, cando se abilla o viño novo, cando se xuntan os mozos na néboa segreda da noite, cando os vellos sairán das cocifias, ledas suas caras na curisca firente; entón eran as festas antergas, míticas, do noso entroido.

Na luz da serán, toupelexan os penedos. Dornas e copos durmen ao longo da praia. Arredor da aira, as casas de pedra grá, molladas de refrexos, apertan o balbor das ondas no corpo das mozas, xuntas en carramalletas nas banceiras torneadas.

Longas teorías de vellas, acarrapuchadas nos seus picotes de lá, enchen as solainas. Silenzo primitivo de nenos e vellos agardando os milagres da festa. Somente San Xoan e mail-a Virxe, ergueitos no cruceiro de pedra a carón do mar, figuran ouvil-o pico de enterrador nas laxes do adro.

III

Baixando pola carreira chega o enterro. As ritmicas pisadas dos bois mouros, enchen a quietude da praza.

Naquil intre, os sinos da abadía escomenzan coma tolos a repincar, ferven fosforescencias nas augas, un fume marelo abafa o cruceiro de pedra e súpeto o trasno das redes, tan pequeno, lixeiro, rebulidor, como atravesado, chouta no temoeiro do carro ao tempo que asubía zoando coma os tabáos. Espavéntanse os bois e esbarra o cadaleito pra o chao, esnaquizándose as táboas.

I-entón... todos viron que estaba valeiro! Berran os nenos, arremuíñanse as mozas, santíganse as vellas e as sete irmás enmudicadas, ollan como se esvaen no fondo do ceo sete anduriñas brancas, mentras camiño abaixo desaparecen carro e xugada levados do trasno.

IV

O estralo dos foguetes briuca no sedal dos aturuxos, afogando pra sempre badeladas e rezos. Correndo coma un raio, aparece na aira o Feno Novo. Leva monteira verde, moi enfeitada con frores roxas, unha carauta de pelica de coenllo co pelo pra fora, traxe de xuncos e espadanas tecidas con lá de cores rechamantes, zocos tinguidos de branco e unha bimbía na mau, que zoa no ar coma unha serpe, buscando sin distingos a res e as canelas de homes ou mulleres, nenos ou vellos. O Feno Novo é o primeiro do ano; a súa aparición sinala a entrada do carro do entroido.

Combas de mimosas frorecidas, ramas de loureiro e piñeiro manso, tapan peche o carro. As rodas pintadas con cal e furruxe adiantan paseniño. Os bois, de moura pele reluciente, cunha estrela branca na testa, puxan a reo nas molidas, enfeitadas con caracolas e bugallos.

Tres gaiteiros de Valdariz e mais un tamboril de Rabal, compoñen detrás un tríptico de tonos na mesma voz da alborada, que se apaga cando o carro chega ao pé do cru-

ceiro. Cunchas, pandeiros e ferriños, sonan docemente nos corredores e solainas. Ao seu conxuro baixa do carro, saindo antre fróres e follas, unha Santiña vestida de liño branco. Ten dúas belidas trenzas loiras, nos beizos un sorrir invisíbel, na fronte unha dobre sinal roxa, e na mau leva un ramo de fror de sabugueiro.

V

Reodobra o tamboril, loitando co pálpito das cunchas. O Feno Novo trai unha roca con liño e un fuso enfiado para a Santiña, quen sorrindo dalle en troques, a fror do sabugueiro. As tres gaitas marcan os primeiros pasos da danza.

Ergueita coma unha imaxe no meio da aira, fia a muller. Vai e ven o home, facendo caladas reverencias. Deseñase a conversa dos punteiros. As voltas do home son mais lixeiras. Medra a risposta dos roncós. Os xiros do danzarín semellan lazos de fogo. No contrapunto das gaitas cós pandeiros, a muller atopa o equilibrio hierático. Sempre ollando a seu galán, sempre fiando o liño, sempre no centro da roda dos seus anceios, coma unha virxe. E cando a música chea de formas, latexando ritmos eternos, acada o seu climax, o corpo do home, sostido no pálpito dos puntos, vólvese figura de apertas, mentras a muller brinca coma unha labranadeira.

De remate, os xonllos do galán crébanse na terra, en tanto ela baixa, con doce vergoña, a cabeza, sempre fiando, sempre sorrindo.

Nos foles das gaitas morre o alento da vella muiñeira, e a meirande festa do entroido comenza.

VI

Xurdindo antre as penedas e o fragor do mar o Feno Pescantín, largueirán envolto en sargas húmidas, carauta verde, capucha de meixillós e cortizas, atravesa o silencio da aira sementando farelo.

Trepando no rasto branco, camiñan con

presa dúas bruxas farrapentas, levando polas asas un cesto culeiro cheo de folello, atado en cruz cunha corda de carro. As carautas das bruxas, feitas con casca de bidueiro, teñen so un ollo; ollo enfeitizador de preñadas, tangaraño dos recién, disgracia de namorados.

E detrás, montando unha muliña parda un feno moi gordo, con polainas de palla e unha carauta, que rí tan afiado coma o coitelo que vai azanando, toca na siringa dos capadores o son cristaiño que nubla de medo ollos de nenos, arrepiando ás porcas dentro dos currales. Feno Sacauntos, chéiranlle os cativos e as raparigas tolas que se perden na noite.

A veira da cruz páranse as bruxas e pousan o culeiro. Ehí ven a Santiña. Nos seus ollos reluce a paixón, na sua man a fouce dourada que corta as cruces de corda, nascendo, antre o cruxido do folello e a música mainiña do canto de berce, un neno con ollos de ceo, vestido coa pelica dunha raposa, levando na man dereita unha presada de sal. Lóstregos da bimbía do Feno Novo, corren bruxas e sacauntos. Desfeito o enganido, esconxurado o mal de ollo, un fondo salaio das xentes coroa a cabeciña loira do neno que durme nos brazos da Santa.

VII

Escachan risas no susto musical de roncadas e canivelas. Un carro escangallado, con catro parexas de burros xunguidas, levando diante un burriño pequeno con enfeites de fento verde, axóuxeres e cintas, trouxo pra a aira a mais riseira parexa de fenos: a Vella Liberata co Vello Chanqueiro, quén con moita cortesia e parsimonia baixan polo recadén do carro. Entre bulras de mozos e aldraxes de cativos os dous fenos queren bailar a ribeirana. Mais a Vella —que é sempre un mozo co corpo remetido de cabezales— entrapalla adrede os pés, caíndo sentada na lama. Erguendo as saias semella atopar un crio, feito de farrapos, que chora coma un díaño.

Aturuxa en trunfo o Vello Chanqueiro e as mozas arrétanse nas barandas rindo sin tino.

Pola carreira do fronte, velahí ven a ruada dos señoritos: Doña Pingoleta é un mozo xeitosiño, con carauta de raso, peluca de estrigas, faldra de encaixes, manteleta de punto, meias de seda e zapatos de charol. Don Vaselina leva chapeu de copa e traxe de alcalde; no buraco da carauta de fábrica vai fumegando un bó charuto, mentras Doña Pingoleta, engarrada no seu brazo, rilla melindres. Na choiva de mangullo e borrala, que lle botan das solainas, os Señoritos bailan moi serios, o vals de acordeóns e birimbaos.

Roldeadas pol-os fenos, as dúas parexas xúntanse pouco a pouco. Ao cabo o Vello Chanqueiro fuxe coa Señorita que berra e patalexa, en tanto que Don Vaselina loita por librarse das apertas e bicos da Vella Liberata.

Na pandeirada do touporroutou, as gargalladas dos vellos son un instrumento mais.

VIII

Perto do solpor, unha feira de fenos a pé e a cabalo asoballan a xente. Moitos locen carautas de estraza, traxes de pana con frores de papel e levan longas espadas de madeira, tintas en sangue de galos o domingo corredoiro. Outros samente teñen a faciana embarrada de chapapote raiado de xofre e baten nos valados con basoiras de codeso molladas en auga de cal.

No meio da xuntanza de homes e bestas adianta a simbólica procesión. Catro fenos revestidos de roxo levan a hombreiros unha padiola co pipote do viño novo, fonte de ledicia de vellos e mozos, remate panteístico de traballos e festas.

Enriba do pipote, coma nun escano, carrétase o Meco do Viño. Feito de palotes e cascadas, herbas e cañotos, rodrigado con xuncos e lías, ten unha carauta de pano marelo, coberta de coroas tecidas con froumas e follas mortas de castiñeiro.

O tirintín dos martelos nas craveiras dos segadores, sonando a compás de tixolas e almofarices, isperta a febre do fogo, a sede atávica do ferro. E baixo os tristes ollos da Santa o sacrificio anual do Meco do Viño, escomenza.

Bolos de lama afúndenlle o peito. Bazcullazos de xurre desfanse na carauta valeira. Mariñas podres e cantazos esbarrífanlle as costas.

Ao pé do cruceiro loitan cabaleiros defendendo o Meco con espadas. Mais ao fin, os fenos da pé, enriba de caxatos de piñeiro, arríncano do pipote e afórcano na cruz de pedra, según a lei do entroido.

Mentras arde o Meco, corre o sangue espíatorio do viño en xerros e palleiras, calan ferros y azanan os vellos catadores coa chola pra botal-as pantasma fora do corpo.

Novas muiñeiras puxan os choutos dos fenos nos corredores de mozas. O alento do desexo, o brancor das roupas na terra mollada, alcende a cántiga queda dos corpos en loita.

IX

Morre o sol nas ondas do mar hiperbóreo. O vento de Fisterra échese de escuridade mitolóxica. Na lonxanía, escintilante de auga e nubes, resoa o longo e branco queixido dun corno.

Ouvean os lobos na fronteira das neves. Respóndelle a múltiple apupa das caracolas mariñas e trompas de barro, que barnizan o ar de queixumes de chumbo.

Rachando nun brinco a entreluz da aira aparece o Foleiro. Sorte de feno rexo, varil, que chouta sin acougo, e atópase en calquer lugar a un mesmo tempo. Preta pelica de touro envolve o seu corpo. A través da escura carauta, con dous cornos de castrón enroscados nas tempas, vense rebrilar as muxicas de fogo dos ollos. Na man esquerda leva un corno de boi, na dereita, atado en manle de freixo, un fol bermello, que ningún sabe de que está cheo, xa que iste ano non ía haber foleiros.

Fuxindo, con medo de morte, músicos,

danzantes e bebedores, atopan acougo nos palleiros e solainas. En tanto que, ao redor da Santiña un corro de fenos cínquese coma unha armadura máxica.

No apertado silencio da aira chouta o Foleiro. As suas voltas e revoltas, o seu fol bermello erqueito no ar, siñalan a presenza inevitabel da realidade mítica. Arrempujado polo escuro locir dos ollos santos o Feno Novo saíndo do corro, bótase valente contra íl. Un remuíño de bimbias e foles, unha neboa de bafos ardentes, desfaise nun intre coa mallada bermella, diañada, do fol do Foleiro.

Rexúntase a roda dos fenos, gardando a Santa, e treme o corpo morto do Feno Novo co bronco e longo queixido do corno.

X

Escoando augamar trece mariñeiros, con traxes de alquitrán, entran na praza, e a forte risposta das trece caracolas asulaga pra sempre o son do corno.

gan ouveando a carón do Foleiro, e tras deles a Raiña Loba camiñando sen presa; seu fuciño moi ergueito, suas orellas de punta, seu rabo cinzo azanando a compás, suas unllas pretas e seus dentes brancos relucindo na noite coma as folerpiñas de neve que leva no lombo, ven e séntase antre o rebaño como unha señora.

Debaixo dos chapeus enceirados, a mirada afeita ao trebón dos mariñeiros queda prendida nos ollos meigos da Raiña Loba que parecen luceiros do ceo, covas verdes das illas, ruada de mociñas no luar, risas e sonos.

Envoltos no feitizo de amor, sin ver a sombra da cruz, nin as maus da Santiña, feridos nas pernas por dentadas rabeosas cairon ao chao, volvéndose trece negros Lobos da Xente, os trece mariñeiros.

XI

E antre a súbita pelexa de fenos e lobos, antre o troupeleo dos mallos, fungueiros, ga-

lleiras, espadelas e molidas, que baten na lama e nas costas, antre o ouveo dos lobos e os berros da xente a Santa, ergueita no pedestal de catro fenos pescantís, predica cos brazos en cruz o desconxuro da Raiña Loba:

*«Varillón varillete - no puño puñete.
Loba de Lobeira - mocíña belida,
vai pra túa feira - mollando a pelica
na fonte do seixo - arrenégote silva,
na cruz da neve - escaravana fria,
cuspe do cuco - unto de parida,
zarafoliña d-aire - serpe que asubía,
Loba enlobada - mocíña belida,
na encrucillada - queimáche a pelica.»*

Ferida pola lanza dourada das verbas rituaes a Raiña Loba chouta dun brinco de morte no peito da Santa e cando o sangue corre dos séos rasgados, recobran o seu corpo os mariñeiros e desfáise o feitizo da princesa Aldina, filla de El Rei de Galiza, presa por anos naquela fermosa pelica de loba.

XII

A morte da Santa, holocausto das fadas, traxedia da raza, enche a natureza de forzas maliñas. Raios de fogo queiman as carballeiras. Erguese o mar deica o ceo. Ventos de corga esborrallan eirexas. Levadas dos rios arrincan canastros e berces. Na aira do entroido, protexidos polo corpo santo, envolto en fume de fachuqueiros mollados, xentes e fenos xúntanse na punta dos fisterres, cabos do mundo.

Enriba do fogo camiña o Foleiro. Trenzas de cobras siguen o seu ronsel. O fol bermello, sedento de venganza, malla catro veces no chao e afúndense no mar, romaxes e feiras, pobos e cidades, bichos e frores.

Na terra, esfraguizada en catro longas rias, na terra, que foi pan e leite dos homes, ouvean agora lobos rabiosos.

XIII

Pasaron centos e centos de invernos. Nas illas do alén, homes bós e xenerosos viron na

noite cair unha estrela do ceo e apagarse no mar. Dende aquel milagre todos os galegos, espallados polo mundo, poden ouvir na noite da sua i-alma a longa procesión que vai, costiña arriba, no fondo traslúcido do océano camiño da nosa Terra.

Tres xugadas de bois mouros cunha pinta branca na testa, cornos de cristal e moliada enfeitada con xacintos de Compostela turran dun carro de estaño co eixo feito da trave de ouro e as rodas de prata, onde vai, dentro dunha barca de pedra grá, o corpo dunha muller dormida, con dúas belidas trenzas loiras, nos beizos un surrir invisibel, na frente unha estrela azul, no seo dous soles relucentes e nas maus un ramo de loureiro en fror. E diante do carro o vello Breogán coberto cunha corozza chea de vieiras, camiña con pes nús chamando aos bois. Sua barba é dourada como é a dos patróns e santos que guian timós de mariñeiros e zocas de labregos, polos camiños do mundo.

Detrás do carro, as bágoas das sete irmás son froreciñas marelas de toxo nas ponlas dos coraes.

—Isperta do teu sono Santiña!

—Erguete e canta Rosalía!

A vibrazón dos seus lamentos aguilloa, no faiado das augas, os fogos azues de sete peixes voadores.

Nove velliños cegos tocan zanfonas e ao seu compás camiñan: unha longa ringleira de mozos, ollando pra diante, con fouces de relocente ferro; unha longa ringleira de vellas enrugadiñas, levando as luces da Santa Compañía, e outra longa ringleira de mozas, con refaixos roxos, levando na man espigas reises do millo americán.

Mozos e mozas cantan, no son dos nove sones das zanfonas, na música das nove ondas do mar: alalás e regueifas, alboradas e muiñeiras, ruadas, romances, pandeiradas, cántigas e danzas, nas verbas eternas do himno profético

.....
*glebe cujus gloria
dat insignem viam
ut precun frequentia
cantet melodiam.*

México - IX - 1942

Morriña

Por ADOLFO VAZQUEZ HUMASQUE

O amor á Patria, está desenrolado en todol-os países do Grobo, aferrolando especialmente aos homes que pasaron nela, sen longas ausencias, a súa primeira mocidade. Mais onde se sinte este amor coa meirande forza, é nos meios ruraes. Cando a loita pola vida obriga a un ser humán, a deixal-a casa, a terra e máil-a aldeia onde se formou a súa nenez e a súa mocidade, non é difícil prever no seu ánimo unha fonda crise sentimental. Os habitantes das grandes urbes; os fillos das familias que pola súa profesión ou xeito de vida, son nómadas dentro da Patria, habitando por períodos máis ou menos longos, diversas rexións ou provincias, non sinten a dór da lonxanía da terra que os viu nacer, como aquiles que foran criados e formados no mesmo sitio. Esto é indudabel.

Mais tal razonamento de tipo xeral, agúzase cando se trata dun galego. Porque toda Galiza é unha terra única na Hespaña, por non dicer no Mundo. Nen mesmo a bravía Asturias onde habitan os curmáns dos galegos, é como Galiza. Non direi que lle sexa inferior en ningunha orde; mais si que é distinta. Galiza é verde sen marelear; húmida sin sere lamaguenta; é accidentada sin sere tráxica; é bela sen fastío; é bretemosa sin sere mesta. No agro galego hai tormenta e hai serenidade; hai arboredos polícromos sen monotonía; hai ceios con abrentes e postas de sol feiticeiras. En Galiza corren os regueiros con augas craras encol de penas graníticas arredondadas; augas de troitas que repilen as arxilas diluídas polos arras-

tros terrosos característicos doutras zonas e outras cuncas hidrográficas. En Galiza hai lameiros todo o ano; hai terras mouras que amostran orgullosas prantacións de millo e fabaledos; de patacas e nabos; e en certas rexións naturaes hai bon trigo e ata boas uvas; e en toda ela, hortas e cerdeiras; piñeiros e maceiras; carballos e castiros; bidos, amieiros, salgueiros, álamos e freixos en debesas e á beira de pintorescos camiños, cinguidos de chantos laxentos; e vaquiñas pequeneiras que labran, dan leite e dan xuvenecas; e alá onde non se mete o arado ou a gadaña, hai toxo, a excelente leguminosa que serve para todo: para leito do gado; para queimar seco, debaixo do pote; para penso dos cabalos nos seus gromos. Galiza ten nos seus agros, nos seus casais espallados por chaos e ladeiras, por vales e outeiros, unha vida vizosa, con traballo perante todo o ano; en ningures falla o anaco de broa, a cunca de leite, o queixo, o lacón e o lardo; porquiños brancos cebados en estabulación; hortas cabo das casas; o armentío recibindo o agarimo do labrego e da súa familia. Todo é aló íntimo, tenro, aloumiñante, como a súa fala; nunha sucesión de días e anos; nos que non hai acougo nas tarefas de homes e mulleres; nin máis vagar que o que sinala o calendario coas súas festas relixiosas e profanas; nin máis lecer que a ida ao lugar da feira, onde se merca, se vende e se troca o que gorenta, axeita ou compre; mesmo sen gostar da vida cibdadán e dos seus engados.

E o galeguiño que se fixo home así, nese meio, trepando ás veces co pé espido e outras

Pintura de feira

Por FLORENCIO DELGADO GURRIARAN

Un cuadro que hubiera placido al Greco.
Valle Inclán. La Pipa de Kiff.

FORTES córes, enlixan metro e meio de lenzo. Unhas copras marelas. Unha moza e un cego: manta vella en farrapos e, na man, un punteiro, có que bate, a miúdo, no pinturado lenzo. Aldeáns ao redor, a escoitar cal babecos:

—*O crime da Penela.* ¡Cada copra un cadelo!

Uns ladróns sin entranas. Un ricote labrego. Un casal isolado. Roubo e crime noxentos. Mesmo fala aquel cadro. ¡Fai chorar aos penedos!

Córes, dór para os ollos. Rixidez de bonecos en absurdas posturas. Cintilantes coitelos. Sangue, sangue, máis sangue, moito

sangue, ¡que medo! Arrepiantes facianas e carpidos cabelos. ¡O que se vei no lenzo fai chorar aos penedos!

Un rapáz degolado nun regueiro sanguento. Outros catro cadavres ciscados por dous leitos (dazaseis coiteladas, a catro de promeio): *ela*, curta camisa que descobre irto seio, remeladol-os ollos, a boca en mudo berro; *el*, cirolas de liño, no traseiro un remedo, regañadol-os dentes, de carraxe un aceno; *as dúas fillas*, coas mans apreixadas aos ferros, espidas, esforciadas, rabuñadol-os peitos e, por bulra, nas testas bañados de chapeos. ¡O que se vei no lenzo fai chorar aos penedos!

Un arcaz boca aberta, fonte que deita len-

con zocos, os vieiros da súa aldea; convivindo co seu gado e os seus cans; co seu carro de eixo cantareiro, e ouvindo con enlevamento as gaitas da parroquia; o rapaciño que rebuldou polas corredeiras, rubiu ás árbores en procura de niños e se meteu nos relanzos do río para pescar unha anguía; e roubou peras na horta do tío Antón; e logo foi á romaxe, primeiro coa súa nai a mercar un chifro e lambiscal-as golosías dos postos ambulantes e vel-os foguetes; e logo xa maior, a rondarlle as mozas, beber un neto do viño mesto da Terra e botar aturuxos barís e desafiadores; a ese mozo galego así formado, se lle non esquecerá xamais tal ambiente si a forza das circunstancias o arrinca del, e terá se-

ñardás del toda a súa vida, inda que esta se lle ofreza con farturas e aloumiños de meirande ponderación.

Craro é que Galiza ten costas con portos excelentes, e mares por onde cruzan barcos que van a lonxanas veiras. O galego ainda que sexa asisado é un romántico. E coma ten moita febra e llen non ten medo ao traballo, e formouse no esforzo que fai a cotío; e como ademais a raza e moi prolífica, e os irmans cativos comen todos inxentes anacos de centeo; e como todo eso o vei e o apalpa e o sinte o Galego sán, forte, ambicioso, astuto, ben dotado física e espiritualmente para a loita pola vida, é polo que emigra.

Mais coidando de cote en voltar...

zos. A ceibal-os miúdos de palla de centeio, en forzado *harakiri*, hai uns xergóns abertos. Cadeiras polo chao, barcos nun mar bermello. Un can morto, na loita o seu rabo mordendo. Nun burato agachada, a rir dos bandoleiros, véndo que non dan coela anque se volvan lelos, unha oliña que, dín, garda catro mil pesos en louras *peluconas* d'El-Rei Carlos Terceiro. ¡O que se veí no lenzo fai chorar aos penedos!

Un criado que fuxe e as canelas dá sebo, por uns agros moi verdes, dun verde que dá xenio: fora a lingua da boca, cal xaruto bermello a fumegal-os folgos do que corre; o cabelo, coma moura pelica, fai suligras ao ceio; uns ollos de albaialde con dous puntiños pretos, branco vivo onde fixo súa diána o medo; figura que sementan, nos croios do carreiro, perdamás pra os ladróns as mans de longos dedos; as dúas pernas, que forman, moi xusto, un ango recto, perderán, por lixeiras, aos asasinós feros; a faldrá da camisa, ronsel azul no vento; o sangue que lle escoá, no chan ronsel bermello. ¡O que se veí no lenzo fai chorar aos penedos!

Gardas civís: mosquetés; verde-grís e marelo; o hule dos tricornios do sol é mouro espello (O orde con bigodes e conteneinte esgrevio). En crudel matrimonio coas cadeas de ferro, camiñan antre os gardas os asasinós feros: testas como cabazos e xestas por cabelos; barbazáns e celludos; contienza de

babecos. ¡O que se veí no lenzo fai chorar aos penedos!

Audiencia Provincial. Xurado de labregos. Un púbrico que acena cóos puños cara os presos. (En córes arbitrarias, tres dúcias de bonecos). Longos brazos en outo, en castañola os dedos, quér bailal-a muíñeira o abogado dos reos. O vello Presidente, branco río no queixo. Con caras de enxaguados, sain, de antre o blasmo preto das togas, maxistrados con puchos de toureiros. Unha dona peituda, vende a xustiza a peso, nun cadriño, ben posto, da sáa no testeiro. ¡O que se veí no lenzo fai chorar aos penedos!

A capela. Un frade con ollada de besgo. Unha cruz moi feituca, catro cirios marelos. Dos reos xunto aos ollos, panos charramangueiros aparéllanlles bágoas cal pelouros pequenos. ¡O que se veí no lenzo fai chorar aos penedos!

Panos longos e mouros por riba do baileo. Borreiros que figuran cumpridos camareiros: roupa preta e xeitosa, córadiños os beizos, con olleiras os ollos, mesmamente dan xenio. Irmáns da Caridade. Carceiros e cregos. O señor Segredario. Tres veciños. Os reos. (Baixo un ceio de chumbo, todos mouros bonecos). Antre tanta mourenza, catro trazos bermellos: ¡catro linguas que fuxen das grabatas de ferro!

¡Có que se veí no lenzo choran ata os penedos!



A parrea

Por RAMON CABANILLAS ALVAREZ

ESPERTEI coa luzada do día nun pazo que tiña un parente meu a doce kilómetros da vila mariñeira en que fundado, e na que descansaba uns días reparadores do meu corpo esgotado pola vida de Madrid. Ao meu espírito, carregado de ambiente cibdabán, compríalle aquela folganza campesía. A casa era a millor do lugar e era día da *parrea* no que todol-os labregos da parroquia traballaban de balde, por ser un costume moi vello na bisbarra. Os donos non tiñan máis obriga que darlles xantar farturento e viño de abondo.

Erguinme do leito e pasei á sá de xantar onde tiña disposto o almorzo: unha cunca de leite escumoso e un trancón de pan de millo. Máis que comer, engulín aquelas mantenzas xa case que esquencidas pra min. Unha labarada saúdabel invadeu o meu ser e córou a miña faciana, pálida coma a de todol-os que viven nas grandes cibdades.

Cheo de optimismo asomeime á fiestra que daba ao frente. O tempo estaba choroso e a paisaxe recollíase nunha cór cinza. A outra banda da estrada que pasaba por diante do pazo estendíase o herbal, matizado polo verdemol da nosa paisaxe campesía. A choiva miúda caía nel e as súas pinguiñas cintilaban na herba. Un regato silandeiro arrastraba as súas augas pola metade do prado. Dúas fias de maceiras abrian unha calzada a unha banda do lameiro. Un rapaz apacentaba as vacas, asubiando unha cantarena.

Diante da fiestra víase un magnolio tristeiro e encolleito coma unha abó centearia. Orballo mañanceiro, figurando man de nai, agarimaba a súa fronde. Un enxame de paxariños, vencidos polos rigores da estación, agachábase nas súas ponlas. A miúdo er-

guíanse e sacudían as ás con movemento nervoso. As vegadas, un paxariño resolto brincaba ao chan, peteiraba con noxo na herba, voltaba á ponla, botaba un pii! lastimeiro, sacudía a prumaxe e agachábase de novo á veira dos seus compañeiros.

Limitaban o hourizonte uns montes cheos de piñeiros. Un vento mol arrolabaos. O seu rumor queixoso contiña as cadencias dunha triste sinfonía.

Un carro de bois baixaba pola estrada acompañado por un asubío melodioso. Os bois de ollos tenros e lombos xuntos, empuxábanse un ao outro, dandolle ao carro un balanceamento retardado.

A unha banda do carro camiñaba o carreteiro. Ia corbeto c'unha capa de xuncos. Tiña a cara pinta das vixigas e os seus dentes semellaban un queixo roído polos ratos. Coa aguillada a xeito de báculo lembrábame a un miragreiro San Bieito comido do caruncho, que venérase no meu pobo. Por treitos apuraba coa aguillada ao marelo e ao bermello, e adubaba esta acción c'unhas verbas por onde lle fuxían as semellanzas co santo miragreiro. Deixou a estrada e perdeuse por unha corredeira c'unha saudosa melodía, na que se misturaban as súas verbas, o asubío do carro e o rumor tristeiro dos piñeiraes.

Correndo pola estrada viña unha muller c'unha patela chea de peixes. Levaba as pernas descubertas e a saía recollíaselle no van formando unha rodela. Sen deixal-a súa carreira entrou no casal.

—¡Señorita, traio sardiñas do xeito e xurelos da rapeta!, berrou con voz cantareira.

—¡Rube, Manoeliña!, respondeulle garimosa a dona do meu parente.

Ao pouco tempo saía a peixeira con pata-

cas, repolos e algúns peixes na patela. Volveu a correr camiño dunha parroquia, que ficaba perto, a vendel-o resto dos peixes que o seu mariñeiro, en loita xigante co mar bravo, pescaba pola noite.

O silencio volveu a reinar. Unha fonda malenconía apoderouse de min. Non sei canto tempo estiven asomado á fiestra. Un sentimento de amor e piedade cobreu a miña vida e unha estrana armoñía facíame inseparabel daquela paisaxe. Sentínme aprisionado pola dor racial. ¡A miña i-alma recibeu a grandeza da nosa Terra!

Meu parente sacoume do ensoño. Díxome que a xente da *parrea* estaba xantando e que fósemos cabo deles, pois desexaban verme. A conversa co'el repuxo os meus azos deprimidos e recobrei a miña expresión saudabel. Eu ¡que díaño! —coidei daquela— non era un cursi sentimental, pra deixarme dominar por un ceio sin sol, catro vacas a pacer e un carreteiro de contianza miserabel. Dispois de todo, de alí a pouco saía pra Madride, onde me agardaabn unha moza «chamberileira» e ledizas sen conto. ¡Coitado! En Madride agardábanme as meirandes amarguras da miña vida.

Entramos onde xantaba a xente e unha troula terribel acolleu a miña presenza. Comenzaban a daren conta do bacallau con patacas, regado con viño da terra.

Un home, vendo a miña satisfeita expresión, díxome bulreiro:

—¡Ah, señorito, xa verá cando cheguen as mozas; daquela vaise a pór a cousa boa!

—¡Boh!, respondinlle pesimista, aínda que non viñeran as mozas non se perdía ren. ¡As mulleres non sirven máis que pra facernos perdel-a cabeza!, recalquei sentenciado.

Nunha gargallada xéral, con bafos alcoólicos, celebrou a miña saída. Mais o aldeán con quen contendía, respondeume antre ademirado e malicioso:

—¡Non diga eso, señorito; unha muller sempre é un «regocillo» pra un home!

Debruzouse encol dunha cunca de caldo quente que tiña dediante. Trasfegou o caldo do prato e na cunca fumegante escanzou viño dourado da louvanza virxiliana. Aprei-

xou a cunca coas palmas das mans e erguéuna ao xeito orxiástico. Os seus ollos adequiriron un cintilo afrodisíaco e a súa expresión deseñou unha surrisa da máis lexítima picaresca.

Senteime a xantar cos meus parentes. Entrou a sirventa c'unha tarteira de barro a fumegar. Era unha moza da aldeia. Vestía saia azul e chambra branca cos puños e mail-o colo enfeitados con encaixe negro. Un manteliño branco arranxaba a súa figura desagradabel por natureza. Estaba moi grossa. Abría e pechaba a cada intre uns ollos miúdiños que lle daban unha vivacidade nervosa á súa faciana. Os cabelos tiñaos tesos, por máis esforzos que fixera o pieite pra dominalos. Esta coitada muller tiña cara de teixugo, corpo de vaca e a mentalidade dun pardal. Emporiso movíase coa discreción da máis vella servidume. Nnha vegada que tivo que pasar un brazo por diante da miña cara, pra recoller unha fonte, espetóume un «con permiso», que na actualidade fai que me lembre dela a miúdo.

As sardiñas e as patacas nadaban no aceite, fortemente córado de bermello, e unhas follas de loureiro boiaban no mollo. O pan de millo apañabao coas esquisiteces da decantada cociña francesa.

O xantar adiquireu o xeito rabelasián. A mesa cobreuse de fontes: unha con patacas e chourizos; outra con nabizas e touciño; a terceira coas costelas e os raxos dunha vitela; outra máis, cun capón dino do xantar dun arcipreste. Diante desta fartura, pensei caritativamente no «cocido a la madrileña».

Cando estábamos nos postres, fixo a súa entrada unha moza «aseñoritada» de admirabel beleza. Entrou paseniño e o seu corpo ao camiñar, tiña as languideces estéticas dunha melodía de Weber. Un sopro espiritual percorreu o meu corpo cheo de viño e de graxa.

O meu parente fixo as presentacións. Era sobriña do crego e aquel ano rematara a carreira de mestra de escola. Decateime entón porque vestía traxe negro. As «sobriñas» dos cregos todas visten de loito pola memoria dos seus pais, eses persoaxes etéreos, dos

que non teñen máis que noticias imprecisas e ningunha lembranza física. Mais, a min non me interesaba daquela moza esa circunstancia desgrazada. Que o resolvera a Eigrexia polo prestixio dos seus ministros!

Empuxado polo instinto e o sentimento, inviteina a dar un paseo pola horta. Non me respondeu, mais, polo xogo ferinte dos seus ollos e unha surrisa de inxel coquetería, fíxome decatar de que eso era o que ela arelaba.

Leveina pola calzada de maceiras cara o piñeiral, en procura dun curruncho onde eu poidera pór en xogo o engado da miña persoalidade. Dispois de darmos moitas voltas atopei o sitio que eu cobizaba. Ao pé dun piñeiro había unha fonte cristaiña que deitaba as súas augas fecundas por entre as leiras, entoando un canto á vida creadora.

Sentámonos a carón da fonte. A súa fermosura íase metendo no meu atormentado corazón, coberto de soños románticos; en troques, o instinto arelaba que unha fera carniceira aparecera, pra matala e cair cheo de sangue aos pés da miña dona: as súas mans curándome as feridas terían o miragre da vella maxia. ¡Que lonxe están estes soños! Agora, o amor perdeu subrimidade e unha fisioloxía desencantadora preside as súas manifestacións.

Quixen probar a súa sensibilidade e preguntille que lle dicían aquelas augas brincadeiras da fonte arxentina. ¡Nunca tal fixera! Botou o corpo pra atrás, virou a cara ao ceo, pechou os ollos e adequirindo a pose dunha coñecida e detestabel recitadora sudamericana, decramou con desleixo:

*Era un jardín sonriente;
era una tranquila fuente
de cristal...*


Dei un pulo e comencei a berrar coma un tolo: ¡Un coello! ¡velahí vai o coello! Ela ergueuse espaventada pola miña violencia e chegouse a min con medo nos ollos. Mais, eu, conquerín o que quería. ¡Deus me vala! Dóime do que teña que escoitar esta parvada poética con toda a cursileiría que lle imprime unha escolanta.

Cando estaba reposta á miña veira sentíme de novo arreboado pola súa expresión anxelical. Non tiven pacencia, subxugado pola fermosura daquela moza, e decidín atacala. Arremuiñábanseme nos miolos a escea, candorosamente ridícula, de Don Xoán e a noviza, e a ordinaria galanura de Clark Gable. Xa se me esqueceu o que lle dixen rozando cos meus beizos o seu ouvido. Somentemente lembro que ela deu un paso atrás, facendo unha admirabel figura de minué, e envolvendo a súa cara coas mans, díxome non castelán recortado das *modistillas* da Cruña:

—¡Ay, que pavero es *ustez!*

Calei, desespranzado pola falla de comprensión da miña sinceridade. A serán espallaba o seu relanzo. Era antre lusco e fusco e o vento Leste cobría a terra mollada cunha mortaxa de follas secas. Había despexado o ceo. O sol esmorecera con tonalidades roxas. A cór marela outoniza matizaba a nosa inesquencibel campía. O *paspallás* cantaba no piñeiral e un melro bebía no regato. Ao lonxe, os homes da *parrea* abandoaban a faena e camiñaban cara o casal cos corpos cangados de traballo e de inxustizas. Comenzou a doerme a i-alma. ¡Era o miragre de amor á Terra!

Deixei a rapaza na porta da súa casa e voltei ao Casal. ¡Agora teño saudades daquela serán e láioime da virtude das *señoritas da aldeia!*



POETAS VELLÓS



*Cuidei sobir en alteza
Por cobrar mayor estado,
E caín en tal pobreza
Que moiro desamparado
Con pesar e con deseio
O que eu sei ben e veio:
Quando o louco cree mais alto
Sobir, prende maior salto.*

*Pero que provei sandece
Por que me deu a pesar,
Miña locura assi crece
Que moiro por én torvar;
Pero mais non a verei
Se non ver e deseiar,
E por én assi direi:
Quen en carcer sol viver
En carcer se vai morrer.*

*Miña ventura en demanda
Me pose atán dultada
Que meu corazon me manda
Que seia sempre negada;
Pero mais non saberán
De miña coita lazdrada,
E por én assi dirán:
Can raviOSO é cousa brava
De su señor que se trava.*

*Cativo, da miña tristura
Xá todos prenden espanto,
E preguntan qué ventura
Foi que me tormenta tanto.
Mais non sei no mundo amigo
Que mais de meu gran quebranto
Diga desto que vos digo:
Quen ben sé nunca devia
Al pensar, que faz folia.*

MACÍAS O NAMORADO
(Século XIII)

INQUEDANZAS

*Follas secas, follas murchas,
follas aínda que follas
na redemuña das loitas
caen xuntas caen soias.*

*Feridas do tempo morto
ou da inxente treboada
prantas que donaron froito
do esquecemento guindadas.*

*Vou recollendo unhas follas
nas alforxas da lembranza
atópoas todas tan soias
que me firen de inquedanza.*

*Vóan danguria no vento
de cote a revoltexar
fuxen ao lombo do tempo
e pérdense no oco do ár.*

*Primadeira vida nova
ferve nos pulos da terra,
no outono ábrese a cova
finda a vida e volta a éla.*

*A albre da natureza
troca de froito a cotío
xamais lle xanta a preguiza
fía que fía no fio.*

*Fío vello fio novo
fío de totalas cores
o vento mociño tolo
bica que bica nas froles.*

*Froles brancas, froles roxas,
froles da cór dos amores
o vento deixounas murchas
e rouboulle as súas cores.*

*Roseira da vida nova
abalada polo vento
intre que nos tempos vóa
e fica no esquecemento.*

*Ca boca aberta do tempo
anda a rir a eternidade
sega que sega no froito
da leira da humanidade.*

XOHAN GARCIA GOMEZ
(México, 1942)



FONTES E FORXAS DA FALA

As bodas do piollo e mais-a pulga

*O Piollo i-a Pulga
quérense casar,
por falla de pan
non poden mallar.*

*Saléu a Formiga
debaixo do chán:
—¡Fágans'as bodas,
qu'eu darei o pan!
—Agora pan
xa o temos;
¡viño de mi vida
ond'o atoparemos!*

*Saleu o Mosquito
de so o lagar:
—¡Traed'os pelexos
e vídeo a buscar!
—Agora viño
xa o temos;
¡vaca de mi vida
ond'a toparemos!*

*Saleu o Lobo
da súa buraca:
—¡Fágans'as bodas,
qu'eu darei a vaca!
—Agora vaca
xa o temos;
¡gaitero de mi vida
ond'o atoparemos!*

*Saleu o Galo
co seu ranqueiro:
—¡Fágans'as bodas*

*qu'eu serei gaitero!
—Agora gaitero
xa o temos;
¡tamborileiro de mi vida
ond'o atoparemos!*

*Saleu o Gato
de so o corredor:
—Fágans'as bodas
qu'eu serei tambor!
—Agora tambor
xa o temos;
¡padriño de mi vida
ond'o atoparemos!*

*Saleu o Rato
do seu buratiño:
—¡Fágans'as bodas,
qu'eu serei padriño!
—Agora padriño
xa o temos;
¡madríña de mi vida
ond'a toparemos!*

*Saleu a Rata,
coa súa mantilla:
—Fágans'as bodas
qu'eu serei madríña!
.....*

*¡O Piollo i-a Pulga
non poden casar,
porqu'o tambor
pillóu ao padriño
e váino almorzar!*

CANZONS DE MARIÑEIRO

Vals de acordeóns

A raiz do toxo verde
é moi mala de arrincar,
os amoríños primeiros
son moi malos d-olvidar.

Ven, ven, ven,
ven e verás;
os amoríños primeiros
son moi malos d-olvidar.

Nas ondas do teu cabelo
quixeram-eu afogar,
para que o mundo soupese
que hai mais ondas que as do mar.
Ven, ven, ven, etc.

Unha vez caín no río,
outra vez caín no mar.
caín nos teus brazos nena,
non me puider levantar.
Ven, ven, ven, etc.

Miña nena moreniña,
que altiña se foi a por;
dalle o sol e dalle o vento,
dalle o mar por arredor.
Ven, ven, ven, etc.

Pandeirada de Ons

Dame lume Sara co teu candieiro,
dame lume Sara que son mariñeiro;
si eres mariñeiro tira co candil,
que a luz dos meus ollos abonda pra tí.

Ven bailar Sariña, Sariña, Sarela,
co zapato baixo e a meia de seda,
co-a meia de seda e a faldrá encarnada
ven bailar Sariña connigo na praia.
Dame lume Sara, etc.

Unha noite noite, noitiña de lúa,
dende a miña casa mirei para a túa,
dende a miña casa mireiche tan branca
que xa non te esquezo xamais miña Sara.
Dame lume Sara, etc.

Ven bailar amante, ven bailar amor,
ven bailar infanta do meu corazón,
baila que te baila temos de bailar
no abrente do sol e na luz do luar.
Dame lume Sara, etc.

Mariñada de Esteiro

Indo polo mar abaixo
o aire rifoume a vela,
Nosa Seora da Creba
diume o pano para ela.

Teño de casar en Louro
en Louro cunha louríña,
Nosa Seora de Louro
ten de ser miña madriña.

Miña nai non me caseades
nese portiño do Son,
que están os demos metidos
nas cobas de Fonferrón.

A aldeíña de Obre
de lonxe parece vila,
ten un caravel na entrada
e unha rosa na saída.

Ai adeus Pontenafonso
non sei que te acabará,
trinta anos me levaches,
frol da miña mocedá.

Ruada de Noia

Pasei a Ponte de Noia
paséina de pedra en pedra,
e co-as bágaos dos meus ollos
fixen encher a mareia.

Ven acá

que che quero dar a man,
que me quero despedir,
porque me marchou mañán.

Ponte de Trabas non caias
déixate estar dereitiña
que por aquí ha de pasar
a muller que ha de ser miña.

Ven acá, etc.

Non te cases con ferreiro
que é moi malo de lavar,
cásate con mariñeiro
que ven lavado do mar.

Ven acá, etc.

O Carballo da Chainza
ten a folla revirada
que ll-a revirou o vento
nunha mañán de xiada.

Ven acá, etc.

Mariñada de Rianxo

Ai Pepiño adios,
ai Pepiño adios,
ai Pepiño por Dios, non te vaias,
quédate con nós,
quédate con nós,
non te vaias afogar na praia.

Sálvora, ai San Vicente!

Sálvora, adios Mourente!

Sálvora boca da ría

xa entraron as dornas en Vilagarcía.

Ai Pepiño adios, etc.

Sálvora, vento norteiro!

Sálvora meu compañeiro!

Sálvora, vento ventiño!

xa están as rapazas na punta de Aguiño.

Ai Pepiño adios, etc.

Sopra ventiño e asubía

lévame fora da ría;

Sálvora, ai San Vicente!

que as nenas banitas están en Mourente.

Ai Pepiño adios, etc.

Alalá de Vilagarcía

Ao pasar as illas de Ons
acordácheme meniña;
despois das illas pasadas
foi como si non che vira.

Polo mar abaixo vai — unha troita de pé,
corre que te corre — quén a poidera coller,
quen a poidera coller — quen a poidera pillar,
polo mar abaixo vai unha troita a nadar.

O vento que che levou
meñina para Marín,
o vento que che levou
púdome levar a min.

Polo mar abaixo vai, etc.

O home que ha de ser home
ha de ter a man lixeira,
ha de coller a rosiña
sin abalar a roseira.

Polo mar abaixo vai, etc.

Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas no mar,
teño unha nena bonita,
pra que quero traballar.

Polo mar abaixo vai, etc.

Ruada de Estribela

Terra fría non dá pan,
as mociñas da ribeira
na montana non se afán.

Estreña do luceiro,
quen ten amores non durme
si non o sono primeiro.

Veña o pandeiro a ruar,
que estas son as mazarocas
que hoxe teño de fiar.

Lanchiña que vas en vela:
leva panos e refaixos
pra as mociñas de Estribela.

CANTIGAS PRA BAILAR

Canto dos maios

Ehí ven o maio
galán e frofido;
pola lúa cheia
naceu pequeniño.

Ehí ven o maio
frolido e galán.
Todalas rapazas
amores lle dan.

O maio bribleiro
que rico que ven:
din que trai as froles,
din que trai a mel.

Din que trai as herbas
para namorar,
e o caravel roxo
da veira do mar.

Roda de nenos

Urí, urí, urí,
ven polo rio, ven polo río,
urí, urí, urí,
ven polo rio meu amor.

Xa se foi a neve,
xa rompeu o sol
pra cantarvos nenas
vimos todos nós.

Urí, urí, urí, etc.

Lanchiñas en vela
fulxen no resol,
cantai, cantai todos
que o inverno se foi.

Urí, urí, urí, etc.

Frolecen os arbres,
renacen as froles,
neste rechouchio
de cen reiseñols.

Urí, urí, urí, etc.

Canta que te canta
vimos a cantar
a canzon belida
de vos relembrar.

Urí, urí, urí, etc.

Bailado de mozas

Eu namorar namorar namoreime,
enamorisqueime na beira do mar.
Eu namorar namorar namoreime
e xa non me podó desennamorar.

Eu teño un canciño, bunito abofé,
que baila a muiñeira na punta dun pé;
na punta dun pé por toda a serán
eu teño un canciño que baila na man.

Ai Maruxiña non vaias a herba
que ven o ventiño e toda ch'a leva,
e toda ch'a leva e lévacha toda,
ai Maruxiña non me sexas tola.

Eu teño unha rosa rosiña xentil
que se me parece moitísimo a ti;
unha vez que louco lle puxen a man
a rosa murchouse, tal é de levián.

Bailado de mozos

Esí fai o que ben baila,
esí fai o bailador;
unha volta polo meio
e outra polo arrededor.

Unha volta polo meio
co cheleque i-o calzón,
coa monteira e a aguillada
e nos beizos unha frol.

Unha volta en puntos longos
dada toda no arredor,
cun lóstrego nas olladas
relocintes de arrebol.

Esí fai o que ben baila,
esí fai o meu amor
denantes de dar os puntos
para bailar o meu son.

Baile con són de muiñeira

E quer que lle quer, e quer que lle quer,
e quer que lle quer que lle faga uns zapatos,
e quer que lle quer, e quer que lle quer,
e quer que lle quer, que lle saian ben goapos
ai Xesús! que demo de nena,
ai Xesús! as cousas que tén;
agora que xa teño os zapatos féitos
quer que lle poñan os lazos tamén.

E quer que lle quer, e quer que lle quer,
quer que lle quer que lle faga un refaixo,
e quer que lle quer, e quer que lle quer,
e quer que lle quer que llo faga ben baixo.
Ai Xesús! que demo de nena,
ai Xesús! as cousas que tén;
agora que xa lle fixen a faldra
quer que lle poñan o dengue tamén.

E quer que lle quer, a quer que lle quer,
e quer que lle quer que lle faga unhas meias,
e quer que lle quer, e quer que lle quer,
e quer que lle quer que llas faga ben negras;
ai Xesús! que demo de nena,
ai Xesús! as cousas que tén;
agora que teño feitas as meias
quer que lle poñan as ligas tamén.

Danza das pandeiradas de Nebra


Prende salgueiriño prende,
prende na fonte sereia,
tamén os meus ollos prenden
nas olladas dunha nena.

Estreliña do luceiro
a da moita craridá,
váise o día ven a noite,
váise a nosa mocedá.

O carballo que é pequeno
tamén da pequena sombra,
a meniña que é pequena
pouquiña dote lle abonda.

Dame de beber ribeiro
ribeiro de Ribadavia,
dame de beber ribeiro,
ribeiro de tua labia.

Aluméame alumea
estreliña da fartura,
aluméame alumea
namentras non sai a lúa.



ADIVIÑANZAS

A que non sabes o que é, que é,
cen zarafolliñas i-un pé.

(Cogordo.)

A que non sabes o que é, que é,
canto mais lle quitan maor é.

(Buraco, pozo.)

A que non sabes o que é, que é,
o pai podre i-o fillo por nacer
non é Dios i-agarda ser.

(Grau de trigo.)

Unha cousiña cousa,
longa coma unha cobra
ten dentes coma unha loba.

(Silva.)

Unha cousiña cousa,
que nasce no monte
e no monte se cría,
e da mais choros que alegrías.

(Cadaleito.)

Unha cousiña cousa,
que nasce no monte
e no monte se cría,
e chega a casa pra cachear as esquinas.

(Basoira.)

Unha cousiña cousa,
que nasce no monte
e no monte se cría,
e vai bailar coas señoritas a vila.

(Castañolas.)

Unha señorita moi enseñoritada,
chea de remendos e ningunha puntada.

(Galiña.)

Unha señorita moi enseñoritada,
sempre no coche e sempre mollada.

(Língua.)

Unha vella arrugadiña
e no seo unha tranquiña.

(Uva pasa.)

Un peperete moi emeperetado,
nin cocido nin asado
nin remexido con culler.
Non-o saberás iste ano
nin pr-o ano que viñer,
sinón se algún ch-o dixer.

(Noz.)

Pol-o día escadas,
pola noite aguilladas.

(Cordón do xustillo.)

Imos a cama, imos durmir,
pelo con pelo
i-o que rebule no meio.

(Ollo e pestanas.)

Outo me vexo, ladrón vexo vir,
do meu carrapuchiño
non podó fuxir.

(Castaña no ourizo.)

Outo pepino, redondo molete,
que chova, que neve
nunca se derrete.

(Lúa.)

A carne da muller é dura,
mais dura é quen-a fura.
Métese o duro no mol,
e queda abaneando o piringol.

(Pendiente na orella.)

Puntas pra diante, ollos pra trás
matina cachola que non certarás.

(Tixeiras.)

Puntas pra diante, ollos pra trás,
burrosontixeiras, ¿non atinarás?

(Tixeiras.)

Catro na lama
catro na cama,
dous que lle apuntan
i-un que lle azana.

(Vaca.)

Catro roda montes,
catro cicha-fontes,
dous tusturustús,
i-un dalle-dalle.

(Vaca.)

Catro peta-peta,
catro muxe-muxe,
dous fura-fura,
i-un dalle-dalle.

(Vaca.)

Sobre piño liño,
enriba do liño frores,
i-arredor os meus amores.

(Xantando na mesa.)

Cabalo branco
estendido no campo,
cabalo non é
e ten pexa no pé.

(Meada e costal.)

Zuncurrundullo andaba na festa:
no meio inchaba,
no rabo roncaba,
tiña orellas e zangoneaba.

(Gaita.)

Chamei por il e veu,
meteu o d-il no meu
eisí que tal íao sacar
e díxenlle: deixao estar,
inda non pingou i-a de pingar.

(Tendeiro, embudo, alcuza e aceite.)

De paus cordas, de cordas carabés,
e de carabés cascabés.

(Cabaceira.)

Barbuzán entrou por portas
con trescentas follas postas,
trescentas follas i-on ramo,
n-adiñarás este ano,
nin tampouco pr-o que vén,
agás que ch-o diga alguén.

(Galo.)

Unha señora, deitada nun prado,
vestida de pano labrado;
nin era pano nin era seda,
i-o que a veí pasmado se queda.

(Cobra.)

Moi outo me vexo no meu lugarexo,
por unha risada perdín miña anada.

(Ourizo.)

Todo conde, todo conde,
agás o mar que non pode.

(A neve.)

Campo branco e semente negra,
cinco boiciños turran dunha chavella.

(O papel e pluma escribindo.)

Campo branco, semente negra,
cinco bois e unha chavella.

(Variante da anterior.)

GASOLINA

Manuel Mazoy

MINA Y ALDAMA

Teléfono : Ericsson 13-12-43

M
A
Z
O
Y

SERVICIO

Ramón Mazoy

DURANGO Y VERACRUZ

Teléfono : Ericsson 18-76-85

**M A T E R N I D A D
E S P A Ñ O L A**

Dr. Márquez
da Universidade de Santiago de Compostela

Córdoba, 123

Tel. Eric. 14-24-69

**CABLES DE ACERO
MAQUINARIA Y REACCIONES**

**PROVEEDORA
INTERNACIONAL
S. A.**

Artes, 13

Tels. 18-32-32 y J-66-99

CAFÉ VENECIA

Exquisito café exprés

Xeados finos

Avenida 16 de Septiembre, 18

Eric. 12-19-77

Mex. L-93-10

Mueblería EL PUERTO DE VIGO

A millor calidade e os millores prezos

F. I. Madero, 1

Tel. 3-89

PACHUCA, Hgo.

ANTON Y TESTAS

EXPRESO 'IBERIA'

Encomiendas a España

□

Seguridade nos envíos - Con acuse de recibo

□

Axente Xeral en México, D. F.: **M. LOPEZ**

Uruguay, 21-1 - Teléfono 12-50-23

Habanero marca FLOR

entre todos o mellor

Pedidos a LA ECONOMICA, S. A.

Alhóndiga, 12

Tels.: 13-34-99 y J-98-75

Exportación a todos los países

**M U E B L E R I A
LA GRAN BRETAÑA**

Muebles de todas las clases aos millores prezos

Radios ADMIRAL

Hidalgo, 26

Tel. Eric. 10-73

PACHUCA, Hgo.

FARMACIA «LILY»

Completo surtido en medicamentos de patente


Perfumeria e artigos de tocador

Escrupulosidade nás recetas

Servicio a domicilio

Insurgentes, 367, esquina Michoacán


Teléfono 14-21-59



50 CTVOS.

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



SUMARIO

ROBERTO NOVOA SANTOS: Páxinas póstumas. XERARDO ALVA-
REZ GALLEGO: Treitos de un ensaio en col da Psicopatoloxía do emi-
grante. XESUS DOPICO: Encol da música popular galega MARCIAL
FERNANDEZ: Valores galegos no desterro, ARTURO SOUTO. MA-
NOEL PORTEIRO VIÑA: Os ciclos económicos.—POESIA: Valente
saíu, por **R. Rodríguez de Bretaña**. Hóxe foise... por **Chita Lamas de
Illa Couto**. FOLKLORE: A festa dos mayos e refraneiro.—NOTAS.—
Deseños de ARTURO SOUTO, ZARZALEJO e ILLA.

MEXICO

III

MAYO 1943.

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS
EDITADO PÓLA IRMANDADE GALEGUISTA E O GRUPO SAUDADE

Editor responsable: R. Illa Couto.

Artes 100. Desp. 22.

NUMERO 3

MEXICO, D. F.

MAYO — 1943.

Solicitado el registro legal en la Administración.

REDACION

Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, R. Illa Couto, R. Cabanillas Alvarez.

COLABORADORES

Antonio Alonso Ríos, Xerardo Alvarez Gallego, Xosé Bal y Gay, Eduardo Blanco Amor, Bleito Búa, Rafael Cardona, CASTELAO, Manoel Colmeiro, Marcial Fernández, Xohán García, Sebastián González G. Paz, Chiia Lamea de L. Couto, Xohán López Durá, Ramón Martínez López, Emilio Pita, Manoel Porteiro Viña, Ramón Rey Baltar, Roberto Rodríguez de Bretaña, Lois Seoane, Arturo Souto, Uxío Souto, Ramón Suárez Picallo, Lois Tobío, Adolfo Vázquez Humasqué.

Administración e publicidade

Andrés Valín Salvador

—oOo—

De todol-os elementos que fan que Galiza sexa unha unidade cultural: lingua, arte, espírito, o primeiro é o de moizande importancia.

O idioma é a proba mais concluínto da personalidade dun pobo, é, coma di Fichte, a sinal da nacionalidade; e xa nos comezos do século XVIII, Leibnitz afirmou que os mapas dan a coñecer os límites dos estados, pero non das nacións que xurden pola armonía das linguas.

Nos coñecemos que o idioma galego é o noso maior espírito pola sua nobre presenza, a mesma das outras linguas romances da península pola sua flexibilidade e doza e polo seu desenvolto literario, que deu o mundo obras da outa calidade dos cancioneros, e que se ve prolongado na actualidade e nas literaturas irmás de Portugal e do Brasil. Eis polo que temos o dereito e a obriga de cultivalo, pra ben de Galiza e de cultura universal.

O feito diferencial de Galiza e o valor do seu idioma coma instrumento de cultura foron recoñecidos pola mais grande entidade lingüística dos Estados Unidos, a MIDDLEBURY LANGUAGE ASSOCIATION OF AMERICA, con mais de cinco mil membros, ao crear dende fai mais de un ano a sección autónoma de LANGUAGE AND LITERATURE OF GALIZA, PORTUGAL AND BRAZIL, seguindo unha Orden histórica ao darlle o nome a mesma.

E esta unha nova que nos enche de ledicia e que coñecemos será tamén grata aos lectores de "SAUDADE".

"Brigancia" e "La Bolsa del Motor"

Compra e venda de maquinaria. Motores eléctricos, de gasolina, tractolina, e Diesel. Bombas e maquinaria en xeral. Os millores prezos coa meirande garantía.

Iturbide, 31 e 36 México, D. F. Tel. L 3914

CAFE VENEZIA

Ezquisito café exprés

Xeados finos

16 de Septiembre, 18

Eric 12-19-77 Mex. L-93-10

CLUB DURANGO

Onde se reune a xente bèn



RESTAURANT ALCAZAR

Onde millor se come Viños léximos das millores marcas

Constitución 118 Durango, Dgo.

Comisiones

HIDALGO 37

**R
A
C
A**

Representaciones

TEL. ERIC. 1006

Pachuca, Hgo.

Cables de Aceiro
Maquinaria e refaccions
HIS-MEX. S. de R. L.
ANTES 13-APARTADO POSTAL 656
MEXICANA J-66-99
MEXICO D. F. ERICSSON 18-32-32

GASOLINA

Manuel Mazoy
MINA Y ALDAMA
Teléfono: Ericsson 13-12-43

Pra comer ven Casa
Xaquín Piñeiro
Turin y Versalles
Mexico, D. F. Tel. Mex. J-66-27

Muebleria El Puerto de Vigo

A millor calidade e os millores prezos
F. I. Madero, 1 Tel. 3-88 Fachuca, Hgo.

Anton y Testas

EXPRESO "IBERIA"

Encomiendas a España

Seguridade nos envíos - Con acuse de recibo
Axente Xeral en Méx., D. F. M. López
Uruguay, 21-1 - Teléfono 12-50-23

Habanero marca FLOR

entre todos o mellor

Pedidos a La Economica, S. A.
Alhóndiga, 12 Tels.: 13-34-99 y J-98-7₅
Exportación a todos los países

Almacenes "LA CASA GRIS"

DONCELES 46

Exposición de Muebles
Calidad y Precios
Eric. 13-29-52 México, D. F.

Cia. Quimica Anglo Mexicana S. de R. L.

Importadora y Distribidora de Productos Químicos y
Farmacéuticos

Gerente A. Cordero

Niza 67-A 14-64-14
México D. F. Eric. 28-83-41
Mex, L-75-60

Farmacia "Lily"

Completo surtido en medicamentos de
patente. Perfumería e artigos de toca-
dor. Escrupulosidade nās recetas
Servicio a domicilio.

Insurgente, 367, Esquina Michoacán Teléfono 14-21-59.

Páxinas Póstumas

Por Roberto Nóvoa Santos.

SEDE

Sede, sede, mais sede cada día. Tenteu caudal é tan grande como a miña sección matala na lembranza, mais o mesmo que ao que ten sede de auga a lembranza da, fonteliña non fai outra cousa que avival—a miña tortura. Coido aprexal—o vaso antre as miñas mans. Vaso valdeiro. A fonte está lonxe e non hai xeito de chegar deica ela. Por iso me atormenta mais a lembranza e si a memoria se nubrase a sede continuaría a abrasarme, mais, en troques, se non sumarían a ela as pesadumes de outrora.

¡Fonte lonxana! Fai que deite a i—auga, nun fío de cristal purísimo, ata os meus beizos. Esbolsa o teu caudal, e si o de de desespranza, ¡afógame! ¡Quixera morrer mergullado no teu amor!



EUCARISTIA

Xamais é dono un da persoa amada. Nada importan as promesas, nin mesmo a seguranza do intre de que é nosa por inteiro, pois sempre hai algunha cousa que nos é allea. Quixera sabela, facerme dono do seu sangue, arrincarlle a i—alma, e, nun acto de profana eucaristía, levala á boca, paladeala e transubstanciala no canle do meu sangue. ¿Por ventura non é así como o crénate mete a Deus no seu corpo, inxerindo o disco de pan sagro?. Que o amado entre todo el no corpo do amante. Sagra e simbólica eucaristía esta, mais eu agora coido que pra tere a miña deusa dentro de min, en min mesmo, formando unha cousa indivisa, tería de inventarse unha nova eucaristía.

E coma isto é unha teima imposibel; eis polo que me magoa a idea de que non podemos pertencernos absolutamente e pra sempre.

OUTRO DIA

Novas curtas, sen emoción algunha. Unha viaxe a un pobo tallado en pedra de grá. No ár, húmido de cote, daquel santo pobo, aspirei un recendo vido de lonxe, de moi lonxe, da outra banda do mar. Era o recendo de unha muller iñorada; iñorada mais presentida. E nesa mesma urbe, queda valdeira, ateigada de lembranzas miñas, trepou ela as suas lousas e aspirou o seu ár. ¿Sentiríame a min, a min, que a sinto en todas das partes?

Despidámonos. Siga cada un o seu camiño.

ORACION

Salve, deusa e muller. Pregúntoche a que pode aspirar unha criatura transida de amor. ¿Aos alumiños dos beixos e das mans e dos ollos? A sere penetrada polo teu espírito e a vivire de cote agarimada antre os seus pregues?. Moi outo está o espírito e non hai maneira de chegar a el. E tan sutil, tan esbaradizo, que os meus dedos non poden apreixalo, nin os meus beizos solbello. Os deuses son inacesos e ti, deusa dos meus soños, és coma eles, coma tamén é o noso espírito. . . . Pro eu, mais que á muller, esculco en tí o que a muller ten de deusa. Certo estou de non achalo, e pregunto agora: ¿quén me consolará deste valdeiro? Non hai voz algunha que fale ao meu corazón, porque a voz da muller non é a melodía que eu agardo.

Oración de cotío. Muller e deusa. ¿Chegará este prego deica o outo?.

A PARTIDA

Día da partida. A cada segundo, a cada sigma a fluir é meirande o espazo que nos alonxa. Cara o mar vai a deusa e eu fico eiqui onde hai cousas que ela tocou coas súas mans, síntome transportado na mesma dirección que a virxeñiña. Engaiolado o meu corpo, mais coa miña lelicia a voar en procura dela e a meterse no mesmo aposento en que ela se recolle. Vou cabo dela, xalado, suspenso. Sinto a súa presenza, mais non a vexo. ¿Sobre que paisaxe estarán ollos arestora? ¿Con qué fala? ¿Onde se apoian as súas mans? ¿Que pensamento prende na súa i—alma? hai un suplicio nestes interrogantes.

Roteiros distintos. O fado fixo que nos atopáramos, e a mesma forza do azar nos espalla. ¿Voltará a xuntarnos en algures?. Só esta posibilidade é salvadora.

Corre, fuxe cara o mar; mais o meu pensamento é mais veloz que a máquina vai a súa veira e adiantándose a ela. Neste silencio e nesta brétema na que fico mergullado, rube aos meus beizos esta arela:

¿Que non se faga agardar a súa volta!

A ESCURAS

Días e días sen nova algunha, ¡e xiquera puidese eu berrar moi outo pra que me ouvise!. Síntome coma perdido antre a neve, ou coma fundido nun recanto sen luz. Non me ouviría inda que berrase. Pregúntolle ao destiño porque estou condenado a viver na escuridade. Un risco, unha liña, daríame a impresión de que non estou perdido nunha terra deserta; unha pequena nova sería luz que alumcase o meu carreiro. ¿Nada chegou a mín!. Pregúntome se non sería definitivo este eclipse e, de non selo, ¿porque, daquela, deixou de alumcar tantos días o luceiro lonxano?

Tamén os ósós se amatan. ¡Fágase a vontade do fado!.

Roberto Nóvoa Santos, o primeiro dos biólogos galegos contemporáneos, nasceu na Cruña en 1885 e morreu en Sant-Iago en 1933 afogado por unha doencia tráxica, da que cecais estivo xurdindo esa fonte de sutís inquedanzas, pola vida e a morte, que

encheron a súa brillante actividade. Nestas páxinas póstumas, inéditas ata hoxe, a estrela íntima e segreda de certos pensamentos, desenrolados en libros (*La inmortalidad y los orígenes del sexo*, 1931), aparece a carón de matinacións poéticas, que revelan o home detrás do psicopatólogo.

Iste home, que contra a "vontade de vivir" pon a "vontade de morrer", revelación dun escuro instinto que aparece un día sereamente na limpa superficie (*El instinto de la muerte*, 1927). Iste home, tan da nosa terra, que ao matinar en col da saudade coidou que iste sentimento é a expresión mais fonda, limpa e indefinibel do instinto da morte, que culmina no anxeio de desfacerse e repousar pra sempre; porque cecais a separación da paisaxe, como un membro arrincado, enxendra o anxeio de voltar a él, según o único camiño posible, que é morrer (*La mujer, nuestro sexto sentido y otros esbozos*, 1928). Iste home que dixo, con senso profético, "si os heróis e xenios deixaron o seu rastro inmorreidoiro, ¿non se ollan a cotío os ronsels dos humildes? (*Physis y Psychis*, 1922).

Roberto Novoa Santos foi un de tantos pensadores galegos con rexá persoalidade dualística. Contra o médico, autor de traballos encoldo (*Tratamiento de la diabetes mellitus*, 1920), (*Diabetes espuria y diabetes genuina*, 1930), ou libros maxistrales, coñecidos en todo o mundo, coma o (*Manual de Patología* 1930-1931), está o fisiólogo, autor de novas e sorprendente teorías en (*Sistema linfático y sistema nervioso vegetativo*, 1919) y (*Estudios sobre la simetría funcional del sistema nervioso*, 1926). Mais, pra nos, o autor de (*El problema del mundo interior*, 1920) e de (*Cuerpo y espíritu*, 1930), é o mellor dos Novoa Santos. Aquil que soupo pensar en vida da morte, que "non é outra cousa —decía— que a fatiga derraideira que nos enche no intre de chegar o fin". "Vel-eiquí a máxima consolación que podemos ter: Ficar xuntos os nosos mortos mentres vivimos." Pensamento, ideia e sentimento, da terra lonxana, dos homes que caíron, que encherá a nosa vida deica, aquela felicísima fatiga final.

C. V.



Treitos De un Ensaio En Col a Psicopatoloxía Do Emigrante

Por Xerardo Alvarez Gallego

1o.—BIOLOXIA DA EMIGRACION

Tense dito, sen arrumbamento, que cobexada na hospitalidade ampria destas ceibes terras de América, vive, dende fai catro séculos, unha emigración galega de volume cásque igoa á que constitúe o censo de poboación de Galicia. O dito de que a meirande cidade de Galicia é Bos Aires... non é un dito. É unha realidade. En ningunha outra de Galicia acouganse, como ali, quíntos mil galegos.

O fenómeno migratorio de Galicia cara América, tivo espicadeiras de todo xeito: unhas, de procura material, de etiología pouco setil; outras, complicadas, neboentas, dadas a "vaga e amena literatura". Certo escritor, atribuíu o xorrar do cadal emigratorio, a unha "picadura andariega de la raza"; algúns, sinxelemente, a un problema de fame. Non fallan poetas que ollaron no azo emigrante certo herdo viaxeiro dos bieabós celtas, vencedores do "finis terrae" treboso.

En fin de contas: razón a que poden deberse a angueira vidal á falla de cobertos pra sentarse ao xantar da vida, de que falou aquil tonsurado filósofo do pesimismo que foi Malthus; a motivos que poden obedecer a reaccións psíquicas. Bioloxía, psicoloxía, e, cicais, patoloxía emigratoria. Iste ensaio pretende apuntar algúns síntomas da emigración.

2o. SUBRAIADO ADXETIVO

Que, non poucas veces, a corren-

teza emigratoria desbordouse por sinxelos subraídos adxetivos, non tén dúbidas. ¿Cantós galegos non salvaron isa tácita ponte do Atlántico-cun estribo en Galicia e outro en América—nada mais que porque denantes o fixera outro veciño, ou porque un parente ou un chegado ficaban ancorados xa na outra ribeira do carreiro innumerabel?

De súpeto calisquer Mañánciña, o mozo labrador ou mariñeiro resolvía largarse á Arxentina ou a Cuba, Uruguay, Brasil, México ou Portugal. Non foi raro, senon ben a cotío, que na emigración reincidíse o corto dunha vida. Décadas houbo, pola outra banda, nas que unha rede de axentes, en compango con caciques e usu-reiros, fixeron da disposición natural a emigrar un agosto criminal. Fora naquela data, aínda non moi lonxana, na que homes e mulleres viñan en greas. Nos peiraos galegos o espectáculo dun trasatlántico metendo, a centos, dentro da súa panza gris, os emigrantes, era tan cotian que ata isa anticipación da morte que adoitan seras —despedidas— "partir é morrer un pouco", dixo Verlaine—ficaba desmontada de toda "mise en scene". Nin saloucos, nin bágoas. Unha aperta... e deica América, que era xa un prolongar de Galicia.

Ao biolóxico pendor dito, engadíase un bezo calisquer—ás veces calisquer gallo— e a emigración xurdía. Denantes de entraren en quintas, os mozos do agro ou do mar de Galicia preferían tomar—o camiño azul das

Américas. Esta opción polo exilio, de-
nantes de atural—o coartel; iste dixé-
rase non agardar mais que pola eda-
de de poder ser prófugos pra toma-
ren o barco, non deixa de tér hoxe,
mais chocalleiramente que endexa-
mais, sequelas ridentes. Ao revir por
riba de Hespaña, con multiplicada
vesania, o despotismo carceleiro de
Fernando VII, ou do espadón sangui-
ñento Narvaez, moitos daqueles no-
mes de xenreira a marcal—o paso—
sistemática safa do coartel—adoran,
infideles á súa orixe, divorciados da
tradición emigrante, un militarismo
de vendima criminal pra todo pulo de
símple emoción civil, autonomista ou
liberal.

30.—RAZON DE FONDO

Rosalía de Castro, o millor lírico
ibérico do XIX, según testemuña de
casteláns tan intransixentes coma
Unamuno ou Azorín, consagrou un
“leif motiv” poético: a dór da vida ga-
lega. Pra aquil poeta en quen se fixo
abstrata a anguria da súa Terra:
pra que levou os tristes destiños do
pobo galego coma unha fonda mágoa
engaiolada no peito, a fame é a musa
da nosa emigración. En toda a súa
obra coléitanse exemplos. Abonden al-
gúns dereitos dos “Cantares Gallegos”
e de “Follas Novas”:

a):

**Foi a Pascoa enxoita;
choveu en San Xoán;
a Galicia a fame
logo chegará.**

**Con melancolía
miran para o mar
os que noutras terras
tén de buscar pan.**

b)

**Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo**

**i a manta da cama,
Vendéronlle o carro
i as mantas que tiña;
deixárono soio
coa roupa vestida.
Galicia está probe
i a Habana me vou...**

c)

Van a deixar a Patria...

**Forzoso, mais supremo sacrificio.
A miseria está negra en torno d-eles.**

¿Fame no agro ou no mar de Gali-
cia, creando a necesidade de emigrar?
Non! Galicia é unha terra potencial-
mente farta. No fondo do seu mar, no
ventre do seu sulco, garda prasoster a
todo!—os seus nacionás, que non che-
gan a catro millóns. E certo que o fo-
ro e o subforo, a anticresis e o censo
enfitéutiso, lepran o chan. E verdade
que o amor pagano do labrego á súa
leira cativa—moitas vegadas, como
tén dito Castelao, de tamaño dun pia-
no—determinan xeralmente por actos
“mortis causa”, minifundios caseque
microscópicos. E exacto que o policul-
tivo, froito dunha economía diversifi-
cada e caseira, tense devorado a posi-
bilidade dos grandes módulos de pro-
duceión unilateral.

Mais todos, en troque, son efectos
dunha causa común: a Histórica, o
castrador, o miserento asimilismo
hespañol, o centralismo meseteiro,
sempre coa teima da tripadora unifor-
mista sobor da fecunda variedade da
penínsua, especialmente da peculiari-
dade galega.

Si unha lexislación propia, dictada
“ad hoc”, tivese posta a Galicia a mi-
rarse pra dentro, co termo de referen-
cia no espello danés; si unha política
económica nacional tivese postulado a
fórmula cooperativa que fai un século

descubriu un fato de labregos de Rochale, a fartura en potencia de Galicia fai moitos anos que sería fartura en presenza. Ni—en Holanda, nin en Dinamarca con terse obrado moitos, alumearon aínda os miragres que a co operación campesiña froiteificaría en Galicia. Galicia é un verde anaco de maravela.

Nin tería de roubar o “polder ao mar, coma o labrego holandés, nin que trocar por inteiro a súa economía como na Dinamarca xiada. A receta cooperativa tería trocado a Galicia nun dos poucos paraísos que, ata Hitler, aínda existían na Europa. E o galego endexamáis houbera tido necesidade de emigrar.

40. GALERIA DE EMIGRANTES

Cacheando na Historia, topamos o arrinco da emigración galega a terras da América xa no mesmo século XVI. E aínda unha emigración solta, avulsa, numéricamente pouco importante, sen organización. Xentes galegas ventéllan se a un capitán con cobiza aventureira pra disfrutaren de achádegos do chan das Américas, ou son un fato enrolado a un misoneiro que vai a converter indios, ou á compaña dun negociante disposto xa a empregar certa complicación comercial. E unha emigración anónima. Somentemente algúns nomes, ao serlle libradás as súas licencias de viaxe, fican arquivados na Casa de Contratación de Sevilla ou aparecen embrullados, en condición de testemuñas, nos soados preitos tan de abondo no abrente da colonización das Américas.

Mais xa no século XVII, de Galicia arriba á América unha emigración que trai ceula de esgrevia. Son sabios varóns xurdidos da Universidad com-

postelán, que “escintila antre as máis famosas da Hespaña”, coma dí o Conde de Lemos. Veñen elexidos “por sus virtudes o letras” pra que “la Regencia de Obispados e de Audiencias de Indias sea acertada”, como escribiu o Conde de Andrade, aquil vástago, chamado Don Fernando, heredeiro de Pedro I de Castela.

No século XVIII, o cruce do Atlántico non é xa unha aventura illada, senon o súpeto babullicar de fogares inteiros. O Consello de Indias encarregou aos Gobernadores de provincia hespañola a escolma de cincuenta familias pra poboar o Montevideo fundado por Mauricio de Zavala. Desta escolleita das cincuenta máis doadas familias da Hespaña, veinticinco foron arrincadas de Galicia e outras vinticinco de Canarias, o cal exprica, aínda hoxe, a afluencia de galegos e canarios en toda a América.

Deica o século XIX, a emigración de Galicia é incirrada pra vir a Cuba. Enton a metrópoli utilizaos pra compor os “Tercios de Voluntarios”, que “eran muchos”, coma dí Cerbiño, e que foron tristeiramente nomeados en Cuba e groriosamente soados en Bos Aires, a cuio definitivo arredismo contribuíron, en loita contra os ingleses. Algún distes tercios, que tanto favoreceron a cultura american, descendía directamente daquil Estudo Vello de Fonseca, que creou o Bispo Don Alonso, e que, en 1600, figura nutrindo de “personas de letras a las naciones descubiertas”, según unha memoria do Reitor Don Alvaro Prado.

Homes da mente e homes de traballo: velahí os emigrantes galegos da América. Teoría de nomes que escomenza coa expedición de Fernando de Magallhaes, naviaxe que lle custou a

vida, e continúa con Antón de Noia, Xan Galego, Lois de Beas, Avendaño, Rodrigo Nieto, Xan de Tui, Diego de Haiona e tantos outros que tamen tiveron sona.

E á veira dáquiles galegos bariles, tripulantes afoutos das armadas compostas por unha caravela, un patache e un bergantín de remos, saídas da Centración da Cruña—“una de las ciudades más nombradas de toda España, asin por la antigüedad como por la excelencia de su puerto, que es uno de los mejores de la cristiandad”, como dixo, en 1551, o Licenciado Molina—nomes emigrantes galegos que figura nnos arquivoa da Historia: un Gonzalo de Vigo, fuxindo da peste que asolou as naos de Magalhaes; un Sebastián Cabote, que foi o heroi da defensa do fort de Sancti-Spiritus; un Don Pedro de Mendoza, que explorou o Plata ao mesmo tempo que navegou polos procelosos mares dos preitos de linaxe; un Xan de Vilanova, que foi Capitán Xéral; un Antonio Contreras, que chegou a Virrei de Honduras; un Frai Domingo de Betanzos, que rechazou de Carlos V o nomeamento de Bispo de Guatemala; un Frai Marín de Xesús, primeiro evanxelizador de México; un Xan Díaz, que fixo publicar na América o primeiro libro de Matemáticas; un Pedro Mariño de Lobeira, “domador do mar e do amor”, que fixo respetar en Chile co fío da súa espada, o nome de Pontevedra...

E logo unha grea de claustraes composteláns, bispos, presidentes de Audiencia, gobernadores, endexamais esquecedores de Galicia. Lémbrese aquíl Hevia, Bispo de Oaxaca, que fundou unha cadeira de prima pra ser servida en Santiago polos fillos do Mosteiro de San Martín; aquíl Don Alonso de Peña, Bispo de Quito que en-

grandeceu, coas súas donacións, o Colexio Maior de Fonseca; aquíl Don Mateo Segados e Bugueiro, que sendo Arcebispo de México, endexamais se esqueceu da súa capela de Melide; aquíl Oidor de Santa Fé, que se Chamou Don Gabriel Alvarez de Velasco; aquíl Rexente da Audiencia de Cuzco, Don Manoel Pardo; aquíl González Corral, amamantado aos peitos da Universidade de Compostela, e que rexiu a Audiencia de Porto Rico... E entre mil, aquel exemprar, magnífico, representativo, desprezador de glorias, que dispois de ter sido todo, dirixíase dende, a Nova Hespaña, a súa Universidade compostelán, tiduándose somente “vecino de México”.

50.—GABANZA DUNHA RAZA.

Raza magnífica, a galega emigrada! “Cando non hai traballo nun pobo hespañol—tén dito un insine home dos nosos—pídese; en Galicia, emígrase”.

Outro gran escritor galego, dixo que dous son os símbolos supremos da vida céltiga: a fouce, afiada interrogación de ferro sobor da terra, e o remo, pieite de madeira co que os mariñeiros pentean o cabelo do mar. Isa é Galicia, mar e agro, campesiña e mariñeira. Un chán en farna, xeneroso e bó, aferrollado por un martirio histórico, por unha anterga dór. Terra que ama á terra, non embargantes a lonxanía. Raza que emigra, tanto pra xogarse a vida en col da ruleta do mundo, como por unha arela inquedante de andar e de ollar. Raza namorada do seu e da aventura universal. Raza que mirou polos ollos dos seus homes as terras de todo o mundo con tan admirabel esprito de adaptación que si foi á China veu cos ollos tortos, coma dixo un humorista xenial, sen


deixar emporiso de ser galega. Raza que chegou a mariñeiro da Armada ingresa sin esquecer endexamais o alalá' pra cantalo nun esmorecer de calisquer porto do Ourense. Raza que vivindo en América toda a vida menos dez anos, garda aínda o noso acento coma se tivera desembarcado antonte. Raza espallada por toda a rede da terra e que non perdeu o avencellamen-

to co seu anaco de agro. Raza que, en calisquer lugar do Ecuador ou do Polo, endexamais puido vencer a saudade.

Dista raza un poeta que non era de Galicia, puido decir con verdade:

**Y siempre tuvieron en su vida loca
la visión de Galicia en los ojos
y el cantar de su Patria en la boca.**

Habana.



“...a Galiza é a provincia máis duramente submetida á unidade política e máis sacrificada polo centralismo administrativo; ela resiste pola súa tradición lírica em que conserva a súa feición étnica e esse espírito local a que chama soidade...”

“A Galiza na reconstitucao da sociedade

neo-gothica, era o foco da civiliza, ao peninsular; aquí vinhan os reis completar a súa educación, ao, e a lingua galega era preferida para as composicións poéticas das cortes em que se imitava a poesía trovadoresca, tao delicada na súa casuística sentimental”.

Theophilo Braga: Prólogo ao “Cancionero gallego” de Xosé Pérez Ballesteros.

En Col Da Música Popular Galega

Por Xesús Dopico.

Pola súa orixen, tradición e influencia decisiva no desenrolo musical, pode dicerse, sen medo a exaxerar, que Hespaña ocupa un posto esgrevio na evolución e mail-a historia da música popular. Ilustres investigadores, e multitude de arquivos espallados polo mundo inteiro, teñen servido pra que os musicógrafos e homes de letras así o proclamen.

De folklore rexional hespañol, quizais o máis descoñecido, endemal, o máis desleixado, por non dicer abandonado é o galego. As causas deste feito obedecen a moitas razóns. Mais os galegos teñen o deber de estudial-a súa propia historia nas diversas manifestacións. ¿Que galego non sinteu ás veces a necesidade de cantar un alalá, que lle sai da i-alma? ¿E que sabe desta e outras cancións da nosa terra?

A onomatopeia que deu nome de alalá á mostra de agarimo máis íntima, á máis subxeitiva quizais, da poesía popular galega, é quizais unha "pneuma" derivada dun fondo tradicional común coma o "exarkon" da poesía popular grega, coma o "¡helo!", "¡helo!", nado do berro de Hylas a resoar nas montanas, a voz sen verba que se fai música Así se amostra ese xorrar garimoso que refrexa o alalá, esa congoxa que fuxe dos beizos pra exprimil-o que tén agachado no corazón, xa que lle abanda oa cantor popular dicel-o que sinte e botalo fora a

gorgolóns co arte do inefabel, co arte do inefabel co arte sen par da saudade, coa fonda señardá das almas poéticas.

A música dos alalás, tomou seu nome, a miúdo, do terceto ou triada céltiga, vulgarmente chamada ruada ou cantar do pandeiro e da quadra tan popular na poesía galaica. que se forma do terceto pola repetición do primeiro verso ou distico, achegado polo diálogo.

O cantar do panadeiro, di Murguia, é o que millor conserva a súa orixen. Cántase ao son do adufe ou pandeiro e ao das ledas cunchas como lles chada Ossian. A quarteta galega leva os nomes especiás, a máis de alalá, de regueifa, que se canta nos casamentos, ani-novo ou aguinaldo, maios, nadal etc. A regueifa é a fogaza de pan que leva un ovo e que se distribui o día da boda; e as enchoiadas son diálogos de cantores de sona ou ben retesias de improvisadores coñecidas có nome de desafíos: así as formas ditirámicas de "Os cinco sentidos" e a belísima cantiga "Linda pastora", que di:

Mariquiña fermosa

¿ti que fas ehi?

Estou gardando o gado

ven me ves eiqui.

En canto á balada ou canción bailada, é un xénero de música moi empregado outrora, hoxe case desaparecido, agás da rexion galega, coma xeito de música popular. Sería difícil pes-

culal-a súa orixen nos antigos hebreus, nin en mais fontes orientás, coma tampouco antre os gregos, inda que poderían atoparse moitos signos coincidentes. Acada grande apoxeu nos tempos de Lourenzo o Magnífico. Daquela sonados poetas e músicos de renome ditaban textos e músicas que se cantaban e beilaban formando cadea os danzarís de ambos sexos e a este xeito de danzar coma o testemuña Boccacio, chamábaselle “carola”. Polo xeito da “ballata” que non téñ texto na actualidade, inda que o tiveren nos tempos antigos, é a sonada “danza prima” asturián. Arnaldo Bonaventura, no estudo en col de **“Boccacio e a Música”**, dí desta canción: “fórmase dunha parte en só e dunha parte coral, executada polas outras danzariñas que lle respontan mentres a caróla se vai tecendo”, e engade, “que na música sagra foi adoitada esta forma de canto monódico seguido de respostas do coro. Tamén o testemuñara o Dante distintas veces e, sinaladamente, na pasaxe que narra que **“un ánima intonó a solo: Te lucis ante terminum e le altre poi dolcemente e devote, seguitar lei per tutto l’ inno intero.”**

Xoán I de Aragón reclamaba ao Duque de Borgoña que lle enviase a “Johan dels Orguens”, pra ouvilas “estampidas e outras obras executadas no “exaquer”, instrumento polícordo do xeito da “dulceina” que aparece na declaración instrumental do Arcipreste de Hita. Pois ben, as estampidas, como as ballatelas, eran cancións cantadas e beiladas, chamada así a “stampita”, ou provenzalesmente estampida, de estampir, bater có pé no chan, acepción igual á que téñ na lingua alemá o verbo “Stampfen”. Os troveiros deixáronnos curiosos exempros desta danza cantada, antre outros o sonado Rimbardo

de Vaqueiras na súa célebre “Kalenda Maja”. A estampida como a balada non botou raíces en Hespaña, mais en Galiza existe nunha forma pura e estrictamente musical. Ramón de Arana, fai xa moitos anos que coincidía connosco respecto á orixen do alalá ou balada, xa que poseía unha serie de documentos, preciosos pola súa antiguedade, que permitían estabrecer esta teoría.

Aos poetas galegos e cataláns e mais aos troveiros provenzaes, débelle o que o Rei Sabio introduxera na nosa lingua o elemento lírico. E compre relambrar que o devandito rei foi educado por Doña Berenguela, coñecida polo seu amor ás letras, e que pasou a súa nenez e a súa primeira mocidade en Galicia, o que exprica a influencia tan decisiva de toda a súa obra maravillosa e o engado que máis tarde atopou na dozura da nosa lingua. Ao primeiro grupo das súas obras corresponden as **“Cantigas ou Loores et Miragres de Nosa Señora”**, escritas todas en galego; por certo que, no libro cerimonial da coroación dos reis de Aragón, ordéase que tiñan de cantarse as devanditas cantigas.

Ao referirnos á música popular galega, non podemos esquel-o instrumento enxebre por excelencia e xenuinamente celta, a gaita. O conceito etimolóxico da verba gaita, de gavo e a raíz de todo, **gaudeo, gaudium**, de ahí **Gaia, gaioso, gaiado**, nada resolve en definitiva e o equívoco da apelación subsiste, chamando gaita a todos os derivados do “organistrum”, instrumento de cordas que soa por fricción dunha roda, coñecido en Galiza có nome de Zanfona, ou chinfonía, que aínda nos tempos de María Antonieta acada un derraidero rexurdir pra pecharse dispois nas vitrinas dos museus, e das mans daquela raíña pasa ás de cegos pedigoños e vagabundos.

Ainda hai aldeias de Galiza onde se cultiva este instrumento.

O punteiro de sol, e do rouco, a enxebre gaita de fístulas, afirmase por diversos eruditos coma patrimonio común de moitas nacións xaféticas, favorito das céltigas e, dín o ilustre Pedrell e máis outros investigadores, foi coñecida en Asiria, Babilonia, Persia e Arabia.

Entre os costumes celtas conservados polos antigos galaicos, pode citarse o uso persistente da gaita. O pegureiro celta dos "Mártires" de Chateaubriand, no relato de Eudoro aparece sentado baixo unha porta secular apreixando co brazo un fol cheo de vento, cujos soidos tiñan certo xénero de ineplicable dozura. A cornamusa dos franceses, o "Baig pipe" e o "hom pipe" dos ingleses, son variantes deste instrumento celta.

R de Arana, afirma que o arte trovadoresco penetrou primeiro en Galiza que en Portugal, Cataluña e Castela. Pedrell, referíndose a esto di que as Cantigas do Rei Sabio revelano moito do que a intuición de Arana presinte.

E sabido que as melodias favoritas da gaita axéitanse ao movemento do endecasílabo anapéstico, é dicer, acento na carta e sétima sílabas e aínda na primeira e por eso, non sin razón, desíñouse algunha vez co nome do mesmo instrumento. Tamen existen probas elocuentes nas representacións gráficas da gaita, en códices e monumentos de varias procedencias; así nás Cantigas, cuia música e miniaturas non foron analizadas de abondo dada a súa excepcional importancia; a igrexa de San Francisco de Ourense; a de Santa Domingo de Ribadavia e as cadeiras do coro de Mosteiro de Celanova, por non citar outras, conteñen representacións da gaita.

Dentro da música e danza galegas, quizais o máis enxebre e característico, debido sen dúbida ao seu ritmo especial, sexa a muíñeira, derivada de muiño, e coñecida en toda Hespaña có nome pouco axeitado de "gallegada". Esta cla de melodía avense coa métrica galega. Existe en Cataluña a panxoliña-muíñeira, que provén dun orixinal galego, en onde, aínda polos menos versados na materia, se son galegos ouvirán unha melodía moi semellante á de "Tanto bailei coa i-ama do cura...."

Tamén o "cantar do arrieiro", recollido en Pontevedra por Perfecto Feixóo, tén a particularidade de que o xeito melódico da melopeia e decididamente o gregoriano en Re, chamado vulgarmente primeiro tono con respecto o San Gregorio diremos, que no 578, o bisneto lexítimo do Papa Félix III, foi enviado a Constantinopla polo Papa Pelagio II, en calidade de Legado Pontificio, e permaneceu sete anos habitando con San Leandro a casa dun sacerdote grego. Un e mailo outro puxéronse en contacto coa civilización musical bizantina espréndidamente desenrolada.

A San Gregorio, o mesmo que a San Ambrosio, débenselle es dúas grandes reformas litúrxicas nos elementos constitutivos dos xeitos diatónicos gregos, así como a San Uxío se lle debe a reforma do canto chamado euxeiano ou mozárabe, que asimila os xeitos celtas e, en xeral, as influencias nórdicas.

Todo figura confirmar que dende moi antigo a música hespañola tén características propias inda que sometidas a acción dos bizantinos e a asimilación oriental acusada en multitude de cantos.

A esgrevia tradición do noso folklóre galego, é merecente da meirande e afervorada lembranza.

= Poetas Novos =

Valente saíu
da beira do lar,
e, ollando a montana
decía:

—¿Alá que haberá?
Chogou a montana,
baixou ata o val,
i—o eco, decía:

—¿Alá que haberá?
Valente chegou
a veira do mar;
i—alá . . . , se decía,

—¿Alá que haberá?
Un vello lle dixo:

—América está,
Valente contesta:
—Pois eu vou pr' ala!

O barco partiu
da beira do mar,
sua i—alma ficaba
cabo do seu lar.

O vento zoaba,
enriba do mar,
zoando decía:

—¿Alá que haberá?
O barco afondou
no meio do mar.

Valente morreu
e, aínda de morto,
soñaba ir alá.

Hoxe foise o meu amor
e ficou soia a badía
ai amor!

As montanas do arredor
choran tristes a partida
ai delor!

Como xira inquiridor
o faro do pé da Guia
ai amor!

Tolo busca ó meu amor
nos recunchiños da ría
ai delor!

O colar cintilador
de lus de Cangas nos brila
ai amor!


¡Para que ser brilador!
si Ela xa nono mira
ai delor!

A choiva ao ir meu amor
cái teimosa, mol, tranquiña
ai amor!

¡E que o ceo chorador!
xunta sua magoa coa miña
ai delor!

Roxelio Rodríguez de Breaña.

Chita Lamas de Illa-Couto.



- Poetas Velloz -

E no sagrado en Vigo,
bailaba corpo belido:
Amor ei!

En Vigo, e no sagrado,
bailaba corpo delgado,
Amor ei!

Bailaba corpo belido
que nunca ouvera amigo
Amor ei!

Bailaba corpo delgado
que nunca ouvera amado
Amor ei!

Que nunca ouvera amigo
ergas no sagrado en Vigo:
Amor ei!

Que nunca houbera amado,
ergue en Vigo, no sagrado:
Amor ei!


Miña irmá fremosa
ireides comigo
a igrexa de Vigo,
hu é o mar salido;
e miraremos as ondas.

Miña irmá fremosa
ireides de grado
a igrexa de Vigo
hu é o mar levado;
e miraremos as ondas.

A igrexa de Vigo
hu é o mar salido,
e verrá, hy madre,
o meu amigo;
e miraremos as ondas.

A igrexa de Vigo
hu é o mar levado,
e verra hy madre
o meu amado;
e miraremos as ondas.

MARTIN CODAX (Século XIII)



Valores Galegos no Desterro

- Arturo Souto -

Por Marcial Fernández.

Non é posíbel divagar con certa fortuna en col da labor dun artista, sen esculcar primeiro, a través da mesma obra, as súas intencións estéticas. E por isto que de xeito damos comenzo a estas liñas, escritas có gallo da exposición feita en México por Arturo Souto, sentando a afirmación de que o noso paisano é un pintor convencional; non falso, enténdase ben, mais si un artista pra quen a verdade física téñ un valor moi relativo. Trátase dun impresionista de vocación e senso estético, cuio impresionismo, da millor lei, non ademite máis limitacións que as impostas por unha honestidade franciscán en canto á técnica e o sometimento incondicional á forza incontrastabel da luz e da cor, valores que constituín o tema central de todos os seus cadros, un pouco ao marxe da anécdota que a moda ou o "snob" podan facer asomar incidentalmente aos boucos na súa obra. En Souto a cor éo todo, asoballao todo. E aínda sendo un excelente deseñador, coma se olla en algunhas das súas realizacións, non escuda, polo menos no que respeita ao óleo, o mérito da súa obra, tral-a fuxida fácil da liña. E sempre a masa o que o preocupa fundamentalmente e a que adica todos os seus esforzos.

Mais, compre ter en conta que, no arte, o realismo verista e sempre unha incongruencia. A realidade, como revelación física do mundo das formas e máis dos volumes, si é reproducida obxetivamente, somente pode chegar a interesar aos seres menos evolucionados. E, en ningún caso, a conmovelos. E dicir: é unha manifestación da habilidade do home sen resoancia espiritual e sin proveito pra ninguén.

A maravillosa e xusta reprodución pictórica dunha paisaxe, terá de ser sempre un espello morta. A ficción, o arte, en suma, é a paisaxe en todas as súas dimensións, en todo o seu senso: ollado polo artista non coma o veí, senon coma o sinte e o presinte: unha visión da natureza a través da paisaxe.

O coñecimento supón sempre unha experiencia; e, o único que pode darnos unha experiencia non realizada, quere dicir, a experiencia dunha vida non vivida, mais que damos como cumprida, é o arte.

Souto percorre estes camiños coma un artista de verdade. Alonxa de si a experiencia convencional e vai directamente ao mundo natural a topala a fin de extraer dela a esencia da vida, pra transformala nunha ilusión poética, nunha imaxe certa da realidade,

da única realidade estética posíbel que é a que está contida dentro da imaxinación; porque pescudando ao mundo dentro de nos atopámonos a nos mesmos.

E así coma este pintor danos coma estratos da súa visión da paisaxe, dos homes e das cousas. Ponnos cabo delas insiñándonos os seus cortes transversaes a despeito da experiencia admitida, recoñecida, certífica, diríamos, coa súa imaxinación poética dos feitos e das cousas materiaes.

Con instinto certo lévanos da man cabo das súas visións ópticas; fainos entrare nas súas conceicións plásticas, comunicanos a idea do seu xeito de ollar e descóbrenos, por fin, as infindas posibilidades que tén a nosa retina pra examinar a intimidade e o segredo da cosmogónica diversidade circundante.

Así orientado o seu arte, Souto realízao con soltura, perfectamente equipado pra tan arriscada empresa; cunha carga da cosmogónica diversidade circundante, perfectamente equipado pra tan arriscada empresa, cunha capacidade de adaptación verdadeiramente excepcional. Tanta que, aos que levamos longos anos sen asomarnos á labor de Arturo Souto, déixanos parvos a facilidade con que a súa retina, educada nos tons moles da luz esmeralda do norte de Hespaña, puido axeitarse a ver baixo o sol estridente de Castela, sin sentirse cegada por un deslumamento que figuraría natural. De tal xeito soupo captar os matices xocundos da radiante luminosidade castelán, que, hoxe, ao contemplar algúns dos seus óleos seguimos a ver nel ao pintor galego de orixe, tan só por un certo barroquismo estilizado da composición, e pola gracia inxenua, casi primitiva no tratamento dos

volumes; mais atopámonos diante un rexo pintor castelán en virtude da rara maestreza con que manexa os tons amarelos e bermellos que constitúen o fondo cromática da luz e da paisaxe de Castela.

No seu facer, Arturo Souto non deixa de banda ningunha técnica. Tenta todol-os xeitos. Sabe de todo. É un extraordinario deseñador, e pra probalo velahí as acuarelas e pasteis da súa exposición, e cando lle compre, prescindindo do deseño e xurde o formidable córista: **Toros en Castilla e Toros en Turégano** son unha demostración ben cumprida das nosas afirmacións.

Hoxe, a pintura de Souto é pintura hespañola, se pode dicirse isto, pra entendernos en poucas verbas; mais conste que o noso paisano non desprezou ningunha tradición. E ao revés dalguns que ficaron atoados no crásico ou que andan en procura de todol-os ismos, el, que frecuentou todal-as modas, sigue a ser un dos pintores hespañoles, desde intre, con máis esgrevia persoalidade.

Pra rematar, diremos que en Souto se non pode falar de datas, nin de evolucións ou progresos. Vemos nel samente a un artista a loitare afiunzadamente por conquistar o seu xeito de expresión pra comunicarlle aos demais as súas prodixiosas descubertas no mundo das formas e da cór.

E se fora posíbel no arte establecer vaticinios en col do futuro técnico dun pintor, nos diríamos que non nos extranaría ren que, ha maneira de facer de Arturo Souto, as grandes macas de cór, a espátula, foran substituíndo a esos brochazos grosos, que semellan a espátula e non o son, posíbelmente en perxuizo da limpeza da cór que en algúns intres da súa obra semella un pouco enlizada.

Os “Ciclos Económicos”

Por Manuel Porteiro Viña.

Dende fai algún tempo a esta parte, as follas voandeiras, revistas e outras publicacións, vemos que adican moitas das súas páxinas a desenrolaren problemas non guerreiros, endeben non tan alleos a eles como figura a unha simple ollada. Nós miolos dos máis esgrevios homes do mundo en disciplinas económicas, rebulen traxedias de verdadeiro espanto ao matinaren na desfeita que pode haber un quinta feira calquera, se nesa xornada se acaba a loita que está sumindo a humanidade toda nunha aberración increíbel. Pra descárrego da nosa conciencia, deixaremos dito que a esas xentes os sentimentos humanos lles non quitan tanto o sono como a certeza que teñen de que, se non atopan algúnha bisma milagroeira cando se ouza o derradeiro estalo desta contenda, o mundo sufrirá convulsións xurídicas fundamentaes pra facer fuxil-a fame e as desgrazas que, en cortexo de morte, triparán o lombo da terra.

Os chamados “ciclos” na economía —outrora, crisis—. é a denominación das cousas que lle ferven na cabeza a eses homes que, según o dito, cóntanlle os pelos a un coello. A expricar a historia, orixe e remedios dos mesmos, tende este traballo, se ben recoñecendo que o espazo a ocupar dun estudo desta crase, se non pode disponer del nunha revista que, con arelas moi xustas, ha de dar aos seus lectores conxuntos heteroxéneos de cultura.

A historia dos “ciclos” é dunha fantosía insospeitada. Moito tempo se tiño a seguridade de que cada dez anos facían acto de presenza os tres signos precursores que os caracterizan: a suba dos valores mobiliarios; a suba dos prezos e a suba dos xornaes, coma se houbese un persoaxe danzando cun ritmo coincidente. Chegou a tanto a iñoranza, que Stanley Jevons coidou moi sereo e moi cheo de razón que as enlixadas do sol eran causa primeira de periodicidade dos “ciclos”, xa que as radiacións de aquel influían nas boas e na máas colleitas.

E verdade que hai un ritmo, unha periodicidade, pero xamais debe medirse, nin xiquera compararse, cunha regularidade astronómica, pois as verdadeiras causas corren moito algunhas veces, ou van con menos presa, outras.

A Economía Crásica, por boca dun autor alemán—M. Bergmann—, antre os centos de expricadeiras—e os centos non son hiperbólicos—, dá unha que quizais sexa a máis notabel: a da **superproducción**. Producir máis do consumo supón a baixa dos prezos, a suba do interés do diñeiro, a perda dos grandes capitaes nos investimentos fixos, e os novos adiantamentos pra a maquinaria que faga falla co obxeto de dar satisfacción ás necesidades que xurdan no campo do consumo. Como conculsión, a defeita xeral, punto álxido do “ciclo”.

Todo o dito é verdade. Mais non é a causa; é o efecto.

Meténdose ben dentro do probrema, a causa dos “ciclos” non é outra que a produción privada, sen plan algun de ordeamento; sen obxectivo social, e dicir, sin que produza pra as necesidades e si somente pra os que teñen capacidade de adequirir, sen fixarse que, tomando un dito feliz de Sismonde, producir dese xeito é marchar en espiral, con voltas pequenas ao comenzo, e ao derraideiro, con curvas cada vez máis longas ata que creban a unidade da figura, volvendo de novo a enxedrarse outra. De aquí arrinca a necesidade do produtor de chegar a ter os mesmos preceitos con menos “plusvalía”, pola meirande cantidade e por conseguinte atoparse que o consumo das cousas é máis baixo que a cantidade que se fabrica (superproducción), sin que o abaratamento constante sexa un meio de arranxar o colapso, porque as obrigas, en proporción inversa a aquel abaratamento, írán afogando ao produtor ata que o negocio se funda.

O mundo, na actualidade invirte as súas enerxias en fume, en destruír riquezas—dando a esta verba un senso técnico—, en producir máquinas, que na súa meirande parte non sirven os tempos de paz. Cando esta chegue, o trocal—as industrias todas levará moito tempo. Ao desmovilizar—os exércitos, millóns de homes non atoparán traballo, non terán que levar á boca, nin xiquera, outros, atoparán casa cuberta. Os signos do troque estarán inchados de tal xeito que somente disfroutaran dun valor intrínseco.

¿Actuará a xente tanta calamidade sen arrebeñal—os vencellos xurídicos de agora que son as comportas que se interpoñen pra que todo ser humano coma viva, estude, traballe e descanse?

Eu coído que as medidas dun seguro social de proporcións xigantes; a federación dos Estados europeos; e do continente americano; a dos países asiáticos; a imprantación de tres signos de troque no mundo, avencellados antre si, e o desmantelamento das murallas aduaneiras, inda supoñendo que toda esta fermosa concepción se pensase en levala a práctica, existe un incoemente fatal pra, que poida termal—o cachón das necesidades imprescindibles: o tempo, a cantidade de tempo que compre pra poñer en acción aquel conxunto de garridas ideas, que comparado coa imposíbel espera imposta pola gana de comer, é unha eternidade. Unha eternidade que ninguén aturarará, e que terá de sel—a causa xenérica da revolución, cruenta ou incruenta, benefactora ou capaz de levarnos a un atraso de visión dantesca, según sexan os homes de esquerdas que poidan xurdir: si son xigantes—compren—, a humanidade estará salvada, mais si so son probes demos partidistas, rastreiros, sen corazón e sin espírito, que nazan excrusivamente pra teren vela no enterro da civilización, daquela que os sinos toquen a morto dende agora, porque cando deban tanxer, non haberá ser vivente pra esa encomenda.

Nos queremos pensar, e pensamos, que han de saír miolos escolleitos pra chegaren á meta dun bo encanlamiento revolucionario.

Fontes e forxas da fala

A Festa Dos Maios

Ehí ven o Maio,
señor capitán.

Bótelle as maiolas
da hucha do pan!

Ehí ven o Maio
galán e frofido.

Pola lúa chea
nacéu pequeniño.

Ehí ven o Maio
frolido e galán.

Todal-as rapazas
amores lle dan.

O Maio bulreiro
que rico que ven,
Din que trai as froles.
Din que trai a mel.

Din que trai as herbas
para namorar,
i-o caravel roxo
da veira do mar.

O Maio dos ventos,
señor capitán.
Bótelle as maiolas
da hucha do pan!

Ao Señor Maio
fumos a buscar.

Andaba co vento
i-a lúa a ruar.

O Maio Maiño
é un toleirón
que viste froles
calzas e xubón.

Silba en flauta fina
festeiro cantar.

O cantar do Maio
pra todos brincar.

E o Maio pequeno
o gran xogador.
Depreendeu do cuco
a ser burlador.

Rosas ás máns cheas
hávos regalar,
fiunchos e festas
de nunca acabar.
E a Primadeira,
é un gran señor.
Ven verde frofido
coma un doceamor.

Maio está entrando por portas,
o Maio de namorar,
Maio desfolla nas rosas
para ver con quen casar.

Todas as mozas lle dicen
envites de doce amor.
Maio vai ollando as mozas
con aquel de gran señor.

—Eu casar ben casaría
contigo, Maio galán.
Teño nos labios, frofida,
unha noite no batán.

—Señor Maio cantareiro
viva na veira do río.
Nunca terás sede, Maio,
si vés ó meu amorío.

—Outra lle dí: Señor Maio,
connmigo boda non fás?
Téñoche unha Primadeira
de moza por toda edá.

Maio está entrando por portas,
o Maio de namorar.
Maio desfolla nas rosas
sin saber con quen casar.

Conto Popular

IXENIO

O Señor Abade de Vilafraca, viña facía tempo en predicar aos ferigreses por mor de que a fé que amostraban nas cousas da Eirexa non era moi forte, e por iso as dádivas en ves de ir pra riba, baixaban a mais non poder.

Disposto a por remedio ao que se chamaba a falla da fé, acordou ter co sacristán unhas verbas pra traer aos ferigreses ao bon camiño, ao camiño do Señor.

Dimpois da conversa, ficaron no acordo de mercar na feira da Maraña, un pombiño novo e ineseñalo a vir comel-os graus de millo enriba da croa do abade posto iste no púlpito, (cousa que con pacencia relixiosa logo o chegou a facer) de maneira que cando o Abade berraba —¡baixa Espíritu Santo!, o animaliño saía voando da xaula onde o tiña, case morto de fame o perillán do sacristán tras do coro, e marchaba dereito a dondo estaba o millo na coróa do Abade.

Comenzou a semán maior e o crego, díxolle no ofertorio os ferigreses, que dimpois de haberlle pedido a Deus e a Santa Virxe un miragre que os truxese para a fé, poidera outar que o Espíritu Santo, baixaría coma asina-

lada mercede no sermón da tarde a aloumiñalo coa súa cencia e sabeduría, e que iles todos vellos, nenos e mozos, non deixasen de ollalo miragre.

Chegou a tarde, a nova do miragre anunciado correra por montes e veigas e a Eirexa fervía de xente desexosa de contemplar unha cousa non vista naqueles tempos; cando o Abade moi aparellado e solemne rubiu ao púlpito, axionllouse, persiñouse, ergueuse e dimpois de catro enxebres latinorios, paseou a ollada trunfadora encol dos seus amados fieles, chantou logo os ollos no ceo (de eirexa) e cando coidou que era chegado o intre do miragre berrou:

—¡Baixa Espíritu Santo a ollar a istes pecadores!.

Unha tensa emoción, tiña pendente a toda aquila xente; mais o Espíritu Santo non baixou. O crego sudoroso e cheo de carraxe polo retardo do sacristán, voltou a berrar mais forte, dirixindo a ollado cara ao coro:

—¡Baixa Espíritu Santo....!

—¡Espíritu Santo, baixa....!

E o sacristán que comprendeu todo o enoxo daquela ollada, respondeu o dereito:

—Señor Abade, o Espíritu Santo non pode baixar, pois comeuno o gato.

Así o revoo foi grande antre os tidos por mestres. Foi de ouvir o que se dixo contra os que viñan dispostos a defendel-a elegancia e pureza da linguaxe....

Verdadeiras enormidades non sen-

do a menor a de chamarlles **aportuguesados** e ás voces galegas mais enxebres **lusitanismos**, so porque aqueles "mestres" as descoñecían e non querían confesar a súa iñorancia....

Carre Aldao.

Refraneiro

A vaca que non come cos bois ou come antes ou come dimpois.

A muller e a sardiña, pequeniña.

A muller e a sardiña, polo mais pequechiña.

A folla mexa no lume e vaise.

A conta dos burros comen os agudos.

A conta do burricón comémolo requeixón.

Alá vai, alá vai, o burro tras da nai.

Alá vai serodio con temporao, mais non na palla nin no grao.

Ao que ten fillos non lle apodrece o pan.

Arrieros perdidos, tafales de seda.

As veces o demo é tendeiro.

As veces mexan por ún e hai que dicir que chove.

Agosto pasou, quen mallou, mallou.

Auga de Agosto da mel e mosto.

A maá veciña dá a agulla sen liña.

Auga no San Xohán tolle o viño e non dá pan.

Bacoriño no celeiro, non quer compañeiro.

Ben se aleda o lobo do que come o zorro.

Berza, porque non cociches?. —Porque antes non me metiches.

Bés cantos vexas, casa cantó quepas.

Besta vella non ademite ensiño.

Boa vida non quer presa.

Bon ou mal preito, ten ó escriban de xeito.

Bieito mes que entra con Santos, meia con San Uxio e remata con San Andrés.

Boi morto, vaca é.

Cando dan a ovella, colle a corda e vai por ela.

Cando un home está de sorte ata a muller lle pare doutro.

Canto máis doce é o mel, máis zupan as avellas nél.

Canto máis presa máis vagar.

Coita faz, home choutar.

Con pan e viño xa se anda o camiño.

Con pan e viño pásase o camiño.

Cousa féita non tén presa.

Gregos, frades, pegas e choias, dou ó demo istas catro xoias.

Corren as nubes pra Portugal, colle os bois e ponte a arar.

Corren as nubes pra o Cebreiro, colle a capa e o sombreiro.

Cando Marzo maiea, Maio marcea.

Caldo sen pan no inferno o dan.

Chafar, chafoume, mais como pagar, o viño

pagoume.

Chámasme a partir . Chámasme a reñir.

Choqueiro e choqueira sempre fan feira.

De besta a mular e de home o de pouco falar.

De hoxe a mañán o carneiro cría láa.

De ruín madeira, nunca boa estela.

De tal niño, tal paxariño.

Deus nos dé a ira que a pacencia xa a temos.

Deus nos dé con que ríamos e non sexan fillos charros.

Deus dé que facer a cada un no seu oficio, —dixo o enterrador.

Douao demo todos, —dixo o que araba cos lobos.

Douao demo o millor, —dixo o que araba cos lobos.

Deica San Pedro o viño tén medo.

Díxille o pote o caldeiro: chégate alá non me luxes.

Da rapa a rebola veña o diaño e escolla.

En cada terra seo uso, en cada roca seu fuso.

En cas de Gonzalo manda máis a galiña que o galo.

En de morrendo o arrieiro sábese de quen é o gando.

Envei a non teñas si queres ter paz.

Este é o ben que Marica tén.

—;Erte: dormiñón, que pasas un mes sen saír a vel-o sol! —díxolle a liñaza o millo.

—;Cala trigudilla: pola mañán sementada e pola noite nascida —díxolle o millo a liñanza.

En Abril augas mil.

En Abril sae o sol do cumil.

En Abril, si por mal quere vir, nin as portas deia abrir.

En agosto solposto non te conozco.

En Maio ainda a vella queima o tallo.

En Maio sulfato.

En Marzo pelarzo.

En Marzo abrigo, nocés e pan trigo.

En San Xohan pinga a sardiña no pan.

En San Xohan tato queixo como pan.

En Xullo arder e patacas coller.

Fai o que poidas, e non o que queiras.

Fillo alleio, brasa no seio.

Fillo és, pai serás, como fixeres así o terás.

Fillos criados, traballos dobrados.

Febreiroiño corto cos teus días vinteoito, si duraras mais catro, non paraba can nin gato.
 Galiña que cararexa, algo venta ou ovo pon.
 Garda o pico e terás paz.
 Gastar e non ter, non sei como poida ser.
 Gazafello vente a vello que alpabarda por ti agarda.
 Hai cativos con fertuna e |bos mozos sen ningunha.
 Hai moitos burros da mesma cor do coiro.
 Home coxo e can rabelo, desconfía dil coma do demo.
 Home pequeno e can rabelo, desconfía coma do demo.
 Home pequeno fol de veneno.
 Home reñedor, cabalo corredor e pelexo de bon viño nunca fan moito camiño.
 Mal alá e peor acolá.
 Mal anda o paraxiño que anda nas maos do meniño.
 Maula comprar e maula vender.
 Míralle a cara, verás que leite pode dar —dixéronlle o que ía muxie-a raposa.
 Moza riseira, ou puta ou peideira.
 Muller casada que outo ffa, o fuso lle cáie o cu lle asubía.
 Marzo espigarzo.
 Marzo marzan: cara de rosa pola mañán, e pola tarde cara de cán.
 Marzo marzola trebón e raiola.
 Muller que asubía, vaca que esgurría e galiña que canta coma o capón, na miña casa nón.
 Na cas do ferreiro coitelo de pau; na do carpinteiro, sentarse no chao.
 Na cas do probe que da o que tén, puntada curta e agoantar ben.
 Na terra dos lobos ouvear coma todos.

Home valente e bota de viño pouco duran
 Horta de San Martiño mantén ao dono e
 mais o veciño.
 Imola andando que fai boa lúa.
 Imola andando que a festa vai boa.
 Inda é mais caro o pringue que o peixe.
 Invernía de San Xohan, tolle o viño e non da pan.
 Labor féita ben parece.
 Lareira como sexa, peroao fin téla.
 —¡Lavada, aos tres días nada!, —dixolle o millo á liñaza.
 —¡Nugallán! —dixolle ela: —un mes baixo o torrón, e aínda se vou non vou!.
 Mágoas alleas matan os burros.
 Máis vale calar que mal falar.
 Nalleo souto un pau ou outro.
 Nin millo engrolado, nin millo queimado
 Nin de nena nin de vella setarás o cú na pedra.
 Ninguén as faga que tarde ou cedo todas se pagan.
 Non hai branca sin clata, nin morena sin gracia.
 Non hai millor paxe que o que manda e faxe.
 No gado fraco todo se voltan carrachas.
 Noites longas, sono curto.
 Non son as polainas, son as pernas do home.
 No mes de Xaneiro rube ao outeiro, si ves verdexar ponte a chorar; si ves regrexar ponte a beilar.
 Non pidas a quen pideu nin sirvas a quen sirveu.
 Namentras capo non asubío.

tivemos muita **cencea**
 facer un **dicioneiro** en que a **esperen-**
 (cea
 a **plática** fai lei; ali a chantamos
 e aos criticóns berramos:
 a **linjoa** feita stá, tede **pacencea**.

¿Que é un **adioma?** as **vouces** dos que
 (o falan

Evaristo Martelo Paumán.

“Os afillados do demo”, Cruña, 1890.
 Sátira contra os escritores iñorantes.

—ooo—

...ausencia dunha rixida dogmática, tendencia ao ensoño, figuración de vidas que nunca poderá vivir, enorme ironía, sucesión arbitraria de exaltacións e depresións aínda baixo a aparente solidez dunha vida disciplinada. E dicir, arela vaga de **outra cousa**, manifestada

en entusiasmos imaxinativos ou en contraria e paralela ironía e acerba crítica.

Ramón Otero Pedrayo, facendo un **análisis psicolóxico do galego** na súa “**Historia de la Cultura Gallega.**”

Notas

Alfonso X tiña preparado a formación da Lirica cortesá de acordo ao modelo dos trovadores, mais somente podía facerse no idioma galego, do mesmo xeito que outrora frorescía a lirica no lemosín nas cortes dos Condes de Barcelona e dos reis de Aragón, e en galego na do rei Diniz de Portugal; e so puido facerse por primeir a vez en castelán, na corte de don Xoán II; pero sempre baixo o influxo da lirica cortesá, galega, eis por que os casteláns empregaran o idioma galego nas composicións líricas.

“Wolf Studien zur Geschichte de spanischen Natinaliteratur”. Berlín 1859.

“A sinal da nazionalidade é o idioma”.

Fitche.

Ramón de la Sagra, galego fillo da Cruña, adiantándose ao seu tempo foi o primeiro que falou de Kant en Hespaña, donando un maior ámbito ao hourizonte espritoal Español.

O primeiro xornal galego foi o “Cantón Composteláno”, que apareceu no mes de Maio de 1800.

Ticknor, referíndose ás linguas romances da Penín sua, dí que é probabel que a galega foše a máis antiga, delas.

Amador de los Ríos, na súa “Historia crítica de la literatura española”, afirma que Galiza tiñ a completamente formado o idioma vulgar nos comenzos do século XII.

O Marqués de Valmar e don Víctor Balaguer, membros da Academia Hespañola, están acordes en afirmar que Galiza tiña literatura propia no século XI; que a unha lingua còmprelle moitos anos de formación para chegar a tér esa literatura; e que o idioma galego é polo menos un século máis antigo que o castelán.

¿Qué opinión tiña Roma-o Senado e o Foro, o pobo e mail-os letrados- da lonxana Galiza? Se non era a Thule terminal non entraba doadamente na concencia romá. Unha provincia manca. Diante do Océano. Producía excelente liño, branco como a lúa deidade das danzas relixiosas dos galegos, fortes e lixeiros cabalos, hábiles forxadores de espada e algunhas cousas máis, de valor aumentado polo prestixio da lonxanía. Mais foi sobre toda outra cousa en Roma a California, millor o Klondyke do Imperio... A produción de Galiza debeu ser enorme e constante, en ouro purísimo, levado polo Sil heroico na súa loita contra as penas ou gardado na entrana dos montes.

O P. Salvador, nado en Tuy, arriscado misionero na Australia, foi o que trouxo os primeiros encalptos a Hespaña.

O P. Salvador transformou a paisaxe hespañola, e sobre todo a paisaxe da sua terra, xa que Galiza foi a que deprendeu mellor o seu ensino de amor.

O primeiro libro que se imprentou en Galiza foi o Misal de Monterrei, 1494.

Na rexión galega, cando nasce a literatura propiamente dita, aparece un poema, todo o incorrecto que se queira, mais poema escrito en oitavas reacs. En Castela ata mediados do século XV, non aparece Xoán de Mena cultivando por vez primeira o metro a que se fai referencia. Dí Augusto González Besada na súa “Historia de la Literatura Gallega”.

Ano 12...—Epitafio en Chantada (Lugo)

Aquí jaz Vasvo Fernández de Temcs: pequeno de corpo, grande de esforzo; hó de rogar e mau de forzar.

ERRATA


Na páxina 5 e no artigo “Páxinas Postumas”, a segunda liña debe leerse na antepenúltima do apartado SEDE.

Pregamos disculpas aos lectores.



SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



IV

SUMARIO

CARLOS VELO: Na costa verdecente.—AGUSTIN MILLARES: O gran galego.—MARCIAL FERNANDEZ: Galiza e Castela.—MANUEL PORTEIRO: Outeando no porvir.—RAMON CABANILLAS ALVAREZ: O cego de Padrenda.—RAMIRO ILLA COUTO: O problema linguístico de Galiza.—FLORENCIO DELGADO GURRIARAN: Poemas, e Os gaiteros de Montgomery.—BIEITO BUA RIVAS: Lembranza viva.—SEVERINO PELLIT: Galiza agrícola e gadeira.—CELESTINO LOPEZ: Un aventureiro galego no Amazonas.—ROXELIO R. de BRETAÑA: Foille galego.—Anónimo: Canción do Espírito do Lago.—FOLKLORE: Cantigas de humor, e Os amores do moucho e a labereca.—NOTAS.—Deseños de ARTURO SOUTO e UXIO SOUTO.

DIA DA NOSA TERRA 1943.

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADA POLO GRUPO SAUDADE

Editor responsable: Ramón Cabanillas Alvarez

Abraham González 40, Desp. 2

NUMERO 4

MEXICO, D. F.

XULLO - 1943.

Solicitado el registro legal en la Administración.

REDACION

Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, R. Illa Couto, R. Cabanillas Alvarez.

COLABORADORES

Antonio Alonso Ríos, Xerardo Alvarez Gallego, Xesús Bal y Gay, Eduardo Blanco Amor, Bieito Búa, Rafael Cardona, CASTELAO, Manoel Colmeiro, Xesús Dopico, Marcial Fernández, Xohán García, Sebastián González G. Paz, Chita Lamas de I. Couto, Celestino López, Xohán López Durá, Ramón Martínez López, Agustín Millares Carlo, Emilio Pita, Manoel Porteiro Viña, Severino Pellit Varela, Ramón Rey Baltar, Rogelio Rodríguez de Breaña, Lois Seoane, Arturo Souto, Uxio Souto, Ramón Suárez Picallo, Lois Tobio, Adolfo Vázquez Humasqué.


Administración e publicidade

Andrés Valín Salvador

HOXE é o día da nosa Terra e neste día universal da Galiza, centramos o pensamento na nosa Patria. O marmurio dos nosos ríos; o zoar do vento; o bruar dos mares; o queixume dos pinos lanzais; a soma garimosa das nosas carballeiras; o arume recendente da campía, son un canto nazonal á nosa Liberdade. O canto baril da Terra que preside a grandeza dos nosos hérois e a lembranza afervoada dos mártires galegos. Todo nos leva alá en pelerinaxe espiritual de devoción a nosa Terra.

Neste día da Galiza cómprese un ano do nacemento de SAUDADE. Non queremos fixar agradecimentos nin sinalar amigos; mais, compre, neste primeiro balance de SAUDADE, que apuntemos a nosa satisfacción pola obra realizada que supón un avance no desenrolo da galeguidade, e unha fontíña na sede cultural dos galegos de México. Neste país onde case que se descoñecía o galego impreso e onde non eistía unha publicación periódica na nosa fala, échenos de orgulo o feito de que SAUDADE vaia cobrindo o papel que lle corresponde á nosa Terra mas manifestacións culturais da Península. Alentados por esta necesidade continuaremos avante, seguindo o rumbo a que nos obriga a nosa condición de galegos: divulgar os monumentos culturais dos nosos ciclos esgrevios, e brindarlles unha tribúa aos que queiran seguir os vieiros goriosos da nosa cultura, que polo feito de ser unha cultura xa é universal. E os galégos estamos na obriga de defendermos esta cultura. Porque sostemos que o mellor xeito de defendela, non é co exercicio violento das armas, senón coa nobreza do cultivo.

Hino Galego



¿Que din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
no seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono,
desperta do teu sono
fogar de Breogán!

—EDUARDO PONDAL—

Na Costa Verdecente

Por CARLOS VELO.

Dende as chairas lumiosas das Américas, o pensamento romántico do poeta fende o ar oceánico. O seu verso sobrenatural, profético, navega guiado pola fonda pulsación das vieiras e o later cenital do Camiño de Sant-Iago, cara o Oriente, cara a noite de Europa, procurando

o balbor dos nosos fisterres, neste Día de Galiza.

Alí, sobor de eternos fachos de pedra de grá, a terra escura da montana inzada de monumentos arcaicos, preñada de tesouros lexendarios, sostén a armoniosa masa dos piñeiros.

Alí, sobor de eternos fachos de pedra Rastexan as donicelas, antre berros fidentes de aves noturnas, enchendo o silencio dos grilos e o sono dos abisouros dentro do eco resinoso. O polen amarelo e perfumado borra as sinaes da perdiz nas follas mortas.

Os vales resoan co pranto cósmico, sen acougo, da choiva. Brilan as follas, ateiñanse os linquens, pulan as raíces e mentres as frebas do liño amolecen no río, o vento esmaga as mouras nubens en col do mar.

No outo, a atmósfera inmóvil, transparente, chea de luar, acocha os muros dun castro fundidos no tamo. Rodas de piñeiros xigantes fenden o espazo auscultando, ao través da brétema das rías, da choiva dos caborcos e do vento da serra, a infinda anguria dunha raza.

Berros imperiás despoboan as feiras, enchén de tristura os fiadeiros.

A verba chea de sangue dos sacerdotes pecha as ermidas, enlixa as imaxes dos cruceiros.

Olladas de labregos esfragados pon lume aos montes.

O terror dos orfos louros enxoiña as fontes e murcha os lameiros.

A derradeira verba do mestre asasinado, creba os arados e enferruxa as gadañas.

Os cabazos valdeiranse, os froitos apodrecen, porque o ventre sagro das nais foi fendido a machadazos.

E os berros das mozas esforciadas enmudecen pra sempre pandeiradas e gaitas.

Mais, dende a súa límpida outura, as agullas dos piñeiros tremen coa lus bermella do abrente. Recortando as ponlas das árbores o sol bilisca as nubens, perseguindo a noite no fondo dos vales. O seu brancor paraliza a choiva, desfai a névoa, acouga o vento.

E a montana prólóngase na maravillo-

sa amplitude da terra inesquecible: gándaras, chairas, regueiras, lonias, soutos, lameiras, cinguidos por carreiros e regueiros, con pazos solitarios e aldeias perdidas,

Broslan a debesa toxos e uces verdecentes alternado coas searas e os patacais. Logo xurden os milleirás incrinados polo peso das mazorgas. O ouro das vidras destaca antre os prados frorescidos, á beira do río lamaguento que se ensancha no Océano. Casais de pescadores, chantados no facho espreitan a trebosa lonxanía mariña onde o sol se funde cada serán.

Toda a paisaxe vibra.

Non é a fonte que esbara en col das laxes, nin a espuma do mar a bater o xabre costeiro. Nin o canto dos gaios, nin o abafar dos teixugos. Nin o froito que estala, nin o cruxir das ponlas secas.

E a sinfonía heroica da terra galaica, retida polo poeta nas outas copas dos piñeiros rumorosos.

A súa linguaxe eólica, acorde co milenarío aturar do noso pobo, será comprendida por todos un día:

Non dés a esquecemento
da inxuria o rudo encono,
desperta do teu sono
fogar de Breogán!

Daquela, homes e mulleres da terra e do mar: Boieiros de Quintela. Senlleiros pescadores das Cíes. Fiandeiras de Monforte. Vello catadores de Leiro. Mozas de Noia. Ceifadores do Grobe. Mariñeiros de Rianxo. Labregos de Randín, marchade no solpor coa frente outa, o ollar duro cara o odio e a inxustiza.

Non importa que a follaxe das debesas ou a lama dos camiños amate a voso tripar, porque todol-os galegos do mundo ouvirán o rumor dos piñeiros, cantando en col do eco dos mares a crara visión dos poetas.

O Gran Galego

Por AGUSTIN MILLARES CARLO.

CO tiduo que encabeza estas liñas publicou Antolín López Pelaez no 1895 un interesante libro que viu a luz na Cruña. “El Gran Gallego” era, coma é sabido, o padre beneditino Martín Sarmiento, verdadeiro prodixio de erudición, mais con meirande xustiza puido terse adicada a gabanza ao seu compañeiro de hábito frei Bieito Xerónimo Feixó e Montenegro. Nado na aldea de Casdemiro, lugar da ourensá parroquia de Melias, revelou-se ao grán púbrico, cumpridos xa os cincuenta anos, có seu **Teatro Crítico Universal o Discursos varios en todo género de materias**, cuio primeiro tomo acabou-se de imprimir en Madrid no 1726. Unha vida adicada ao estudo e mais á insinanza foi a deste varón verdadeiramente exemplar. A súa cela do mosterio beneditino de San Vicente de Oviedo era o sitio de xuntanza das persoas doutas, as que ían alí pra ouvir a lectura dos seus escritos en borrador ou pra demandarlle consellos en asuntos de familia. De todol-os currunchos de Hespaña se lle consultaba en negocios da máis variada índole, e inda que Feixó o se laia en algunha pasaxe da fadiga dos correios, que lle roubaba moita parte do seu tempo, non por eso se refusaba a satisfacer a curiosidade de moitos suxeitos respetábeles e eruditos que só o coñecían polos seus escritos. Xúntese a

esto unha lectura incesante e mais un amor apaixonado polos libros, do que son testemuño as verbas que estampou nun dos seus máis belos Discursos, o tiduado **“Desagravio de la profesión literaria”**: **¿Que cosa más dulce hay que estar tratando todos los días con los hombres más racionales y sabios que tuvieron los siglos todos, como se logra con el manejo de los libros? Si un hombre muy discreto y de algo singulares noticias nos da tanto placer con su conversación, ¿cuánto mayor le darán tantos como se encuentran en una biblioteca?”**

A sucesiva aparición dos volumes do **Teatro**, seguidos da serie tiduada **Cartas eruditas**, erguen enorme poeira e suscitou rexas polémicas, que as veces chegaron ata o aldraxe e a difamación, sen que os ditos excesos fixeran abandonar a pena ao espírito verdadeiramente barudo do noso monxe. Combateu Feixó os erros comúns e as supersticións; gabou as lèxítimas glorias nacionaes; reduciu aos seus verdadeiros límites o concepto do amor á patria; tratou da nobreza e influxo do sangue; fixo ver o ningún creto que merecían certas opinións en col dos hespañoes americanos; estendeu a súa curiosidade aos campos da historia natural, da física, da filosofía, das belas artes e da medicina; aportou a súa colaboración ao grande problema histórico en col da po-

boación da América e as revolucións do globo terráqueo as tradicións populares, a razón do gusto e as causas e remeios do amor; puxo de relevó a honra e proveito da agricultura e defendeu a introdución de algunhas voces peregrinas ou novas no idioma castelán. As materias máis variadas desfían polas páxinas do **Teatro Crítico**, das **Cartas** e das obras de polémica saídas da súa pena, como a **Ilustración Apologética** e a **Justa repulsa de inicuas acusaciones**, escrita pra vindicarse dos tremendos ataques do franciscán Soto Marne.

O nome de Feixón enche, por así dicilo, a segunda metade do noso século XVIII. A influencia directa ou indirecta dos seus escritos foi moi grande, coma coidamos telo demostrado noutra oportunidade. Dous fins principaes perseguía o insiñe beneditino coa publicación das súas dúas obras capitás: introducir doutrinas novas en algunhas materias e desbotar de outras erros e preocupacións comúns. Desprezando o socorrido tópico de chamar "**aires infectos del Norte**" a toda extrana influencia, recomendou con teima a lectura de libros extranxeiros. Coma di con acerto Federico de Onis, a concencia da cativeza intelectual de Hespaña naceu no padre Feixóo do coñecimento da cultura doutros países, a diferenza do ocorrido con Torres Villaroel, seu contraditor, que se decatou do mesmo ao porse en contacto coa entrana mesma das realidades nacionás. Do campo dos seus estudos só excluiu Feixóo as cuestións que eran obxeto de controversia por parte das diversas escolas, e dun xeito especial, as teolóxicas. En todo aquilo que non tocaba á relixión e dogma católicos, non recoñeceu outros criterios que os da razón e experiencia; guiado por eles, sen paixón nin parcialidades, e arelando o ben dos seus concibdadáns, soupo facel-o exame dos feitos, pesar as razóns e deducir as consecuencias pertinentes.

Foi a súa crítica —pra dicilo coas verbas do seu contemporáneo o xesuíta Antonio Codorniu— "**un recto y discretivo juicio de los dichos, hechos y obras de los hombres, que, exceptuando las intenciones, regalía del corazón humano, se parece mucho al juicio de Dios; y así no es dable ciencia alguna que sea más universal**".

Residente Feixóo en San Vicente de Oviedo, e adicado por inteiro á preparación dos seus escritos e a defenderse de ataques e impugnacións, non se esquecía de Galiza, a rexión en que vira a luz, e ao concebir o proieito de "**vindicarla del injurioso concepto que el vulgo de las demas provincias de España tiene formado de sus naturales**", solicitaba en escrito de I de xuño do 1732, dado a coñecer no 1891 polo insiñe Murgía, da moi nobre e moi leal cibdade de Santiago, noticias puntuás acerca dos galegos ilustres nas armas, dos escritores esgrevios en calquera facultade, dos de sobresaínte primor nas artes mecánicas ou liberás, dos de singular industria no manexo político, dos de ventaxosísimas forzas corporás, dos de singular barileza e xenerosidade de ánimo, dos inventores de calquera cousa útil ou inxeniosa, dos grandes de Hespaña e outras casas ilustres que descenden de Galiza, das conquistas que haxan feito os galego ou sobor dos portugueses ou sobor calquera outra nación, e das descubertas por eles realizadas nas Américas.

O panorama, coma se vei polo apuntado, era compreto, e pon de manifesto unha cualidade máis da simpática figura do padre mestre: o seu patriotismo. ¿Chegou a escribir Feixóo o proieitado discurso? Iñorámolo, inda que coidamos que mon. ¿Indiferenza das autoidades a que nes consultaba? O certo é que nin no tomo quinto do **Teatro Crítico**, ao cal a destiñaba, nin nas **Cartas**, se atopa a apoloxía tencionada, cuia consulta houbera sido hoxe, sen dúbida, do meirande interés.

Un fondo e un perfil:

Galiza e Castelao

Por MARCIAL FERNANDEZ.

UNHA sorriso ancha e unha simpatía fea, de cote a frorescer na face barroca que semella mesmamente tallada en pau de buxo por un santeiro antergo, eis, no físico, arredados os antiollos foscos de carei, os riscos máis saíntes deste piñeiro pondaliano que se nomea Alfonso Castelao.

No espiritual, unha antítesis vivinte: a paradoxa do home tipo da súa caste sempre a camiñar cos pés ben afincados no chán, e o artista—viaxeiro de infindos—o pensamento proieitado cara o alén. Un lápis que fende dogmas, e un sorrir manseniño que agasalla xerarquias. Soños e realidás misturados nun complexo humán de maravillosa intuición práctica e de complicado misticismo metafísico.

Pero, Castelao e, por enriba de todál-as cousas, unha ponla da árbore da poesía céltiga, cen veces ferido polos coitelos do tempo e sempre rexa e vertical na súa fé. A armuñía do seu fungar atlántico non é a das frautas máxicas de Teócrito, que por discipriña e escola se propuxo arremedar moitas veces, señón a salvaxe armuñía dos bardos finisterráqueos agónica de isolación e esperanza, entreveirada de dúbidas e certidumes.

Home estrano Castelao e xente estrana a céltiga: xente que propende á saudade e cré ao mesmo tempo na Santa Compañía, na sagra compañía dos mortos, que venen polos vieiros do infindo, nas noites de névoa estrelecidas de mitos, a poñerse en contacto coas xentes deste mundo. Xente con ollos de neno e cabelos loiros que

desleixa en sorrisas acedas as móres traxedias da vida. Xente crítica e dogmática que retruca sempre dúbidas ao que está perto, e sai, en troques, confiada e rebuldonea ao encontro do porvir.

Para que seipades como é Castelao, quérovos explicar como é a miña caste e como é a miña terra: A miña caste é aquela que vai á misa cando escoita sinos e non sabe donde; sinos líquidos, musicaes, submariños, que tanxen a carón do corazón do planeta, no fondo da i-auga orixinal, a que foi co silenzo no comezo e será no fin. Xente que rí bulreiramente de todo o que dí o home, porque é a única do mundo que cré todo o que lle dí o libro eterno da Natureza feita Deus.

A verba que o Xudeu escribiu na terra procuráa o celta na auga, na intimidade fluvial da súa concencia, no regato do devir interior. O Cristo escribiuna co dedo na areia; pero, dispois, o vento levouna ao Océano, e veu a atopala,—facedo do bordón remo—, a Compostela, o Apóstolo Sant-Iago, gran máscara das proas gálaicas, bon patron da nosa xente mariñeira.

Os pluraes berros do mar pagano trocáronse en vos única no Atlántico, mar celtico por excelencia. E é esa vos a que canta nos carillóns do continente sumerso, é esa a que Castelao escoitou, na súa nenez, nas risoñas praias de Rianxo ou no silenzo eternal da monótona Pontevedra.

Toda a filosofía de Castelao non foi endexamais outra cousa que unha gráfi-

ca aprendizaxe caladiña para ouvir esa vos tan chea de misterio.

Cando con intelixente escrúpulo estuda as sensacións visuais, o que fai, o que procura, é decatarse da verdade de esa vos que repercute no seu subconsciente. Cando nos seus deseños, cheos, de orixinalidade, examina conceptos ou deseña ideas, non fai senon achegarse, alonxándose, por vieiros indirectos, ao vizoso pan-teísmo da súa caste.

Nin na lei formal da crítica, nin no eticismo reglamentario e clásico de Fitch podería vivir endexamais Castelao. A súa concencia lírica desentona da súa formatura universitaria, que lle non deu nunca nin gracia nin acougo. Ese acougo e esa gracia atopouna Castelao na doutrina de Berkeley. Coma o irlandés, seu irmán, o artista galego dúbida da existencia da materia, a través de cuia tona transparente cré perceber a face do mito eterno.

Para comprender ben a Castelao compre tamén examinar algunhas estampas da súa terra, e en vouvos a amosstrar esta:

Chove en Galiza. Chan e ceio figuran xunguidos pola auga. Toda a terra é a cavidade dun grande e xordo corazón. As aldeias, as mesmas eirexas pardas e os mesmos cruceiros abrilantados pola choiva. Chove no verde brando, na terra líquida, na auga terrosa. Pasa, entre auga e auga, a vaca de sempre, o roibo picariño descoorido, a meiga esfarrapada, o indiano, —feixe de osos en roupa de lustraina—, o pequeno carro chorón... Escóitanse ao lonxe, afogados en auga, os sinos de Rianxo.

Esta terra e aquela xente, orfas dende a morte de Rosalía dun intérprete do seu espírito, vestíronse de festa cando o médico mozo, feito en Compostela, guindou o bisturí e recaduo o lapis e a pena para se trocar no artista que Galiza precisaba. Ata a cantora de "Follas Novas", primeiro, e ata Castelao, dispois, frorescían na terra galega literatos, pintores e

deseñantes esgrevios; pero do que Galiza estaba urxida era de artistas que trocaran o oficio en misión. Isto fixo Rosalía, e isto fixo Castelao. Para eles o destino fincaba en ofrendarlle á súa terra unha mensaxe inmorradoira, mistura de carne de pobo, espírito da paisaxe e corazón de artista. En segundo termo, verbas arriscadas e liñas académicas. Primeiro que todo emoción e sentimento fundidos na dor e na tristura de Galiza.

O destino de Castelao consistiu en entregarse de cheo, aínda sin él se decatara delo, ao seu pobo, xeito sagro da especie, e tamén con un destino que a historia lle entregou ao saír a despedila, dicíndolle: Torna coel ou a cabalo del. Non che importe a desfeita de hoxe; pensa sempre na vitoria de mañán.

Para levar á termo esta misión, Castelao tivo de loitar contra a falsedade dunha cultura que só insina aos homes para unha felicidade inexistente.

A Galiza de Castelao non queima fogos de festa ao señorío do romanismo, nin peneira as esquisiteces en que se desleixa a vellez do mundo romano. As súas raíces afondan máis na carne viva e dan xeito a un arte que comeza donde o románico acaba. Porque Galiza, coma Irlanda e como Bretaña, todo o mundo céltico, é un mundo extraordinario cuio deus nacional é o misterio; o misterio trocado en algo que se apalpa por ondequer, dende o tangaraño e o feitizo do neno que nasce, ata o voltar da morte no seo da Santa Compañía.

Pola súa ascendencia céltica, Galiza procurou vacunarse, deste xeito, contra as artimañas medoñentas con que o aparello relixioso occidental levou a termo a diferenciación de concencia no home. A loita entre dous abolengos, entre dúas metafísicas, a céltica e a románica, foi a que dou ao meio que amosstra o arte de Castelao, un caracter excepcional que se pon de manifesto na loita sin pexas entre o deforme católico e o céltico sinxelo.

O enfrentamento destas dúas tendencias, o choque, é unha das manifestacións, aínda non ben estudadas, do intre máis interesante da cultura hespañola.

Este choque sómente podía afrontalo un artista de verdade; porque sómente él ten grandura de alma de abondo para recibir no seu peito toda a dór e toda a tristura que un intre tan intenso e fondo trai sempre aparelado. E, cousa estrana: desta dór e desta tristura semellaría lóxico que ficara no espírito do artista un resentemento ou unha xenreira para a xente; pero, polo contrario, o mesmo en Rosalía que en Castelao, sómente xurde de alí unha malencónica verdade que dá ton á existencia, a cal, afinada até o salouco, só se atreve a frorescer nunha surrisa.

A esgrevia liberdade do artista aséntase en ser nado para dicir segredos. E segredos a berros dixo sempre Castelao, con unha rexedume sómente sostida co lapis espido como unha espada, armado cabaleiro do ideal do seu país. Emporiso, este home de aparencia insignificante, é sen dúbida algunha, o máis representativo da Galiza de hoxe en todo os sentidos de potencia humán compenetrada e ao servizo do seu pobo.

Pero vou xa lonxe no meu divagar, e decátome súpeto de que aínda non falei nada da calidade intrínseca do escritor e do deseñante que Alfonso Castelao leva dentro de si. E os lectores que tiveron a pacencia de me seguir ata eiquí teñen dereito a que eu non deixo no misterio a miña opinión en asunto de tanta importancia.

Primeiramente, direi que para min Castelao ten o mérito de ser, o mesmo como escritor que como deseñante, un dos homes máis orixinas de Galiza e de Hespaña. Sin estilo ao xeito da tradición literaria ao uso, e sin unha formación académica como deseñante dunha escola envellecida polos tópicos, soupo crearse, tanto na literatura coma no deseño, un

xeito propio, un pouco deslocado si se quer, pero con unha personalidade tan forte e tan ben definida que sería moi difícil de arremedar con fortuna.

“Un ollo de vidro”, e “Os dous de sempre”, son dous contos ao xeito dos **Esperpentos**; eu diría que son os primeiros **Esperpentos** que se escribiron en Hespaña, —e que me perdona don Ramón—, que si ben foron aventaxados por Valle-Inclán en canto a estilo, o non foron no que toca a espremer da vida ambiente de Galiza o celme do seu humor máis característico.

Polo que respeita ao deseño, e arredada a produción de circunstancias da derradeira hora, Castelao interpretou a necesidade galega de crear os estímulos psicolóxicos que responderan ao mandado dunha ética, dunha metafísica e a unha exixencia social e política de xeito ben diferenciado en relación coa caste céltiga. De eiquí esas aparentes deformacións que semellan pasadelo e non son outra cousa que berros estridentes en procura dunha atención sostida a precisa para pór remedio aos difeitos ambientes.

Ao meu entender, o xeito máis propio de Castelao e que por moi encarautado que se poña en cada intre detrás das formas manidas da súa época, o seu arte barudo e sinxelo, é un arte de ascendencia céltiga na máis trascendente das significacións. Un arte que descoñece as bonitas estéticas en que se resolve o decadentismo de ocidente, como así mesmo os prexuízos dun racionalismo revolucionario que coida o trunfo do tópico en perxuizo da verdade e do arte mesmo.

Posiblemente, o antecedente lóxico do arte de Castelao atópase máis ben no primitivismo céltico que nas escolas, que el non coñeceu, donde a moda pon sempre o cuño de cada intre.

O meu desexo sería seguir divagando; pero, lémbrome de que sómente ofrecín ao lector un fondo e un perfil, e ahí están.

Outeando no Porvir

Por Manoel Porteiro Viñas.

(Canto máis lonxe da Terra
máis estou pensando nela).

(Do Pobo)

A ocupación —o traballo—, so pode aumentar **pari pasu** coa inversión. Hoxe en día, a cencia chega a dominar tanto o problema, que ten xa establecido unha relación definida entre os ingresos e a inversión, e entre a ocupación total —falla absoluta de folgantes— e a ocupación directamente adicada a inversións que se poden chamar **ocupación primaria**. Esa relación noméase, dentro da Economía, o “multiplicador”, que veu a luz, como teoría, no ano 1931, polos esforzos do profesor R. F. Kahn.

E pouco menos que imposible espallar pra o público en xeral, a teoría que acabamos de expor, pois como pequena proba debe decirse que antes ten de coñecerse, entre outras cousas, a da **propensión marxinal a consumir** na que si Y_s é o ingreso en unidades de xornás e C_s o consumo meio, tamén en unidades medias de xornás, inda que AC_s e AY_s teñen o mesmo signo,, emporiso $AY_s = AC_s$. polo que

dC_s

—
 dY_s

resulta a definición da dita “**propensión marxinal a consumir**”.

Máis non é o noso anxeio publicar cencia abstracta. Somentemente coller dela as conclusións que nos fagan falla pra que se vexa claramente que as propostas das liñas seguintes non son produto de febre ou dun desconecimiento barudo, moi mesto na actualidade.

Se, como expomos ao comenzo, folgar por necesidade, pode arranxarse facendo inversións, desexar que se logren estas é un principio, cando menos, de sentimentos humanos. Dispois, unha vez posto o leito enxendrador da riqueza, arrimar o lombo pra que vaia sendo ben repartida, figúranos xusto e posibel. Ahí está exposta, pois, a incrinación das nosas arelas nestas liñas, un pouco esvaídas, si queredes, mais cheas de pensamentos e ilusións que bouran, coidamos, nos sentidos de moita xente.

Galiza, fora de pequenas formalidades, pódese dicir que xa ten aprobado o seu Estatuto pra vivir autonómicamente, unha vez a xustiza, o dereito e mail a razón se impranten en Hespaña, razón dereito e xustiza que os propios hespañoes teremos de facer rexurdir da borralla con que o aldraxe político os acubillou pra súa vergoña... e pra súa leición.

Vai ser o Estatuto código político sen contido social? ¿Inda se estará a soñar nunha paz de cobas de morto? Os primeiros ofendidos seríamos nos, se tal cousa pasara pola imaxinación. Algún que outro miñado, poida ser que revóe, mais a xeralidade do pobo galego fará valados tan fortes e tan outos cos seus anceios nobres e contemporáneos, que as lagarteiras máis adobecidas quedarán xiadas prontamente.

Pois ben; crear riqueza e distribuíla xustamente ata que ninguén fique sen traballo, é un dos primeiros pasos do camiño a deixar pola popa. ¡Probes de nos se non queremos —inda decindo que si ou non sabemos parir o remedio, có seu acabamento, da cuestión a que nos vimos referindo!

Andase a falar e escribir do cooperativismo como pedra filosofal sen outros aditamentos. E iso non chega a nada pra un troque radical na nosa Galiza.

Velahí como vemos nos os dous instrumentos a erguer de maneira urxente, axiña que o meirande poder rexional dé comenzo á súa laboura.

CONSELLO REIONAL DE ECONOMIA

A creación deste organismo, alonxado de todo contacto burocrático, será pra estudar, xiquera —propondo acordos complexos— o seguinte:

1o.—**Problemas do mar.** Riqueza total Riqueza explotada, Riqueza virxe. Industrialización, comprendendo embarcacións de todas crases. Seguros social e outros precisos. Cooperativismo aplicabel, ou réxime distinto. Finanzamento.

2o.—**Problemas do chan.** Terra cultivada e sen cultivar. Procedementos modernos de produción aconsellábeles. Regas. Industrialización. Repoboación. Réxime da propiedade. Permutas. Cooperativas.

Seguros. Creto agrario. Finanzamento

3o.—**Problemas do subchán.** Mineiría. Augas. Outras fontes de riqueza. Meios e formas de exprotación. Seguro social. Finanzamento.

4o.—**Vías de comunicación.** Necesidades Réxime xurídico. Finanzamento.

5o.—**Obras públicas.** As que compren de inmediato. As de curto prazo. As de longo prazo.

6o.—**Situación social.** Índice da vida. Fixación de xornás mínimos. Vivenda.

Condições hixiénicas. Meios de cultura. Os sen traballo. Finanzamento do que o mereza.

7o.—**Orden facendístico.** Impostos. Sistemas dos mesmos, Maneiras de cobro. Facendas locais. Estudo acerca da creación dun Banco regulador.

Banco Regulador.

Sin un banco que teña función reguladoras, cairán por falla de alicerces todas as demais armazóns.

Os principais departamentos terían de ser

- a) Cooperativas.
- b) Creto Agrícola.
- c) Seguro Social.
- d) Outros Seguros.
- e) Sociedades de participación estatal.
- f) Tesourería de organismo rexional.
- g) Funcións bancarias en xeral.

Dentro da lóxica queda descontado que o Banco terá todo o agarimo oficial con unha vixilancia do poder público, efectiva e serea.

Pra a xente pouco afita a estas disciplinas, convén por en relevo algunhas facetas de moitísima importancia.

Canto máis outas sexan as inversións e se ocupa a meirande cantidade posibel de persoas, a propensión ao consumo será máis outa tamen, os prezos rubirán, aumentando os produtos do agro en canti-

dade e valor, o que levará a ocupar nestas tarefas a xente en folga forzosa, seguindo esa dualidade ata a desaparición completa dos parados que non sexan larcháns.

As obras públicas serán a válvula de escape. Cando as industrias de capital, por causas especiais deixen de empregar algunha xente, aquelas serán o recolledor do sobranse pra que sempre haxa traballo.

Todo canto acabamos de dicir, é o básico pra unha exampre política, a que, dende o primeiro intre, enfiará a proa a obxetivos socializantes, dende a propensión a facer compañías de participación estatal, sin enlaxarse coa ferruxe dos monopolios, ata a creación de consellos directores heteroxéneos saídos de todas as forzas produtoras —manuás e in-

teletúas— que na rexión existan, pra a boa marcha dos instrumentos que as necesidades vaian aconsellando.

E posibel que se fagan obxeccións a estos esbozos, por unha banda, e que se opoñan a eles pola outra, debido a que os atoparán rabelos, no primeiro caso, e fallos de tendencia “avanzada”, no segundo. De antemán diremos que, polo de agora, se non pode ser detallista en canto a realidade o non exige, nin pensar no imprantamento dunha sociedade totalmente socialista ao abrente do día en que os eraríns comecen a ferir o ár cos toques de alto o fogo. Uns horizontes eraros, por ben pequenos que figuren, poden ser os alicerces fortes das estacións de moi lonxe, xa que a nos fáisenos imposibel chamarlle metas a todo aquilo que, derradeiramente, pode sempre ser rebasado.



Notas en col dos centals

AS tribus celtas pertencían a un pobo de pegureiros e guerreiros que tiña ocupado inmensos territorios no val do Danubio, ao norde dos Alpes e nas Galias.

As tribus celtas gorentáballes a guerra, aínda entre eles. Estaban compostas de homes grandes e fortes, comedores de carne de porco e papas de aveia, bebedores de cervexa e hábiles condutores de carros. Os escritores latinos e gregos pintaban aos celtas coma un pobo de outa

estatura, de corpo linfático, de pel branca e cabeleira loura. En realidade había moitos celtas morenos, e os trunfadores, pra facer desfilar en Roma aos prisioneiros, debían, de acordo coa tradición popular, escollelos e tinxirilles o cabelo. Os mesmos celtas tíñanse feito da súa raza un tipo ideal que trataban de igualar. Destinxían as súas cabeleiras e pintaban os seus corpos. Máis tarde os romanos chamaron aos celtas de Escocia: Picti, os homes pintados.

O Cego de Padrenda

Por Ramón Cabanillas Alvarez.

Era eu moi neno cando o coñecín por primeira vez. Todol-os anos viña ao meu pobo nas festas principais. Aquel ano espertárouse en mín os anceios de velo. Na vida non podemos precisar como se van formando as figuras que constitúen as nosas lembranzas máis agarimadas, e non sei como omenzou en mín o desexo de ollar e douvir ao cego o acordeón.

Na niña casa ouvín falar, moito de nantes da festa, do cego de Padrenda que regalaba os ouvidos tocando o acordeón, e espertaba a malicia cantando unha copla moi loubada que era o seu meirande atractivo. Era unha copla de comadres, e as comadres foron, decote, as persoas que máis carácter diron á'nsa picaresca.

Candoeu o coñecín xa ían pesando os anos. Tiña a face moi rugosa e endexa máis vín un cego que tivera tanta eispresión como aquel cego de Padrenda. A eispresión viva des seus ollos mortos, inmortalirzuna Castelao nun coadro que se conservaba no Café de Calixto Pereira en Cambados. Surría con moita frecuencia, e na súa surrisa había tanta vida como si tivero o brillo da ollada, que é a i-alma da propia surrisa.

Levaba no seu esprito total-as cadencias da paisaxe arousán. Era nado na parroquia de Padrenda, onde os viños— que tanto lle gostaban a él— son fonte de le-

dicia e saúde. Os viños “espadeiros” que dan calor ao noso corpo e coor á nosa vida. Era nado en Padrenda, onde os agresoson revestidos da máis fermosa policromía, e reciben o agarimo dunha choiva morna e vivificante. Aquel cego era o máis popular da comarca. Tocaba na festa de Santa Cruz de Castrelo e na da Virxen das Angurias de Xil. Rubia cos romeiros o empinado monte onde se venera a Virxen das Cabezas na Armenteira e dirixía os trouleos na romería de Barrantes. Ao compás do seu acordeón namorábanse es mozos no San Adrián de Vilariño, e animaba a festa da Pastoriza na chorosa Vilanova d'Arousa.

Aquel ano veu a tocar na festa da Pastora ao meu pobo. Vino por primeira vez sentado na porta do Casino e arrodeado de moitos señores que rían es seus ditos pícaros. Cheguei no intre que comenzaba a copla das comadres. A copla chamábase “O xan Pirulé” e este nome da copla servía de alcume ao cego. A súa gracia cando a cantaba habíao feito famoso en toda a Provincia. Cruzaba unha perna por riba da outra e comenzaba a cantala cun xeito picaresco axeitado a cada pasaxe da cantiga. O acordeón tiña un timbrío que él manexaba moi ben e servíalle pra recalcar certos ditos da copla, que tiñan segunda intención. Si era tocada nada máis, pedía

dous réas; pero, si a querían “barballoada”, daquela había que pagar unha peseta. Tiña moita dinidade pra porlle precio e moita gravidade pra dicilo en castelán:

—El “Xan Pirule” tocado: Dos Reales; “Barballoado”: Una peseta.

Cando era “barballoada”, estírase mioto e comenzaba a cantar cunha voz grave e chea de malicia:

Elas era tres comadres
e dun barrio todas tres,
sarxento Mixel, pirixil,
con dominuscús,
con trisquilistris,
con ole que ole i olé,
pola túa fé,
no souto d’Alberte do Xan pirulé.
E dun barrio todas tres.

Fixeron unha merenda
para ir ao San Andrés,
sarxento Mixel, etc.

Unha puxo trinta ovos
para cada unha dez,
sarxento Mixel, etc.

Outra puxo unha empanada
de tres codos a través
Sargento Mixel, etc.

Outra foi buscar o viño:
comadre ¿canto hei traer,

sarxento Mixel, etc.

¡Traede canado e meio
pra non volver outra vez!
sarxento Mixel, etc.

Unha mira para a lúa:
¡mira que doblón da tres!
sarxento Mixel, etc.

outra mira para o Ceo;
¡mira que pano francés!
sarxento Mixel, etc.

e outra mostrando a bota:
¡mira que neno sin pés!
sarxento Mixel, etc.


Estando nesta disputa
chega o marido da Inés,

sarxento Mixel, etc.

pau a unha, pau a outra,
pau a todas elas tres,
sarxento Mixel, etc.

Ao cabo de nove meses
pariron total-as tres.
sarxento Mixel, etc.

Esta copla sinxela, que creou o anónimo, popularizouna e fixo famoso ao Cego de Padrenda. Os que somos da comarca agarimamos a súa memoria e ao son da súa música brincadeira, lembramos a face rugosa daquel cego que tanta vida tiña nos seus ollos mortos.



O Problema Linguístico de Galiza

Por Ramiro IIIa Couto.

A nota editorial do derradeiro número de "SAUDADE" está adioada á nova feliz da creación pola MODERN LANGUAGE ASSOCIATION OF AMERICA da sección autónoma de LANGUAGE AND LITERATURE OF GALIZA, PORTUGAL AND BRAZIL.

Un feito de tanto relevo e importancia pra a cultura da Nosa Terra, non pode ficar pechado no reducido espacio do editorial, e aínda que opinións mais autorizadas que a nosa, modestísima, volten en col de tan intresante tema non estará por demais facer algunhas consideracións que refresquen a memoria a aqueles que, estando coma nós, ao cabo delas, pretenden iñoralas ou esquecelas.

En Galiza existe un problema lingüístico, que, aínda que non queiran os "imbéciles e escuros" de que falou Pondal, é unha realidade viva, acesa. Galiza ten un idioma propio, de seu; e aínda que non existise unha brillante tradición cultural galega; aínda que non tivesen aparecido or cancioneros galegos medievales para testemuñar o cintilante esplendor daquela; aínda que non houbésemos tido precursores, —dos que somentes abundarían Pondal e Rosalía pra marcar unha época en calquer literatura—, nin se tivera escrito, ata o día de hoxe, unha soia liña en galego, polo feito de termos un idioma propio, teríamos dereito á posibilidade de unha cultura galega, porque iste idioma galego o falan as nove décimas partes do

pobo galego. Ista é unha realidade que non se pode ocultar fagan o queiran, e digan o que digan os detractores da galeguidade.

O oitenta por cento da poboación de Galiza está distribuído en pequenas agrupacións polo campo e a costa, estes núcleos de xente falan galego sin excepción. Vinte por cento restante está nas cidades, o idioma galego e o que predomina, pois cando se fala castelán sempre vai mixturado co noso idioma. Non podemos negar que hai xentes que se expresan a cotío en castelán, ou pretenden expresarse, que non é o mesmo. Pois xeralmente e salvo contadas excepcións, o fallan mal, constrúen as oracións en galego e falan en castelán corrompido o de léxico sumamente probe. Antre istas xentes hainos que lle teñen medo a chamar idioma ao galego, aceptando ista lingoa coma un dialecto, e na súa iñorancia non avesullan que son precisamente iles os que crearon, —e o falan—, o dialecto castelán propio de Galiza, que de feito existe.

O dereito natural, o moderno dereito, proclama que cada pobo debe ser administrado e xugado na súa propia dingoa. Non se lle pode esixir responsabilidade algunha a xentes que cometan transgresións as leises escritas en idioma distinto do que falan. E os galegos, —polo menos ise oitenta por cento que vive diseminado polo campo, entenden mal ou non en-

tenden mais que a meias o castelán—, foron sempre administrados e xusgados neste idioma.

A moderna pedagogía, recomenda o uso da lingua materna como base fundamental pra o ensino; o uso do galego nas escolas de Galiza faría mais comprensivas as ensinanzas e, polo tanto, unha maor rapidez na asimilación polos rapaces. Pola contra, o ensino en idioma que non é familiar fai dificultosa a comunicación entre o mestre e o alumno, que, cando chega a acadar a forma de expresión, esqueceu o contido dela. O ensino do castelán no **rus** galego, crea un esforzo que divide a atención e desourenta ao rapaz, facéndolle unha mentalidade lenta que o acobarda. Isto non o dita xenreira algunha contra o castelán; pola contra, e precisamente o desexo de que os nosos nenos, os nosos rapaces, poidan adequirir os coñecimentos que se imparten nas escolas con maor rapidez, interpóndose pra elo, a ensinanza na lingua oficial de Hespaña.

El non é iste un problema de hoxe, isto ven dende fai séculos; os orixes de iste mal hai que buscalos na famosa “doma e castración de Galicia” que iniciaron os Reises Católicos dispois de os levantamentos dos Hirmandiños e de Pardo de Cela. No programa de “doma e castración” figuraba en primeiro termo o esborrallamento do idioma galego, que se prosiguen a través de toda a hestoria, sistemáticamente, ata os nosos días, ata agora mesmo. A pesares de ista persecución secular o idioma galego conserva modernamente na Europa: millor que o irlandés, o galés e o bretón: millor que o flamengo, millor en moitos aspectos que o checo e estado centralista hespañol. ¿Odio, xenreira ao castelán? Non, xa diremos que non é iso. Queremos un trato de igoaldade: aos nenos casteláns ensínaselles en castelán; pois aos nenos galegos debe ensinárselles en galego. Ista é unha necesi-

dade viva e real que deberá terse en conta; aceitar isto, é facerlle o millor servizo que nunca se lle poido facer ao castelán en Galiza.

O sistema de ensino seguido en Galiza ata o dia de hoxe non rendéu eficacia algunha, a persecución ao galego fracasou rotundamente; o idioma galego non rexurde porque non morreu nunca, a nosa fala vive e vivirá a despeito dos detractores e dos indiferentes, dos antigalegos e dos probes de esprito que coidan que o falar e ordinario ou de mal gusto; o galego vive e vivirá porque as nosas rías, as nosas montañas e os nosos vals, as nosas albres, as nosas pedras e as nosas herbiñas, en fin, todo o que forma e constitui Galiza fai que falemos galego e precisamente galego, porque a nosa xeografía, a nosa natureza, creou e conformou, a súa imaxen a semellanza, o idioma de acordo coa súa estrutura, coa súa maneira de ser, e precisaríase desfaguer toda a **facies** galega, convertila en outra cousa distinta do que é pra que desaparecese con ela, o noso idioma.

El isto non hai forzas humanas capaces de conquerilo, e si houberse posibilidade de faguelo, cometeríase un tremendo crime de lesa Humanidade, porque por riba das nacións existe a solidariedade humana que se expresa na obra común da cultura. Ista obra esixe a existencia das nacións con total-as súas diferencias; as nacións teñen, polo tanto, ante a Humanidade, o deber de conservar e desenrolar cada unha a súa propia cultura autóctona pra enriquecer con elo o acervo espritoal da Humanidade, e non teñen dereito a deixarse anular, “porque todo país que se deixa anular, sin resistencia, as súas propias características, rouba a Humanidade unha parte do seu tesouro”.

A nosa posición, pois, está ben definida; defender por todol-os medios o que e noso, cuia síntesis é o idioma, sangue do esprito, meio de expresión da nosa cul-

tura. A xenreira ou a indifrencia con que foi ollada na España ista nosa actitude deunos azos pra percorrer con mais entusiasmo o noso camiño. O feito maravilloso da creación da sección autónoma de LANGUAGE AND LITERATURE OF GALIZA, PORTUGAL AND BRAZIL pola MODERN LANGUAGE ASSOCIATION OF AMERICA, goréntanos e nos

dí que estamos no bo ncamión. Isto, dónanos un outimismo, que apesares de acedas esperencias pasadas e presentes, queremos berrarlle aos trabucados, aos indifrentes, a algúns enemigos:

¡Nos estamos eiquí! ¡Hai tarefa de abondo pra todos! A hestoria escribese cada minuto! ¡Ainda é tempo!



Na Bretaña, como na Galia, os celtas, intelixentes e áxis, imitaron, dispois da súa desfeita, á civilización romá. Mais os celtas non foron bós axentes transmisores dunha cultura extranxeira. Poseían o amor ás artes e os enfeites en espiral das súas armas, das súas alfaias, das dúas alfarerías, demostraban unha fantasía superior á que poseían os románs.

A literatura europea trouxeron un senso orietal de misterio e unha concepción dramática da fatalidade que lles pertencen. Quizais coa historia de Tristan

e Isolda e coa d'El Rei Arturo o xenio celta deixou principalmente rastos na Europa.

Na formación da Inglaterra moderna, os elementos céltigos, conservados no oeste das illas, desempeñaron un bó papel. No século XX atopamos os gabinetes e os exércitos ingleses rexidos ou comandados por celtas de Escocia, de Gales e de Irlanda.

**Da Historia de Inglaterra
de André Maurois.**

« Poemas da GAL

Por Florencio Del

Notas pra unha xeografía metafórica
de Galiza

¡Galiza é infinda!

Nosa Galiza é más que toda a Terra.
No é só o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita.
¡Galiza é infinda!

Bela estrada de ensoño
con asfalto de estrelas,
a Via Láctea é camiño
que leva á Compostela,
hoxe e outrora faro,
á cibdade ecuménica
que alumeóu, na Europa,
trebas da idade meia.

Polo mundo espallados
van os netos dos celtas.
Dende a austral Buenos Aires
á parroquia labrega,
e dende a vella Hespaña
ata a China de lenda,
agros, mares e montes,
vilas, cibdades, cities, towns, aldeias,

os currunchos do globo
son de terra galega.
Galiza é infinda!

Noso meirande rio non é o Miño,
galán a namorar moza ribeira,
nin o Sil, fachendoso co seu ouro
e do seu belo enfeite de cepeiras,
noso rio meirande é o Gulf Stream,
rio que rega as buligantes veigas
e os ronseis de prata
que ás sereias gorentan;
o das risas de choiva;
lo que, coas mans de névoa,
anda a apalparlle os peitos ás montañas
para folgarse coelas
e, amoroso, cobrilas
por ser pai de regueiros e fontenas.
Galiza é infinda!

Nosa Galiza é máis que toda a terra.
Galiza só limita coa saudade;
elástica fronteira
que sirve para o tempo e para o espazo,
—onde un galego está atópase ela—,
mais que ninguén atravesala pode
aínda que leve nos papés: Poeta.

R U M B A

Quencéu o azur bongó
no lume do sol-por,
e a maraca da lúa
ceibóu os runxe-runxe das estrelas;
antre o xurdir das somas,
rítmica soma viva,
baila a preta.
Preta,

preta de arrecendo bravo,
preta,
¡ou preta! ,teu corpo é todo
berro a chamar polo macho.
Pauciños, diapasón
a regular o canto dos desexos;
as maracas, esporas
para o poldro do sexo;

LIZA INFINDA »

elgado Gurriarán.

o bongó,
termómetro a marcar febre de cíos,
rube a 40° —xa está bó—!
Preta,
preta de arrecendo bravo,
preta,
¡ouh preta! ,teu corpo é todo
berro a chamar polo macho.
Teu van é o centro do mundo;
teu embigo dictador
dos pauciños,
as maracas
e o bongó;
oldos a chisgar de bulra
os amerodos dos peitos;
o abalar das túas illargas
é terremoto dos sensos;
as túas curvas emiten
ondas de sensualidade
que, no receptor das sens,

con forte chamada baten.
¡Ou preta!,
preta de arrecendo bravo,
vibran as túas conxas, élitros
que chaman ao mouro macho;
as túas pernas interrogan
o sentir do namorado;
é o botón do teu embigo
volvoreta buligando.
Femia,
brindas o froito do sexo
dos teus cadrís na bandeixa;
femia,
fai o almasí dos teus ollos
carambola coas estrelas.
Preta,
preta de arrecendo bravo,
¡ouh preta!
amata o brado do corpo
que xa despertou o macho!

PANDEIRADA

Nenas, vinde á pandeirada,
que sinto, no peito, o adufe
do meu desexo, rapazas.

Os ollares churrusqueiros
son mans a bater no adufe
que anda a soar no meu peito.

Nenas, vinde á pandeirada,
a pór acordes co adufe
as ferreñas das risadas.

—¡Estoupe, que estoupe, estoupe o pan-
(deiro;
nas bocas froridas que estoupen os beixos;
estoupen as risas e os salaios ledos,
etoupe o xustillo, gaiola dos peitos!—

Ledicia da pandeirada:
arcos, peitos, branco, adufe,
frechas, tentacións, o rachan.

Eléctrico de desexos
vai a estouper meu adufe
vo bater dos vosos beizos.

Ledicia da pandeirada:
acordes co meu adufe
vosas ferreñas, rapazas.

—Tanxe, que tanxe, nena rebuldeira,
coas mans que buligan coma volvoretas;
tanxe, que tanxe, tamén eu tanxera
a bicos o adufe da boca bermella—!

OS GAITEIROS DE MONTGOMERY

Gaiteiros de Montgomery, irmáns na raza anterga:
Un ensoño saudoso de verdes e de névoas
—drúidicas lembranzas, follosas carballeiras—,
levades ao deserto de queimantes areias.

Netos d'El Rei Arturo o da baruda lénda,
o da táboa redonda de tradición en festa;
en tempo de alborada, con ares de muiñeira,
o Atlántico levades á terra moura e seca,

O Atlántico alteiroso— o das verdes ribeiras,
berces nos que arrolaron xentes circias e rexas,
de guerreiros alcouves, razas de cote ergueitas—
que o noso pai Breogán coas súas proas fendera.

Dos salseiros e vagas, das bruantes tormentas,
dos carreiros de escuma que á América avencellan,
e inquedos verdes agros, lecer para as sereias,
solar onde procuran a Atlántida as estrelas.

O Atlántico levades e, coel, ás irtas terras
de historia carregadas que o mar clásico berza,
de vida ceibe e nobre unha baril promesa
e a semente espallades da liberdade esgrevia.

Saúdo de agarimo pra vos, gaiteros celtas,
homes lanzais e fortes de louras cabeleiras,
oasis de saudade na Cartago deserta:
;gaiteros de Montgomery, irmáns na raza anterga!

Florencio Delgado Gurriarán

Lembranza Viva

O Crime de Carballal.

Por BIEITO BUA RIVAS.

EN días cal o de hoxe —día de Galiza—, non hai galego no mundo capás de lle furtar á Terra súa renda de afervoado homaxe. Semellante renda, que ninguén ousará fixar nunca, é coma o tempo en que vive quen a ofrece. Eisi, pois, nuns pola mor do senso panteísta con que ollan a vida, adquire xeito de rezo; noutros, estudosos ou soio máis comunicativos, corre pola billa aberta da hestoria ou do arte ou da política ou da ciencia... A mín esta hora, transida de inmensa door —door do desterro, que xa os románs equipairaban á suprema anguria da morte—, faime sentil-a emoción galeguista na figura ingrávada dunha lembranza.

Todo acontecéu a rais da ter pañado a primeira tos ferriña de que gardo memoria. Daquela os médicos opuñan á berrmeilla fera dos rillotes o inxel argumento do arume aldeián. E miña nai, que foi sempre respetuosa coa ciencia, levoume a vivir unha temporada en Triabá.

Unha mañán calisqueira do mes de Marzal, tan pedrés e tan parva como todas as transcurridas na primeira idade, arrincóume dos amigos e metéume nun carro de dous cabalos. Era pouco o camiño: légoa e meia. E fíxeno bagoando.

Atrás daquela fuga de medos, no pobo en que fun nado, deixaba a ledicia das

horas mortas en exercicios pícaros: chascos a leiteiras e mantidos. Diante, presentía ousecuramente a perspeitiva de unha aldeia esquencida. E pra colmo de tanto mal, mordéume na testa a sospeita horribel de que o vento marzeiro andaba a zoar no carro coma un eco fidel do meu pranto.

Cando chegamos á porta do casal labrego en que mouraban os meus abós, aínda eu acoraba de carraxe. Lembro que o meu abó, erguéndose dun banco de pedra en que repousaba, dixo:

—Chegades a bóa hora pra xantar.

E que a miña abóa, engadéu.

—O pequeno porase ben axiña.

Despóis, deume un bico nos ollos. E ninguén dixo outra verba.

Xantamos na súa grande, habitada por un chineiro, dúas cómodas, unha mesa, oito cadeiras de bimbía, dous sillóns, un reló de pesas e, pendurando paredes, dúas cabezas de moucho con ollos de vidro rubí, catro pistolas de chispas, dous sables alombados e un catalonxes. O que máis chamóu a miña atención foi a ollada fixa dos mouchos, que me facía rír. E ríndo, ríndo, quedeime dormido.

Espertéi asustado pola visión de que unha roda de mouchos xigantes voaba a por de mín, baténdome a face coas azas

e ríndose a gargalladas. Atopéime a oscuras, en leito descoñecido e martiriado polo tic-tac rítmico do vello reló da súa. Tiven a impresión de que non conqueriría valerme... E boteime a carpir coma unha meiga en pena.

A os meus laios, respostou a xoz rouca e cariñosa de Farruca de Romai:

—¡Non chores, meu rei! Xa vou onda tí, meu pequeno!

E dito, feito. Farruca de Romai acochóume nunha manta, i, erguéndome nos seus brazos sarmentosos, levóume deica a fiestra.

—Pra que olles —díxome— aos da parexa. ¡Hache! Velahí van pola estrada, coa súa i-alma moura, negra, como as capas con que croben o corpo. ¿Coidaches que eran pra o frío? Non, meu pequeno; con elas tapan as mans, tintas en sangue dos probes. Porque os gardas, meu rei, teñen oficio de sacauntos.

—Sendo eu nova, mataron a moza máis belida de Perdecanaí. Quitáronlle a vida, pra lle roubar trinta pesos. ¡Soio os gardas teñen corazón pra tanto! Que Xudas, cando vendéu al Señor, non se astrevera a matarlo.

—Hai coarenta anos, no tempo da ceifa, Carmela a do Río íase casar. En procura de trinta pesos que tiña nun Banco, fora a Pontevedra. E en chegando a Carballal, xa o Sol andaba derriba de Carril; a noite, coa súa boca de lobo, rematara de comel —a lus do día. E a rapaza tomou medo a se topar co **marelo**. ¡Máis lle valera, coitada! Que por fuxir

da loba do día, dou co lobo da xente: a Garda Civil. ¡Hache!

Os gardas —dous casteláns de bigotes arrequechados— prometeron levala á casa, polo camiño do atallo. Non era favor que lle facían; non, eles tamén tiñan de ir ao lugar. Que ao fin, na parexa desdescansaba a paz aldeián. ¡Raposos!... ¡Lobos!

¿Qué máis falaron? Alguén dixo que do medo da rapasa ao **marelo** e dos traballos que unha probe pasa pra xuntar trinan pesos. Mail -os gardas non diron razón. E a moza ficou mortíña no cacha-fundo carballés.

—A xente xurou que a matara a Garda Civil. Pero na nosa terra a xente vale de cote menos do que a Xusticia. E os da curia probaron, como eles proban sempre —a paus—, que a morte de Carmela era obra do seu mozo. E mandáronno a presidio. ¡Inocente!

Dende entón, meu pequeno, todo é tristura malfadada nos arredores do Carballal. Nas acedas noites de inverno, non hai cán que oubée sin ollar cara a Caserna. E nas doces mañáns de primaveira, non hai paxaros que aleden o ar. Soio a milpéndola, paroleira e arriscada, se astre a berrar:

—¿Quén a matou?

—A Garda Civil.

—¡Hache!

E logo, voando, fuxe coma un lóstrego.

¡Probe Ferruca de Romai! Agora que te foches, miña amiga, é cando máis creio na túa verba sabia.



Galiza Agrícola e Gadeira

Por Severino Pellit Varela,
(Médico Veterinario)

PRA que Galiza se salve, compre, en primeiro termo, redimir ao labrego de cativa vida de esgotamento, cárregas, rutina, envexa e ata das xenreiras en que hoxe vive, e chegar á colaboración de todol-os homes de boa fe, que teñan por lema: "Todos pra un e un pra todos", si se desexa producir e vender millor, nunha verba, si se quere vivir millor.

É este traballo froito da nosa vocación e mais do noso entusiasmo polos nosos agros, nos que temos vivido e practicado a meirande parte da nosa profesión, e aos que tencionamos voltar de novo, pra, cada vez con máis forte pulo, continuar o labor emprendido có fin primordial de axudar ao noso labrego no fermosa tarefa de crear riqueza, porque coidamos firmemente que todo canto Galiza é e representa, dimana das súas labouras, das súas producións forestás e dos seus gados criados dun xeito económico e racional-fermoso tríptico productivo que, representado pola Agronomía, Silvicultura e Veterinaria, podería simbólicamente dicirse: "Nada sen Nosoutras"— e, por último, da nosa industria peixera que representa un 30% do total da Península Ibérica.

E Galiza unha das rexións naturais de Hespaña, situada ao noroeste da mesma. Subdividida en varias comarcas e sulcada por belos e numerosos ríos, cos seus vales dunha vexetación vizosa, debido ao

seu clima húmido e tépedo; tén unha poboación moi meستا e con costumes e linguaxe de seu. A extensión superficial e poboación son as seguintes, de acordo con estadísticas de ano 1930.

Extensión superficial en 29.151 kms².
Poboación absoluta 2.248.684 id relativa 84.

As cifras de poboación están sobrepasadas na actualidade.

Respeito á agricultura e tendo en conta que a meirande parte do seu chán é habitabel, o valor económico potencial desta rexión, é moi superior ao real, debido en grande parte á causas de orden histórico, ao carácter racial moi individualista dos seus poboadores a á falla de medios de transporte. Mais, aínda cós inconvenientes enumerados, conta Galiza con unha agricultura frorescente e "in crescendo", pois asegura, en relación con outras rexións ibéricas, o que fai falla para a vida da súa poboación e a medida que, baixo unha dirección científica, vaia máis apresada a explotación, ocupará o lugar preeminente que lle corresponde e dende logo con un superávit de exportación in-calculabel na actualidade.

Ocupa Galiza, de acordo co que dí o Sr. Dantín Cereceda na súa obra "**Ensayo acerca de las Regiones Naturales**", o primeiro lugar no gráfico do rendimento por hectárea de superficie total, sendo a este

respeito a provincia de Pontevedra a no un das hespañolas, xa que o seu rendimento elévase a perto de 600 pts. por hectárea, e ocupando as da Cruña, Lugo e Ourense, os segundo, noveno e catorce lugares, respectivamente.

O rendimento por hectárea de superficie total ascende en Hespaña a 182,17

O rendimento por hectárea de superficie total ascende en Galiza a 362,66 Pts. O rendimento por hectárea de superficie cultivada oscila en Hespaña entre 250 a 800 Pts.

En Galiza é, tamén por hectárea de superficie cultivada, de máis de 750,00 pts.

Os datos que deixo expostos demostrannos, dunha maneira clara e terminante, que si Galiza produce actualmente estas cantidades, do que nasce o optimismo e confianza nas nosas forzas, avencellando o pasado con un porvir cheo de esperanzas, qué será o día en que a súa explotación estea dirixida dun xeito racional e científico!

Pola súa Gadeiría é sen dúbida Galiza a terra máis privilexiada da Península.

O armentío ou gado vacuno explótase con grande intensidade, sendo Galiza coas provincias do Norde as que contan co 50% desta variedade.

O gado porcino, "Suidos", dos cinco millóns, aproximadamente, que ten Hespaña, figura Galiza, según o Censo da Dirección Xeral da Gadeiría publicado no ano 1933, con 866, 347, un sexa 29,35 por km. 2, ou 422 por cada mil habitantes.

Compre relacionar estas cifras co promedio de Hespaña que é de 9,9 por km. 2, e de 236 por cada milleiro de habitantes.

Comparando á nosa Terra con Bélxica resulta que á nosa situación é moi precario, pois o promedio desta crase de animais é nesta nación de 98, por km. 2; e si a comparanza a facemos con Dinamarca, sería aínda máis desventaxosa, pois sendo Dinamarca un país frío e bretemoso, onde se non ve o sol máis que unhas quíntas horas en todo o ano, acadan a colosal cifra de 111 porcos por km. 2, sendo a cifra absoluta igual á de Hespaña inteira. Alguén, por cursidade, farase estas preguntas: ¿qué ocorre neste pequeno país pra que se produza tanto gado? ¿a qué se debe esta riqueza? Sinxelamente alí ocorren-millor dito, ocurrían antes do ano 1940-moitos cousas, que resumimos nestas dúas grandes forzas: Insino e Cooperación.

Deixamos, de xeito, de facer un exame desta cuestión pra outro traballo que faremos nesta Revista, e no que tencionamos ampliar datos relacionados coa riqueza pecuaria de Galiza, así como tamén das súas industrias derivadas, que xa procuraba encamiñar e moitas delas estaban en franco movemento progresivo; exempro delo as grandes industrias pesqueiras e de salga existentes nas sen parrias galegas. Estudaremos igualmente a Avicultura, de moita importancia, enfocándoa dende o punto de vista do cooperativismo.



Un Aventureiro Galego no Amazonas

Por Celestino López.

NO outo Ucayaly, á beira do río, vivía un home chamado Besada, de moita sona en todas aquelas terras polas súas fazañas, que tiñan cheos de medo a todol-os poboadores daquel lonxano país. Nascera na provincia de Pontevedra, e decíase que fora nun tempo presidiario en Hespaña e fuxido do penal de Ceuta. Facía moitos anos que residía no outo Ucayaly antre os indios Campas, adoitándose tanto aos costumes e ao seu meio, que semellaba ser un verdadeiro indio fillo daquela terra. A súa millor preparación, habilidade e picardías de trotamundos, erguérono á categoría de “Curaca” —cacique—, ou sexa dono e señor da tribu. Casara coa filla do xefe da mesma e á morte de este ficou ao fronte dos destinos da devandita rexión. Da xuntanza coa india tivo un fillo ao que puxo por nome Xusto.

Na súa casa vivía coa muller, o fillo e mais un estado maior de indios campas, como correspondía a un gran xefe. Toda canoa ou embarcación que navegase por diante da súa casa, debía atracar si estaba ao alcance do seu rifle. Logo negociaba co dono da embarcación, dándolle caucho en troque das mercancías que lle facían falla, ou apoderándose destas pola forza si lle opuña resistencia. Os indios que mandaba traballaban o caucho pra el e desta maneira tiña nas súas adegas grande cantidade deste produto, que lle servía pra os seus negocios de intertro-

que. Tiña espaventada á xente de tal maneira, que moitos agardaban polas somas da moite pra pasar en silencio por diante dos seus dominios, ou cinguidos á beira aposta pra previr o ataque.

En Iquitos, capital do Departamento, tiñan coñecimento do bandoleirismo deste suxeito, e nunha ocasión desplazouse unha lancha cañoneira con forza armada pra apreixalo, mais era inútil: a súa garda de indios era permanente, tanto na orela coma nos extremos da súa propiedade. Se xulgaba que os expedicionarios eran inferiores, daba a orden de asalto e roubaba as súas vítimas; si, polo contrario, vía forzas superiores aos seus guerreiros, retirábase ao interior do mato, onde se facía forte, xa que tiña sempre parque de abondo, boas armas e os seus indios manexaban perfectamente o rifle.

O seu fillo Xusto era un baril mestizo: este rapazote que aínda non contaba dazasete anos cando o coñecín, tiña recibido algúns insinos do seu pai e sabía ler e escribir dun xeito rudimentario. Viaxaba por aquelas ribeiras nunha gran canoa tripulada por reloxos indios campas, percorrendo aquelas paraxes en todas as direccións e visitando algúns poboados e factorías limítrofes. Era simpático e arelaba a adquirir coñecimentos do vello mundo, pra o que procuraba de cote a amizade de todas aquelas persoas que coidaba podían darlle algunha orientación. Ao contrario do seu pai, tiña unha gran-

de popularidade e a simpatía de todos que o trataban, polo seu carácter nobre e franco.

Tiven ocasión de coñecerlo, por casualidade, nunha praia na que fixemos noite xuntos. El baixaba a corrente e eu ía en dirección contraria, coincidindo ao sol-por nese lugar pra facer o acampamento e pasala noite; como acampara a poucos metros de donde eu estaba, achegueime a el pra preguntar quen era. Ao darme o nome, algo me sorprendeu polos antecedentes que tiña do pai, mais axiña que o interroguéi deume a sensación de ser un rapaz sinxelo. Cando lle dixen que eu era hespañol e galego, da terra do seu pai, amostroume unha forte ledicia e desfixose en atencións pra conmigo, ofrecéndome a súa leal amizade. Ceamos xuntos e pasamos a meirande parte da noite a falar de cousas de Galiza á que coñecía polos relatos de seu pai, e o que quería con toda a alma earelaba coñecer persoalmente. Fíxome moitas preguntas da Terra e ao despedirnos, reiteroume a súa máis sincera amizade.

Pasado algún tempo, co gallo dunha viaxe polo outo Ucayaly, veu a atoparme pra decirme que o seu pai arelaba coñecerme e me pregaba o acompañase a súa casa, onde se me ofrecía unha cordial hospitalidade. Ao comenzo negueime a aceitar as súas xenerosas ofertas, cheo de receios pola sona de seu pai, alegando a urxencia dunha viaxe, mais ao fin, diante os seus pregos, aceptei a súa invitación, tomando as precaucións que o caso requería.

A entrevista co vello Besada foi cordial e garimosa. Recibeume na súa casa arrodeado de centos de indios campas que

me fitaban con curiosidade, mais con respecto e cerimonia. Agasalloume espléndidamente e desexaba que a miña permanencia na súa casa fose o máis longa posible. Alí estiven dous días; falamos moito de Hespaña e aínda máis de Galiza, enchéndoselle os ollos de bágoas ao lembrar-lle os seus agros e costumes e as súas xentes. Decíame con tristura: “eu xa non poderei voltar alá, mais quero que o meu fillo vaia a coñecer aquel paraíso”. Tratei de esquencer na miña leria os antecedentes e a sona que enchían de somas a súa vida, levando as miñas verbas ás gabanzas que me merecía o seu fillo, do que me fixen moi amigo, e en col de todo, a lembrar á nosa amada Galiza, pra a que el gardaba de cote unha garimosa lembranza. Algúns contos relatados por min en galego enchían de lediza e facíanlle lembrar a súa nenez. No transecurso da miña conversa puíden decatarme de que non era tan brutal como as xentes decían; falaba con xeito e demostraba ter certa cultura. Xulguei polo tanto exaxeradas as opinións e as historias que se facían del. Ao despedirnos deume unha garimosa aperta, dicíndome que alí deixaba ao paisano e amigo incondicional e que lle gorentaría serme útil cando me fixera falla, insistíndome en que cada ves que pasase por alí non receiase ir a velo. Parecéronme sinceras as súas verbas, e partín daquela casa con unha impresión ben distinta da que tiña ao entrar. Cando chéguei ao embarcadero, tiñan formada unha numerosa garda de honor —indios con Xusto á cabeza— pra despedirme ao seu xeito coma coresponde a un gran personaxe, facéndome algúns presentes e reiterándome a súa leal amizade.

Foille Galego

Por Roxelio R. de Breaña.

Era como un soño. As ánemas chegaban a min voando con áas de ventos de tormenta. Entre brétemas de recendo saudoso, bretemas de soñar, a ánema mais ousada achegouse a min e me dixo: Foille galego. Mireina extranado. Foile galego-voltuome a repetir-sinalándome outra ánema a quen as outras arroteaban.

Puxen mais intrés no que me decia aquela ánema. O mesmo que unha pantasma, coma veu se foi. Non tardou moito en voltar, pro ista vez traguía no peito unha estrela a brilar que lle daba un aspecto esplendoroso.

Eu son Galizia. Floto no ar, orredor de onde calqueira galego se atope. Son a lembranza do lar desfeito pola ausencia do migrante. Levo moitos anos de vagar polo mundo... milleiros de anos. Agora viñen xunto de ti e de paso che amostrarei, o corpo de isa ánema que quedou na terra, aquela que as demais ánemas que me fan compañía, teñen no meio.

O galego élle universal-medixo é un, enté do mundo onde queira que se atopa. Ten curazon de abondo pra amar á súa terra lonxana e á que lle da acomodo. Que dei matinando no que me decia. Lle perguntei que tiña que ver iso co corpo que me ia amostrear.

Non me respostou, pro seguíume falando igoal que endenantes Moitos non nos comprenden, ás vegadas alá no infinido axuntanse as ánemas dos bos e xenerosos e contan cousas cada un da súa época.

Fai poucos anos que chegou Alexandre: dende enton traio ista estrela que agora ollas brilar no meu peito.

Alá están Curros e Rosalia; un é o

bruar das tormentas, ela e o marmurio das augas dos riachos.

Cando todos iles se poñen a falar cada un do seu entón alumean aos galegos que camiñades na vida. Cada un deles é o voso siño. Un é o arrollo, outro é a violencia, a suavidade e a forza.

Agarroume da man e levoume coela. Entramos nunha eirexa. Paroume diante dun sartego de vidro alumeado por catro velas. Quedou calada un intre, coido que rezaba. Cando rematou dixome: Saiu da Terra, porque lle non era de abondo aquil ar pra encher o seu peito. Un día agarrou unha carabela e veu a evanxelizar istas terras. Correunas de enriba abaixo, ata que unha saeta o matou. Era frade franciscano. Hoxe coñécese no mundo cristiano co nome de San Sebastian. Iste é o corpo que eu lle decia que quedara na terra. Haille moitos que queren facernos alleos, dándonos unha lingua que nos é extrana, coidando que deste xeito fan unha patrea. Iste foi un santo varon que nos amosta o único xeito de que se pode deixar de ser galego; que é convertíndose en universal. O galego é esi e por mais que fagan non poderá ser doutro xeito.

Desapareceu da miña veira de súpeto e cando espartei decateime de que fora un soño que eu tivera. Erguinme, e din en camiñar pola Cibdade de Puebla á procura da eirexa da Anema. Atopei-na. Cando entrei atopeime co mesmo sartego de vidro, co mesmo cadaleito que me mostrara a ánema na noite derradeira, cando me agarrou da man e me dixo: Foi Galego. A lus do día vino ven. Era a mesma anema á que as outras arroteaban aquela noite do meu soñar, que fora xustamente a noite de ánemas de Galiza.

Canción do Espírito do Lago

I

A CANCIÓN DA SAUDADE

Eu son unha Arela encadeada
son un río prisionero.
Nascín no ventre de pedra dunha montana.
Dende pequeniño tiven sede de liberdade.
Mal engatiñaba polos pedroucos, saín, en procura de aventuras...

Miña Divindade chámase acaso...
Miña buxola chámase incertza...
Eu teño unha i-alma de nómada...

Ao comenza eu era azul e tenue como as veias
que sulcan a fronte das criaturas e as mans
liliaes das donas do renascimento.

Devorei, dispois, todol-os regatos que cruzaron
a meu camiño, engordei como unha serpe farta.

Soño paisaxes novas. Odio a inmovilidade.
Son a arela dun acaso contida no desespero
dun vrisioneiro...

II

A CANCIÓN DA ANGUSTIA.

Eu camiñaba na terra sin roteiro, engadado
polas distancias. Alguén me chamaba para
alén do continente...

Eu rachaba as leiras coa miña espada cór de
prata.
Cabriolaba coma un saltimbanco no trampolín
dos esfragadoiros.

Procuraba o Imán verde...

O Imán verde é o grande reinado das augas.

A terra sofía coa miña violencia
Mandouaos caborcós engaiolarme. O río que
fun morreu. Os lagos son cadvres de ríos acubillados
na coba das marxex...

III

A CANCIÓN DAS MEMORIAS

A noite soño que son dono da lúa. Ela desce
do outo e eu apreixo coas miñas mans de
auga. Abanéoa no meu seo coma se fose unha
boneda de prata...

E lembro:

Outrora brincaba no rodicio e xogábamnos á
roda dun xeito vertixinosamente toloñ. Eu
ría coma un xogral ata cubrir de espuma os
meus beizos.

E a copa dos amieiros faguía cair sobor de
min unha choiva de follas de prata...

Corzas de funciños tenros ollábanme no
espello errante que eu era. Facía cantar á
cotovía e rolar á estrela xiratoria dos muíños.
Singlaban meu lombo cadávres de follas e de
rosas...

Meus pés de auga ficaron parailíticos rendéron-
nos no argástulo da scomportas.
Estou hidrópico e branco a espello o tedio
dunha única paisaxe...

IV

Coñecedes acaso a fascinación da voz que me
chama- ten o ruído das cunchas e a armoñía
das ardas de coral e madreporas.

E a música do sen límites!

Ninguén resiste o seu chamamento! Eu quero
fuxir da prisión que me prende! Un día re-
suscitarei na evasión dunha enchente. A tem-
pestade crebará as portas da miña cadea. Hei
de correr coma un doído, acorrendo ao apelo
da voz que me chama, ata fundir miñas augas
nos brazos do monstro verde e aguniar no
espasmo ao sentir a presión dos seus múscu-
los de ondas, abanado pola ilusión irisada de
seu soño de escumas!

Ista é a canción do meu Odio!

Iste é o cántico da miña Cinganza!

CANTIGAS DE HUMOR

Amores, cortei un dedo,
amores foi ben cortado,
quen teña o mal que o cure
qu'a min non me dá coidado.

Cando a lebre diga misa
e o coello seia abade,
de ixarei o meu querer
por coller a túa amizade.

—Casaime, meu pai, casaime;
—miña filla, non tes roupa;
—casaime, meu pai, casaime
qu'unha perna tapa a outra.

Este año hai moito trigo;
;casamentos qu'ha de haber!
hase de casar a fame
coa gana de comer.

Funm'a casar á montaña
qu'é terra dos maragatos;
déronm'unha muller vella
toda roída dos ratos.

Miña cuñadiña nova,
meu irmán éche pequeno;
si queres que medre logo
mándall'o almorzo cedo.

Miña roquiña espenada;
meu fusiño por encher;
a miña sogra enterrada;
o meu home por nacer.

Na miña vida tal vin
na aldea de Sigrás:

unha cadela con pitos,
unha galiña con cás.

O cariño que che teño
e máis o que ch'hei de ter.
cabe na casca dun ovo
a mais a non ha de encher.

O gaitero toca a gaita,
a muller o tamboril,
os fillos as castañetas;
na miña vida tal vin.

Quen ande de noite a lúa
por causa do seu amor,
e a moca por cobertor.
que tome ás pedras por leito

Se ti viras o qu'eu vin
fuxiras com'eu fuxin,
un gato nunha ventán
tocando nun violín.

Se ti viras o qu'eu vin
alá riba en Monterroso,
sete frades dun convento
d'a cabalo dun raposo.

Vive, ti, dorme, descansa
e por min non teñas pena,
porque, me téis tan segura
como a i-auga nunha cesta.

Xaniño, Xaniño, Xan,
perniñas de carabullo,
andas enganando as nenas
de noite polo escuro.

A muller que ha de ser miña,
ha de tel-o cú de pau,
a barriga de cortizo
e os peitos de bacallau.

—Preguiciña, ¿queres pan?
—Si, señora, si m'ó dan.
—Vai a buscal-o coitelo.
—Non señora, non o quero.

As costureiras d'agora
foron feitas ao sisel,
son amiguiñas dos homes
com'as abellas do mel.

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas;
lévame no carro, leva,
comerei das máis maduras.

Costureiriña bonita,
¿dónde tes a túa cama,
no poleiro das galiñas
nunha presiña de palla!

Costureiriña bonita,
volve polo devantal,
que che queda de bandeira
na raia de Portugal.

O ferreiro foi á misa
non soupo dicir o credo;
cando tocaron a santos
acordóuseñe o martelo.

A que non vich'o qu'eu vin:
na feiro do Rapadoiro
veinticinco xastres xuntos
cosendo nun barredoiro.

Sete xastres fan un home
o ano do pan barato;
o ano qu'o pan é caro
xa fan falla vintecatros.

Sete xastres fan un home,
catorce fan un testigo,
para botar unha firma
fanche falla veintecinco.

¿Quén m'ó compra, que ll'as venda
catro cousas nun raial?:
un xastre, unha costureira,
unha agulla e un dedal.

Non hai amores máis firmes
que do gaitero e a gaita:
eu sopro e i-ela toca,
nin a engaña nin me engaña.

Adiós, miña miniña,
lévote no corazn:
pra rir e pasalo tempo,
para outra cousa non.

Agora que foi e foi,
nena, non teñas pesar;
agora que foi e foi
Diol-o ha de remediar.

A miña muller morreu
enterreina tras do forno,
pasei onte por alí,
inda me choscóu un ollo.

A vella perdeu o vello
por entre a palla do millo;
a vella queda chorando
polo seu agarimiño.

Dáme viño, dáme viño,
auga non podo beber,
senche desta condición
e coéla ch'hei de morrer.

Déixam'ir déixam'entrar,
déixam'apartar a rama,
déixame dormir un sono,
miniña, na túa cama.

Esta noite hei d'ir aló,
rapaza, non teñas medo;
coma son home de pas
non poñal-o tarabelo.

Státe quedo, meliciano,
non me rompal-o refaixo:
si queres que rompa logo
bótall'a man por debaixo.

Eu entrar entrei no prado,
eu coller collín na herba;
eu que fixen o derramo,
tamén cargarei coa perda.

Heiche de dar, quiridiña,
heiche de dar perendengues;
heiche de dar quiridiña
heché de dar xa m' entendes.

O amor da costureira
é amor moi delicado,
que si l'apertan o dedo
logo entended'aquel recado.

O crego e mail-a criada
botaron o pan no forno;
e os pequechos lles dician:
nanái, teta, papái. bolo.

O crego foi ao moíño
co cenico na cabeza,
escorréronll'as chinelas
alá vai de cu na presa.

O cura chamóume rosa,
eu tamén lle respondin:
destas rosas señor cura
non as hai no seu xardín.

Os estudantes da vila
apertaill'os quivis covis;
porque, cando lles ven ben,
dicen miserere nobis.

Si queres qu'o carro cante
bitall'o eixo de freixo,
e si queres qu'o amor veña
dalle talladas de queixo.

Teño unha nena enganada,
miña nai, ¿qué lle farei?;
meu filliño, engan'a outra
qu'a esa eu lle pagarei.

Teño xuramento feito
e o teño de cumprir:
o dia do meu enterro
non hei de cantar nin rir.

—Tóma nena, tóma nena!
—Non quero dar nin tomar,

qu'eu por entendido teño
qu'o que toma ten que dar.

Miña nai de pequeñina
mandoume coas ovellas,
o volpe comeum'un año
aquí lle traigo as orellas.

O merlo e mail-a merla
ían polo prado abaixo;
a merla como é pequena
escorreu, caieu debaixo.

O meu paxariño, nenas,
voa no voso arboredo,
correndo de pola en pola
brinca na pola do medio.

Ao sol chámanlle Lourenzo,
e a lúa Margarida;
Margarida anda de noite
e Lourenzo polo día.

Cantade, nenas, bailade,
sacodide o farroupeiro;
qu'a que non canta nin baila
é a que se da primeiro.

O señor cura non baila
porque di que ten coroa;
baile, señor cura, baile
que Dios eso l'lo perdona.

Tiro-liro-lí-miña-gaita,
tiro-liro-lí-que che falta;
tel-o viño na bodega
e o pantriguíño na arca.

A miña muller, Farruco,
é ch'unha cumprimenteira:
bebeu un xarro de viño,
comeu unha bola inteira.

A muller de Roque Troque
anda bailando na eira:
¡Roque Troque está mirando
como a muller se peneira!

Andas d'abaixo pr'arriba.
coidas que ninguén ch'o sabe;
sábeo Dios e todo o mundo
e a cadela do abade.

Aquel que anda no baile
sacode ben os calzós:
¡quen lle dera dentro deles
un ferrado de abellós!

Din qu'a reiña está preñada,
que ten a barriga dura:
¡vai a traer para Maio
un corvo e mais unha rula!

Meu santo Bras da Diana
feito de pau d'amieiro,
irmán das miñas zoquiñas.
Criado no meu lameiro.

A galiña pón o ovo
pr'a proveito da muller:
o home vai par'o monte
¡come broa si a quer!

A miña muller, Farruco,
éche unha comprimenteira,
co rabo dunha sardiña
comeu unha bola inteira.

Miña sogra morreu onte,
deixoum'o caldo na ola:
¡Vamos comendo e roendo
quen se morren que se morra!

Eu caseime con un vello,
¡non sei qu'estaba pensando!
todo o día funga, funga,
todo o día anda fungando.

Arrenegaches de moza,
qu'un bico che quixen dar:
¡quén che dera agora, vella,
que t'eu quixera bicar!

—¡Ai!, miña nai, que me morro,
—Miña filla, confesión:
¿as castañas que comiche
de qué castañeiro son?

¿Voste qué ten? ¿qué lle doi?
¿voste qué lle doi? ¿qu éten?
¡ai, vosté,, troulóu, troulóu,
vosté troulóu con alguén!

Alá riba, non sei donde,
atopei nin sei con quén;
á porta de xa me esqueunce
non me podo lembrar ben.

A muller que capa aos homes
traí a faca na Faqueira:
¡fuxi homes fuxi homes
qu'ahí vos bén a capadeira!

Os Amores do Moucho e a Laberca

Eu ben vin stal-o moucho
na ponla dun abeneiro
coa subela na man
deprendendo a zapateiro.
Eu bèn vin stal-o moucho
na ponla dunha figueira
con unha agulla na man
deprendendo a costureira.
Eu ben vin stal-o moucho
no meio daquel pinal,
estas palabras dicindo:
'que se quería casar'

Coma non tiña muller
á laberca foi chamar,
ela, ao velo tan fachoso,
se lle non quixo acercar.

El, como estaba tan louco,
por se querere casar,
non atopou a laberca
e tivoa que olvidar.

—Eu voucheme retirando
que teño que traballar;
qu'eu, par'o meu casamento,
perdo o tempo no esperar.

—Quédate con Dios, mouchoño,
adiós, valente larpeiro,
ti atende a traballar
no oficio de zapateiro.

FARMACIA A M E R I C A

Bucareli 69

M E X I C O, D. F.

Medicinas de Patente
e Artigos de Perfumeria

Os millares prezos da Capital
Atención especial ao despacho de
— recetas —

Eric. 12-50-39 — Mex. L-22-06

"L A P A E L L A"
RESTAURANT

—o—

Se quere vostede xantar ben e abondo,
vaia coa señora Bustamante quen serve
as millares comidas á mexicana
a hespañola

República del Salvador 2-1 Eric 13-57-93

CAFE

Venecia

•
EXQUISITO CAFE EXPRES
XEADOS FINOS

•
16 de Septiembre, 18

Eric 12-19-77 Mex. L-93-10

Hotel

B I L T M O R E

Ramos Arizpe e Plaza de la República
Frente Monumento de la Revolución

M E X I C O, D. F.

O preferido polos turistas e homes
de negocio

Baños e Teléfonos en todas as
Habitacións

Tel. Eric. 13-38-90 e 13-38-91

Magnífico servizo de Bar e
Restaurant a Toda Hora

Almacenes

"LA CASA GRIS"

DONCELES 46

EXPOSICION DE MUEBLES
CALIDADE E PREZOS

Eric. 13-29-52 México, D. F.

Restaurant

"ELBA"

ABERTO DIA E NOITE

— SERVICIO ESMERADO —

San Juan de Letrán 76 Esq. a Meave

GASOLINA

•
MANUEL MAZOY

MINA Y ALDAMA

Tel. Eric. 13-12-43

PRA COMER BEN CASA

Xaquín Piñeiro

TURIN Y VERSALLES

•
México, D. F. Tel. Mex. J-66-27

CABLES DE ACEIRO
MAQUINARIA E REFACCIONS

HIS-MEX, S. de R. L.

Artes No. 13 Apdo. Postal 656
Eric. 18-32-32 Mex. J-66-99
MEXICO, D. F.

SI QUEREDES XANTAR BEN
IDE POLA

Casa de GALICIA

—RESTAURANT—

Bolívar 30 Ts. 12-29-36 e Y-15-10

“Brigancia” e “La Bolsa del Motor”

COMPRA E VENDA DE MAQUINARIA, MOTORES ELECTRICOS, DE
GASOLINA, TRACTOLINA, E DIESEL. BOMBAS E MAQUINARIA
EN XERAL. OS MILLORES PREZOS
COA MEIRANDE GARANTIA

Iturbide, 31 e 36

MEXICO, D. F.

Tel. L-3914

Farmacia ‘Lily’

Completo surtido en medicamentos de
Patente. Perfumeria e artigos de toca-
dor. Escrupulosidade nás recetas.

Servicio a domicilio.

Av. Insurgentes 367, Esq. Michoacán
Tel. Eric. 14-21-58

Mueblería El Puerto de Vigo

A millor calidade e os millores prezos

ANTON Y TESTAS

F. I. Madero 1 Tel. 3-88
Pachuca, Hgo.

“CASA LA AMERICA”

ALMACEN DE ROPUA E NOVEDADES

OFRECE A VOSTEDE O MILLOR E MAIS BARATO EN TODA CLASE
DE ARTIGOS PRA DONA E CABALEIRO.

PIDA PREZOS FICARA SATISFEITO

3 Norte No. 5 Letra B.

PUEBLA, Pue.

Maternidad Española

DR. MARQUEZ

da Universidade de Santiago
de Compostela

Córdoba 123

● Tel. 14-2469

Cía. Química Anglo Mexicana
S. de R. L.

Importadore e Distribuidora e
Productos Químicos e
Farmaceuticos

GERENTE A. CARDERO

Niza No. 67-A Eric. 14-64-14 28-83-41
México, D. F. Mex. L-75-60



"Imprenta Gallarda". I. A. Franco.
Uruguay 40. - - - - México, D. F.

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS



V

SUMARIO

RAMON DEL VALLE-INCLAN: Cantiga de vellas.—ALFONSO CASTELAO: Galiza e Valle-Inclán.—ALFONSO REYES: Unha lembranza de Valle-Inclán.—MANUEL PORTEIRO: Valle-Inclanescas.—XESUS DOPICO: O Capricho Español e Galiza.—BIEITO BUA RIVAS: Namorado da auga viva.—ROXELIO R. DE BRETaña: Nouturnal poético. Romanza de Conde Laiño.—ANONIMO: Poema Gaélico.—NOTAS.—Deseños de ARTURO SOUTO e COLMEIRO.

DIA DA NOSA TERRA 1944

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADA POLO GRUPO SAUDADE

Editor responsable: Ramón Cabanillas Alvarez

V. Carranza 5 Desp. 5

NUMERO 5

MEXICO, D. F.

AGOSTO 1944

Solicitado el Registro legal en la Administración

REDACCION

Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, R. Illa Couto, R. Cabanillas Alvarez.

COLABORADORES

Antonio Alonso Ríos, Xerardo Alvarez Gallego, Xejús Bal y Gay, Eduardo Blanco Amor, Bieito Búa, Rafael Cardona, CASTELAO, Manoel Colmeiro, Xexús Dopico, Marcial Fernández, Xohán García, Sebastián González G. Paz, Chita Lamas de I. Couto, Celestino López, Xohán López Durá, Ramón Martínez López, Agustín Millares Carlo, Emilio Pita, Manoel Porteiro Viña, Severino Pellit Varela, Ramón Rey Baltar, Alfonso Reyes, Rogelio Rodríguez de Breñaña, Lois Seoane, Arturo Souto, Uxío Souto, Ramón Suárez Picallo, Lois Tobio, Adolfo Vázquez Humasqué.

Administración e publicidade
Andrés Valín Salvador

SAUDO

Fai un ano que nesta mesma data da nosa Terra saeu o derradeiro número de SAUDADE. Un ano máis de bágoas que cobre ao mundo nesta guerra pola Xusticia e a Liberdade. Na Galiza irredenta fican milleiros de homes que fai oito anos que non coñecen a luz do sol. Pra eles vai noso pensamento coa esperanza de que este ano que meia sexa a ano ventureiro da súa liberación. Milleiros de xentes cantan hinos de paz e de trunfo que resoan nas cadeas e que, a cotío, vencen a dureza das rexas carceiras. Mans anónimas e valentes, nas somas d'noite cobren de frores azúes e brancas os momentos de Curros e Rosalía, como homenaxe aos poetas que máis cantaron as grandezas da nosa Terra e como condenación pra es que a teñen agrilloada. Neste día da nosa Terra saudamos a alborada que libere a Galiza dos treidores e leve aos seus mellores fillos polos camiños da Paz que tanto merecen.

HOMENAXE

Nunca estiveron as llamas de SAUDADE tan cheas de orgullo como neste número no que se colleitan verbas de homenaxe a Valle-Inclán, un dos nomes máis esgrevios na literatura de Península. Nas letras hespañolas contemporáneas, ningún nome figurou con tanta personalidade como o de D. Ramón del Valle-Inclán. Literato de exquisita sensibilidade tivo na novela es creacións máis orixinais de súa marxistral fantasía. Describeu os homes e as paisaxes con acerto indiscutíbel. Foi o escritor moderno que máis oído senso tivo da estética. A beleza é a nota dominante na súa inmorrente ebra. Nas súas descripcinós mestras están as derradeiras espresións do clásico hespañol. Apenas si escriben en galego; mais, tivo unha visión tan grande das nosas cousas, que non houbo escritor de fala galega que o superara na feitura de situacións rexamente galegas. Todas as verbas conque Valle-Inclán enriqueceu a fala castelán —e son moitas— teñen o seu orixen no galego popular, e andan de boca en boca no noso pobo como homenaxe permanente a D. Ramón. Craro que ningún como D. Ramón entendeu o lingoaxe das meigas e ningún com él soupo decatar e outo valor do esprito aventureiro do galego. Todo o geyesco de súa obra deprendeuno D. Ramón nas conversas que sostivo co-as pantasma que van nas Compañías, e perfeicionouno cando dirixeu —nunca se deixou dirixir— xuntoires en latínorie nas encrucilladas, ao pé dos cruceiros. Toda a fantasía aventureira dos seus personaxes, naucelle percorrendo o mundo, conquernndo terras e amancebado vírxenes. E como o seu antepasado Bradomín, pasou pola vida envolto nunha capa española, con longas verbas e un brazo de menos.

CANTIGA DE VELLAS



Revelaron os galos ao día
a ren do piorno nun craro luar.
Espallóu nas augas unha letanía
a fíos das tellas pasóu de vagar
o gato de vella doña Estefaldía

Rancia señoría
que se espiolla soolar
e aparenta ao día
no balcón a fiar

Rancia señoría que tapa os buratos
do estrado, cós foros comestos dos ratos.
Rancia señoría de maravedí,
dentes de can vello, falda de organdí.
¿Que foi de velliña Marica Pepiña
que andaba na casa dende bigardona?
¿Que foi da galiña moñuda que tiña?
¡Levaba os pitiños como unha infanzona;
Como son tan vellas ama e mangoleta
toman augas de herbas crebadas no lar,
levan polcainiños feitos de calceta,
como son tan vellas, hanse de cuidar.
O leite da vaca mercan os veciños:
un rapás novo que se doe do pleito,

a i-ama do crego para seus touciños
e a maza pra un vello que le escofa o
pra vender o leite de vaca marela (leito:
elas toman soio augas doña Estefaldía,
toda entre refaixos sentada na cama.
Sopla 'a mangoleta na lareira fría
e inflando as fazolas levanta unha flama.
A galiña canta baixo do balcón,
doña Estefaldía salta no alfombrín,
sai a mangoleta batindo o portón
e o galo moceiro canta paladín.
¿Que foi da poedora galiña moñuda,
das calzas lilailas e tan repoludas?
¿Que foi da velliña Marica Pepiña?
¿Que foi da fidalga tan magra e tan galga
Morréu a galiña aos dentes da marta.
Morréu a fidalga de augas quentes farta.

A mangoleteira
ficóu na lareira.

O trasno, as vexigas estoupóu nas vellas,
fai a ronda o gato polo fío das tellas
e camiña o tempo facendo súa rúa,
por arcos de sol, por arcos de lúa.
Notas . . .

R a m ó n d e l V a l l e - I n d i á n

Galiza e Valle-Inclán

por CASTELAO.

Conferencia dita o 9 de Xaneiro de 1939 na Institución Hispano-cubana de Cultura da Habana (Cuba).

Na miña constante arela de unidade hai un fondo amor pola variedade e por iso apaixóname a diferenciación de Galiza coma meio de vitalizar e ennobrecer o órgao hispánico chamado a avencellar os dous estados da península. Os galegos somos hespañoes por convivencia de moitos séculos e somos portugueses por afinidades étnicas, e de ahí proven o carácter reconciliador da nova Galiza. Mais non teriamos dereito a reclamar garantías pra o desenrolo normal da nosa cultura—base do plano de reconciliación—se carecéramos de personalidades diferenciada. ¿E en que consiste a diferenciación? Pra ser breve e non perderme en disquisicións difíceis vou lembrar duas léndas dunha mesma terra galega.

Primeira lenda: O fundador do mosteiro de Armenteira chamábase Don Eros. Don Eros adoitaba alonxarse do mosteiro pra lér e meditar no silencio dunha carballeira. Un día o fundador da Armenteira quixo enxergar a felicidade do Paraíso e de súpeto comenzo a cantar un paxariño. O paxariño cantaba tan ben que Don Eros non podía meditar e ficaba enlevado. E cando o paxaro deixou de cantar Don Eros voltou ao mosteiro. Mais o convento xa non era o mesmo e a comunidade era descoñecida pra el, porque Don Eros tiña estado trescentos anos a escoitar un paxariño.

Segunda lenda: No mosteiro franciscán de Pontevedra vivía o Padre Navarrete — un frade que morreu en recendo de santidad — A vida do P. Navarrete é un rosario de miragres. Eis un deles: O P. Navarrete adoitaba lér e meditar no soedade do xardín. Un día estaba mergullado en fondas cavilacións e, de súpeto, comenzo a cantar un paxaro. O paxariño cantaba tan ben que o P. Navarrete non podía meditar. O santo man-

dou calarao paxariño. E cóntase que dende aquela non voltaron a cantar os paxaros no xardín do convento franciscán de Pontevedra.

Eis revelados os dous espíritos da península. Os dous fortes por igual, mais de sensibilidades oposta. E a verde e libre lediza da terra e o sacrificio escuro e dóroso pra conqueril-o ceo. Como dúas conceicións que se prolongaran en misterios contrarios: paganismo e cristianismo.

¿Permitenme vostedes expricar ao meu xeito a resurrección literaria de Galiza dispois de tres séculos de silencio? ¿Permitenme vostedes buscar as causas de tal mudeza?

O romance galego — xa diferenciado no século VIII — comenzo a escribirse no século XI. Unha corrente nativa — ¿fecundada polos trovadores provenzás? — deu orixe á escola galaico-portuguesa. O romance galego percorreu un ciclo literario completo, de tan outo valor estético que chegou a ser a lingua lírica por excelencia na Corte de Castela. En galego escribiron Alfonso X, Alfonso XII e outros inxenios casteláns e aínda algún poeta árabe foi tributario do idioma galego. E ao amatarsé co século XV a lingua escrita de Galiza so hai un home en Castela que lembre o seu esplendor: o Marqués de Santillana, de quen é esta frase: "... non ha mucho tiempo cualesquier decidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallego portuguesa".

¿Que sucedeu pra que o idioma galego — decote vivo — deixara de escribirse? Sucedeu que os Reis Católicos ordearon a "doma y castración de Galicia" (estas son verbas do cronista Zu-

rita) pra castigar a rebeldía dos Señores galegos, partidarios da Beltranexa. Sucedeu que os documentos públicos so se redactaban en castelán, obedecendo — inda que tarde — as ordeanzas reais que defendían o emprego oficial da lingua galega. Sucedeu que a Igrexa en Galiza — outrora libre do xugo centralista e casi arredada de Roma — ficou baixo o patronato dos Reis de Castela. E así a Igrexa — reitora e fiscalizadora de todas as manifestacións do espírito — convertiuse en axente do imperialismo central e polo tanto en persecutora da i-akna galega.

En Galizia a violencia asimilista de Castela viuse favorecida por circunstancias especiais. Alí — coma en todos os países celtas — o cristianismo inxertouse nas concencias primitivas e a súa Igrexa viviu moitos séculos baixo a advocación do grande heresiarca Prisciliano, decapitado en Treveris. As formas do seu culto descóbreuse a fins do século VI pra condenar o paganismo galego. Cca invención do corpo do Apóstolo — ¿Sant-Yago ou Prisciliano? — a Igrexa galega tentou rivalizar con Roma e dispois do esplendor a que a ergue Xelmirez vai caíndo paseniñamente ata dexenerar ao xeito prescilianista nos mosteiros que fundaban e sostían os señores feudais. Exprícase así que os Reis de Castela sometían á súa obediencia a Igrexa galega e deseñaron, pra rexila, a cegos casteláns, co gallo de correxir os particularismos do culto católico en Galiza e salvar ao pobo celta da súa afección a heterodoxia. O caso foi que os misioneiros do misticismo castelán desbotaron o galego e non consintiron que o pobo se dirixise a Deus na súa propia lingua convertindo a Igrexa en axente activo de desgaleguización.

¿Que ventaxas acadou a política centralizadora, en orde a cultura hispánica, impondo o castelán aos pobos que falaban outra lingua? Logrou que durante tres séculos consecutivos se non produxera en Galiza — como na Cataluña — ningunha obra literaria. Galiza — como Cataluña — ficou muda; mais tampouco falou na lingua de Castela.

Todos sabemos que a lingua de Castela froreceu no século XVI e que foi dende aquela o idioma literario por excelencia; mais pra esta eclosión esgrevia do xenio castelán non compria o silencio das

outras dúas linguas romances. O xenio de Castela creou obras inmortais; mais a inhibición ou impotencia do xenio galego e catalán non acrescenta os méritos da rexión dominante. ¿Acaso ten perxudicado a Castela o libre desenvolvemento da lingua portuguesa? Porque Portugal siguiu a falar e a escribir na súa lingua e namentras Galiza e Cataluña ficaban caladas de inxerics como Sá de Miranda, Ferreira, Camoens. Entendemos, pois, que a violencia asimilista do idioma do Estado foi un crime de lesa cultura.

Un pobo que atura a loita de dous idiomas remata por non saber expresar o que sente. Cando a un pobo que canta e fala nunha lingua creada polo seu propio xenio se lle impoñen a obriga de adoptar un idioma estrano á súa personalidade afectiva, prodúcese un derrumbamento da linguaxe que comeza pola inhibición e termina pola impotencia. Estes trastornos que causa o bilingüismo comencaron a ser estudados científicamente e son xá obxecto de consideración en Congresos e Conferencias internacionais. Así podemos afirmar que a loita ou convivencia de dous idiomas irmáns pode ser, coma no orde biolóxico, factor de unha máis grande perturbación. Fica, pois, explicado, ao meu xuízo, o misterioso silencio que Galiza e Cataluña gardaron por tres séculos.

O verdadeiro pobo de Galiza — o que vivía traballando, achegado á terra — non sufriu os trastornos do bilingüismo, porque non deixou de falar a súa lingua e co ela siguiu a expresar as tristuras e ledizas do seu mundo espiritual. As vítimas do bilingüismo — os que calaron e enmudeceron pra o arte — foron as outas capas da sociedade, porque lle non tiñan lei ás verbas viventes do seu falar e admiraban as verbas mortas do seu escribir. O silencio literario de Galiza — coma o de Cataluña — non é o resultado dun acto de resistencia pasiva, senón un efecto natural do bilingüismo, por falar nunha lingua que se non escribía a escribir nunha lingua que se non falaba.

Nos tres séculos de mudeza literaria se non falou en Galiza máis que unha lingua: o galego. Mais logrouse que o galego deixara de escribirse. A guerra ao galego tornouse máis grave, no século XIX pola inflación burocrática do réxime de provincias e por certas supersticións do progreso. O idioma oficial da Ademi-

niestración, da Igrexa, do Exército, da Instrución, da Xustiza e de toda a situación pública conquiro infiltrarse nas capas burguesas da cidade. O idioma castelán acadou no século XIX o seu trunfo primeiro ao xeralizarse na linguaxe corrente dos elementos burgueses; mais non conquiro os traballadores da cidade nin se estende a poboación aldeán. Eis o acontecemento que, o meu xuízo, provocou a renascenza literaria de Galiza.

Cando xurde unha minoría de fala castelán en Galiza; e dicer, cando algúns galegos falan na lingua que aprenderon a escribir, rómpese o seu silencio literario. E crébase nas dúas linguas. O P. Sarmiento —fidalgo galego de fala castelá— teima a reivindicación da dinidade lingüística do seu país e replica aos que negaban ao galego cualidades de lingua de cultura: "Eu comprométome a traducir ao galego todo canto se ten escrito en grego, latín e castelán". Tiña de ser un galego de cidade e de fala castelá quen se sentise ferido e cheo de vergoña por non poseer, en verdade, unha lingua que puidera chamar súa, pois, os aldeáns falan de cote galego coa mesma sinxeleza con que cantan os paxaros e cónse xeito sacian as súas arelas de creación. O milagre xurdeu coa quentura do romantismo.

No renacemento galego xurden dúas figuras contrapostas: Rosalía de Castro: alma prístina do pobo; creadora de temas líricos con celme de casa; fror, volvoreta e arco da vella en col dos agros. A Condesa de Pardo Bazán: fiestra de biblioteca sobre da paisaxe galega, intérprete de voces alleas, laboratorio de viños vellos, xardín de buxas chapcadas.

O renacemento literario galego orixinou unha loita civil de linguas irmás. Dunha banda Rosalía de Castro; da outra a Pardo Bazán. E no balbor da retesía xurde un galego esgrevio —mitade pobo, mitade señorío— e a súa voz fai acuguar as arelas diverxentes. Chamábase Don Ramón del Valle-Inclán, fillo do renacemento literario de Galiza e o millor artista da Hespaña contemporánea.

Coido que me sobraría emoción e me fallaría serenidade pra evocar a figura viva de Don Ramón del Valle-Inclán, do home que todol-os artistas hespañoes botamos de menos nesta hora da verda-

de máis verdadeira de Hespaña. A silueta da nosa República perdeu a súa torre máis outa. Eu sei que Don Ramón morreu. Vin e toquei o seu cadavre. Leveino a darlle terra nunha serán chui-vosa de inverno. ¡Xamáis o ceio de Compostela chorou tanto! E vino fundirse nas entranas da nosa nai. E aínda lembro o bater da terra mollada en col do seu cadaleito.

Quixera lembralo vivo; mais semente podo lembralo morto. Quixera ver a Don Ramón coma vexo a Don Miguel; pero Don Miguel de Unamuno —u outro home— desapareceu na Hespaña mergullada e agardo velo coma os portugueses agardan a Don Sebastián; pero a Don Ramón o non verei xamáis. Morreu en Galiza, cinco meses antes de la guerra, pra que non o fusilasen.

Non podo evocar a figura viva de Don Ramón; mais quizais poda dicirvos como era a terra que lle deu a i-alma, o sangue que lle deu o xenio e o ambiente que formou as imaxes do seu pensamento.

A terra de Valle-Inclán é Galiza e Galiiza e o corpo santo da Saudade—verba intraducibel cujo significado coñecen os celtas sin que xamáis foran capaces de definilo. A saudade non é a morriña; dorido anxeio de voltar á patria, ao lar, á mocedad e á cousa ou criatura lonxana. (Este sentimento pode identificarse coa "nostalxia", o "mal du pays" ou o "homesick"). Non; a morriña é un sentimento animal de tal natureza, que os celtas idealizan pola súa tendencia saudosa; pero este vocable non tén alem —verba galaico-portuguesa que significa "mais alá"—. E a verba saudade ten alem e non leva a desesperanza, porque crea países de fadas e parques celestiales. Tanto que se non existise a i-alma os celtas serían capaces de formala a forzade anxeios e se non existise o ceio mortos. Cando os celtas se deixan levar pola saudade ollan como as augas dos rios fan doce a i-auga do mar, que a morte enchéndose de Vida e que a Nada enchéndose de pantasias faise Todo. Por isto os celtas non aturan a desesperanza e prefiren encher de dor os ocos ou deixalos valdeiros.

Todol-os pobos saudosos forxaron lendas de esperanza. Una agardan un heroi que desapareceu na brétema dunha batalla lexendaria; outros agardan o rexurdimiento de cidades fabulosas que dur-

men intactas no fondo das augas; outros, de máis forte imaxinación, agardan por un novo cataclismo que devolva ao mundo a Atlántida mergullada. E istas lén-das son parte da i-almá nacional dos pobos celtas, creadas pola saudade. Non son, non, vós supersticións, porque as ideou o anxeio artístico de facer o mundo máis complexo, máis maravilloso, máis habitabel.

Os poetas celtas exprican algúns aspectos parciais de saudade como falan do que desexan. Así a saudade é o amor esperanzado ao lonxano na lonxanía; a devoción ao lonxano dende o mundo das nosas tristuras; é a esperanza atristurada de tanto agradar; é a esperanza de saír do mundo real e chegar ao mundo do ensoño; é unha sede insaciabel dunha cousa que se iñora; o anxeio de imposibeis e de inmortalidade; é a rebeldía contra o despotismo dos feitos. Total; sentimento poético que culmina na escola galego-portuguesa de Rosalía de Castro e Teixeira de Pascoaes e na de Yeats, que os irlandeses chaman "lusco-fusco celta". Compre non esquencer que contra desta tendencia téñense producido esgrevias reaccións, alonxándonos do país das fadas; pero sen renunciar xamais á nosa rebeldía contra o despotismo dos feitos.

Mais ninguén nega a existencia da saudade, que é un feito, e o seu poder domina aínda aos artistas que fuxen do lusco-fusco. Así Don Ramón del Valle-Inclán é saudoso na meirande parte das súas obras.

A saudade do porvir non é outra cousa que a mesma vontade creadora da morte que ao insinuarse na i-almá dun xeito vagoroso invítanos a devolverlle á terra todo canto temos recibido dela.

Se isto é así Don Ramón del Valle-Inclán estaba dominado pola saudade galega. Pouco antes de morrer díxome con voz segura: "Viñen a entregalle o corpo á terra que mo deu; pero estou vendo que é máis difícil do que parece "Coma si tivera presa de pagar unha débeda sa-gra.

Don Ramón del Valle-Inclán era un fidalgo. Un fidalgo galega. Ou máis concretamente; un fidalgo da Ría de Arousa. E os fidalgos arousans son a fror da loucura galega. E unha casta de homes que pón de cote por riba das riquezas materiais a imponderabel riqueza

do esprito. E por eso que viven en pazos hipotecados; e lles abonda con seren donos dun só alcipreste, outo e aguzado coma o seu carácter.

Foi un fidalgo arousán aquel Sotomaior dúas veces esgrevio: Don Paio Gomez Charino, admirante do mar e poeta do mar e do amor. Quizais o millor navegante do seu tempo e o millor poeta do ciclo trovadoresco galego.

Foi fidalgo arousán aquel Mariño de Lobeira, que apresou unha sereia do: mida na illa de Sálvora e se casou coela pra crear unha liñaxe de navegantes capaces de vencer o "mar treboso". E din que a sereia era insensibel e muda e que un día o Mariño de Lobeira guindoulle un fillo ao mar, e ao ver que a sereia falou, chorou e sentiu o amor.

Foi fidalgo arousán aquel Gago que vendeu a súa i-almá ao demo pra gañarlle un pleito ao Cabildo de Sant-Yago e que ao morrer o acubillaron vestido de franciscán con unha espora de curó en sinal de que foi cabaleiro. E din que agora anda a sufrir o inferno frío dos camiños e que polas moites adoita presentarse aos aldeáns a pregarlles que lle resguen o saial, porque non pode presentarse no inferno vestido de frade.

Foi fidalgo arousán aquel Torrado pexador que un día loitou cun irmán seu e deixouno en coiros, e pro maior vergoña da súa liñaxe foi a venderlle os calzóns ao mercado de Vilagarcía. E din que rematou os seus días coma un santo; din que tapaba os buratos do piso cos pergamiños de familia e que vendeu o seu pazo a real o carró de pedra pra entegarse a miseria e morrer antre gafoscas.

Os fidalgos arousáns eran así. Bóns ata que arrodeu a vida de neno de Valle-Inclán e das paisaxes que teñen influido no seu xenio artístico.

Paisaxe dunha serán de vtao:

Ante os salgueiros cintilea unha fouce de auga. O sol queima os agros sedentos. Arden as cumes do Barbanza e pola ría navega un patache.

Todo esta disposto como pra ser pintado; pero aínda hai máis na paisaxe.

Recende a colo de nai. Cantan os grilos. Un aprendiz de músico toca o bombardino. E os escravos da terra préganlle auga aos santos do ceo.

Paisaxe dun anoitecer:

A terra axeitase pra dormir. No ceo, aínda luminoso recórtase o bulto escuro

do Barbanza. É na praia bruniada da ría refréxase un luceiro.

Todo está arranxado como pra ser pintado; pero na paisaxe hai máis.

Ule a fume de estelas vardés. Nunha fonte que está perto énchese unha ola. Naquel muiño agachado dous camiños érquese un cruceiro de pedra. Adivíñase ao Barbanza e mail-a ría. A lúa ficou pendurada na ponla dun piñeiro.

Todo está arranxado como pra ser pintado; pero na paisaxe hai máis.

Estamos unha encrucillada —lugar cando se arranxan pacos co demo Perto, nunha casa, chora un neno dcente e a súa nai cantalle un ron-ron. E por aquel camiño pasa un estudante de crego a matinar na moza do pano bermello que lle roubou a vocación.

Paisaxe dunha mañán de festa:

Onte choveu e hoxe brila o sol. O Barbanza é azul. A ría é un espello. Os agros floridos amarelean. E de todas as fiestras penduran cubertas preciosas.

Todo está arranxado como pra ser pintado; pero na paisaxe hai máis.

Recende a fiuncho e a mazáns do paraíso. Soan músicas e gaitas. Estóuran os foguetes. Os sinos tanxen unha leda muiñeira. E por todos os camiños a xente ven cara o adro da igrexa.

Paisaxe dun meiodía de choiva:

Os fics da i-auga ocultan as lonxanías. O fume vai rente aos talledos brillantes. E baixo dun g ande sobreiro agarímase un mendiño.

Todo está arranxado como pra ser pintado; pero na paisaxe hai máis.

Onte naufragou unha lancha e hai un afogado no pobo. Tanxen a morto e o son é xordo coma se batesen os sincs coa mesma testa de difunto. E non sabemos en que casa é meirande a dor porque todas, todas están ateigadas de tristura.

Paisaxe dunha serán de inverno:

No vello piñeiral hai somas de humidade e misterio. Por antre os toros dos piñeiros óllanse as lonxanías. O Barbanza é de bronce. A ría é de chumbo. E o portazón almenado enféitase de tanto: pelica de prata é ouro.

Todo está arranxado como pra ser pintado; pero na paisaxe hai máis.

Recende a sal do Atlántico. Síntese o balcer do mar Corrubedo. E no vello piñeiral chian os corvos coma pechados nunha catedral.

Non podría describir todas as paisaxes que nutren a i-alma infantil dun galego arousán, porque alí cada estación, cada

día, cada hora, ten a súa beleza propia, que xamais se repite; mais podo decirvos con seguranza que en ningures de Galiza a beleza das paisaxes adónase tanto dos espíritos. O Barbanza —testa do espiñazo— pecha o mundo arousán e aos seus cumes rubimós pra atadar a inmensidade e o infindo.

Nas beiras da Ría de Arousa era onde os romeiros xacóbeos recollían as cunchas-vieiras, coma testemuño da súa devoción a terra galega.

Sta. Valle-Inclán debíalle todo a Galiza e foi un escrivo do ambiente que arodeou a súa vida infantil. O mundo arousán, coas súas belezas, súas tradicións, seus misterios, súa choiva, seu sol e súa noite estrelecida, deulle a Don Ramón as milcres imaxes do seu pensamento.

Quizais vos decatades de que teno un fondo propósito é xusto, porque ningunha das grandes figuras galegas que froceéron fora do meio nativo en ambientes lonxanos ou diferentes lle tivo tanta lei ao espírito da súa terra.

Don Ramón del Valle-Inclán era entranabelmente galego, mesmo cando se arredaba das nosas preocupacións ou reaccionaba contra as figuras representativas da nosa política ou da nosa cultura. Era pagán por imperativo da terra nai, que acche no seu seo os legados múltiples da súa tradición celta, e era cristián por imperativo xenético da súa ascendencia aristocrática, quizais semita. Don Ramón era a perfecta síntesis de dúas conceicións opostas, entre o Sol e Cristo, entre Venus e María. Inda que quixera non podría deixar de ser galego. A súa carne era terra galega; os seus osos eran padre galega; as súas veas eran ríos galegos; seu espírito indefinibel era o mesmo espírito de Galiza.

Era galego pola lingua e mail-o estudo. Certo que apenas escribiu no noso idioma materno, pero a súa linguaxe maravillosa é o resultado de traducir literalmente do galego ao castelán, de tomar os xiros e expresións de todo canto garda a cor e o saber da vida galega, Don Ramón del Valle-Inclán foi o millor artista que pareu Galiza.

Din que Galiza perdeu seu brazo areito —brazo forte pola historia— e que lle cortou a fronteira portuguesa. —Esto é verdade: Galiza, pois, é un pobo manco e grorioso, grorioso e manco coma Don Ramón del Valle-Inclán, o filló que máis lle asemellaba.

Unha Lembranza de Valle-Inclán

Por Alfonso Reyes.

SUPETAMENTE.—Don Ramón María del Valle-Inclán pronunciou, no Ateneo, unha conferencia teolóxica en col do "quietismo estético". Súpetamente: ¿qué conexión pode ter o asunto co intre actual, agés que sexa unha conexión negativa e paradóxica? ¿Quizais a recente exposición de pintores o fixo voltar sobre das reterías do dinamismo e máis quietismo? El, polo menos, o non confesa. Fala como si viñera doutro mundo: ¡como si non soupera o que nos está sucedendo! E dicer-teimo-, súpetamente. Fala pra negare o movimiento! e todo, diante dos seudos ollos, anda a moverse, pintándose e borrándose coma os xogos dos cativos no xabre, que decía Heráclito! Quizais ese mesmo estropicio o enxordece; quizais o movimiento absoluto que nos embebeda ficou por asentarse no seu ánimo con unha impresión de constancia, de quietismo.

UNHA CONFERENCIA TEOLOXICA.—¿Qué arela, en efecto, do pretexto estético a que o conferenciante se acolle? Estético ten de ser decote o seu procedemento, literarias as súas alusións, artísticas as súas lembranzas, porque todos falamos a linguaxe do noso oficio. ¿Qué arela das súas fugaces definicións de crasicismo, nin qué senso poden ter? Non é iso o importante. Tampouco o é a falsa combinación que ensaia entre dúas ou tres teorías modernas, e xa vellas, e dúas ou tres teorías antigas e eternas. De certo, o que nos engada é o teoloxismo nativo do seu discurso. Nesta nación de teólogos armados, o manco de Madride cumpre un sacerdocio renovando o prestixio das argumentacións en col do Paracletó. E, por xeometría, por matemáti-

ca, con constante referencia ao punto, a liña, o círculo e mail-a esfera, emprenden ~~coram~~ **coram** ~~populo~~, diante un auditorio de Ateneo-a exposición do misterio do Espírito Santo, a homilía da Trindade e a definición dos Pecados Mortais.

NO ATENEO.—A súa está ateigada e hai máis mulleres que homes, como sucede xa sempre neste mundo. (¿Por qué meus amigos, por qué?)

Don Ramón é unha rudimental, de contorno sinxelo: o ollao incita a deseño: con dous circuliños e uns cantos riscos verticais fica feita a súa faciana (quevedos e barbas); e con catro rectas e máis unha curva a súa man dereita (furabolos, do corazón, anular, meicrín e pulgar). Faciana e man: o demais non existe, ou é só lixeiro alicerce pre esa faciana e esa man. De felto, ren máis lle compre ao mestre definidor: a E faciana é o dogma, e a man é o comentario.

Fala ben, coñece a nigromancia hespanola. E falanguero: brinda a teoloxía en bomboeira. Mais non fai só de abate frorido, non: unha vez trasposto o preámbulo, seus ollos comencan a lostregar, a súa voz tornase quente, e a súa man de cera, máis elocuente aínda que as súas verbas, deseña e discorre continuamente unha curva rítmica, isócrona, transcendental. A man vai e vén. Por íntres, o furabolos figura alongarsé pra terminar dun corolario que quere fuxir. Outras veces, desprégase aquela longa á de peixe e apouvíga o ár, ou ben osténtase coma un plano de proiección pra as ideas. Lanzadeira metafísica, a man vai e ven. A faciana é fecunda como unha cifra, e a man desenmadeixa as infandas connotacións da faciana.

Afronta o absoluto sen caer no ridículo. Cando fala da morte, fáino con coñecimento persoal, asumindo a responsabilidade de ter estado morto algún día. A consella esquecer, dispois de aprender e coñecer, pra non gardare máis que o recendo do coñecimento. Fagamos—decía o quietista Miguel de Molinos no século XVII—cmo a nao que, chegada a porto, esquece o oficio da vela e do remo. Procura o noso teólogo unha ilustración á doutrina: lémbrese de Velazquez. Imaxinao traballando na súa galería do Pazo, a toda hora de mañán e da tarde. Non pinta a luz accidental, a que pasa, a que non existe; non pinta o acaso dinámico do intre, e nin se decata do "furucho que lle saíu aquel día ao boñ señor". Pinta o estabel, pinta a luz xeral, pinta o día, pinta o tempo. E, pra chegare a esta comprensión do estático e do perenne—as coma o místico árabe, tratando do enlevamento, aconsellaba entregarse ao movemento xiratorio—, él aconsella ollar as cousas na lembranza, evocándoas con razón quieta de amor.

Afronta a definición dos enemigos da i-alma: o mundo parece cos ollos que o contemplan, é unha creación da luz. A carne perece coa carne. ¡Pero o Demo! O orgullo, o amor, o aborrecimento, os jecados anteriores ao home, anteriores a Adán, son os únicos que nos fán eternos. (Polo auditorio correu un tremor. Non se ouven aprausos, senon un axitado abafar).

Afronta a definición da obra creadora. Compara ao home co animal, porque, como este, produce imaxes que se lle asemellan; mais comparao tamén co anxo porque, como este, produce accións. E aquí, ao falare do sexo dos anxos e estabrecere que toda obra de arte é un

andróxino, lembrounos a Anatole France cuando glose aos filósofos gregos e aos Padres da Igrexa; pero tamén nos lembra (él se non asombrará de ouvilo) ao Padre Feixóo.

Afronta a definición da maxia. ¿A maxia? O conferenciante vacila... leva a man á fronte, como se axeitara a tapadeira da cabeza (un novo arrêguizo correu polo auditorio) e dí con voz abafada:

—¡Voy a ver si puedo explicarme!

A maxia é, nun dos seus aspectos, aceleramento da vida, nova carga dinámica no dinamismo da vida; Don Illán o Máxico ten visto desfilar a historia nun segundo, e nó refrexo dunhas redomas temos lido todol-os nosos anos por vir.

Valle-Inclán o Máxico tennos feito vivir varios séculos de vida intensa en meia hora:

Teño a sensación de que sinto e que vivo

(A súa veira, unha vida máis intensa e máis dura.

Dispois da conferencia, á vez que unha emoción de linda e preciosa finura, levámonos o goentar de algo aspro, bronco e ata salvaxe. ¿Qué foi elo? Direino: ¡a manga valdeira!

A MANGA VALDEIRA.—Como esos despertadores que vibran e choutan ao disparo dunha potente maquinaria, aquela sinxela roupaxe humán, vibró e choutó tamén sacodida por unha idea meirande que ela. Daquela, ao abrirese a man dereita coma unha áa, ao desenrolarse o brazo dereito coma un remo nunha tempestade, o cotovelo esquerdo ergueuse, treinolando ao ár —con unha elegancia xa sanguenta— unha manga valdeira.



In Memoriam

VALLE-INCLANESCAS

Por Manuel Porteiro Viña.

Moitas veces se ten dito, e sempre con razón, que a verba espallada nas xuntanzas cos amigos e admiradores que tiña o noso gran Don Ramón, estaba por riba da prosa burilada dos seus libros, cada un deles xoia literaria sin comparación.

O Señor da Poboación do Caramiñal —nas letas era de toda a República de fala abalengoso un qué se coñece nas rías castelán—, viveu “na Yila” —sobrenome baixas aquel cacho de gloria— como uns seis anos seguidos, cando a ditadura de Primo de Rivera. (Alí foi alumeado, entre outros, “Tirano Banderas”). Todas as tardes, disde as catro ata as des, ben no Casino, ben na botica do meu parente Santiago Tato, a desbordante conversa do gran coloso, destacábase sobre nós, ledos mortás, coma orballo fecundo, xenerador de abstraccións espiritúas pola mornura i enlevamento da beleza dos ¡Quén poidera lembrar a maxistral de seus pensamentos e das súas verbas: finición da Trinidad; a descripción da vindeira guerra polo Mediterráneo; a lus do Norceste da Hespaña na pintura contemporánea, ou a súa estratexia como Xefe dunha irreal “Partida” que había de chamarse “de Don Ramón María, el Man- (E. R.) GARATE catalán jul23 galería 12 co”, pois por selo, bulfanlle folgos pra trocar esa desgracia nun ben providencial! ¡Así era tan esgrevio xenio!

Agora que se compré un cabo de ano da súa morte, o meu homenaxe, sin dúbida o máis modesto no orde literario, consistirá en facer pública unha das tantas anécdotas non coñecidas ata de agora ou, polo menos, pouco espalladas. Os grandes valores coma Valle-Inclán, teñen, de cote, un postigo máis dos que, ao seu través, xa foron estudados. Por eso esta crase de traballo pra lembralo, en vez de gabanzas máis ou menos benditas, pro que xa lle foran feitas, e por man mestra, certamente.

Ata Madride chegaba o eco do que a cotío depinicaba Don Ramón no moleté ditatorial de Primo de Rivera. E por recibir orden daquela hiena que puxeran en Gobernación, Martínez Anido, —gallego tamén, pro de signo tenebroso— o Poncio da Cruña, besta sin freno, dirixeu-lle un oficio cheo de amanzas, intimidándoo pra que axustase a súa conduta aos desexos do ditador, que eran, nin máis nin menos, o abandono polos hespañoes de toda censura ou crítica ao estado de cousas imposto pola forza.

E aquí compre facer un aparte. O páxe que levou o prigo, Abogado, compadre de Calvo Sotelo, xefe da súa política, dándose fumes pola confianza suposta pra confiarlle tan meirande encomenda.

foi tamén xefe republicano naquela comarca. Por combatilo, tanto cando estaba de peto coma cando se virou de costas, estiven envolto en papel de oficio. Incluso, pra miña honra, na época republicana se desinhou Xoez especial que foi Lois Aller Ulloa. ¡Probe República! ¡Quen a acaparaba!

Deixando a anterior digresión, e voltando ao fin do que viamos dicindo, Don Ramón, erguendo as antiparras de carei sobre da testa, escomezou a masculladura do que contiña o papel do Poncio. En canto acabou, fixo vinte cachos sin que a ningún deles lle faltara o adxetivo merecido. A conversa na tertulia daquel día, distinguese polos datos históricos e xenealóxicos dos prohombres do Directorio: Primo de Rivera, Martínez selo— dixo o noso compatriota!

Algúns compoñentes da xuntanza, colleron medo. De que calibre sería este, que ata se astreveron a insinuar que era mellor un cambio de "tocata".

—Non se apuren Non teñan coidado, díxolles Don Ramón.

—Miren: o que vai pasar, xa o sei. Vou facer abanear a Ditadura. Quizáis me vexa percisado a matar a alguén. E sintoo pola crase a que pertence.

—¿Cómo?, inquiren, doentes de saber, os med:cosos.

—¿Non se decatam? Quero marcharme

a Madride. Eses lacoeiros nin me prenden, nin son homes pra outras cousas,

beizo a beizo. Eso sí; respondendo ao seu espírito miserable, mandarán a un sarxento pra que me busque as cóchegas na mar, dándome un que outro rempujón, e, se lle deixara, unha tunda por riba.

—¿E como vai, vostede, a tornar eses tabáns?, interrompenlle.

—De calisquera maneira. Pouco ramallo fai falla. Xa levo o ollo aberto pasarei, día e noite, por onde haxa moita xente. E cando un decate da presenza do núlite, abrirei a cabeza co bastón. Xuntaríanse milleiros de almas, e velahí teñen como darei o primeiro "mitin" na capital da razón contra os esbirros de Alfonso XIII, o "gran cretino", pra quen os tempos serán chegados. Non me cabe dúbida de que serei o Sansón a quen non me cortarán o cabelo. Pietaireino pro lado ata o advenimento do que ten que vir: a Revolución triunfante...

Moitos dos contertulios non durmiron aquela noite, pensando o que sería das súas contas correntes...

Por todos os conceutos, a morte de Don Ramón foi prematura e irreparábel. Se vivira durante a nosa guerra —e dispois dela—, que novos Episodios nazonales alumearía ao mundo, ao Arte e a Xusticia. A nosa Terra, cume do martirio e do sofrimento, partiría praza, polo xenio do meirande fillo, no vislumbrante humanismo ao que temos que darlle creto, aínda que a veces algúns feitos nos obriguem ao pesimismo...



O Capricho Hespagnol e Galiza

(Traducido por SAUDADE)

Por Xesús Dopico

Nicolás Andreiwitch, Rinsky Korsky, céleber compositor ruso, veu ao mundo na véspera de primadeira en Tischwaine (Nogorod) e nunha frienta mañán do 1844.

A súa familia, de moi outa liñaxe, se non decataba de que asistía ao nacemento dun vástago que, andando o tempo, desbotaría as súas tradicións, elevadas a categoría de mito, e consagraríase a música, pra a que advertíu, dende os seus primeiros anos, que o sino lle tiña sinalado o semiño, poñendo no vieiro dos eleitos. El fol un dos meirandes pilotos do divino arte que trocando a rumbo e influencia da súa época e en compañía da sonada "Banda Invencibel", coñecida tamén co nome dos "cinco" (os oustros caíro eran nada mais que Balakirew, Cui, Mussorsky e Borodine) revolucionaron os vestinos da música rusa, extraindo do folk-lore as páxinas mais valiosas da literatura musical do seu país e convertíndas na esgrevia arte que sorprendería ao mundo inteiro.

Este coloso que o montal-a curva do meio século tivo por discípulos particulares a Glazounow é Igor Strawinsky, foi estudado, analizado e comentado dende todol-os anges da Arté, emporiso inda que a sua vida esbarrou brandamente e ceibe de preocupacións, algunhas lembranzas de súa mocidade, deixaron fonda sinal na súa alma; estas lembranzas e esta sinal que se manteñen indelebeis ao longo anos e que xamais esquecería, ao igual que outros grandes maestros, aprisionalle o ánimo e obríga a soste unha leita que atura atá que dentro del xermola a conceición da obra xenial que o obriga a cantala ou chorala na lingua-xe que lle é mais querida, inmortalizando o intre da sua vida que o engaiolou con

ilusións nunca mais bela da súa inxente produción, si a mais gorentada e admirada das que compuxo, de tal xeito que o tempo servíu pra requintar a remozar dando sempre nova vida a esta obra inmorreidora. Eis a creación xigante que en unu ou varios intres de inspiración, legou este xenio pra lecer dos humanos.

Pra vosoutros gardo eu as primicias dunha aventura súa, descoñecida por todos, que viría a apadriñar esa xoia maravillosa, erguendo un trono a Hespaña e moi especialmente a Galiza. Falo, naturalmente, do "Capricho hespañol", mais... permitídemme que vos leve pola man ao lugar da aventura arraxando previamente o ambiente perciso pra elo.

Ao mozo Nicolas trazada a súa vida dende o berce. Sería mariño coma os seus antergos, pertencería a Imperial Mariña do Zar de todal-as Rusias, e foi mariño. Aos doce anos vémolos ingresando na Escola Naval de San Petesburgo e dende aquela sosten unha afurzada loita no seu interior entre o que era a súa vocación e a súa mesma vida, e a obediencia que lle debía aos seus, país; por outra parte, a forza das circunstancias, xa que debido a súa posición atopábase colocado nunha situación que lle non deixaba alternativa para elixir o camiño a seguir, fixo o optimista. Era mozo, cheo de vida e agardaría unha oportunidade. Como pra sorten del, na súa educación, seguido a tradición das mais ricas familias da súa época, contábase o estudo e cultivo da música, podía ao mesmo tempo gorentar aos seus país e dar solta as suas aficións. Daquela xa tocaba o piano dun xeito pouco común.

E xa temos ao novo oficial dando a volta ao mundo en viaxe de prácticas aproveitando e atesourando as insinanzas dos seus viaxes, non pra aumentar

os coñecimentos de rutas mariñas, sinón pra aplicarlas a música que daquela xa o tiña gañado por comprobe, ao punto de ser considerado como o primeiro sinfonista de Rusia.

Unha mañán na que o tépedo sol despreguirzaba os moles grises do Fisterra, apareceu por sotavento o bulto dun cruceiro de guerra que trenqueando e coma si estivera armático polos sopridos que deixaba escoitar, foise achegando ata ser avistado polos vixias que non tardaron en reconecer, non tanto pola súa arboladura como polas súas bandeiras que levaba despregadas, que se trataba dun barco de nacionalidade rusa. A nao traía averías un tanto graves por ter tocado nun baixio e inmediatamente se deu aviso a mandóuselle portar pra o Ferrol. Por sorte pra eles estaban casi a vista do primeiro Departamento Naval de Hespaña, en onde poderían gobernar os desperfeitos causados ao barco e, libres de preocupacións, tomárense unhas pequenas e ata quen sabe prometedoras vacacións, eso craro é, sempre que o pobo se prestara a elo.

Pra o pobo ¿fará falla dicir que aquilo era un acontecemento non visto? No Ferrol calaban barcas de todas as mariñas de guerra de Europa pero ata daquela non tiveron a oportunidade de veren un buque de guerra ruso, ou o menos o non lembraban ¡Un auténtico buque de Rusia dos Zares e con príncipes de verdade...! (O comandante era un Gran Duque). A nova extendeuse como un regueiro de pólvora e trocou ao menos por uns días a fisonomía do sonolento pobo, uue sacudindo a priguiza cotián, canseira de non facer ren, botouse aos peiraos pra ver de perto o que consideraban un conto das mil e unha noites.

Pronto a cativa "Outa Sociedades" composta polas familias dos militares, xefes e oficiais, dispúxose a festexar dinamente a fausta chegada dos viaxeiros.

O pobo pola súa parte, fraternizou coa tripulación durante algún tempo e ata cruzáron o seu tabaco en sinal de amizade, e mentras a aqueles lles parecía que "aquelo non era tabaco nin cristo que o fundou" a estes, obsequiados cos célebres "mataquintos" deulles dor de tripas e aos mais, apurados desexos de golsar a primeira "papa", mais elo non tiña importancia, xa que debendose facel-os honores e sendo uns e outros homes de pelo en peito o esencial era seren

amigos e non ian a renunciar a ese gosto por tan pouca cousa. Así ollamos como circulan as invitacións pra o primeiro gran baile na Capitania Xeral en honor do Gran Duque e da súa aristocrática oficialidade. A este seguironse outros moitos e cruzáronse festas nais que houbo unha verdadeira retesía de hospitalidade e obsequios, ata que o cruceiro puxo rumbo ao Norte con gran dor de todos.

Xa estamos nos saions de Capitania Xeral a amostrear esplendorosos as súas arañas luminosas que ardeñan entre cintilacións cal sinfonía engarzada en cromática gama de infindos iris que reflexan espellos e mármore.

O Xeneral e mail-o Gran Duque entráncanse na historia dos seus respectivos países e entre copa e lería ollan con pracer pra xente nova que se disponea disfruitar dos engados da danza. Todo a punto pra o primeiro rigidón o xoven Nicolás, por razóns de etiqueta ofrece o seu brazo a filla do Xeneral. Dende ese intre síntese enfeitizado por esta nena cheade gracia e natural candor que se reflexa nos seus ollos verdecentes coma o mar.


Ela era unha rapaza de singular beleza que tiña o emgado das galeguiñas pero tamén algo mais; a mistura de milagros das brétemas de noroeste e do sol de Andalucía polo entronque dos seus pais e abós; eis polo que, dende aquela noite, Niko, como lle deñan os seus amigos, ficou tolo de amor pola meiguice da rapaza galega, e ela, ¡coitadiña!, entregoulle sen reservas o seu corazón e a súa vida, con ledicia de familiares e amigos xa que esto podía significar un bo partido.

Perto de catro lúas os vemos gozando arelantes dese amor ardente e apaixonado coma primeiro amor, e, daquela, entre proieutos e promesas, orgaizan xiras a outra banda de Ría e Niko, que se sentía feliz como nunca o fora, conece en toda su beleza pobios e aldeias en días de festa. E alí onde se lle revela o corazón e mail-a i-alma de Galiza, tan semellante en costumes a súa querida Rusia, e percórrenos todos... Un día en San Felipe, a entrada da Ría, escoita a un gaitero de moita sona nos romaxes, e toma nota das orixinás melodías que xurden da súa gaita; está cheo de entusiasmo e alí é onde concibe a idea de compor algo encol de aquilo que o facía tan ditoso... mais, namentrás o buque tiña finado as súas reparacións e estaba preto para levar áncoras.

Todal-as suas ilusións e o feitizo daquel amor que tan fondo sentía no peito, entrentábanse coa brutal realidade. A separación inevitable daquela que tanta felicidade lle tiña feito sentir non era posíbel... compría atopar unha solución, mais ¿cal? Canto mais procuraba o xeito de resolver tan grave problema mais se decataba de que non era posíbel atopar-lle solución. El era un oficial da mariña do Zar e lle non estaba permitido casarse sen o seu consentimento; por outra parte seus país, o barco... ¡que sei eu! Coidou porse tolo e así llo fixo saber a súa opinión lle non era posíbel facer tolerías, nin a sua formación llo aconsellaba, compría voltar a súa terra e arranxale a modo, ¡xa atoparía o xeito!

Unha serán griseira como os seus pensamentos, o barco fíxose á mar e mais dunha bágoa esbarrou polas súas meixelas. El que lla tiña sinceridade nos seus propósitos, mais...

¿Que pasuo dispois? A ferrolaniña viu-se perante moito tempo triste, camiñando senlleira a escoitar o brado do mar ao lonxe e a pensar na sua felicidade murcha. Dixise que un día a viron saír de casa dunha manciñeira moi abegosa en Santa Cecilia; o non coido, mais do que non teño dúbida é de que este, e non outro, foi o berce onde se abalaron, en divina alborada, as maravillosas frases e o recendo galego que exhala o Capri-cho Hespagnol.



POEMA GAELICO

Vexo o porco bravo que sai da debe-
sa; coxea, está ferido.

Seu fuciño abafado está cheo de san-
gue, a súa crin branquexa pola idade.

Arrodéano os seus fillos a rosmar coa
fame.

Vexo o cabalo de mar que vai contra
el e fai tremer a ribeira espaventada.

E tan branco como a neve cintilante;
leva na testa cornos de prata.

A i-auga terve baixo-del, ao fogo de
tempestade do seu nariz.

Ei!, cabalo de mar; Báteo na testa, bate
forte, batelle!

Os pes espidos, esbaran no sangue!
¡Máis forte aínda. Dalle máis forte aínda!

Vexo o sangue rubirle ata os xionllos;
vexo o sangue coma unha lagúa.

Máis forte aínda ¡Bate! Máis forte aín-
da; ¡Repousarás mañán!



NAMORADO DA AUGA VIVA

Ao meu curmán Victoriano, com-
pañeiro de navegacións e de
soños.

Cal o vento se namora
da espida e dura roca,
da moura nube que foxe,
da terre cóor dunha rosa...
eisi namoreime un día
do mar verde, en verde costa.
E cal vento namorado
do segredo que hai nas cousas
—ialma da nube doente,
hirto corazón da roca...—,
ao mar tencionéi roubarlle
fontana da súa gloria.
Eu arelaba, ¡coitado!,
vivil-a vida nun soño
e dormilo no regazo

das salgadas sirdes louras:
mociñas que nunca rien
e veñen carpir á costa.
¿Qué toleiría tan louca
me levóu a pretender
o que non ousan as dornas:
lenzo branco nunha táboa
sempre derriba da sombra?
¡Non fun capaz de sabelo!
Mail-a auga viva, que soupo
da miña cobiza a soma,
con un suspiro de noiva,
díxome en boca das ondas:
¡non é feliz que degoira
o bato iñoto das cousas!

Bieito Búa Rivas.

México, Xullo do 43.



NOURNAL POETICO

No mar escuro da noite
as estrelas da ilusión,
cal bogantes carabelas
deixan ronseles en fro.

Van no infindo camiñantes
nun pelerinaxe eterno
as carabelas errantes.

Son as estrelas no ceo
cravos fincados na noite
do meu corazón acado.

Polas roitas da ilusión
as carabelas do estro
van farturentas de sol

Van no infindo camiñantes
nun pelerinaxe eterno
as carabelas errantes.

Hinchando as velas aos topes
baten nas augas do mar
os remos de mil galeotes.

Levan trisqueles nas velas
arando no mar ronseles
onde sementan arelas.

Van no infindo camiñantes
nun pelerinaxe eterno
as carabelas errantes,
No mar escuro da noite
as estrelas da ilusión
cal bogantes carabelas
deixan ronseles en fro.

Roxelio R. de Bretaña

Outono do 1943 día 27.

FONTES E FORXAS DA FALA

ROMANZA DO CONDE LAIÑO

Recollido, por Roxelio Rz. de Breaña

Conde Laiño dos doces namoros
non te me vai as da veira do lar
Galán altivo dos ollos ardentes
galán saudoso do doce falar.

Nun verde recanto

eu tiña un amor

Ai prenda dourada

do meu curazon.

Conde Laiño dos ollos trasteiros
Conde magoado do triste mirar
sempre te ollo desfarrapadiño
sempre te oic nun longo laiar.

Na veira do pazo
eu tiña un amor

Ai prenda dourada

do meu curazon.

Conde Laiño da barba orballada
longos camiños que fuches andar
como tan lonxe colliches namoros
como tan lonxe te fuches casar.

Nun verde recanto

eu tiña un amor

Ai prenda dourada

do meu curazon.

Na veira do Pazo

eu tiña un amor

malhaia o camiño

que dil me apartou.



Notas sobre o P. Feixóo

Pode considerarse á Feixóo dende moitos puntos de vista: como crítico, como filósofo e como erudito e escritor polígrafo. Pode considerárselle tamén como gramático e filólogo, e ademais como o tipo do xornalista no século dazacito, na época en que o xornalismo se inauguraba en Hespaña.

Nunha época en que a física a mailascencia naturás reducíanse a unha cábala ridícula e a verbas valeiras de senso, Feixóo presentouse adornado de moi bós coñecimentos físico-matemáticos que demostrou, non só combatindo erros e lerias peripatéticas, sinon tamén asentando grandes verdades e demostracións que aínda hoxe reconece a ciencia.

—oOo—

Como profesor, ur dos meirandes servisos que fixo Feixóo ao país foi combater a rutina no ensino e manifestar abusos de que adolecía daquela a instrución pública en Hespaña; iniciando felices pensamentos respecto á súa reforma. Abonda pra elo lér os discursos que publicou en col desta materia no tomo VII do seu "Teatro", así coma no tomo VIII, do mesmo, no que propón unha reforma nos estudos e combate o método de dictar nos aulyas e o abuso que se facía dos argumentos de autoridade.

—oOo—

Os escritos de Feixóo fixeron grande efecto para a reforma dos estudos en Hespaña, e arranxaron o camiño para as inenerxía o conde de Aranda na segunda

mitade do século dazacito. Algunhas universidades introducíronlas espontaneamente, entre elas Alcalá e Zaragoza. Polo que fai a Salamanca, a p epotencia é cativo gosto do P. Ribera, un dos antagonistas de Feixóo, foron fatales a aquela escola, arrastrando ao claustro a siñar unha representación ridícula en favor dos métodos antigos, xa desacreditados de aquela.

Feixóo estaba suscrito a publicacións estranxeiras, descoñecidas por aquel tempo en Hespaña, coma o "Journal des Savants" e as "Memoires de Trevoux". Esto deulle grande ventaxa á Feixóo sobre

—oOo—

Si o P. Feixóo houbera vivido nos no houbera sido xornalista.

Os seus cento dazacito discursos no "Teatro Crítico", e as cento sesenta e tres cartas nos cinco tomos de las, non son senon outras tantas editorías, en vez de seren publicadas en follas soltas sean coleccionadas por tomos.

Feixóo, sen decatarse, compuxo unha "greguería" ao chamarlle aos cometés "fanfarronadas del cielo".

—oOo—

Ante os "provincialismos" do P. Feixóo, nótase á primeira ollada o abuso dos artigos "el" e la. Di a cada intre la Asia, la Africa, la alma, e outras moitas que sería longo comprobar. En troques di el sal, e los sales, el nada, etc. . . Estos, que indudablemente son defectos ao escribir en castelán, comprobán o seu esgrevio berce galego.



"La NUEVA PAELLA"

QUIERE UD. COMER BIEN Y ABUNDANTE
PASE CON LA SEÑORA BUSTAMANTE

16 de Septiembre No. 2, altos Teléfono 10-15 38

SERVICIO ESPECIAL EN
COMIDA ESPAÑOLA Y MEXICANA

Almacenes "LA CASA GRIS"

DONCELES 46

Exposición de Muebles
Calidad y Precios

Eric. 13-29-52 México. D. F.

Fábrica de Mosáicos y Tabique Ligero

Rodríguez y Montes

Calidad Superior

Holden No. 76. Mixcoac, D. F.

Maternidad Española

DR. MARQUEZ

Da Universidade de Santiago de
Compostela

Córdoba 123

Tel. 14-24-69

Comisiones Representaciones

R A C A

Hidalgo No. 37

Tel. Ericsson 10-06

PACHUCA, HGO.

Mueblería EL PUERTO DE VIGO

A millor calidade e os millores
prezos

ANTON Y TESTAS

F. I. Madero, 1 Tel. 3-88
Pachuca, Hgo.

"B E T I S"

CAFE RESTAURANT

O Sitro mais Elegante de México

16 de Septiembre No. 15

México, D. F.

"Brigancia" e "La Bolsa del Motor"

Compra e venda maquinaria. Motores eléctricos, de gasolina tractolina, e Diesel. Bombas e maquinaria en xeral. Os milliores prezos coa meirande garantía

ITURBIDE, 31 e 36

MEXICO, D. F.

Tel. L 39-14

Farmacia Lily

Completo surtido en medicamentos de patente. Perfumeria e artigos de tocador, Escrupulosidade nás recetas, Servicio a domicilio. Insurgente, 367, Esquina Michoacán
Teléfono 4-21-59

HIS - MEX., S. A.

Maquinaria en General
Paseo de la Reforma 8
Apartado Postal 656
Tel Eric. 10-14-06. Mex. J-66-99
MEXICO, D. F.

Cantina "La Numantina"

DE RAMON R. CONDE

A mellor de México

Manuel Ma. Contreras 2.

Tels.: L-35-54 16-30-59

"Casa América"

Almacén de Ropua e Novedades
Artigos pra Dona e Cabaleiro
Pida Prezos e Ficara Satisfeito
3 Norte 5 Letras B. PUEBLA, PUE.

Cortesía de

Farmacia Americana

Viana y Cía S. de R. L.
Bucareli No. 69
Eric. 12-50-39 Mex. L-22-06

SI QUEREDES XANTAR BEN IDE POLA

CASA de GALICIA

RESTAURANT

Bolívar 30

Ts. 12-29-36 e Y-15-10



SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

NUMARO
EISTRAOR-
DINARIO

DIA

DA

PATREA



1952



México, D. F.



SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADA POLO GRUPO SAUDADE

Editor responsable: Roxelio Rodríguez de Breaña

Bucareli Núm. 12 Tel. 21-46-78

Núm. 5

Solicitado el registro legal en la Administración

Xullo 1952

DIREITOR XERAL

Marcial Fernández.

REDAICION

Roxelio R. de Breaña, Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Carlos Tomé, Manuel Porteiro Viñas, Lois Soto Fernández.

COLABORADORES

Antonio Alonso Ríos, Xerardo Alvarez Gallego, Xesús Bal e Gay, Eduardo Blanco Amor, Bieito Bua Rivas, Rafael Cardona, CASTELAO, Manuel Colmeiro, Xesús Dopico, Xohán García, Sebastián González G. Paz, Celestino López, Xohán López Durá, Ramón Martínez López, Emilio Pita, Alvaro Cunqueiro, Ramón Suárez Picallo, Ramón Rey Baltar, Lois Seoane, Arturo Souto, Uxío Souto, Lois Tobío, Adolfo Vázquez Humasqué, Basilio Bernárdez, Serafín García, Edmundo Lorenzo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedraio, Florentino López Cuevillas, Alberto Vilanova, Félix Martín Iglesias.

ADEMINISTRACION E PUBLICIDADE

Andrés Valín Salvador.

Calle Alpina No. 51-9.

Col. Industrial.

México, D. F.

SUMARIO

EDITORIAL.

España es Galicia. Por Rafael Cardona.

De "Sempre en Galiza". Por Castelao.

Encomenda. Por Manuel Curros Enríquez.

A Derradeira Pirueta dos Bugallido. Por Marcial Fernández.

Canto a Roma. Por Ramón Cabanillas.

Encol do Centenario de Curros Enríquez. Por Luis Soto Fernández.

Tres Poemas. Por Roxelio Rodríguez de Breaña.

Himno Galego.

Pingueiras que recoller. Por Manoel Porteiro.

Da Galiza Infinda. Por Florencio Delgado Gurriarán.

A Chamada da Terra. Por Edmundo Lorenzo.

O Noso Ramón. Por Serafín García. Verbas do Irmán Rodolfo Prada no Segundo ano da morte de Castelao.

A Gaita Galega. Por Rosalía de Castro.

Ausenza. Por Basilio Bernárdez.

Paralelidade entre o mito de Santiago i-o de San Patricio. Por Félix Martín Iglesias.

Homaxe a Marcial Fernández.

El Mirlo. Por Jesús Dopico.

Ilustracións de Uxío Souto.

Editorial

DESPOIS de unhos anos de ausencia, volta hoxe a aperescer SAUDADE, co gallo da celebración do Día de Galiza n-iste ano de 1952.

O mesmo que onte, SAUDADE, quer seguir sendo unha verba galega nas Américas. Unha verba modesta pro sinxela, cheia de afervoado amor a Terra, a Pátrea, que é un valor intanxibel moi por riba de outros valores, aos que a moda está trocando arreo. Galiza, a sua cultura esgrevia i-os problemas que en cada intre ha confrontar o home galego, eis as preocupacions fundamentaes que coñstituen o eixe da nosa laboura.

Pra levala a bon termo, estamos dispostos a facer o imposible por intresar a todos os galegos de México no noso anxeio, remozando i-estreitando os vincos de solidaridade hestórea a carón do vínculo indelebel da nosa comprensión recíproca: Galiza:

Temos de decrarar que non nos prende intrés algún de subordinación ou vasallaxe a postulados estreitos no orde político, económico ou inteleitual. Móvenos somentes, un fondo senso hestórea i-afervoadado, que nos vincou aos galegos nos intres decisivos pra nosa Terra, a cal nos proieita de cara ao futuro coa ollada posta no porvir, no destiño da Galiza, na Verdade o no Ben.

Non enquencemos que, debruzada sobor do Atrántico, a ollar pra o Novo Contiñente, por onde se lle escoa, n-unha sucesión infinda de migrantes a i-alma i-o curazón, Galiza está na Hespaña. A Hespaña, unha verba, que perante séculos siñificou Atenas, quixo decire Roma, Cristiandade, Civilización, Cultura. De todos ises valores foi a Galiza mensaxeira por todos os camiños do mundo e das Amérecas.

Estar na Hespaña, non e somentes pra Galiza unha posizón xeográfica: e tamén un drama de consciencia hestórea e nazonal.

Amamos a Hespaña, con ela sufrimos física e moralmente, e sabemos, que aconteza o que aconteza, partillaremos do seu Destiño. Dende sempre o temos partillado. Cando a civilización hespañola caracterizábase por un sistema respeitoso de convivencia dos homes e das nacionalidades, baixo a égida da República, que pol-a primeira vegada en moitos séculos estaba a crear o verdadeiro orde armónico da Hespaña, era a Galiza un dos seus mais leaes mantedores. A continuidade espritoal da armoñía peninsuar, estaba asegurada por isa convivencia que ía facer posible, a Edade de Ouro dos pobos da Hespaña. Mais un mal día surdiron intereses ególatras que fixeron abanear o risoño panorama que todos andábamos a columbrare. Xurdíu outra vegada o Estado centralista, nemigo das nacionalidades e da Hespaña mesma. Pois ben, nos decramos que fronte a hexemuña d-ise Estado, está o noso sentimento de Pátrea, i-en fronte da forza que ise Estado representa, pra afogar a liberdade, nos estamos coa úneca, norma que xungue eficazmente aos homes: O Dereito.

E finamos istas liñas trazadas n-unha data de leda recordazón pra todos nos, con istas verbas que resumen tuda o políteca de SAUDADE:

"TERRA A NOSA".

España es Galicia

Por Rafael Cardona

Aquel viejo vigor de las razas quietas sembradas en el medio tradicional con el sentido de la arborescencia; aquel vigor manso y apacible que miraba la vida reposarse continuamente en su propio espejo sin caminos; aquel hechizo de familia y patria que daba a todo un acento de aparición permanente y al milagro sitio de honor en la conseja del crepúsculo añoso y remansado, es ya a su vez como el desteñido cuadro de pared que nadie mira. Naciones, pueblos, hombres, han entrado definitivamente en la vorágiñe de los cambios, como si el Destino, apretando un botón oculto, hubiese puesto a bailar a las culturas en la tabla redonda de un tfovivo de Feria con la locura accidentada de una cuerda ingobernable. En nombre de un universalismo que proviene no tanto del progreso moral como de la mecánica aplicada, hemos visto disolverse en el nuevo siglo, especialmente después de la Segunda Gran Guerra, todos los cuadros y perfiles de aquellas culturas, tanto locales como nacionales. En Europa, sobre todo, donde los siglos y las instituciones habían guardado, como especias para el gusto, esencias ideológicas de innumerable cualidad, el desplome ha sido vertical, y desde luego decisivo para los húngaros, los polacos, los austriacos y los rumanos; Francia apenas ha podido salir de la tragedia con la faz alterada y elementos psicológicos muy heterogéneos, desconocidos para el marco histórico en que ella misma encerrara el contenido intelectual de Occidente; los orientales están cambiando a toda prisa su posición de hombres sentados por la actitud de la marcha y la adopción de métodos similares a los que repudian; y España, la que más cerca vemos de todas las naciones europeas, se desentumece y

mira en torno con la sorpresa de la persona que ha dormido mucho. Y al despertar, ve que todo ha cambiado para ella, y que —para bien o para mal— no vivirá ya más su inspiración de retablo en el mosaico de su antigua sociedad composita, confinada y bajo la especie de eternidad con que aspiró a realizar el designio de su expresión histórica.

Casi todos vivimos la tragedia de ese cambio, pero no todos son aptos para entenderlo. Las gentes van y vienen, disparadas por la explosión dinámica de ese sentido expansional que no siempre abre la puerta para dar salida al huésped; y pocos pueblos han vivido ese proceso con la dramática intensidad de los españoles, para quienes lo secular es segunda naturaleza. España conservaba, hasta su última guerra civil, el acento de las culturas ensoñadas que resuelven, para deleite de su propia conciencia en introversión, los problemas del mundo en la esfera misma de las ideas. No cabe duda de que ella, también, supo aplicar métodos practicistas para su expresión nacional en medio de las otras que compran y venden; pero sus hombres selectos, su paisaje, el "Organum" de su categoría cognoscitiva, perpetuó en la hechiza unidad de la Península ese sentido de la arborescencia de que ya he hablado, y que no bastó a desterrar ni la Conquista del Nuevo Mundo. Para sus mejores hombres de arte y de filosofía, la vida experimental del ensayo científico era un accidente, no una nueva expresión. El español, especialmente, ha vivido para comprender la vida y no para poseer, aún cuando el tesaurismo de sus clases ricas y de sus campesinos laboriosos allegase al alfolí del país los más eficientes medios de progreso exterior. Porque lingüis-

tas y gentes prácticas comprenden y distinguen en España, más que en otros pueblos, el capital de la riqueza. Esta tiene de ornamental y de ensueño lo que el capital tiene de andariego y transformador, universal e ilusorio, y casi no hubo español que no prefiriese el relato ultramarino del hallazgo lejano —trazado en la geografía de las visiones—, a la empresa moderna mejor montada por el alquiler del trabajo. De allí esa gigantesca ornamentación de personas y fundaciones arquitectónicas que miran a los siglos pasados entre moarés y gobelinos, armas preciosas y personajes de vellorí que se aposentan para la eternidad en los cuadros de sus museos e institutos.

Una vez muerto el arte de concebir la historia como el modelo y el “bíos” de la raza misma, la tormenta desgajó todos los ajustes de la admirable sinfonía española en melodías desintonizadas. América ha visto con dolor y perplejidad a esos pueblos errabundos que buscan, en los pueblos de su propia habla, consolaciones y reparadores descansos a una gesta empezada por el choque de la cultura contra la civilización. Aún dejando sin tocar las cuestiones ideológicas —que jamás se superimponen a la realidad—, es un hecho que España ha desintegrado su marco histórico y que deberá buscar la solución de su presente en un retorno a los motivos esenciales de su vasto fondo psíquico. Y ninguno de esos grupos melódicos en forzada emigración ha sufrido, a mi ver, lo que el hombre de Galicia, representativo por excelencia —en América al menos— del español peninsular. Para nuestros pueblos americanos, todo español es un gallego; porque de este grupo minúsculo, cuantitativa y geográficamente hablando, ha salido esa sal de la tierra que personifica en la dualidad de Don Quijote y Sancho a todo cuanto piensan y realizan los españoles en su patria y fuera de ella.

Para mí, en lo personal, es Galicia lo más delicado, sensible y eufónico de

todos los valores de España. Mientras de aquel mosaico se destacan, como músculos psíquicos y agresivos los castellanos recios, los valencianos alegres y utilitarios, los catalanes empresarios, los gallegos son la melodía eterna de España. Su paisaje de idilio, humedecido por la gracia en verde que cultivan con traquilo primor en alquerías de cuadro al óleo, no es más que una correspondencia y un pago al hombre que lo vive y apacienta. En el régimen del arte acabado del Sévres y la figulina de porcelana casera, el gallego sería punto final y decadente de toda empresa mental y moral; pero, para reserva de su tesoro interior, el gallego tiene una resistencia sin paralelo ante los cambios y las catástrofes, lo cual le da ese aire de transfiguración que hace surgir del escombros político, a cada fracaso, la figura apacible de su hogar intacto, de cuyo techo escapa, mansamente, el rizo de humo de su fogón abastecido. Es la paciencia, cien veces cristiana, lo que da al gallego su capacidad de penetrar mundos nuevos sin cambiar: a donde quiera que va, huele el gallego a hogaza y paz, y de su rostro humanísimo destila esa confianza contagiosa que redime a quien lo mira de la sospecha sin fundamento.

Con una paradoja querría yo acabar este apunte sobre el gallego, expresando que España se incorporará de sus pesadumbres de hoy en cuanto sea o se haga gallega. Los mejores tiempos de sus gobiernos han sido gallegos, gallegos son los lazos que unen a España con América. Siempre puede confiar el hombre de un país en donde llueve, porque el recogimiento que la lluvia induce desarrolla en la especie la tendencia profunda al recogimiento, la meditación y el amor a las bellas parábolas del amor y de la verdad. Si yo hubiese nacido en España habría pedido a mi madre, desde lo intemporal de su sagrado seno, que fuese a Galicia para parir allí.

Ten Galiza Hábitos Psicolóxicos Reflexados N-unha Comunidade de Cultura?

por CASTELAO

Prometín non perderme nos camiños ensarillados do pasado; pero a cultura é unha resultante hestórica, e para responder a esta pregunta compre que rexistremos a memoria. Non é posible negar a diferenciación psicolóxica de Galiza. Abondaría, para demostralo, con citar os aldraxes que os clásicos casteláns nos dirixiron, en verso e prosa, por considerarnos diferentes e non asimilables; como bastaría lembrar ese afán, inconscientemente separador, dos que nos chaman "galegos" —con sorna—, por creeren que sendo diferentes somos contrarios a eles. Eses aldraxes teñen unha explicación: Os imperialistas, cando topan coa resistencia espiritual d-un povo sometido, confunden a "dureza para deixarse assimilar coa dureza para assimilar". Así, os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os casteláns aos galegos. E todos eses aldraxes non son mais que un recoñecimento tácito do "carácter nazonal", que non se deixa esterminar.

A nosa Terra diferente crea hábitos peculiares de vida, que se manifestan en cada época baixo formas autóctonas de cultura. Velahí están os moimentos prehistóricos de Galiza, que amostan características diferenciaes. E na galeguísima cultura dos castros e citáneas aparece un arte requintado e propio, con símbolos relixiosos que fan supor a eistencia de cultos peculiares e comúns a toda Galiza.

A Galiza do século IV —povo celta, romanizado e cristianizado— dou a figura extraordinaria de Prisciliano, perseguido por enxertar na doutrina católica o sentido panteista do seu país natal e a liberalidade moral dos seus coterráns. Morreu decapitado en Alemaña, vítima das loitas teolóxicas d-aquel tempo e da inquina de dous Bispos hespañoes, non galegos. Os seus discípulos déronlle sepultura na nosa Terra, e a súa doutrina enxendrou unha Eirexa separada, onde se cobexaron todol-os galegos. O priscilianismo botou raíces tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, o noso povo aldeán sigue sendo heterodoxo. Tivemos, pois, inclusive, unidade relixiosa con características que aínda hoxe sobreviven.

A invención do corpo do Apóstolo —Prisciliano ou Sant-Iago?— fixo da nosa Terra un centro de universalidades. Nos camiños que conducían a Galiza crúzanse as culturas do mundo antigo e fórmase a unidade espiritual do Oucidente. Por estes camiños entra Europa en Hespaña. Ao mesmo tempo xurde unha poderosa cultura galega, que adquire independencia e vida propia. Velahí a arte románica, culminando no

Pórtico da Groria, e velahí a poesía lírica, culminando no Cancioeiro de Vaticana.

As artes da construción callaron en Galiza no estilo románico, que perdurou por enriba do gótico, deica enlazarse co barroco. O gótico, por ser un arte lóxico, non pudo aclimatarse no noso país pero do barroco fixemos, pode decirse, un “estilo nacional”. Porque tendes de saber que hai un “barroco galego” e que, n-este estilo, creamos exemplares que son fitos na hestoria de arte.

A romance galego percorreu un ciclo literario complotado, de tan outo valor artístico que traspuxo as fronteiras do noso país, chegando a ser a língoa lírica e cortesán de Castela. En galego escribiron Alfonso IX, Alfonso X e outros enxenos casteláns. Incluso algún poeta árabe foi tributario do noso idioma.

Escoitade o que di Santillana: “... non há mucho tiempo cualesquier decidores é trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Estremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa”. Foi preciso executar a “doma y castración de Galicia” (verbas de Zurita, cronista dos Reis Católicos) para que enmudecéramos; pero a nosa língoa sigúe frorecendo en Portugal, e o povo galego non quixo esquecerla. Cando a fala popular de Galiza se lle negaba —por segarnos todo— condicións para ser língoa de cultura, ergueuse a protesta do P. Sarmiento, afirmando que él se comprometía a traducir ao galego todo canto se escribía en grego, latín e castelán. As mocedades románticas e liberaes do século XIX descubriron a fresura lírica do galego e iniciaron a renascencia das nosas letras, que hoxe volven a frorecer. Temos pois, unha literatura, con características que incluso resaltan nos escritores galegos de fala castelán.

Dixo Tolstoi que dende a Edade Meia as crases outas da sociedade viviron sen arte propio, e que somentes o povo sigúe disfrutando d-un arte verdadeiro, que responde a súa concepción da vida. Isto parez escrito adrede para Galiza, pois antramentras os señoritos alleiros vivían espiritualmente de prestado, o povo galego sigúe creando arte e sabiduría. Velahí están dos refráns, algúns tan sábios como éste, que quero ofrecer a vosa consideración de revolucionarios, poque é todo un tratado de economía: “Mália o dente que come a semente”. Velahí están os nosos cantares a rever tenrura e malicia, para competiren en beleza cos cancioeiros de calesquer outro país do mundo. Velahí están os hórreos, para demostraren o sentido galego das fresas proporcións. Velahí está a nosa escultura popular nos cruceiros, nos fontes e nos portálons. E velahí está, destacándose sobor da inmensa riqueza floklórica de Galiza. A nosa música popular e as relacións de parentesco que poida ter coa de outros países lonxanos; pero ninguén discute o seu “carácter nacional”, porque eisiste unha “música galega” de extraordinario valor artístico.

O signo diferencial da psicoloxía galega está, principalmente, na Saudade. Esta verba é coñecida dos hespañoes; pero somentes nós sabemos o que siñifica. Este siñificado ninguén acetou a eispresalo; nin siquera Rosalía de Castro, que foi o corpo mesmo da Saudade. Pero a Saudade eisiste e anda sempre conosco.

Velahí, en resume, as diferencias culturaes que poden apreciarse: Lírica contra épica; muñeira contra jota; gaita contra guitarra; cruceiro contra picota; intuición contra lóxico...

ENCOMENDA

I

Teño unha corda muda
na miña lira torva,
como un coitelo fera,
como un tronido rouca.
Cando nos meus ensaios
sona a compás das outras,
por sobre min parece
que os ceos se desproman.

De cada nota d-ela
un anatema chouta,
cal da satúrnea sangue
as furias espantosas,
Ninguén ouviu aínda
as cántigas que entoa.
Detrás de min quizaes,
o día que m-as oian,
como detrás de Cristo
virán as xentes todas,
¡Hosanna!, cantando de xúbilo cheas...
¡Hosanna ao poeta que trae a boa nova!



II

Manuel

Curros

Enríquez

Castigo pra os verdugos,
pra os mártires coroa,
consolo pra os escravos
latexa n-esa corda.
Fustiga pra os tiranos,
pra os déspotas argola,
n-ela adormenta o himno
grorioso dos ilotas.

Se pra tocar cal quero
a ter non chego forzas,
se cando á loita vaia
tropezo n-unha fôxa,
os que cal eu subides
a traballôsa costa,
cando chegués á cima
sagrada e victoriosa...
Arpas que saüdedes
da nosa patria aurora,
da arpa acordáivos que fúnebre queda
na noite do olvido xemindo sen gloria.



A Derradeira Pirueta dos Bugallido

(Relato Pantástico)

Por *Marcial Fernández*

Ora camiñábamnos depresa, ora camiñábamnos de vagar, seguindo os caprichos de un *chaufeur* mal humorado.

Antergamente, estes cortexos eran soles e vagarosos, é, os cabalos ao fronte, cubertos de negro, con negros penuches, semellaban sentir mais a morte do home que ó peso de morto.

Foi de ese ritmo, de ese camiñar vagaroso, que se compuxeron as marchas fúnebres. Hoxe, po-lo camiñar incerto, po-los tropezóns, po-las corridas e recuadas, estes cortexos, se fosen musicados, terían mais a expresión de un *swing* que á de unha marcha triste.

Matinaba eu en todo esto cando camiñábamnos por unha rua estreita e mal enlousada, na que andábamnos a facer eses por mor dos tranvías, é percurábamnos a soma da propia carroza pra nos defendernos do sol abafante de Agosto.

Contando c-os empregados da funeraria, éramos oito entre todos, Oito homes vestidos de negro, atristurados, apesadumados: catro tristes por deber do oficio, de unha tristura profesional; os outros catro, éramos os amigos.

Sobor dos primeiros catro, non vale a pena de falar. Coñecíanse entre eles e non ceñecían ao morto; nos, coñecíamnos ao morto e non nos coñecíamnos uns aos outros.

Chegamos ao cimiterio.

Ao fondo estaban as covas. A de Bugallido lá estaba, c-oa lápida ao lado, c-o número e a data e o balde do cal, coma un bicarbonato pra que a terra o dixerise mellor.

A caixa desceu, dependurada por cordas.

Eu agacheime, agarrei un torrón, voteino sobor da caixa e, distraidamente, murmurei:

—Probe Bugallido.

Aínda quedamos uns intres vendo como ó enterrador lanzaba as primeiras paletadas de terra. Despois, baixamos a testa uns e-os outros nun cumprimento cerimonioso.

E dispersámonos camiño da saída.

O sol era unha placa de ouro queimante. Eu sentía a camisa enrolárase ao corpo, e po-lo pescozo saía un ar morno con cheiro a goma.

Perto do cimiterio había unha taberna, casa afamada po-los petiscos e bebidas que tiña. Camiñei pra alá, arelante de soma e de bebidas frescas.

Xunto ao mostrador do "Bon Sosego", un home, todo de negro, misturaba líquidos de un copo pra o outro, nun xeito de prestidixitador.

Dei as "boas tardes". O home de negro ollou pra min e surriu. Recoñecin n-el a un dos amigos do Bugallido.

Pedin unha bebida fresca.

Cando acabei de á beber, saíume dos beizos, mollados aínda, un ¡ah! de contentamento. Despois, volteíme pra ó home de negro e queixéime:

—¡Fai un calor do demo!

El ollou pra a rua, tal ves pra ver si era verdade o que eu dicía. Diospois sin me votar xiquera unha ollada, voltoúse novamente pr-os seus copos e continuou a facer a mistura dos líquidos.

Eu, após tanto tempo de silencio, tiña unha vontade inorme de falar é, sobor de tudo, de ouvir falar. Se aquel home non era meu coñecido, era, po-lo menos, mais coñecido que os outros. E, ademais de eso, sería a úneca persoa que podería trocar impresións connigo sobor de mesmo caso: a morte de Bugallido. O taberneiro, somentes me podería decir: E tanto... despois de eu lle ter preguntado ¿Canto...?

Con aquel home que seguía a misturar os líquidos, a cousa era difrente: él coñecera ao Bugallido i-eu coñecera ao Bugallido.

Chegueíme mais perto d-el, e con vos amargurada lamentei:

—¡Probe Bugallido!

El fitou pra min con espanto. Dispois preguntoume:

—¿Por qué?

Quedei tan embarazado que non soupen que lle responder.

O home de negro encolleu os hombreiros. Fitou pra min e dispois pra o fondo dun copo é, dispois, voltándose supetamente preguntoume:

—¿Coñeceu a-os Bugallidos...?

Non, eu non cañecera a-os Bugallidos. Coñecera, apenas, a éste coitado Bugallido que acompañara ao cimiterio. Un Bugallido pequeniño, insiñificante, esprituado...

—Uns tímidos —volveu a decir él.

Ergueu un dos copos, levoúno a-os beizos é, denantes de lle tocar, espricoume:

—Complexo de timidez.

Despois, pousou o copo, encostouse no mostrador e díxome, fitando pra a rúa, coma quen percura fora imaxes coñecidas que recordara:

—Coñecin a-os tres Bugallidos: o pai, o fillo e ó neto: Bugallido pirmeiro, Bugallido segundo e Bugallido terceiro.

E preguntoume:

—¿Sabe por qué morreu este?

—¿Bugallido terceiro? Non. Eu acompañeino ao cimiterio por unha cuestión de simpatía. Era meu compañeiro de mesa, na pensión. Apenas soupen que morrera de supeto. Tal ves a comida da pensión o tivese morto.

O home de negro tampouco sabía as razóns de aquela morte. Nin él nin ningures.

—Atopárono morto de mañán, vestido sobor do leito, pálido e frío. Na mesiña de noite un revolver vello e certa novela de actualidade, de un escritor empregado púbrico. Houbo ao principio a suposición de un suicidio. Mais no corpo non había sinais de balas e o carregador estaba inteiro. En canto á novela, estaba sin abrir.

Morrera por que morrera, ése era ó caso. Non levara a noite toda a xemer, nin andivera unha semana entre médicos e albeitaes, amareliño e con tose, sofrendo doores das miudezas, gozando a tenrura dos amigos.

Alá fora a sineta do cimiterio badalou. O home de negro calou uns intres.

Dispois, continuou a contar:

—Có abó --Bugallido pirmeiro— deuse mais ou menos a mesma cousa, mais pra ese houbo unha explicación. Un día, á hora do xantar, apareceu con hipo. A muller, c-oas mellores intencións do mundo, pegoulle un susto. Quedou curado do hipo, pero morreu do susto. Como vé, é unha hestoria breve. Tráxica e rápida como unha corrente de ar.

O caso de Bugallido segundo e mais complicado. Se quixera ter a bondade de me ouvir...

Escomenzou n-unha barbería. Foi n-unha serán chuvosa de inverno.

Bugallido segundo abriera a porta tímidamente e dera unhas "boas tardes" tan tí-

midas que ó son das suas verbas morreu tallado po-lo cantar das tixeiras que se abrían e pechaban sobor das cacholas dos parroquianos.

Trémulo e receoso, sentouse n-unha silla de espera.

Bugallido segundo era un deses homes que se apavoran c-o mundo que os arrodeia. Todo él voltou pra dentro, encolleúse, como fan os ourizos, e alí quedou.

Semellaba mais un sobretudo esquecido, que un ser human dentro de un sobretudo.

De cando en cando, abría os ollos e espreitaba por entre as solapas que lle tapaban a cara e tocaban nas azas do chapeu.

Unhas "boas tardes" trovexantes fixérono estremecer. Fechou os ollos. Despois, ouviu a mesma vos protestar contra a chuva:

—¡Está un tempo do demo! I-eu estou con moita presa.

O barbeiro lamentoúse. Estaba aquel señor diante, mais non demoraba nada.

Bugallido segundo encolleuse aínda mais.

—¿Cal señor?, preguntou a vos trovexante.

Bugallido segundo tremeu... As suas mans, dentro das alxibeiras, contorcíanse, puxaban o forro. As pernas encolleráanse, recuaran.

A vos trovexante pediu:

—Tal ves aquel homiño me deixe o lugar.

Os dedos de Bugallido segundo atoparon un botón. ¿De donde sería aquel botón...? ¿De sobretudo...?

El quería decir que lle cedía o lugar ao monstro, pero non era home a falar unha sola verba.

A vos trovexante protestaba contra calquera lei, contra o Goberno. O barbeiro tamen protestaba. Os parroquianos que estaban nos sillóns protestaban aínda. Todo o mundo protestaba...

Bugallido segundo encolleúse aínda mais. Lembrouse do seu pai. Escoitou o tic tac do reloxo no peto do chaleque. Aquel reloxo fora do seu pai e tiña o nome dél grabado nunha tapa. Bugallido segundo, de

pequeno gostaba de mirar o segundeiro c-o seu andar miudiño.

A vos trovexante chamaba "bandido" a alguen.

—¿Sería a él? Mais él dáballe ó seu lugar con moito gosto. El quería até sair da barbería, deixar a barba pra despois...

Bugadillo segundo sentiu unha grande tenrura po-lo seu reloxo. Tiña de ó gardar pra o pequeniño Bugadillo que estaba a aprender a soletrear na escola.

A vos trovexante bramaba contra o Goberno.

Bugallido segundo ouviu outra vos. Era a vos do barbeiro que dicía: ¡O señor!

Dispois, o tocar das moedas de cobre batendo unhas c-oas outras. E a caída de unha moeda no chan... E, outra vez, a mesma vos dicindo: gracias.

A vos trovexante quería pelexar con alguen, contra alguen que tivese a culpa da chuva, das leis do Goberno, da sua presa...

E outra vez a vos do barbeiro: ¡O señor! E tornaba: ¡O señor! E cuasi nun berro: ¡O señor!

Bugallido segundo ergueu a testa. Fitou: o barbeiro convidábao a tomar o lugar no sillón. Bugallido segundo obedeceu. El quería ofrecer a sua ves ao señor da vos trovexante, é era por timidez que obedecía ao barbeiro.

Sentado frente ao espello, c-os ollos baixos, Bugallido sentiu nas costas a puñalada da antipatía do home da vos trovexante.

E cando o barbeiro, con un dedo no queixo, obrigóuno a erguer a testa, e lle puxo o pano en volta do pescozo, Bugallido segundo fechou os ollos.

Dispois escoitou o asentar da navalla.

Todos os sons que lle chegaban agora a-os ouvidos, barallábanse trabucados.

Bugallido segundo fixo un grande esforzo pra se non dormir. Abríu os ollos. Fitou ó espello. Dous ollos redondos, vivos e duros, fitávano. Eran os do home da vos trovexante, do señor que estaba con presa. Bugallido vía somente os ollos. Quixo desviar a mirada de aquel ollar hinóptico, mais non poido.

Somentes a vos de outra persoa, somen-



tes outro poder, o salvaría de aquela influencia. Bugallido estendeu o brazo. Os seus dedos tocaron un papel, agarráronno... O barbeiro perguntoulle:

—¿Auga fría?

Bugallido segundo que se arrepiaba co-a auga fría, dixo que si co-a testa. Desviou o fitar do espello.

¡Estaba salvo! Bugallido segundo voltou a testa. Reparou que tiña un xornal nas mans. As letras grandes formaban verbas que falaban de crimes, de escándalos, do Goberno, do Parlamento...

Bugallido segundo tentou de ler. Mais as letras escomenzaron a mexer, as verbas trabucábanse unhas co-as outras. Aquelo era de estar tanto tempo c-os ollos fechados... De súpeto, as verbas aliñáronse todas, volveron a-os seus lugares.

Aquela noticia: Roma-13. Roma é na Italia. Bugallido segundo gustaría de estar en Italia. Tal ves o señor da vos trovexante non soubese que Roma era á capital de Italia. Nin o barbeiro. El gustaría de decir: Roma é a capital de Italia. ¡Eles quedarían espantados! E, entón, Bugallido segundo sentiríase superior a eles. Non tería medo. Falaría de países extranxeiros, de civilizacións. E eles ouviríano cheios de admiración.

¿Mais qué é o que diría aquel telegrama de Roma...? Leu. "Nunha barbería..." ¿Nunha barbería...? ¡Tiña gracia! Continuou a ler: "...un barbeiro ao facer a barba a un parroquiano, foi asaltado por un ataque de loucura e cortoulle o pescozo, de tal xeito que a testa quedou separada do corpo".

Bugallido segundo esbugallou os ollos. O barbeiro púxolle a man na testa. Bugallido segundo viu a navalla avanzar, avanzar...

Os cabelos ourizáronse; a barba escomenzou a se encoller, a recuar, a medrar pra dentro. O barbeiro, alporizado, viu o cabelo de Bugallido segundo descer pola testa, cair nos hombreiros, como se fose neve que se derretese. Bugallido segundo revoltábase no sillón, torcíase todo, cuspiu, ría, choraba, nunha confusión que chegaba ao delirio.

O home da vos trovexante ergueúse pra fitar.

Bugallido segundo pegou un pulo do sillón. Revolouse no chan. O parroquiano que estaba no outro sillón, fuxiu pra a porta, con unha das faces cheia de xabón, co pano en volta do pescozo.

—¡Son espíritos! —berrou o home da vos trovexante.

Bugallido segundo nun pulo ergueúse. Correu pra a porta.

Os pelos da barba picábanlle no ceu da boca. E, na rúa, pulaba como louco, torcéndose nun movemento de baile de San Vito.

Repartiu puñadas a torto e dereito. Alguén tentou agarralo. Bugallido segundo deixouse atrapar, quedou quedo como un cordeiro c-os ollos espantados. Aprouximóuse un grupo.

—¡E un tolo! —espricou un señor

O grupo de curiosos fixo unha roda en vol d-él. Todos querían ver.

Bugallido segundo perneou, bracexou. Os señores que o amparaban, soltáronno. Os

curiosos fuxiron en desbandada. Bugallido rubíu por un cano da i-auga. Deixouse escorregar. Ruxíu. Dispois rubíu a un farol. Soprou.

—¡E un tolo! Está a soprar nun farol. Aínda si estivese aceso estaría bon-dixo un señor escondido na porta do seu establecemento.

Ora, Bugallido segundo sopraba por esta simple razón: sentía pelos da barbá entre os beizos. E cando sentimos calisquera cousa entre os beizos, e temos as mans apreixadas a un farol, ha somentes un xeito de nos librar desa impresión desagradabel: soprar.

Por eso Bugallido segundo sopraba. E a aitude mais natural d-este mundo. O leitor, por eixemplo, si se pon a soprar na rúa, ninguén repara n-elo. Ninguén, entre os millóns e millóns de pesoas que há en todo o mundo, lle chamaría tolo Lémbrése, meu amigo, que cada habitante do globo terráqueo sopra, po-lo menos, unhas vinte veces ao día.

Pra apagar un mixto, sóprase. Sóprase o polvo. Sópranse os mosquitos. Sóprase cando finamos de ouvir un mal tenor. Sóprase o fume. E, ninguén vai chamar tolo a un home po-la simples razón de soprar. Mais, Bugallido segundo ate no soprar foi infelis. Soprou, mesmamente, na altura en que tiña un farol apagado diante dos beizos.

Pra toda a xente era un tolo. Era un tolo non había dúbida. Por remate, apareceron policíaas. Alguen aproveitouse de aquela confusión para se manifestar contra o Goberno. Apareceron mais policíaas. Houbo vivas e morras. Bugallido foi agarrado, agredido. Revoltouse. Agredíu, a sua ves a-òs policíaas. Tiña xa pelos no corazón.

O señor de negro calárase.

A porta do "Bon Sosego", dous señores, tamen de negro, facíanlle sinais.

Eran os outros señores que tiñan acompañado a Bugallido terceiro.

O señor de negro pedíume que o desculpase, pois ía facer unha cousa que eu tal ves atopase bastante estrana.

Púxose moi serio, ergueu os brazos; despois comenzou a camiñar pra a porta dan-



zando moi acompasadamente, namentras os señores da porta fitábanno con moita naturalidade.

De súpeto o meu home pegou un pulo e escemenzou a camiñar, cara a min, co-as mans no chan e as pernas no ar.

Ao chegar á miña altura ergueuse, limpou as mans e espicoume:

—Se non fixese eso que acaba de fitar vostede, puñánme na rua.

Pagou o gasto. O del e o meu. Eu protestei. Quería eu pagar. Mais él berroume:

—¡Endexamais! Non levo nada po-lo que lle contei. Non son un profesional.

—O que lle contei e verdadeiro, verdadeiro até o mais íntimo de toda esta traxediá-espicoume él con vos grave. Foi o propio Bugallido segundo que mo contou. Foi él que mo contou aló n-aquel caseirón, n-aquela casa grande onde todos nos somos a que non somos: Napoleóns, Reises, Platóns Almirantes, e até o vento e as olas do mar.

Mais non ten moita importancia. Aca fora, tamen anda moita xente que xulga ser o que non é.

Calou. Bateu c-os calcañares no chan, prefilouse. Fíxome un cumprimento c-oa testa. Voltou pra a porta. Ordenou:

—Lacaios.

Os outros dous señores de negro, rodeáronno. Fíxéronme un cumprimento grave, cerimonioso. E saíron. Eu quedei por intres a fitar a porta da rua.

Somentes despois, reparei que o "Bon Sosego" estaba cuasi cheio. Pero confeso

que non me din conta do ridículo nin das veces meio bébedas, que me entontecían agora, como se despertase de un sono.

Nin o cheiro a peixe frito que viña da cocíña.

Sain. No lado oposto ao cimiterio o sol

desparecía, morría a serán na cruz do luscofusco. Eu vin aínda as tres figuras de negro a camiñar ao encontro do sol, confundírense coa lus, e dispois tornárense cincentas e desapareceren como carbóns acesos que se tornasen brasas, e cinza, e nada...



CANTO A ROMA

Por Ramón Cabanillas

¡Voz secular do Amor e da Beleza!
¡Corazón a frorir da Humanidade!
¡De nacións e de deuses xenitora,
Roma materna!

A Saudade esperta teu relembro
na Terra miña, prácido mallente
onde morren as vagas cramorosas
do mar de Atlante.

N-ela, de Frora o farturento corno
espalla seu tesouro froleado,
e os curutos, os vales, as fontelas
cubre de rosas.

O seu feitizo arroubador encende
a vella teogonía e Decio Bruto
sinte ante o sol que cai no mar inoto
o tremor sagro.

O caritel de sermo altisonoro
doura os antergos con patricios nomes:
Aquis Celenis, Límica, Iria Flavia,
Lucus Augusti...

Surde Venus nas ondas da Lanzada,
no Sil e o Miño as aureanas Ninfas,
no Barbanza, no Pindo e no Confurco
aras phoebeas.

E dende o gaio cumio do Castrove
e as neves do Candamio ve o Tonante
o arraso, a lume e ferro, da mariña
Lámbrica heroica.

Os edosos loureiros do Medulio
reverdecen roscidos e orballados
pol-o sutil recendo e a soave
gracia latina.

E hai estrofas variles nos teares,
nos arados, nas pontes, nos rodicios,
nos legóns do traballo e nas espadas
conqueridoras.

Soantes sinos, castros silandeiros,
ondas do mar que viron as trirremes,
pedras e furnas, cantan de cotío
groria romana.

Moe soes e lúas a clepsidra.
O solpor, pé do río, os da cohorte
conversan co-as mociñas docemente:
Marte é vencido.

Pol-os viales que trazóu Mercurio,
pol-as vellas, sombrizas corredoiras,
camiña o carro céltigo, no xugo
os bois do Lacio.

Os carballos druídicos acollen
a Diana fuxitiva, e baixo o palio
do seu follaxe emerxen os lanzales
lauros de Delfos.

A Luz do ceo desce nos teus días.
A vela inzada por diviño sopro
emproa pol-o Ulla a miragrosa
barca de pedra.

E os lexionarios da nutricia Loba
ven o nimbo auroral dos novos tempos
que abréu o Corpo Santo no grorioso
Castro Lupario.

Contigo ven o espírito da aventura.
E n-él achóu a raza cumprimento
ás verbas do profeta: "Están nos mares
os teus camiños..."

Cinco séculos áureos o teu xenio
rompe calzadas o goberna os vicos,
fura os ousteiros e ondequeira alastra
vivo relustro.

Encol, a xoia mais prezada: a Fala.
A fala nobre, nidia, lampexante,
solermiño vencello de cen pobos,
luz e vierio.

A imperial fala culta, tecedeira
do Dereito; solene e xusta en Tulio;
no mesiánico, lírico Virxilio,
arpa e cantiga.

A de Horacio, pulida, ourilocente;
no austero Xuvenal flaxeladora;
soma e noite no triste desterrado
do Ponto-Euxino.

A túa fala que vertéu na nosa
o celme deleitoso das entenas
do sangal, pecoreiro, campesío
sermo vulgaris.

A fala dos teus agros e os teus portos
que nos céltigos beizos molecida
pervivirá louzana nos fogares
da miña Terra!

Encol do Centenario de Curros Enríquez

Por Luis Soto Fernández

Díses con almas de can
que coidan na sua insolencia
que se merca unha concencia
por catro codias de pan.

D-ises que medrando vin
dos abusos do poder
i-a xornal quixeron ter
un cómprice mudo en min.

(Anacos da derradeira poesía
de Curros Enríquez, días an-
tes de sua morte).

Acábase de “conmemorar” —na terra verdescente e señeira de Celanova— o centenario do bardo políteco e nazonal galego, Manoel Curros Enríquez.

E ben craro que íste acontecemento de loubanza e homaxe ó gran poeta e loitador, mais ben semella unha profanazón insolente e hipócreta.

E ben certo, tamén, que a venerazón no pobo galego, pro seu gran escritor revolucionario, forzou ó réxime aitual, nemigo decrarado da cultura e da liberdade, a promover festas en honor de quen foi a lus mais outa e mais acesa da nosa Renacenza Nazonal.

De volta, as forzas feudales das Hespañas —na sua escuridade tremenda e interminabel— quixeron mercar a universalidade de Curros “por catro codias de pan”.

A pirmeira vegada foi cando o seu cadavre chegou dende Habana —¡il tamén morreu na emigrazón!— á cibdade da Cruña. Naquela data, os caciques, buscaban migallas de groria ó recoller os restos do poeta, entre o pranto e a indiñazón do pobo.

Agora o Réxime —carceleiro da cultura— fixo pantomimas e carantofías en Celanova, fustigada po-lo silencio dos labregos e dos homes barudos —encadeados pero endexamais vencidos— das terras belidas do Sorga, do Tuño e do Arnoia.

Intentouse deformar a obra de Curros, desfigurar a sua siñificazón liberal, políteca e social, i-escondeuse, con parolas e xiloxismos trasnoitados a verdade inmarchitabel da Nosa Terra como nazón, que si non pudo “domar e castrar” a dona de Castele, Isabel a Católicaca, menos poderán faguelo os homes pequenos que desgobernan a noso querido país.

Mais deixemos isto, pois o Centenario de Curros Enríquez será celebrado cando voltemos á nosa terra, liberada da pauliña regresiva, e cando levemos sobor do Atrántico o cadavre de Castelao, percisamente a continuazón i-eixpresión políteca —no noso tempo— de Curros Enríquez e a sua obra.

:: :: ::

Se non estivera d-abondo demostrado que Galiza e unha nazonalidade

rotundamente diferenciada, coas suas características ben definidas: de idioma propio, territorio propio, vida económica propia a hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura, chegaría o nacemento dun xenio de tal magnitude como foi Curros Enríquez —proieitada a súa obra nos problemas esenciais da nación— pra apabullar os descreídos e os escravizados.

Non estruturou Curros en temas polítecicos o que poderamos chamar a filosofía do dereito da nosa nacionalidade, porque Curros, sobor de todo, era un poeta, pero todos os seus libros, seus artigos, e, principalmente, os seus feitos, culminan na proclamação da loita anterga, e sempre nova, pra liberación da Terra asoballada pola incompreensión e pola tiranía.

Os emigrantes galegos que se extenden dende Alaska á Terra do Fogo, cando chegaban as terras da América, mercaban un libro cos primeiros cartos que gañaban: iste libro era “Aires Da Miña Terra” que viña a ser, dista maneira, unha Biblia política e nacional dos nosos emigrantes, estremecidos sempre pola agonía do retorno a súa pátria fermosa, que non pode manter os seus fillos.

Tal como fixera Guerra Junqueiro, Carducci, ou Puskin, Curros recolleu en maravellosas i-acesas poesías, en prosa lanzal e forte, non somentes as formas autóctonas da nosa cultura, senon, tamén, o fondo hestórico e sempre vivo do noso problema nacional, que por selo e rotundamente universal.

E cecais o primeiro que sacude as cadeas feudales con forza de xigante, que sinala cal e o inimigo secular, que amosra cales son os camiños que levan ó Maio da liberdade.

Galiza, nai da civilización peninsular, deulle a Hespaña o poeta civil mais grande dos tempos modernos, que non somentes se queixa dos agravios e da door, si non que alenta o impulso revolucionario da súa terra e de todos os

homes de ben que pulan no mundo inteiro polo progreso e o benestar da humanidade.

:: :: ::

Cando nos fins do século pasado a persoalidade de Galiza esmorecia antre queixas e pranto dos seus fillos escarnecidos na súa propia terra i espaxados na tristura da emigración sin esperanza, xurde Curros Enríquez que secando as bágoas co puño fechado, fixo erguer nos galegos a fé no seu futuro e fixolles crér que a nosa Terra e nosa.

A neboeira do tempo esvanece os contornos das xentes e dos acontecementos, mais a figura inmorredora de Curros Enríquez cincélase, o longo dos anos, no corazón e no pensamento do pobo galego.

O poeta endexamais calou ante a inxustiza i-a tiranía. O seu verbo fustigou implacablemente os déspotas i-os verdugos, i-alentou a loita dos hérois e dos mártires.

Dispois de cáseque meio século, seguimos rubindo a “traballosa costa” da liberdade de Galiza, a terra máxica que xurde sempre inmorredora e invencibel no tempo e no espacio, na tradición e no porvir.

:: :: ::

Os tiranos i-os sicofantes non poden mercar na feira da traición a conciencia de Curros, que representa a fonte mais cristaiña do noso espírito, nin poden faguer do bardo un cómplice mudo da súa insolencia e da súa barbarie.

No decorrer do tempo, Curros sigue sendo o profeta i-o guía das moitumes do noso país, de dentro e de fora, que siguen berrando: “hosanna o poeta que trouxo a boa nova”.

¡Maldizoados aqueles que tratan de trocar a obra de Curros! O alento da Terra sepulta os seus intentos farisaicos e vergoñentos, porque sobor da escuridades medoñenta vislúmbrese no hourizonte da nosa Pátria, o abrente.



TRES POEMAS

Roxelio Rodríguez de Breaña

CANTIGA DA ANGUNIA ORFA

Soidades d-angunia orfa.
Orfandá d-amor e canto.
Nas noitiñas orballadas,
ían camiñantes luces,
as veiras do camposanto.

Velahi miña traxedia.
Esvagoares d-inquedanza.
Lamaradas de trebón.
As arelas sen espranza.

:: :: ::

Zoar de saloucos orfos,
que, morden a miña i-alma.

Unhos morren ó nacer.
Estes son anceios murchos,
zorreiras do meu querer.

:: :: ::

Mais, que gana de leria...
O que eu maxinei namoro,
roubandolle o Diaño tempo,
roubandolle horas ao sono,
eran tolerías miñas:
Un lembrar... un recordo...

Soidades d-angunia orfa.
Orfandá d-amor e canto.
Nas noitiñas orballadas,
ían, camiñantes luces,
as veiras do camposanto.

AI AMAR .. AI AMOR...

Ao son do adufe do Sol,
mainos saloucos do Inverno
bailan coas ondas do mar
a muiñeira dos ventos.

Da niña door
ai amor...

Aran as dornas no azul
lixando o cabelo ao mar
mariñeiro na chalana
vai meu amor mariñán.

Do meu pesar
ai amar...

O mar nas ondas marmuria
inmorredoiro alalá
bico do sol feiticeiro
no esmorecer da serán.

Da niña door
ai amor...

Un entoar de ledicia
cantan sereias no mar,
n-un entoar de ledicia.
perdín o amor mariñán.

Da miña pesar
Da miña door
ai amar...
ai amor...

CANTIGA DA ARELA DESERTA

Ai...!, meu amor desfeito...
Ai...!, meus anceios mortos...
Ai...!, as arelas desertas...

:: :: ::

Nos orballares miudos,
—concas sen ollos dos mortos—
vai, meu esprito sen lume,
esmorecendo en saloucos.

No escintilar d-un lostrego,
no lusco — fusco d-un trono,
o amor soio deixoume,
irto na paisaxe. Morto.

Do páramo na soidade
—sártego de vidro roto—
faliñas que son marmurios
d-ollifios saudosos... fondos.

Zinzano —truncada copa—
d-un brindis tolleito e horfo.

:: :: ::

Revoldaina d-unhas cores
—azul, un verde i-un roxo—...

Azul... —cabalo de goma—...
un verde d-espranza ou loito.
Ceras de morte lostregan,
beizos tinguidos de roxo.

Pestanas d-arrollos preñadas,
que o vento arrincou no sono.

:: :: ::

A meiga de louros cabelos,
—cabalo d-un sártego longo—
chouta, e rebrinca de leda.

Meu amor vai no degoiro.

:: :: ::

Os estrobos da inquedanza,
ferintes do lago morno,
rizan as augas sedentas
que, afogaron meu sono.

Nas veiras do Aló, Caronte,
abrindo o sártego orfo,
trinca na boca a moeda,
do enterrador seu óbol.

Os Eloís —probe recuncho—
cova son dos meus saloucos.

O Zinzano d-aquel brindis,
mortiño, morto de todo,
abafa o meu desespero
revolto en sangue i-en toxo.

Bulen as augas das Burgas,
onde chapotou un corpo.
A meiga de louras trenzas,
ferve, no meio dos mortos.

Mais meu amor non morreu.
No quentar do peito morno
acola tenras lembranzas:
Un uuuh... n-uns beizos tolos.

:: :: ::

Ai...!, meu amor desfeito.
Ai...!, meus anceios mortos
Ai...!, as arelas desertas.

Nos orballares miudos,
—concas sen ollos dos mortos—
vai, meu esprito sen lume,
esmorecendo en saloucos.

H I M N O

¿Qué din os rumorosos
Na costa, verdecente,
Ao rayo trasparente
Do prácido luar
¿Qué din as outas copas
D'escuro arume arpado
C'o seu ben compasado
Monótono fungar?

—“Do teu verdor cinguido
E de benignos astros
Confín dos verdes castros
E valeroso chan,
Non dés a esquecemento,
Da inxuria o rudo encono;
Desperta do teu sono
Fogar de Breogan.

HIMNO GALEGO

Letra de PONDAL

Música de P. VEIGA

AIRE MARCIAL

PIANO

The musical score for 'Himno Galego' is presented in five systems. The first system is marked 'PIANO' and 'AIRE MARCIAL'. The music is in 2/4 time and features a melody in the right hand and a bass line in the left hand. The score includes various musical notations such as notes, rests, and dynamic markings like 'f' and 'p'. The second system includes a 'p' marking and a 'Cue' marking. The third, fourth, and fifth systems continue the melody and bass line.

G A L E G O

“Os bós e xenerosos
A nosa voz entenden,
E con arroubo atenden
O noso ronco son,
Mais soo os ñorantes,
E féridos e duros,
Imbéciles e escuros
Non nos entenden, non.

“Os tempos son chegados
Dos bardos das edades
Que as vosas vaguedades
Cumprido fin terán;
Pois donde quer xigante
A nosa voz pregoa
A redenzón da boa
Nazón de Breogan.

The musical score consists of six systems of piano accompaniment, each with a treble and bass staff. The key signature is one sharp (F#) and the time signature is 4/4. The score includes various musical notations such as slurs, accents, and dynamic markings. The dynamics used are *p* (piano), *f* (forte), *com anima*, *dolce*, and *con brio*. The final system ends with a double bar line and a *ff* (fortissimo) marking.

Pingueiras que Recoller

Por Manoel Porteiro Viñas

Endexemais no Nosa Terra xurden, coma noutros apaños un conxunto de homes que fixera fronte ao estudo inteiro dos problemas económicos no senso d-enriva envaixo e de lado a lado. Pra sere mais concredos; do xeito craseco que Xohan Bautista Gay estableceu ou sexa: Producción, distribución e consumo.

Alguns empeces houbo, por eixempro botando man dos derradeiros aqueles do mártir Alexandre Bóveda. Pro maxino que estaremos de acordo, que taes esforzos de Bóveda hanse de crasificare coma "facendarios", moi bons e cumpridos no seu xénero, aínda que mais ferintes políticamente que lumiosos e de utilidade pra os fins devanditos.

Fixéronse tamen estudos en col a "aparceiría", con mais profundidade xurídica que ren. Puxéronse en práctica, ben deslabazadamente por certo, algunhas sociedades "mutualistas"; fundáronse con vida de tísico pol-os fins que todos ben coñecemos os "Pósitos de Pescadores", e tratouse por moitos autores coa eistensión pouco proporzoada a enxundia, o problema do creto do agro. Pódese decir, que —sen críteca pra ninguén— con íses alumeamentos, as campaas non dobraron a morto, pro tampouco repinicaron de goria.

Pónsenos pel de galiña maxinar que se houbera imprantado de sopetón o Estatuto. Cantas desilusións houbera habido. Non hai pior cousa na vida dos pobos que outer trunfos polítecicos ao parexo de fracasos económicos e sociaes. Por paradoxa que semelle e a ruíña política. Eu maxino que con iso houbera topado Galiza.

Tornado pois coma premisa o devandito, seméllame de aitualidade, que os homes que aínda andan polo mundo adiante co fachuzo aceso dos agarimos da Terra e cheios de esprenca e saber nas discipriñas que fan falla, deben de porse de acordo en col ao teima homoxéneo de que vimos falando; i-unha vegada logrado aquel, auto-encomendarse cada un d-eles, traballos parciaes, os cales, despois de feitos habían de sere enxuiciados, por tudos, pra que en resumen de contas acoprandoos, chegar a un ouxetivo derradeiro: creare un corpo de doutriña económica de aplicación inmediata no intre de por a camiñar o Estatuto, e tamén de aplicación mediata pra distintas xornadas vindeiras co gallo da Autonomía.

Ista ideia —de algún xeito temos que chamarlle— non debe de servire a ninguén para que a maneira de "adiantados", cubran intreses de Partido, sen outro desexo que o de adequerir posibel clientela, ou facerse ollado por un complexo de vanidade. A miña intención e sereia, sendo polo tanto allea a semellante bastardía.

:: :: ::

Nos ben nos decatamos que o empeño proposto e de moitos perendengues, mais sopeitamos que aínda non se remataron os homes de boa vontade pra Terra, cheios de anceios fidalgos pra Ela e coa capacidades sobrada pra os traballos sinalados. Estamos trabucados...? O tempo nolo dirá. De calqueira xeito, endexemais foi de ruindá ourear istas cousas. Aló cada quen coa sua concencia.



Da Galiza Infinda

(Libro próximo a aparecer)

Florencio Delgado Gurriarán

Nemorame o Feitizo do Tesouro

Nin crásico eipreste: xeometría
circia e lanzal, do reiseñor capela,
mística oxiva, ergueita centinela
do vello pazo ou da espadana esguía.

Nin os bidos en verde teoría
veira da estrada a debecer na arela
de camiñar e camiñar por ela,
romeiros dunha eterna romería.

Nin o eucalipto a acoitelar os ventos;
nin o piñeiro a marmular concertos;
ni-a esmeralda a tremar dos ameneiros...

Namórame o feitizo do tesouro
—fino brocado de candeas de ouro—
enfeite dos petrucios castiñeiros.

Vello Almanaque

Cisnes interrogantes,
na lagúa azúada,
mergullan o peteiro
de Leda coa nostalxia.
No xardín do castelo,
brincan louras rapazas.
Verde novo, do trinque,
ovelliñas penteadas,
pegureiras belidas,
tenros años na abada.
Branca neve de zucre
no pastel das montañas...

O cursi circunscribe
unha fita dourada.

Do ano as contas correntes
no cursi penduradas.

Bocarribeira Valdeorresa

Espiu o monte a mortaxa.
Cataléptico no inverno
volta á vida na Coresma
e viste de nazareno.

(Cantariñas costureiras,
con agarimo teceran
o manteliño morado
có que se enfeitou a serra).

Por fuxir do sol, a neve
agachouse antre as silveiras;
trocáronse en brancas flores
as revoantes folerpas.

Os regueiros, por quenceren
do aterecer das xiadas,
andan ás pinchacarneiras
polas encostas e as fragas.

Cal na teima dunha aposta
por ver quen rube mais outo,
gateñan polos sucacos
hortos, bacelos e soutos.

As cerdeiriñas, louzanas
mozas no día da festa,
na verde orella penduran
roxos brincos de cireixas.

As velliñas caracochas
coa primadeira tolean
e, de perifole, poñen
fíos de ouro das candeas.

Embaixo, o río, prisoeiro
entre as penas, nun caborco,
chouta por unha fervenza
para saír do cábozo.

E, sin medo a se esfragare,
bota a fuxir, ás carreiras,
cara os vieiros do mar
a embarcar para as Américas.

A CHAMADA DA TERRA

Por Edmundo Lorenzo

Dende o mais ou menos apacíbel lugar o noso eisilio, cos ollos da i-alma ollamos, coma a nosa Terra, percorre un novo ano somesa na escravitude i-a suas xentes asoballadas ou apreixoadas coma endexa-mais se viron. Tal día coma hoxe milleiros de paisans teñen de afogar no mais fondo do seu ser os anxeios de xustiza, e trocar en xornada de calada angunia a que debera ser de esperanza e nobel loita.

Aqueles de nos que xa chegamos a vellos, as vegadas tremamos coa dúbida de se nos será doado ollal-o día no que as xentes do noso País poderán erguer a testa e berrar aos catro ventos mundiaes, as suas arelas de redenzón; pro o noso anxeio non cede diante da sospeita, de que a chegada d-ise día de ledicia sinale o intre do noso alento derra-deiro.

Entramentras imos deixando no camiño da vida moita laboura por facer, moita obriga por cumprir, moita obra por darlle remate. Deixamos pasalo tempo coma se non tuvéramos conciencia da nosa obriga pra coa Terra e pra cos que n-ela se laian apreixoados pol-as rendas da inxustiza baixo a pouta dos treidores e baixo o indifrente esquencer i-abandono dos ausentes: NOS.

Compréndese que o pensamento peneire de cote as ideas i-espalle as aitividades da xente en varias custions que non nos son alleas doado que ren humán nos pode sel-o, pro que non son a custión nosa propia a cal, ninguén se non nos podemos resolvela xa que somentes nos podemos comprendela.

Lendo as lembranzas da mocidade de Ernesto Renán, chegase a entrana i-ao fondo das virtudes que son sinal distintiva das razas celtas; carácter propio, condición firme e insobornable que mantemol-os galegos ao través de tudas as forzadas adaitacions ao meio e de todos os cumprimentos da vida praitica. Quen poidera arredarse ao imperante de ista condición, non sería por que houbera superado as características da sua raza, senón por que tivera as suas virtudes relaxadas ou mortas.

Pro istas outas virtudes hémoslas de trocar en faitor costrutivo ao servizo da nova Galiza que o progreso dos tempos —detido hoxe por un Poder anacróneco— ten de impor sen duda nun intre inevitabel. A mocidade galega no eisilio compre manter e repoñer sempre que sexa mes-ter os órgaos de axuda aos irmans da Terra, órgaos que ao seu tempo poida impoñer as novas leis que a Galiza do futuro require. I-en ista laboura debemos todos poñer, novos e vellos, noso alento e nosa axuda porque en ela, está a uneca esperanza pra nos de redenzón moral pra Terra de liberazón e progreso.

O Noso Ramón

A Ramón Suárez Picallo, o
fillo do zoqueiro de Veloi.

Por Serafín García

Quero adicarlle ista ao meu gran irmáns o fillo do zoqueiro de Veloi.

Veloi... a que che sona iste nome Ramonciño...? Non sintes o recendo das malvas, as rosas e os xaranios, que a tua irman tiña prantados na horta...? Non che pican as nachas coa palluzada que solta o palleiro...? Lembras o bafo d-unha mañán de xiada, cando se saca unha corte de esterco e na que o corpo che pide unha copa de anís...? Aquil cheiriño doce cando se remata de tripar unha pedra de toxo...? Lembras Ramón as nosas lerias no teu palleiro, cando crevache a perna i-aquiles paseios pol-o Quenlle i-a Revolta...? Lembraste nonsi...? Tamen a min ao dar en pensalo, me chega ao fondo da i-alma. I-a tí...?

O noso Ramón. Ise era teu nome i-a xente somente te recoñecía esi. Velahí vai o noso Ramón —decían— vai para a baiuca parolar cos mariñeiros.

Hoxe, anda a rolar polas corredoiras do mundo, o mesmo que todos os homes bos que tiveron que fuxir da Terra, pra ceibarse das trabadas dos cas doentes que por alá andan ceibos, sen que ninguén trate de requeдалos; sí, polas corredoiras do mundo maximando cando será...? Lembrando Veloi, Marazón, as noites de Grandaria, a Cova de Anca, ollando aos rapaces baixar a praia os escintileos da lua en Corvaroa, vendo aquelas mulleriñas collendo ameixas na baixamar, fuxindo do celador porque hai veda. Mais éla i-os seus teñen fame. María "a negra" maldecendo por que o mar levoulle a xebra que colleu na noite. O "Barba Manchada" debuzado no peirao ten fame. Por Leste o vello "Piriquete" ven da "braba" contento, chegou n-unha estrobada dende Palleiro, todos tran as zocas cheias de escama. A marea foi boa. Sete mil réas. Guinouo o demo. O tío Andrés de Paxín, está tristeiro: "Poñeta non teño homes pra ir ao mar, so teño nenos". Cando san os homes vánselle pra outras

campañas. "Eu ensíñoos e despois vause jrecorcía...!"

O tío Lunes empina unha xerra de viño na casa do Tocaio: "Eu hoxe non vou ao mar, van os rapaces".

Fronte da casa do "Tío Pepe da Muñeira", rifa "Baltasariño do Chicho co "Pirulito" porque lle roubou unha xiba. "Pélamela la pluma" arrédaos. Baltasariño dí: "Xallo direi ao zoqueiro".

Lembras Ramón ao Tío Ventureira arando no monte do crego, pregando e falando cos bois: "Hei boñño... anda, van sel-as doce e non arrequento. Os rapaces cos espellos pillando xilgaros na fonte de Burreiros, i-as mulleres a lavar a roupa falan de tudo din: "O noso Ramón, o fillo do zoqueiro de Veloi, pasou arrimado a un pau, din que parteu unha perna... Sí, a nai moito o coida e din que non houbo festa coma a que lle fixeron cando voltou de Bos Aires. I! e tudo a mai, a nai e moi lista".

O tío Xerman, vai tanguendo os zocos pol-a corredoira, con un feixe de vidras e toma os pucheiros na casa da Pía, parola con todos, di: "Ruins tempos nos agardan, vou-me..."

O rueiro esta soio. As rapaza fan lara-das, maximan que van cear, o pai ven do mar e ven limpo de peixe e pedra. A nai saleu coma tola a ver que topa. Pola Corripa vai, Puchiña de Xermán e Manoliño do Rei. Un can ensinoulle os dentes, di Puchiña: "¡Mamá Carolina! jo can do Tío Flores rieuse!

Lembras a Corripa Ramón...? Os camiños de Fontán...? Cando no abrete ibas ao Boliche. Que alqueiroso ibas cando había tranche e mocarte.

Lembras o Tío Paulos...? Semella que o estou vendo. Tío Manuel de Canle sentado a porta do muiño coidando que os rapaces non lle leven as castañas que tirou o vento.

Non lembras Ramón... A ver cando voltamos pra sempre...

Verbas do Irmán
Rodolfo Prada
no segundo ano
da morte de
Castelao



¡Lembrar a Castelao...! Pero, si o temos vivo, latexante, rexo, ledó e maxestoso a carón de nós en tudol-os intres...: no seu "farol" da rua Belgrano, no Consello de Galiza, no fogar do Centro Orensano, en tudol-os aitos culturaes e patrióticos que fai a colectividades, en tudal-as nosas tarefas galeguistas... Il está de cote a facernos lediciosa a vida co seu sorrir outimista, co seu trascendente humorismo, co seu arte...; il está sempre a nosa veira, fortecendo noso espritu cos seus ensinos maxistraes, il está a cotío iluminando os vieiros do noso camiñar anxeoso pol-os eidos ideaes da Terra sagra, ¡da nosa Terra!, que arelamos axudar a remir... Ollamos en tudol-os intres sua nobre a lanzal figura de Redentor, cos brazos en cruz, —¡cruceiro il mesmo—, en xenerosa aitude de abranguer a tudol-os fillos da patria Galiza pra os estreitar a carón do seu peito e transmitirles a quentura do seu tenro curazón; ollámolo coma outo e refulxente faro guieiro da galeguidade.

Castelao foi o escolleito, pol-o xenio da galeguidade pra que n-il, no seu espritu enxel e no seu tenro curazón galego, resoase tud-a vida da sua patria Galiza o longo dos séculos: o mesmo as diadas de ledicia, de gloria e de liberdade, com-as noitadas de sofrimentos, de loitas e de escravitude.

Tud-a mnenana historia ua Ganza se refrexou n-il e tuvo o mais fidel intérprete. Castelao, era n-ista época, a mais outa espresión da galeguidade, como o fora Rosalía no século derradeiro. Na historia da Galiza, Castelao encarnará a sua época, tal como encarnaron as suas, as grandieiras persoalidás galegas do pasado: Bregán, Prisciliano, San Rosendo, Xelmírez, Pardo de Cela, Feixó e Rosalía. Nos nosos días, Castelao foi, no órde patriótico, no órde da reivindicazón nazonal galega, o que foron De Valera pra Irlanda, Paderewsky pra Polonia e Massaryk pra Checoeslovaquia... Igoal que íles no afervoado apostolado patriótico, nos sagreficios, nas persecuciós e na pelegrinaxe pol-o desterro. Mais il morreu no eisilio, sen gozar da inefabel ledicia de contemprar a sua patria Galiza redimida e ceibe como il a soñara.

Castelao, foi un predestinado: rentes do pensamento de Rosalía nasceu Castelao. A sagra Terra Nai, ábrese anguniada pra recoller e gardar garinosamente no seu seo, os atormentados desposos mortaes da mais esgrevia muller galega de tudol-os tempos; e a seguido, coma reparación integral da iforme perda que sofrira a galeguidade, a Terra nosa, a sagra Terra Nai, alumea a Castelao; e a il lle trasfire o ámago do seu espritu do cal fora Rosalía diviña depositaria a fidel intér-

prete. Rosalía encetara a grandeira tarefa de redenzón da Patria, do soerguer a Galiza do afondimento de catro séculos de dramática esventura. Seu curazón atristurado, rompera en laios lastimeiros, i en firentes, témeros i enrabechados apóstrofes de desespera qu sacodiron a i-alma do povo galego.

Castelao xurdeu milagreiramente pra progredir a misión providencial da rula do Sar. Rosalía recollera no seu doce curazón de muller galega tuda a infinda door da patria Galiza; e chora, e crama xustiza, e berra sua protesta, o mesmo tempo que canta, en poemas inmortaes, o marmurio dos regatos, o rexoubar dos paxaros, as herbiñas do campo santo, os "aires, airiños, aires, os aires da nosa Terra". E Castelao, ten tamén doce curazón galego que se lle acugula de anguria diante o drama castrisecolar da infelice Galiza. Mais íl, se non deixa apouvir. Vai a Rosalía, recolle seu herdo sagro, de door infinda, e o convirte en afervoadado e irrevocabel anceo e en rexa vontade de redenzón. Castelao se pón con mística de predestinado, con afervoamento de apóstolo, con azos de loitador e cas luces de Guieiro, a homérica tarefa de remir, libertar e refacer a Patria galega. E se pón a elo, cas ferramentas prodixosas que lle dou o xenio tutelar do noso povo o lápiz, a verba, a pruma. E con elas realzou a sua solprendente laboura, a sua grandeira obra que venceu a morte, pois que o fixo inmorrente.

¡Presenza viva, latexante e acesa de Castelao! no tesouro da sua produción de artista esgrevio e trascendente; que non fixo arte pol-o arte en sí, nen pra festa e regalía dos ollos, nen pra negociacións crematísticas, senón pra interpretar fidelmente o drama do povo galego en tudal-as suas dimensións i en tuda a sua intensidade, con un senso pedagóxico e unha crara e definida intenzón de xustiza social, de lostregar e condenar aos enemigos da nosa Terra, de amore a liberdade e de afervoadado patriotismo galego. ¡Presenza viva, latexante e acesa de Castelao!: nos seus artigos, discursos e libros..., no seu denso e luminoso libro "Sempre en Galiza" xa consagrado coma Biblia dos galegos; o libro que temos, a cotío, a carón de nós pra rezar a cotidián crazón de fidelidade patriótica galega, pra lembrar o pasado da Galiza, pra

coñecer o seu presente e pra adprender a millor maneira de proieitar nosas forzas e nosa aición cara o seu luminoso porvir... ¡Presenza viva, latexante a acesa de Castelao!: no ronsel cultural, ideolóxico e patriótico que deixou nidia e amplamente na nosa coleitividade, dende aquela mañán inesquecibel na que chegou a istas praias cangado ca cruz do eisilio e ca door infinda da traxedia da patria, mais co ánemo enteiro i ergueito e con azos e pulos pra seguir loitando pol-a liberdade do seu povo o pol-a felicidade da sua adourada Galiza.

¡Non é perciso lembrar a Castelao! Témo-lo permañentemente metido nos ollos e acochado no curazón, vivo, latexante a eceso...

¡Cecáis estamos somidos n-un doce ensono! Cecáis estamos ainda abraçados pol-a crudel malafada! Mais, o certo é que fixamos sen decatarnos do seu pasamento. Ainda non sentimol-a sensación da sua lonxanía. ¡Nen no tempo, nen no espazo! No tempo: posto que o ollamos sorrir, o sentimos latexar eo ouvimos falar, tudo elo sen soluzón de continuidade; e no espazo: porque o temos incorruo a carón de nós, eiquí pertiño, acochado pol-o amore de tudol-os galegos, ¡de todos!, pois pra honra da galeguidade e pra honor de íles, nen tan siquera se da a eisecuición dos adeversarios...; eiquí pertiño o temos, cobixado, coma reliquia sagra, pol-o noso manífeco Centro Gallego que soupo enaltecerse e que enalteceu a colectividade galega de Buenos Aires, ca devozón e ca manificenza. coas que atendeu, velou i enterrou a Castelao; e coas que coida seu corpo e seu espírito; eiquí pertiño o temos agarrimado pol-a garda cotidián da sua mártir Virxinia, símbolo vivente da nai Galiza que vela seu sono de eternidade... ¡Nen no tempo, nen no espazo!, pois ainda o noso grorioso Castelao istá solermiñamente protexido pol-a saudade, sobrelevando as angurias do eisilio... E namentras Castelao fique no eisilio, Castelao estará convivindo con nosco. E namentras Castelao conviva con nosco, sentirémola dozura incomparabel de tér os galegos emigrados, n-ista benquerida terra Arxentina, a propia maravilhosa compañía da nosa adourada Galiza. Porque xa foi dita, por voce ben autorizada a grandeira verdade: ¡Castelao e Galiza; e Galiza é Castelao!

A Gaita Galega

Rosalía de Castro

I
Cand' este cantar, poeta,
na lira xemendo entonas,
non sei ó que por min pasa-
qu' as lagrimiñas m' afogan,
qu' ante de min cruzar vexo
á Virxen-mártir qu' invocas,
c' o pes cravados d' espiñas.
c' as mans cubertas de rosas.
En vano á gaita tocando
unh' alborda de gloria
sóns pol-os aires espalla
que can nas tembrantes ondas;
en vano baila contenta
nas eiras á turba louca,
cousas tan tristes me contan,
que' eu podó decirche
non canta, que chora.

II
Vexo contigo estos ceos,
vexo estas brancas auroras,
vexo estes campos froridos
donde s' arrulan as pombas
y estas montañas xigantes
qu' aló c' as nubes se tocan
cubertas de verdes piños
e de froliñas cheirosas;
vexo esta terra bendita
dond' o ben de Dios rebota
tecen brillantes coroas;
mais ¡ay! como tamén vexo
pasar macilentas sombras
grilos de ferro arrastrando
entre sorrisas de mofa,
anque mimosa gaitiña,
eu podó decirche
non canta, que chora.

III
Falas, y o meu pensamento
mira pasar temerosas
as sombras d' eses cen portos
qu' o pe d' as ondiñas moran.
E pouco a pouco marchando
fráxiles, tristes e soyas,
vagar as naves soberbas
aló nunha mar traidora,
y ¡ay! como nélas navegan
os fillos d' as nosas costas
con rumbo a América infanda
qu' a morte c' o pan lles dona,
desnudos pedindo en vano
a patria misericordia.
Aunque contenta a gaitiña
o probe gaitero toca,
eu podó decirche
non canta, que chora.

IV
Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española,
qu' España de ti s' olvida
cando eres, ¡ay! tan hermosa.
Cal si na infamia naceras.
torpe, de ti s' avergonza,
y a nai qu' un fillo despreza
nay sin corazón se noma.
Naide porque te levantes
ch' alarga a man bondados;
nadie os teus prantos enxuga,
y homilde choras e choras.
Galicia, ti non tés patria
ti vives no mundo soya
y á prole fecunda tua
s' espalla en arrantes hordas,
mentras na verde alfombra

o mar esperanzas pides,
de Dios á esperanza imploras.
Por eso, aunqu' en son de festa
alegra á gaitiña s' oya
eu podo decirche
non canta, que chora.

V

Espera, Galicia, espera.
Canto este grito consola!
Páguecho Dios, bon poeta,
mais é unha esperanza louca;
qu' antes de qu' os tempos choquen
de dicha tan venturosa,
antes que Galicia suba
c' á cruz qu' ó seu lombo agobia
aquele difícil camiño
qu' o pe d' os abismos toca
quisáis que d' angustias morra.

Págueche Dios, bon poeta,
esa esperanza de groria.
Que de teu peito surxindo,
á Virxen-mártir coroa,
y esta recompensa sea
d' amargas penas tan fondas.
Páguech' este cantar triste
que' as nosas tristezas conta,
que soyo tí... ti entre tantos!
d' as nosas mágoas s' acorda.
Dina voluntad d' un xenio,
alma pura e xenerosa!
E cando á gaita gallega,
aló nas Castillas oyas,
a teu corazón pregunta,
verás que che di en reposta
qu' a gaita gallega
non canta, que chora.

AUSENZA

Por Basilio Bernárdez

Que galego ao campar pol-o mundo, non leva a morriña apreigollada na i-alma...?

Moi difícil de defini-la morriña. E a saudade con algo mais, a malenconía, con ise non sei que os galegos lle engadan ao lembrar a terríña dende terras alleas. E decir, cecais seña a malenconia levada ao mais outo grado do sentimento, pro c-un acento especial, coa música tristeira e misteriosa coa que os galegos cantan o vocabol: "malenconia".

Cóntase na América do Sul, que os galegos non se poden arredar endexa-mais da morriña, que ista lles fai compañía como a soma pegada ao corpo; pro que e de abondo que aos seus ouvidos chegue o son de unha gaita, pra que o surrir xurda aos seus beizos i-a inquedanza prenda nos seus pes.

Non embargantes, esta meiciña que da resultado na maor parte dos galegos, falla as vegadas. Eu lembro, que antramentas da miña estadía en Montevideo, coñecin un galego, d- apenas 30 años de edad, que se sentía tristeiro e canso, e se laiaba por voltar a sua Terra, i-entre os saloucos contidos decía: "Se non vou, morro".

Todos o tomábamos un pouco de chirigota, até que ao cabo de algún tempo, os médecos lle aconsellaron, coma uneco meio pra sua salvazón ir-se a Galiza, e pouco tempo despois embarcábase pra Vigo.

Pasados uns anos e xa en México, outro amigo-irman Xohan Docet doente do corazón, cos ollos neobados por unha luz morteira —poucos días endenandes de morrer— lembrando a maravilhosa ría de Vigo, ao eipresarme seus pensamentos faciame conmoer: "Si eu poidera ir, se soio recadera ollar aquela paisaxe, aqueles pobios ou a ribeira do Berbés, se poidera pasar unhos días en Vigo, poríame ben, sanaría de seguido".

Isto farame lembrar sempre, os derradeiros versos de un poeta inmoredoiro da Galiza, Rosalia de Castro:

"...Leváronme pra n-ela
non me teren que enterrar.

En Rosalia de Castro tamén se meteu intensamente a morriña, ate a médoa dos seus osos. En moitos dos seus poemas cantanos sua door ao ollarse fora da sua Terra, e prega pra que a leven a Padrón coma en Airiños, aires... no que chega un intre en que semella quebrarse a sua i-alma en anacos, cramando pra que a leven a descansar a Adina.

...inda despois de mortiña
heivos de berrar:
Airíños...
Airíños, levaime a ela.

Entón, por que o galego se foi do seu terruño a procura de outras terras fora da Galiza...? Pergunta difícil de respostar. Galiza está axeiturada por unha sorte de vals, apreixoados por pequenos montes que truncan o ourizante ao ollar. Dende neno, o galego rube ao monte que lle quita visibilidade para ollar o que hai da outra banda, así chega ao mar i-a sua curiosidade inxel, a sua arela de coñecer o que hai mais alá faille embarcarse e traspor o Océano. Xa en terra firme, escomenza de novo o arreo pelerinaxe, até voltar en derradeiro termo a su terra onde foi nado.

E por isto, cecais, que atopamos aos galegos nos recunchos mais eistranos da Terra.

Será isto, o gallo primordial de que pol-o mundo adiante, moi fora da sua Terra, anden a camiñar tantos galegos...? Non o coido esf: moitos son os que se van pol-o devandito e case-que todos o sinten moi adentro de si

mesmos. Pro eisisten outras causas mais reaes, que os moven a abandonar a sua Terra. Unhos, porque ali négan-lles o mais d-importanza que o home ten: a liberdade. Outros, pra gañar millor o xantar; cecais, n-istes, inspirouse un dos soso millores poetas: Curros Enríquez, pra o seu poema: Os Emigrantes:

Perguntalle e dirabos
qu'e pouco canto gana
pr'as arcas do Señor
e pras do Rei
faí un mes que non comen
cousa quente
os fillos e a muller.

Os mais, a procura de novos ourizontes pra recair no derradeiro das suas vidas ao lugar onde nasceran. Se a todos istes, lle perguntaran, por que ao abandonar a sua Terra sorrín, a resposta había ser caseque a mesma: "Levo a Galiza na i-alma e sua paisaxe nos meus ollos", sentimento que lle servira a un novo poeta leonés, Carlos Saenz de la Calzada, pra compor seu poema: Galiza.

Por los cinco continentes,
sobre la unidad del mapa,
el gallego mira al cielo
ríe y canta.


Revista de Libros

A primeiros de ano que corre saíu a lus o libro de Marcial Fernández TRASCENDENCIA Y HONDURA DE CASTELAO que tivo unha mañífica acollida dentro de todas as colectivas galegas das Américas e na Galiza mesma.

Foi iste un acontecemento literario, que encheu de orgulo aos galegos, xa que significou unha completa obra de estudo da persoalidades egrexia de Castelao, feita pol-o noso Director.

Engadimos unha caricatura de Marcial Fernández, ao través d-unha interpretación de Uxío Souto.

Marcial Fernández foi agasallado pol-a Irmandade Galeguista de México con unha ceia homaxe, da que se informa n-outro lugar de iste número.



Paralelidade entre o mito do Sant-Iago i-o de San Patricio

Por Félix Martín Iglesias

Fai moitos anos que, na Revista VIDA GALEGA, viñan dibuxados unhos monicacos que apersoaban a dous labregos parolando, un d-iles tiña un xornal na man e decialle ao outro:

“No Monte Athos, anduveron sachando os arqueólogos e atopáronse con unhos fíos de cobre; o cal amos- tra, que xa n-aqueles tempos, coñecían a Telegrafía”. Ao cal o outro lle repos- taba: “No Monte Ancos, anduveron esgarabellando unhos eisproradores e non atoparon ren, o cal proba que xa n-aqueles tempos os galegos, coñecían a Telegrafía sen fíos”.

Os dous paisans tiñan, razón e moito en que fundárense: o xornal i-o Monte Ancos pra probare si era certo ou non; pro nos non soio temos o que nos contan as testemuñas escritas, e sobor d-elas nos afinamos pra os nosos artigos. Non embargantes por si alguén quer profundar (parola usada co premiso do irman Marcial) faremos ao cabo unha curta biografía.

SANT-IAGO

Fillo de Zabedeo, de ofizo peixeiro, e de Salomé, irman de Xohan íntimo amigo é parente do Noso Señor. Uns din, que eran de Xerusalen outros de Jaffa, dende logo, eran bons mariñeiros todos iles, cosmógrafos i-o Sant-Iago, coma a Hestorea amostra, meigo, bruxo e fogueteiro, pois asegun San Lucas (Lc IX 54), por orde do Noso Señor, fai chover fogo e cinzas sobor dos samaritanos. Por istes i-outros feitos de piroteinia celestial o Noso Señor, deulle o nome de Fillo do Trono.

Deixando a parte pouco crara do

viaxe e da chegada a Hespaña —uns din que foi pol-os anos 40, 41 ou 42— imos a fiarnos das lendas que nos con- tan que o Apóstolo Sant-Iago, veu eva- xelizar a Hespaña e mesmamente a Galiza, como a outros tocoulle cami- ñar outras partes do Mundo. Cecais, por sere mariñeiro e pescantin, man- dárono a Galiza onde iría ter que ver con xente moi esperta nas artes de na- vegar.

Unha vegada na Galiza, uns din que foi ben recibido, outros que non, sendo o mais natural que pasara a derradeiro, coma ocorre en tudol-os po- bos cando teñen unha relixon ben afin- cada, e sobor de tudo na nosa xente, que endenantes de tomare unha deci- sión en contra pálpase ben o corpo. Agora ben, algo fixo pois con il voltou xente a Palestina i-endenantes de sai da Hespaña fundou en Zaragoza a Ei- rexa da Virxe do Pilar.

Na Palestina lle agarda a prese- cución o martíreo i-a morte. Herodes, de tan ruín lembranza pras moceda- des, mándao espedazar i-os verdugos espallan os anacos fora do pobo, pra que os traguen os cans.

Os discípols que o seguiron dende a Hespaña recollen os restos i-embar- can no porto de Jaffa. Como os que o levaban eran bons mariñeiros ios ventos sopraron de popa fíxose a viaxe en poucos días. Chegaron a Hespaña e diríxense a Galiza. Entran pol-a ría de Padrón atracaron n-unha pena on- de deixan o cadavre do Santo; ista fén- dese pra dare acougo ao corpo do Apóstole. A pena cóbrese de auga e soio a pden ollar en marea baixa os iniciados. N-aquel entón somente os discípols, que foron os que o gardaron e trasmitiron a lenda.

A sua xente quíxolle dar boa campa ao corpo do Santo, e foron ollar quen dos amigos, que quedaran podía axudalos, chegando cabo d-unha muller, que lle chamaban LUPA; uns din que siñora, outros que raíña d-aqueles eidos, pagán e celta. Dixeronlle que querían darlle boa cova ao Mestre, pro que lles cumpría recuncho e materiaes, o que ninguén millor que ela, doado que mandaba en tudo o Castro Lupa-rio (sinalado entre Padrón e Sant-Iago). Ista muller, que xa tiña coñecimento das artes e miragres do Santo, cando soupo pol-os discipols a chegada do corpo do Apóstolo, quixo desfacerse de todos iles a mandounos cabo de Filotro, por entón representante de César n-aquela comarca, que tiña sua sede no que hoxe se chama: San Martín de Dúio, ao N. do Cabo Fisterre. Sabedor iste das mañas e prodixos do Santo, pechounos a todos. Din que un anxo os axudá a fuxir e cando iles rematan de pasala Ponte sobor do Tambre, ista fendeuse e van de cachola ao río cabalos e seguidores. Sabedora de tanta cousa, e cecais por medo a Raíña Lupa díxolles que foran ao Monte Llicino, onde poderían recoller o gando que quixeran, pra levar o corpo do Santo e materials pra facerlle a campa. Sabía de cote que n-iste Monte, facía o seu furado unha serpe xigante que tiña asoballadas a todas as xentes de aquelas terras. Coma ela maxinaba saúlles a serpe ao alcontro, e con soio facer a sinal da crus estoupou meio do camiño. Foron a coller antre o gado da Raíña Lupa, unha parexa de bois e topáronse con touros bravos coma cans doentes, (asegún din os hestoreadores por ali os había moi bravismos e difíceis de domeñar). Pro os discipols do Apóstole lles faloron —non en van eran de aquelas terras e coñecedores do gando— i-as bestas baixaron a testa deixaronse xungir. Dende entón iste Monte chomouse Pico Sagro.

Cansada xa de tanta proba e de tanto miragre, a Raíña Lupa converteuse ao cristianismo e miandou derrubar os idols da sua relixón.

Os discipols do Señor Sant-Iago metérono n-un carro e xa cos bois manseniños encomenzaron a turrar d-il. Despois de percorrer unhas tres légoas pra o Ourente, chegaron a un lugar, que xa lles dira a Lupa conversa ao cristianismo pra que fixeran a

campa do Apóstolo. E din, que un luceiro estivo sempre alumeando o lugar, até que o lugar rematou chamándose "campo da estrela" que foi onde hoxe esté feita a Cadeiral do San-Iago.

Pro a verdade é, que despois de tanto tempo inda non se ten a seguridade de atopar de certo os resto do Santo.

SAN PATRICIO

San Patricio nasce no año 390 e morre no 461. Estas soméllanme as datas mais aceitabels, porque outras can dentro da imposibilidade da vida de un home. O seu lugar de nacemento; uns din que foi Bannavan Taberniae, no O. da Grande Bretaña. Outros din foi no Saúl, Condado de Dawn.

As fontes francesas o dan por nacido na Armórica. Cibdade román. Sen falar moi ben o latín e sí con un bon coñecimento das línguas celtigas. Neto de Potito, fillo de Calpurnio e de Concessa, ista derradeira franca e parenta do San Martín, ten duas irmans unha chamada Lupa i-outra Tigris.

Dende ben pequerrecho, escomezou a facer miragres e boas aicións, a maifestarse coma meigo, bruxo e manciñeiro, facía dos astros ao seu antoxo i-entre as cousas que fixo que fican dentro da verdade, e a curación que fixo de unha ferida que levaba na cachola a sua irman Lupa.

N-unha viaxe que fixo toda a familia a N'Amórica, os sete fillos do Rei Fecht-Maid da Grande Bretaña, foronnos pillar N'Amórica. Mataron aos país de Patricio e leváronse cautivos aos rapaces.

Foron a dar ao N. da Irlanda i-o Patricio, vendérono a Miluco, fillo de Buan, Rei da Dalararia i-as suas irmans vendéronas en Conaille, Mutheme, pro non din a quen.

O choio que lle deron ao bon de Patricio, foi gardar os cochos no deserto de Slerminsh. Isto coma e natural aburríao e non era pra un home coma il. Unha vegada chegou a casa do seu dono i-escomezou a lucir as suas dotes de miragreiro. Convenceu ao Miluco e converteu ao cristianismo ao fillo i-as duas fillas. Iste en proba do seu contento lle da unha muller e cal non sería a sua sorpresa ao toparse, coa sua irman Lupa, que o axuda a fuxir. En outras lendas din que cai prisionero, e atópase con que a sua ir-

man Lupa e a muller do Señor da Tribu, recoñece a pol-a fendida da cachola i-ela axudao a fuxir.

O Anxo Víctor dille que se vaia a Roma a deprender as Escriduras. Vai, e de alí mándano de novo a Irlanda. No ano 423 San Celestino I Pontífice Román mandouno a predicar a Inglaterra a San Xermán, a Escocia a Paladio, i-a Irlanda o San Patricio.

Sae cara Irlanda na compañía de nove discípols naturaes do País. Despois de levare moitos anos evanxelizando sentíu a morte perto e quixo ir a Amagh, porque non sei quen, lle dixo que alí iba a rexurdir, pro o seu Anxo Víctor lle dixo que non, que debería de voltar a Saúl e marcoulle o lugar onde había de sere soterrado. Fíxolles saber aos discípols, que tiñan de xunquir dous bois novos do gando de Connall, a un carromato e dentro d-il poñer o corpo do santo, que deixaran ao bois soltos e que onde istes pararan elí era o lugar onde habían de soterralo. Recomendoulles moito que a fuchanca había de sere moi fonda, pra que non toparan os resto e non os desenterraran, ou foran causa de loitas. (Quen sabe, se tamen non llo diría o correspondente anxo, aos discípols do Sant-Iago por que os restos non apareceron). Esí foi feito i-os bois detuvéronse en Dun Lethglaisse, onde o enrraron. Outros din, que fora en Saúl, Condado de Dawn.

As doce noites que durou o veloi-

ro do Santo, a xente da Irlanda cantoulle hinos e salmos e un luceiro alumeou qrebando a escuridade pol-o sinalado tempo. Cando o foron a soterrar, xurdíu —coma aínda hoxe pasanas nosas aldeias— o lío de que iba a facelo. A xente de Ulster i-os de O'Neil de un lado i-os de Oriel do outro; pro cando iban chegar as mans, as mareias voltaronse lagarteiras e rubiron de súpeto arredando aos dous exércitos. Cando a mareia baixou, os de Oriel, atopáonse co carro dos bois e levárono pra sua terra.

Cando chegaron foron a sacar o santo i-a caixa estaba valdeira. Din que foi o Noso Señor, quen mandou o carro valdeiro para que deixaran ao Apóstolo quedo e non houbera loitas.

:: :: ::

Istes persoaxes, que agora nos estudos de Etnoloxía, deron en chamarlle, Herois Culturaes, teñen tudos moitos puntos de contrates i-alguns unha somellanza asombrosa. E posible, que esí como Patricio era de algún pobo céltigo, tamen o fora Sant-Iago, ou coma dixo Orixenes: que foron tamén nautae, e nos seus viaxes, pasara tempo na Galiza, por entón céltiga. Tamen somella que a Eirexa Católica maxinaba un pouco no vello axioma: "que si con cantidades igoaes, executáanse, unhas mesmas operacions os resultados son igoaes".

Bibliografía:

Pra Sant-Iago: Menéndez Pidal. García Villada, López Ferrairo.


Pra San Patricio: Stokes, Muirchu. Dottin, Camille Julien. D'Arbois de Joubanville.

X. E. M. C. - X. E. S. C.

Radiodifusoras as mais hespañolas do mundo

ESCOITEAS VOSTEDE E TERA NA SUA CASA A MILLOR MUSICA GRABADA DOS DESTINTOS POBOS DA HESPAÑA. TRANSMISIONS AS VINTECATRO HORAS DO DIA. XERENTE PROPIETARIO SR. RAMON FERREIRO.

Verbas prenunciadas polo irman Roxelio Rodríguez de Breaña, Segretario Xeral da Irmandade Galeguista de México, na ceia homaxe a Marcial Fernández pol.a publicación de seu libro TRASCENDENCIA Y HONDURA DE CASTELAO o día 14 do mes de Maio no Hotel Majestic.



Ao amparo señoiro das bandeiras que nos enmarcan, vimos render homaxe a publicación d-un libro i-ao nacemento d-unha nova Editorial; as dúas obras produto da laboura empeñosa d-un home, que conta no seu haber co grande garimo dos seus paisans, do cal e proba a concurrencia n-iste aito: Marcial Fernández.

Quixer que o ofrecimento do homaxe d-ista ceia, se houbera podido facer aillado de calqueira políteca, pro por mais voltas que lle din a custión, somentes logrei determinar, que cualqueira aito orgaizado por republicans ten, sen falar de políteca un profundo senso políteco, ben pol-os aistentes, ben pol-o homenaxeado ou ben porque hoxe en día as manifestacions culturaes, están eu tudo intre, baixo da pesada pouta da sua interpretativa ao ollar dos acontecementos polítecicos ou ben do intre hestórico. E iste aito que agora se está desenrolando, faise n-un intre, entrementras que na Hespaña estanse dando disposicions que abafan a nosa lín-goa i-a nosa cultura e a persoalidade dos nosos mais grandes valores; aqui axuntámonos pra agasaillar a Marcial Fernández co gallo do seu libro en col de Castelao, dúas

persoalidades, que somentes nomealas, semellaría ausurdo desprendelas unha i-a outra do senso políteco que teñen.

Xúntanse en Marcial Fernández a representazón do home de honradez políteca pristina i-a reititude de-unha postura, que aínda poderdo ser copartida ou non, non embargantes obríganos a recoñecela coma diña ño mais ampro conceito da ortodoxia das ideias que profesa, i-esto ten estraordinaria importancia doado que nos tempos que percorren, son moi do intre as posturas cómodas i-acomodaticias, saídas de distintas custions, unhas de cousas persoales e outras produto das deceicions e desconsolos xurdidos dende o remate da nosa loita.

Pro voltando ao gallo que nos axunta sinalaremos que o acontecemento non e pra menos, xa que sinala o comenzo d-un renacemento da emozón galega da emigración en México ao aparecer o libro: **TRASCENDENCIA Y HONDURA DE CASTELAO.**

Adrede non quero entrar no contido do libro de Marcial Fernández, doado que cada un pode facer ao través da sua lectura o xuízo de cada conceito, ou de cada un

dos estudos que da persoalidade de Castelao fai Marcial Fernández, pro cabe sinalar que o aparecemento do devandito libro e o resultado d-un esforzo de Marcial, como unha contribución a causa de Galiza, follas que san a cumprimento d-un ouxetivo i-a encher un valdeiro, fora de tudo aspecto mercantilista e cheio d-unha profunda emozón galega, i-a mais, co grande anxeo de deixar a posteridade estudo conzenu-do da persoalidade de Castelao, no que se topa misturada a materialidade a tentar na sua obra que tudos nos coñecemos, emparexada coa interpretativa dende diversos aspectos d-isa persoalidade multiforme, estudo feito por quen tivo a sorte de vivir perto de Castelao, esi coma saberse adentrar no conceito primordial das eispresions artístecas ou polítecicas de Castelao, chegando ao fondo do complicado e inquedo esprito céltigo-nebuloso de Castelao, posto ao mais ampro servizo do seu pobo. Esforzo feito asimesmo ao dar a lus ista obra por Marcial Fernández coa determinante de tomar en conta a circostancia de formazón políteca do autor, coma atinadamente sinala o dileito Suárez Picallo na sua Carta a maneira

de Prólogo, onde ao citar este aspecto de Marcial Fernández, non podemos menos de facer que lembrar ao inesquencibel Quintanilla, en col de quen revela Picallo que pra Castelao, Quintanilla: "Ile foi punto de partida cada vez que quixo recrear una Pátrea nas suas unidas esenciaes".

A Irmandade Galeguista de México está segura de que o aparecemento do libro de Marcial Fernández en col a Castelao e o abreinte de unha lamarada de produción literaria galega. Asegún teño entendido está en proeiro o libro de Poemas de Florencio Delgado Gurriarán e mais tarde sairá a rúa a novela de Marcial Fernández O VENTO VEN DO NORDESTE i-asimesmo a Irmandade Galeguista agarda producir unha Antoloxía Poética de valores novos no eisilio dentro da bandeira editorial de TRISQUELE; pola miña parte podo permitirme anonciar que cun número extraordinario o próisimo Día da Galiza reanudarase a continuidade na publicazón da Revista SAUDADE intresando aos irmans a que coperen n-iste rexurdir cultural que

ven determinado pol-o eixempro que se nos remata de dar que amostra con tono baril o que se pode facer cando se quer, baixo a ideia de que os mantedores do esprito da cultura galega no interior da nosa Terra están sedentos agardando os esforzos do que eles chaman a espranza da Galiza coma testimoñan as cartas que Marcial Fernández recibíu.

Chegado eiqui, somentes me resta interpretar a asistencia dos galegos presentes e decirille a Marcial Fernández:

Estamos contigo n-iste intre os teus amigos que ollan en tí o espello pristino onde se refrexou a imaxe cósmicomítica de Castelao; estou seguro que a Galiza no seu día hate lembrar como o nome d-un galego que soupo prestar no seu estudo compreto da persoalidade de Castelao o maor servizo que a Galiza poido desexar: a subriime inmortalización do xa de por si inmortal. E digo mais, comentando a carta que recibiche de un coñecido políteco hespañol, que dí, cree que o libro axiganta premeditadamente a figura de Castelao, pra facer un servizo a causa nazonal galega, eu direi: Se

así fora que non é, se é para servir a causa da Galiza, da nosa esquencida Terra non importa... endexemais agardamos que a nosa defensa viñeran os de fora a facela; a revalorización das nosas glorias a ser custión nosa, endexamais nos veu ren de fora.

Marcial Fernández, todos os aquí presentes coñecemos o conceito que da causa da tua terra tes na mente, tudos sabemos que onde queira que ocupache un posto público a tua man xerosa atendeu aos galegos que tiñan necesidade da tua axuda ou do teu consello. Tudas istas custions son elas moi diñas de laubanza, pro coído poder decir aquí que o mais grande servizo prestado a causa da nosa Terra o fixeche agora e por iso estamos aquí contigo n-ista ceia.

Recibe o homaxe coma a mais fonda manifestación de amizade i-ademiración, non da Irmandade Galeguista de México orgaizadora do aito senon dos teus paisans i-amigos, porque cando a persoalidade da nosa Terra ou a soma da Galiza se propieta sobor dos seus fillo desaparecen os ismos pra ser tudos galegos.

Verbas de agradescimento

O Grupo Cultural SAUDADE i-a IRMANDADE GALEGUISTA DE MEXICO, dan conta do seu agradescimento ao Sr. Ramón Ferreiro da Estación XEMC-XESC, pol-a súa coperación en forma desinteresada ao eiplendor do Día da Nosa Terra, cedendo unha hora de trasmisión gratis, ao través das suas frecuencias.

Ao dar as gracias ao Irman Ferreiro amostrámolo coma eixempro do que pode ser unha laboura pra unha Galiza millor, co grao de area, da vontade dos seus fillos.

**Reposta de Marcial Fernández na ceia
homaxe que lle foi ofrecida pol-o gru-
po “Irmandade Galegista de México”
co gallo po seu libro en col a Castelao
“Trascendencia yHondura de Castelao”**



Gracias, donas e amigos, moitas gracias por ista proba de sempatía e agarimo que vostedes tiveron a amabilidade de adicarme, e que eu ben sei non vai dirixida ao autor afortunado d-un libro de éisito, senon a primeira voz que se ergueu antre dos galegos pra render unha testemuña de admiración e de xustiza —sobre todo xustiza— ao galego mais representativo do século XIX. Pol-o menos así e, coma eu aceito ista homaxe que coa vosa licenza eu adico sinxelamente a memoria do gran Castelao. Il é, quen meresce todol-os homaxes dos galegos, porque foi ademais de cutras cousas aitor e cronista de un drama fundamente sentido, aitor apaixonado e cronista xenial do drama da súa terra a de súa xente. N-iste senso, Castelao, representou sempre o home do noso tempo sen acougo nen sosego. Foi e veu de un arte a outro, d-unha a outra estremenza da súa i-alma namorada da súa terra, engadindo cada vegada novas pezas a súa máquina de pensar adaitandoa incesantemente a unha realidade trocante e contradictoria. Non poido endexamais ficar quedo pra

orgaizar a súa idea en sistema, pro é, que ninguén que se estime pode permitirse o luxo de voltar as costas ao panorama da vida que a todos nos tocou vivir n-istes derradeiros tempos en que as sacudidas i-as reacións foron tan fondas e tan intensas que levaron ao celebre do pensador as turbadoras noticias do home en cris universal. Claro está que a realidade de perta, siñifica, tanto as vegadas, coma os grandes teimas intemporaes i-é capás de sacar a calesqueira do seu centro refreisivo.

Ao ir de un asunto a outro, Castelao non facía outra cousa que cumprir a súa laboura de pensador en acción. Xungido a cada incidente humano o pensamento de Castelao traballaba con rapidez. E polo pensamento íbaselle todo o seu ser de galego e de home, capaz de afrontarse en cada intre co mundo i-os seus locais problemas no desorde.

Do seu contaito, co seu fuxitivo de cada vegada sajan os imprevistos teimas do seus dibuxos xeniaes, da súa prosa lampexante, da súa lumiosa conversa. De todas as estremenzas n-unha verba, do seu aitivo pensamento. Nin-

guén podía ficar co-il a veira dos problemas. Aos poucos minutos os intrelocutores incidentais estaban xa embarcados n-un mar de fondo baixo dos pes, sintindo o sopro dos Elíseos eternos do esprito.

E moi posibel que o millor da polifacética obra de iste home, se nos fora en conversas; conversas, que nos quixéramos salvar da acción corrosiva da memoria, porque n-elas foise pra sempre a fase vívida da realidade galega do seu tempo; caldeada por un acordeón da súa terra nadal, mais outo do que realmente era, co camiñar a zancadas, a boina cubríndolle a fronte i-os ollos cativos e bulróns disparados coma lostregos pol-o cristal fosco das gafas.

Tal lembro eu a Castelao, un pouco ventureiro do pensamento, das artes e das letras, no que o xenial se impuña coma o fogar axeitado pra con un pensamento que, sen mágoa da súa fondura era versátil por eiscelenza.

O seu xeito i-o seu estilo e posibel que non xurdiran abertamente, nada mais que no seu diálogo, no ocasional, ou n-aquil en que desconta de todos os rigores académi-

cos se trocaban as suas conversas.

Entón a floraba a súa verdadeira capacidade, facíase cerpo a súa millor obra de pensamento que está, por iso non tanto nos seus libros a nas suas obras de arte, coma no ar das rúas, das prazas e

dos malecóns da súa terra galega espalladas aos catro ventos cardinaes da rosa da súa emozón e da súa sensibilidade emotiva.

Pra ista figura de quen se enorgullece a nosa Terra, iste homaxe, que no nome de vos-

tedes eu lle traspaso integralmente.

E pra finir istas verbas de agradecimiento a amabilidade de vostedes, no nome de Castelao e no meu propio, gracias queridos amigos, moitas gracias.



LETRAS DE LOITO

SEVERINO PELLIT

No interín do tempo percorrido entre o derradeiro número de SAUDADE e hoxe, saíu d-esta vida pra o mais alá SEVERINO PELLIT, Médeco Veterinario, que rendeu seu postrer alento n-ista terras do Anahuac.

Ao lembrar ao devandito irmán — colaborador distinto de ista Revista— cumprimos con unha obriga de lealtade no seu nome, pra todos os galegos que se convertiron en terra de outras terras alleas cando ben iles quixeran render o postreiro alento na dozura saudosa da veira dos piñeiros verdecen-tes.

Ao arrincar da nosa veira, a Morte, a Severino Pellit, levouse consigo un dos espíritos de inxenuidade e de bondade ausoluta, que viñeran na emigración repubicán. Foise con il —non embargantes todol-os pesares— a vontade de afinidade entre todos os galegos, o espírito transador do todas as situacións na amizade e na politeca.

Sua morte axuntou n-un soio vinco aos galegos de México n-unha manifestazón de door. Coidamos ben, que d-alí parteu a pirmeira estrema de sinxeleza, que fixo axuntar e convivir

aos espallados galegos repubicáns no México residintes, despois de moitas bazofias que os mantiñan arredados.

Foi n-aquela ocasión, cando o espírito de solidariedade, tan inxel en nos, e que somellaba morto, fixo posibel manter a esperanza n-uns tempos millores pra coperación entre de si, dos galegos residintes no Anáhuac.

Producíuse a súa morte —n-un cadro verdadeiro de door—. Seguro que n-aquel intre no seu maxinar, habia outimismo e no seu ollar vidrado, coma sempre o houbera no seu espírito bon e xeneroso.

Foi a morte un sedal das suas angunias e tristuras, mais queira o ceo que nas noites orballadas da Santa Compañía, ao percorrer os rueiros e corredoras, deixe os seus alentos guidados da cume dos outeiros e das ponlas dos piñeiros a saudade morriñentas que levaba guindada no fondo dos seus ollos, coma un eixempro de lealtade a terra que o vira nacer, e como eixempro d-unha emozón profunda pras arelas insatisfeitas da súa Terra.

Vai con Dios irman... Deica pronto.

EL MIRLO

Por Xesús Dopico

Cantó el Mirlo a la Alborada, como él sabía cantar
y su eco retorcido pero bello y melodioso
se extendía por los campos con acento quejumbroso
ora triste, ora gozoso de cariño por su lar.

Palpitándole su pecho después de mucho saltar
y pregonando verdades con su trino más gracioso
le escuchaban con enojo..., gorjeaba caprichoso....
mas el Mirlo, estaba loco..., sólo podía volar...

Allá va el Mirlo, luto en el Alma como su pluma
hacia los tojos sus compañeros a descansar...
ya no habrá cantos sino tristeza y como la bruma

se desvanece... De su figura no recordar,
pero en la entraña de nuestros pechos la pena abruma
a los que oímos cantar el Mirlo. ¡Mirlo sin par!

HOTEL "PANUCO"

RESTAURANT

COMIDA A LA MEXICANA
Y A LA ESPAÑOLA

Tels.: 12-75-01, 12-75-03 y 35-79-64

Ayuntamiento 148 México, D. F.

HABITACIONES CON BAÑO
PRIVADO Y TELEFONO

CAFE *Latino*

EXPRESS ♦ HELADOS

López 39 - B
México, D. F.

Tel. 18-39-59

*¿Queren xantar o verdadeiro
caldo galego?*

NO RESTAURANT

"LA BODEGA"

poden saborear iste prato enxebre
no intre de deleitárese con múseca
a cárrego de

"Camilo y sus Chungas"

ABRAHAM GONZALEZ, 3 (Sótano)

Farmacia "LILY"

Esq. Insurgentes y Michoacán
14-21-59 y 37-31-59 México, D. F.

Confíenos sus Recetas:

SERAN PREPARADAS COMO
SU MEDICO LAS PRESCRIBE

SERVICIO A DOMICILIO

Responsable:
ANTONIO REYNOSO PUENTE

Relojería y Joyería

CORNEJO

EXACTITUD ELECTRONICA

*Si su reloj no es reparado bajo
el moderno método electróni-
co, DESCONFIE DE EL*

Victoria No. 110 F
Casi esq. Balderas

Tel. 18-55-74
MEXICO, D. F.

El Motor Industrial

*Ao inaugurarse nas suas
aitividades comerciais
sauda aos seus amigos
de hoxe e de mañán.*

Serafín García



ASMÁTICO,

tiene Vd. que fumar

Indudablemente es preciso que renuncie Vd. al tabaco, que irrita las mucosas de sus bronquios. En cambio puede Vd. recurrir a un remedio excelente, que al mismo tiempo representa un derivativo para todo fumador: los Cigarrillos Balsámicos del Dr. Andreu. En cuanto sienta la proximidad del acceso, fume uno o dos Cigarrillos y hará abortar el ataque o, por lo menos, reducirá su intensidad.

Usados conjuntamente con los Papeles Azoados del Dr. Andreu, constituyen la medicación auxiliar para el asmático.

Cigarrillos Balsámicos del Dr. ANDREU

REG N° 8055 Y 8148 D. S. P.

PROP EF-5

Baños de Santa Ana, S. A.

Av. Peralvillo No. 41

Teléfono 31-01-29

MEXICO, D. F.

Higiene - Servicio - Atención

SIDRA CHAMPAN


"LA REINA DE ASTURIAS"

LA UNICA POR SU SABOR EXQUISITO

Pídala en su tienda favorita o al teléfono 15-02-51

CALMAN LA

TOS



PASTILLAS DEL Dr. ANDREU

No soporte esa tos... cámlala rápidamente con Pastillas del Dr. Andreu, eficaces en catarros, bronquitis, y otras afecciones respiratorias.

PÍDALAS EN DROGUERIAS Y FARMACIAS

Precio: \$ 5.00

ESCOITA GALEGO:

Non nos move mais itrés que o da galeguidade. Se labouras por ela estas traballando dende o punto de guía da SAUDADE.

IRMAN GALEGO:

SOLIDARIDADE GALEGA DE MEXICO, pide a tua axuda pra beneficio dos galegos necesitados, préstalla por aquilo de hoxe por ti e mañá por min.

CHAMADA:

Fannos falla 100 dos "bons e xenerosos" que se suscriban a SAUDADE con \$5.00 ao mes pra evitar sexa interrumpida a publicación d-ista Revista. Fajno aixiña coperando con ise cativo grau de area.



D I A
D A
T E R R A



XULLO-AGOSTO

1953



México, D. F.



SAUDADE

NUMARO
EISTRAOR-

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

DINARIO

SAUDADE

VERBA GALEGA NAS AMERICAS

EDITADA POLO GRUPO SAUDADE

I-A IRMANDADE GALEGUISTA

Editor responsable: Roxelio Rodríguez de Breaña

Ing. Carlos Daza No 253, Baixos

Núm. 7

Solicitado el registro legal en la Administración

Xullo 1953

DIREITOR XERAL

Florencio Delgado Gurriarán.

REDAICION

Roxelio R. de Breaña, Carlos Velo, Carlos Tomé, Manuel Portero Viñas,
Lois Soto Fernández.

COLABORADORES

Antonio Alonso Ríos, Xerardo Alvarez Gallego, Xesús Bal e Gay, Eduardo Blanco Amor, Rafael Cardona, Manuel Colmeiro, Xesús Dopico, Xohán García, Sebastián González G. Paz, Celestino López, Xohán López Durá, Ramón Martínez López, Emilio Pita, Ramón Suárez Picallo, Ramón Rey Baltar, Lois Seoane, Arturo Souto, Lois Tobío, Adolfo Vázquez Humasqué, Basilio Bernárdez, Serafín García, Edmundo Lorenzo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedraio, Florentino López Cuevillas, Alberto Vilanova, Félix Martín Iglesias, Armando Rey Romalde, Pura Vázquez, Ben Cho Sey.

ADEMINISTRACION E PUBLICIDADE

Andrés Vaín Salvador.

Rúa Alpina 51-13.

Col. Industrial.

México, D. F.

S U M A R I O

EDITORIAL.

En col da "morriña". Manoel Portero Viñas.

Do poeta "Da Galiza Infinda". Florencio Delgado Gurriarán.

A gaita galega ten máis de vinte séculos d'estórea e tamén a zanfoña e o noso instrumento popular. Faustino Santalices.

Alexandre Bóveda. LEMBRANZA.

A universidade de Castelao. Lois Soto Fernández. De "Sempre en Galiza". Castelao.

Un galego de Pedra. Armando Rey Romalde.

Dous Poemas. Pura Vázquez.

Un home de conciencia. Ben Cho Sey.

Dous Poemas. Roxelio Rodríguez de Breaña.

"Sempre en Galiza". Castelao.

As cruces de pedra na Galiza. Félix Martín Iglesias.

¿De que morte morreu a nosa prenda? Poema. Ramón Cabanillas.

Un rifeño Capitán Xeral da Galiza. Comentario.

Como eu a vexo. Xesús Dopico.

Esguellos. Madove.

Poetas Vellos. Pero Meogo. Mendiño.

En col a unhas trasmisións do Patronato da Cultura Galega. Comentario.

Letras de Loito.

El problema de las nacionalidades hispánicas. Rovira i Virgili.

Fontes e forxas da fala.

Editorial

Cando íste número da SAUDADE sea a rúa, chégamos pol-a prensa galega de Bois Aires a notiza de habere sido crousurada pol-o Réxime totalitario hespañol a Editorial GALAXIA de Vigo, a úneca que na aitualidad mantiña ergueita na nosa terra a bandeira da Cultura Galega.

Estamos asistindo a posta en vigor mais crudel, d-aquela política de "doma y castración" cúa bandeira ergueran descontra da nosa Terra os Reises Católecos. Hoxe na nosa Terra escravizada a imprensa non pode escribire ren nas suas páxinas en galego, por disposicións dos detentadores do Poder na Hespaña, hoxe pol-as emisoras de radio galegas non se toca múseca galega, hoxe non aitos ou confrenzas aínda que señan de tipo cultural non se pode falar en galego, o Réxime vandálico da faición hespañola afoga os nosos anceios como pobo diño e quer someternos fechando as fontes da cultura eterna de Galiza i-afogando a nosa fala con mais saña que a que empregaran os Reises Católecos.

Ao sair novamente a palestra a verba ceibe de SAUDADE faino protestando diante do mundo pol-os atentados a cultura feitos pol-o Dictador en nome da defensa da Cultura de Oicidente i-en nome d-un anti-comunismo tolleito e murcho. Diante do espeitago doroso da situación na nosa Terra, é íste o intre, en que os galegos emigrados han de erguer seus peitos en defensa da forma de ser d-o noso pobo coma un baluarte, sinalando diñamente, que si alá pol-a forza das baionetas se fechan as fiestras onde se asoma a i-alma i-a causa da nosa Terra eiquí n-istas Amérecas ceibes, reserva moral d-un mundo a decaire, a verba galega i-o

pensamente galega erguen a sua voz descontra as tiranías eter-
nas da nosa malfadada Terra e asoballadora dos anceios reivindi-
dores dos pcbos da Hespaña. Facemos afinamento nas nosas
ideias de democracia federal hespañola i-asimesmo dende istas
liñas oferecemos as nosas páxinas a todos aquiles que habendo da
calar na Hespaña queiran defender a causa da nosa terra diante
dos cabalos d-Atila do Réxime, que cos seus feitos vandálicos non
fai mais que lixar —despois de tantas xa— unha páxina mais da
Estórea d-Hespaña. Que iste 25 Día da Nosa Terra, sexa o ponto
de partida d-unha cruzada de afianzamento da verdade galega
nos peitos dos emigrados galegos nas Amérecas. Por Galicia...
Pol-a República Federal.



En col da “morriña”

Por *Manoel Porteiro Viña*

Na lareira dos sentimentos que dende o berce hastra a cova, lle van forxando a cada galego, ningún acouga con tantas raíces como o coñecido pol-a “morriña”.

Noites de auga e de bretema, naquelas cociñas mornas pol-as laradas —que tamén sirven de lus inxoita anque pouco firente, como liturxia escollida con toda a profundidade do saber—, os vellos da casa escomenzan a parola, que todos irán ouvindo relixiosamente, sobor da “estadea”, debullando acontecidos que ninguén poñerá en dúbida, non soio pol-o respecto as xerarquias familiares, senón pol-o convencimento “a priori” que cada escoitante leva intra de si en col dese enxendo do mais alá. Despois de ir adobando os relatos según a imaxinación que teña o que os fai, decote os rematan do mesmo xeito: penas de talión pros que deixen de pensar nos mortos non comprindo obrigas que, por outras mentes, ¿quen as fixo?, pro que deben terse.

:: :: ::

Ninguén de ningures iñora que o medo e a resposta o perigo, sea este ouxetivo ou subxetivo, sendo as suprarrenales, quen, vixiando en fielato, valdeiran nos regueiros do sangue a adrenalina que fai poñer o corpo tembladeiro e sobrecolido.

Istes acontecementos fisiolóxicos van facendo buratos no espírito dos galegos, o que significa ir vivindo cada vez mais cheo de “morriña”, e hastra algunhas veces morrer por ela e con ela. ¡Cantos casos se tenen dado!

:: :: ::

Prantexadas as cousas de este xeito empírico, suficiente pra finalidade buscada, a “morriña”, e un sentimento de-

cadente, diño de outear esforzos pra desterralo.

Quizais poida ser aldraxado como sospeitoso de herexia, mais nos toidamos que a nosa raza celta, baril, intelixente, cosmopolita, temeraria, enómica, meresce limpase dese lastre atáxico. Porque digase o que se queira, e un lastre perxudicial pro noso carautre cosmopolita e viaxeiro, que tamén pode quen o negue, mais nos, que xa fai, ¡ai!, moitos e longos anos estudamos amorosamente o libro “ESPAÑA, PATRIA DE COLON”, de Don PRUDENCIO OTERO SANCHEZ; que tuvemos consersacións co autor sober do tema, o que, xa cuasi que cego, volvíase ledo referíndonos a odisea dos seus traballos sinalándonos, entre outras cousas, comoalcontrara un dos datos de mais empuxe pra soster como feito hestórico que Colón era galego: o apelo FONTEROSA, segundo do Almirante, dato que ningunha outra tesis, colombina aportaba, facemos, non desleigando o razoamento, púbrica fe de sentirnos convencidos de que o descubridor de este hemisferio era de Pontevedra, e, sendo así, ¿quen pode torcer o fucíño en canto afirmamos a nosa alcurnia de pobo viaxeiro ou cosmopolita, non desmentida, senón sostida, po los feitos hestóricos seculares dende que se puxeron os pes por primeira ves na isla de Guarahani?

E volvendo a noso enfoque esencial, debemos decírllos a aqueles que coiden nun imposible o xuntar barreiras pra ir pouco a pouco desfacéndonos da “morriña”, que os portuxeses tamén tiñan a mesma xerga e trocáronna polo sebastianismo —un mito, non hay dúbida— que e a basamenta da “saude”. Entón, sabemos en concencia que se pode escomenzar a obra. Pro non con mitos: con civilización e cultura e civilización que deben ir planeándose pra cando os tempos sean chegados.

Do Poeta "Da Galiza Infinda"

Florencio Delgado Gurriarán

A GALEGA EN PARIS

A rapaza galega, que chegou a París
en longa "promenada" da aldea ao boulevard,
garda, baixo da tona do seu francés pavelo,
todo o espírito da terra, todo o celme aldeán.

O mundo en que se atopa é tamén verdecente,
con xente branca e loura e só do estrana lingua,
máis, pra sentirse a xeito e vivir señerdades,
ouvir, lle compre, a gaita, na feira da Bastilla.

Non fica engaiolada de París pol-o engado:
pode ter "randevús" na porta do "metró";
pode troular nas rúas o catorce de xullo,
máis, da saudade, a espiña, leva no corazón.

A galega, en París, baila o valse "museta",
na "gangueta" rebulda's, "amusa" ao "Luna Park",
e un "copén" do "quartier", "garsón de pharmasi",
nas seráns de "conxé" a leva ao "cinemá".

Máis de noite, na "chambre", ten "reves" do seu povo,
—os eiddos non esquece, nin o cheiro das mazás—
e pensa no mociño é dalle ao derradeiro
"cuplé" de Tiño Rosi, recendos de alalá.

De "Galiza infinda"

CAMIÑO DA SERRA

Camiño da serra busco ao meu amor,
á bela pastora que me enfeitizóu.

Vén, cheo de arumes,
o vento da serra;
antre os carpanceiros
zoan as abellas;
o chiar dos gaios
resoa nas penas.

Camiño da serra busco os aloumiños
da lanzal pastoa que me da agarimo.

Leda fontenliña
limpas augas deita;
antre as irtas uces
nascen as muleiras;
o acensalí anda
a enfeitai-as pedras.

A bela pastora que me enfeitizóu
acheina co'avenza entre uces en fror.

Nunha campoliña
pascen as ovellas
margaridas brancas,
herbiñas sinxelas.
O engado do monte
na i-alma se adentra.

A lanzal pastora que me da agarimo,
senlleira atopeina no enfesto camiño.

De "Bebedeira".

E miña pastora,
toda sinxeleza,
carrapucheiriña,
sangal churrusqueira:
é miña, pastora,
a deusa da serra.

Acheina co-avenza entre uces en fror,
todo foi ledicia no meu corazón.

Ledicia, ledicia
no ár e na terra;
a bris, lene e tola;
faiile a todo festas;
nas ponlas dun teixo
canta unha laberca.

Senlleira atopeina no enfesto camiño,
e os dous, nunha aperta, ficamos cinguidos.

Seus tépedos brazos
son doce cadea;
de amor, esmorece
meu peito ao pé dela;
co'arela dun bico
duas bocas se achegan

O amor, satisfeito,
enche a esgrevia serra!

A Gaita Galega ten mais de vinte seculos de estoria e tamen a zanfona e o noso instrumento popular

Por Faustino Santalices

Don Faustino Santalices Péres nascéu en Brande (Ourense) o 16 do mes de San Martiño do ano de 1877. E abogado, xubilado, de Gobernación.

Ten unha coudal laboura coma publicista, en endemáis no que se refire ao espallamento e estoria da gaita e da zanfona. E de lembrar a loita que sostivo nos xornaes pra demostrar que a gaita galega só debe ter un roncon, e non tres coma sostíñan algúns, xa que de total-as figuras de pedra de Edade Meia dedúcese que non tivo máis que un. Ao Sr. Santalices débesele, na súa meirande parte, o rexurdimiento da gaita.

Non nos perderemos en divagacións inquirindo a orixe da gaita, porque teríamos de remontarnos ao Pentateuco. Algúns autores allegan o versículo 21, capítol IV do Xénesis (1) e sosteñen que o fillo de Lamech e Ada, Xubal, inventou a tibia utricularis ou utricularium dos románs. Ao partir desta afirmación, todol-os investigadores e todol-os tratados de organografía musical, a por de disquisicións eruditas, voltan escuras e atralladas as orixes da gaita galega, orixes mitolóxicas pra moitos, trabucándoa coa frauta ou siringa de Pan, Fauno, Marsias e Mercurio. De proseguirmos por este camiño trairdo eiquí a coudal bibliografía en col do noso instrumento popular, encheríamos páxinas e páxinas.

A base do sistema musical dos gregos era o retracordo, ou sexa a sucesión de catro cordas ou sons que constituíen a aberta de carta, composta de un semitón e dous tons nesta forma: Si-Do-Re-Mi. A este retracordo uniron outro partindo do Mi, cara o agudo, de cuio xuntamento saíu a escala que da hoxe a gaita: Si-Do-Re-Mi-Fa-Sol-La-Si-Do.

(1) 21. "O nome de seu irman era Xubal, que foi o pai de todos os que tocan harpa e frauta".

ANTIGUIDADE DA GAITA GALEGA

Galiza coñecía a gaita ao final da guerra do Peloponeso, cinco centos años denantes de Xesucristo. Os ingleses coñecérona cara o século XV. Estos cultivan as súas tradicións conscentemente e nosoutros ao chou da inconscencia. Importárona de Galiza, mais o non confesan. A afeizón culminou alí baixo os auspicios dun brañego enxebre, o Gaita Mor Guillermo Ross, xefe de gaiteros da Raíña Victoria, quén requereu ao fabricante de frautas e clarinetes mister Stark, pra que fabricara gaitas escocesas, fornecendo aos reximentos ingleses de fusileiros irlandeses, de Londres, os Reaes Fusileiros e a escolta escocesa do Rei.

Noutra emposta relatei o ocorrido ao cronista internacional Augusto Assia que, indo por unha estrada de Irlanda, atopou un pegureiro que levaba unha gaita, invitouno a rubir ao seu coche. Fíxolle algunhas preguntas relacionadas co'este instrumento e aquel paisán deulle unhas semellas de todo o relacionado coa gaita e concluiu dicíndolle: Se quere pescudar máis presentareille ao escolante da veciña aldea. Ao efecito, foi a velo e Assia ficou envarescido de atopar una pequena biblioteca de todo o escrito en

coi da gaita. E o seu abraimento rubéu de pronto ao atopare entre aqueles libros a "Estética da muíneira" de Uxío Montes.

UN EXEMPLO A SEGUIR

Os vascos vían perdido o chistu, seu instrumento racial popular. Ficaban en Vitoria dous ou tres chistularis. Decatouse alguén de que findaban os executantes, e daquela as Diputacións, xuntas, formaron, a base daqueles tres instrumentistas unha escola de chistularis. Hoxe teñen os Concellos daquela nacionalidade un chistulari oficial e en todol-os aitos solemnes e populares é elemento esencial a intervención dos chistularis.

TEMPERAR GAITAS O MAIS CARISTIOSO

Como literaria, aneidótica e estóricamente non se toca a gaita, fagamos un pequeno devaio cara a técnica e máis a influencia social do noso instrumento popular. Neste aspecto diríxome aos gaiteiros profesionaes, aos afeizonados, e, tamén a quenés, pola súa profesión ou tendencia innata vense no trance de "temperar gaitas" realizando a ardega angueira de coadunar vontades antagónicas, amaciar xenios agres, e, ao aquedar aos esitados e violentos, exercita a humá función de que podamos aturarnos mutuamente pra harmónica convivencia social.

Prescindindo desta derradeira aceición de "temperar gaitas", hei de referirme á dificultade que ofrece este instrumento pra a súa perfecta afinación, que se conturva e varía co mais lixeiro cambeo de temperatura, co sobexo ou insuficiente arreto do brazo que apreme o fol, coa emisión violenta do ar, e, aporcima, con detalles que si non se dispón dun músico moi sensíbele pasarían sen decatarnos deles e tollerían a desexada afinación. Isto ocorre con todol-os instrumentos de cana dobre: o óboe, o corno inglés, o fagot e outros do mesmo sistema son moi caristiosos de afinar. Si o tempo está de trebón, si chove, si no local onde se toca hai unha temperatura outa, todas estas variaciones amostraas a cana abríndose d'abondo. E neste caso emite un son ríspido e agudo, ou, pechándose sobexamente, afógase e deixa de soar. De ciqui que o oboista sexa o músico das orquestras que endexamáis está acougado. Se isto ocorre co óboe, que se toca directamente cos beizos, as dificultades son meirandes coa gaita, xa que as palletas están en compreta liberdade, metidas nunhas pezas chamadas buxas que reciben o ar atraveso do fol que aprisoa o gaiteiro debaixo de brazo. Destas dificultades, destes desentoamentos,

procede a frase tan corriqueira de "temperar gaitas" a que denantes aludíamos.

FAN FALLA ESCOLAS-OBRAIDOIROS DE GAITAS

Un galego, propulsor de todo o que se refire ás cousas da nosa terra, D. Antón Fernández López, inxenheiro de Lugo, acadou pra aquela cibdade unha escola-obradoiro de construción de gaitas. Ao seu requerimento paséi alí unha tempada adicado ao ensino práctico da fabricación deste instrumento popular e teño o contentamento de ter acadado a formación de dous bós torneiros que hoxe, atendose ás medidas a normas axeitadas e coa axuda das ferramentas fabricadas en Suiza con modelos estudados por min, dispois de longo tasmiar, outeñen instrumentos ben calibrados de ton, son e timbre limpamente ga ego e unha afinación perfecta. A Diputación de Lugo, a requerimento do Sr. Fernández López, consinou nos seus presupostos a cantidade de 6,000 pesetas pra o devandito obradoiro-escola e o Sr. Fernández López abona os ornaes e as despesas de estada na cibdade dos dous torneiros.

NASCENZA E DESENROLO DA ZANFONA

O bárbaro e pesado organistrum, instrumento da outa Edade Meia, tiña sete notas pedaes pra acompañar os cantos litúrxicos.

O abade Eximeno, na súa obra "Da orixe e Regras da Música" dí que un monxe beneditino de Arezo, chamado Guido, restituiu e aperfeccionou o sistema musical dos gregos, tomando por base o exacordo ou sexta mor, formando así a escala a partir do Sol, coa extensión de duas oitavas que é a que dá a zanfona, axeitada, aperfeicioada e feita individual, e, polo tanto, manexábele, pol-o frade devandito, adaitándolle as teclas móbiles pra que unha soia persoa poidera tanxelas e pór o veo en movemento.

Nas crónicas e na lírica medievaes desínase con diferentes nomes: sambuca rotata, viola da orbo, ghironda ribeca, stampepella, lyra rústica, chinforne, chinfonia, zarra-beque, zampoña, lyra mendicorum, e nos crásicos galegos chamaselle: sinfonia, sanfona, zanfoña ou zanfona.

Foi o instrumento predileito dos xoglares da escola lírica galaico-portuguesa. Toda a produción poética desta escola está contida nas tres coleccións do "Cancioeiro da Vaticana", "Coloccio Brancuti" e "Cancioei-

ro da Ajuda". Fai pouco decubrúese outro cancioeiro: o de Martín Codax, coas sete cantigas ás ondas do mar de Vigo. Das súas mil setecentas cantigas de amor, amigo, escarnio e mal dizer, todas líricas e axeitadas pra seren cantadas, non hay ningunha dúbida de que foron acompañadas pola zanfona o instrumento que, daquela, acadara a meirande perfeición. Desapareceu definitivamente ao ser aperfeccionado o violín polos, sonados mestres da escola de Cremona (Stradivarius, Amati, Guarnerius e outros). O primitivo violín de tres cordas, escavado nun anaco de madeira, non podía desterrar a zanfona, mais ao xurdir das mans daqueles insuperáves constructores, coa forma a sonoridade e o timbre que hoxe ten, escribiu a todos os demais instrumentos de corda. No século XVII acadou na Francia un derradeiro rexurdimento despois de ter sido aperfeccionado polo fabricante Batón e tanguida pola malfadada María Antonieta pra voltar, asomada, ás mans de calaceiros e pedintes.

A ZANFONA SIRVE PRA A MUSICA DE CAMARA

A zanfona, coas súas cordas cantantes e os seus pedaes, emite un son campesiño e crea un ambiente bucólico. Aparece así como instrumento popular; mais compre consideralo tamén como instrumento ímo, pra música de cámara. Pola dozura da súa voz, e pola súa fonda afinación non é axeitada pra asallar as danzas do povo senon pra acompañar as cantigas paisáns ditas a meio ton co afervamento da oración, na intimidade dos casaes espallados pol-os agros; na reconditez esgrevia das saás dos Pazos, baixo as oxivas dos claustros, na soedades das vedrañas abadías, alí onde a gaita desaquería. A zanfona forma coa gaita a parexa de instrumentos típicos da Terra. É doce e máis pastoso o seu son, invita ao acougo e dá a sensación den eco lonxano espertando lembranzas de vellas idades.

CARA UNHA ESCOLANIA DA ZANFONA

Có gallo dunha conferencia que illustrei con música de zanfona o 27 de Sant-Iago do 1952 no Pazo de Xelmirez, a seleita concurrenza ficou envarecida das posibilidades do arcaico instrumento pra música de cámara. O seu emotivo son, o empaste da polifonía das suás cinco cordas coas cantigas de Martín Codax e as doentes melodías do romance de Gaíferos de Mormaltan, causaron o agraiamento do descoñecido, e un fato de entusiastas ouvintes botaron a idea da for-

mación de artistas constructores de zanfonas. Aos poucos días Otero Pedraio publicaba unha bela crónica, propondo, ao final, a ensinanza do instrumento en Santiago. Oferecín a miña colaboración pra ensinar a súa construción e a tanxela máis tarde. Brindo a idea, en nome dun núcleo de escritores, profesores e entusiastas afeizoados, ás Diputacións de Galiza, aos centros Artísticos e máis ás Entidades Económicas pra o aportamento dos meios que fagan falla pra montar o abradoiro, adequirir os materiaes, pago de xornaes, etcétera, pra chegarnos ao rexurdimento da vella zanfona. Se isto se fai viávele, no Ano Santo saíria a precisión dos Mitrados polo ábside da Catedral Compostelán con oito zanfonas, dúas chirimias e un fagot.

Recentemente na casa Co'umb'a fixen a gravación de cinco discos con romanzos, cantigas de cego, romaxe, alalás e algunha melodía. Fica así rexistrado pra sempre o son da zanfona, gracias á xenerosidade do Sr. Fernández López.

PRINCIPALES INSTRUMENTOS DE PERCUSION

O Tamboril é o obrigado acomplamento da gaita. Non o redobranse senon o crásico tamboril-timbal. Non ten bordós no parcho bordoeiro. Leva unha cordiña moi retrós, feita de varios fíos de liño ou do que emprega na confeición de redes, dun diámetro de dous milímetros posta encol do parcho batedor. Entésase o tamboril ata que afine ao unísono co Do grave do punteiro, facendo así a dominante có Sol da afinación. Entésase a corda ata que produza un romblido ou zoar vibrante e sonoro, produce un efecto de tónica que se confonde có Do en oitava baixa do roncón.

Hai outros instrumentos de percusión moi usados outrora en Galiza. As cunchas, pol-o resalte dos seus sulcos, empréganse pra acompañamento. Dan varios tons. Si se tocan nas beiras, un son águdo; no meio grave, e perto do aconchecho das valvas, máis grave aínda.

O adufe, pandeiro, (de pan e dairos. todo pelica) é un bastidor cadrado de madeira de 35 centímetros de banda e 5 de grosso, cuberto de pelica. Tócase encostando un dos seus angos no colo da muller que o tanxe, deixandoo caído sobor da palma das mans, e así disposto, abalando polo seu propio peso, márcase o compas emitindo un son de bordoneio que serve de tónica pra a copra nas fiadas, ruadas e saraos da aldeia e a cuio compaso báilase a muíneira.

A tixola de ferro forxado das que se se empregan pra o fogo do lar, de mango longo, tanxíase tamén a fala de pandeiro. O cabo do mango apoiábase no hombreiro e a cazola na punta dos dedos da man esquerda. No ango de unión do dito mango na cazola, a meio dunha chave ou dun anaco de ferro, execútanse redobres e picados que levan o compaso pra os bailarís e acompañamento da copra.

Apoiadas duas culleres de buxo, pola súa parte cóncava, sirven de acompañamento, asin como as castañolas que tanxían os bailarís de muñeira e redonda.

As ferreñas e os ferros (triango de aceiro que se usa nas baterías de orquesta). Istos eran os acompañanos que millor querían os tanxedores de zanfona.

C O D A

Eis os instrumentos principais de que se ten valido a i-alma lirica dos galegos pra expresar vellos sentimentos e antigas emocións. Da mágoa ver como adiantan polas corredeiras e os soutos os arés apodrecidos

dos cabarets nas músicas lascivas de tanto estranxeirismo. Enmentre, a nosa gaita de esgrevia nascencia, con máis de 2,500 anos de estoria, e a nosa zanfona, saudosa de xogares, esmorecen de dór.

(Do "Faro de Vigo", num. do centenario do devandito xornal)

ALEXANDRE BOVEDA

O día 17 d-iste mes d-Agosto, fixo 17 anos que foi asesinado cobardemente en Pontevedra o Segretario Xeral do Partido Galeguista Irman **ALEXANDRE BOVEDA**.

Ao lembrar a devandita data que os máis outos Organismos galegos das Américas asinalaron coma a Día dos Mártires Galegos, facemolo coa fe cega que en nos soupera imprimire a verba lumiosa e rexa d-aquil irman sacrificado en aras das arelas máis rexas i-abenzoadas da nosa Terra o día 17 d-Agosto do ano 1936.

Que a proisima paz nos ourizontes da nosa terra sexa o seu doce leite e que a nosa lembanza pra seu nome sexa a sagra coroa do afirmamento dos noso ideiais de galeguidade.



De “Sempre en Galiza”

Por CASTELAO

Galiza ten unha lingoa propia, criada no berce de outra anterior —probabelmente céltica—, que é filla do latín, irmán maor do castelán e nai do mal chamado portugués, en cuia lingoa se produxo un dos moimentos líricos máis antigos e admirables de Europa. E se a lingoa non fose un distintivo nacional, porque non respeta fronteiras e vemos que unha mesma lingoa pode servir de lingoaxe a diversas nacións, xusto será recoñecer que, polo menos, o idioma galego -hoxe falado en varias partes do mundo— é natural de Galiza, porque alí nasceu e alí se criou e fixou literariamente.

Galiza ten un territorio propio, delimitado por fronteiras naturais, de formas doces e entranas duras, que foi unha illa de pedra nos tempos xeolóxicos, e que hoxe semella unha inmensa esmeralda engarzada no estremo da cordilleira cantábrica: cabo do mundo antigo e peirán avanzado cara o novo. E anque a nación non fose máis que unha alma, como dixo Renán, capaz de expandirse por riba das montañas, dos ríos e dos mares, conservando a súa unidade en diversos climas e rexións, xusto será recoñecer que a terra galega é única e diferente do resto de Hespaña: “o lugar onde se amasou a nosa carne o se modelou o noso espírito”, como ben dixo Nóvoa Santos.

Galiza ten unha morfoloxía social i-económica propia, de tan rara orixinalidade que non hai ecoación posible ante os seus problemas vitais e a lexislación única do Estado hespañol, polo que alí se siguen practicando as vellas costumes xurídicas, a furto da lei irradiada dende Madrid. E se Galiza, en longas centurias de traballo, chegou a formar un cadro completo da súa vida privada e social, que non encaixa na orgaización uniformista de Hespaña, xusto será recoñecer a necesidades d-unha política estatal galega.

Galiza ten unha cultura propia, en todo diferente da dos demais grupos hispanos, que se revela nas artes

plásticas, na sabiduría popular, na música e instrumentos, nas danzas e cantigas, nos estilos da arquitectura civil e relixiosa, no lirismo da poesía oral e escrita, no ritmo das expresións literarias e musicas, na filosofía dos refráns, no sentido saudoso do amor e no sentido trascendente da vida e da morte. E se a cultura galega xurde de fondos primitivos e insobornables, como a de Bretaña na Franza e a de Escocia en Inglaterra, ben se advirte na alma de Galiza un refinamento europeo, que se denota en rasgos de tolerancia, de crítica de humor, de trasacordo e de cautela, calidades que non sobresaen nos povos de fala castelán.

Galiza ten un carácter étnico propio, que provén dos povoadores celtas, que constituiron o seu primeiro orgaismo habitual e territorial, podendo afirmarse que todos cantos alí chegaron dispois, procedían do mesmo tronco e repetían o mesmo sangue. E se a raza fose, a efecto, a determinante do carácter homoxéneo d-un povo, sen que por así creelo incurrisemos en pecado, ben podía Galiza enfrentar a súa enxebreza co mestizaxe do resto de Hespaña, atribuíndolle ao sangue árabe a indisciplina, a intolerancia e a intransixencia con que os hespañoes se adornan.

Galiza, pois, conta con todos os atributos hestórico-naturais que caracterizan ás verdadeiras nacionalidades: pero fáltalle algo moi importante para ser perfecta fáltalle a independencia política, o goberno propio, que toda sociedades humanas necesita.

¿Qué Galiza non é unha nacionalidade por non ser un Estado independente e soberán? Se tal defeito nos fose imputado por hespañoes, nós sentiríamos incitados ao separatismo; pero en verdade sóo aspiramos a unha autonomía integral, dentro da libre federación de todos os povos hispanos.

Galiza non necesita máis que eso; pero non pode conformarse con menos, porque tal é o seu desinio hestórico.

A UNIVERSALIDADE DE CASTELAO

Por Luis Soto Fernández

Niste intre hestoreco, d'escuridade e vilipendio, que asoballa a nosa Terra, e as demais terras de Hespaña, que afoga a liberdade e polo tanto cultura nacional dos pobos diferenciados da Península Ibérica, acontece a miúdo que a pseudo-intelectualidade do franquismo trate por todos los medios, o seu pequeno alcance, de desfigurar a Hestoria e prostituir a verdade, que fulxe esprendorosa n'o carro da civilización e d'o progreso.

:: ::: ::

Decía eu o ano pasado co fariseismo feixista, arroupado nunha clámide cinica de galeguidade, faguían esforzos inútiles pra presentar a Curros. Enriquez —con ocasión do seu centenario— como un escritor costumista e acarneirado, dun gran valor literario, mais sin trascendencia politeca e revolucionaria. E a cousa continou e continua c'o propósito d'enganar as xentes de ben.

Pois ben agora ante a inmensidade xennial de Castelao eescomenzan os rábulas d'o réxime a procura da falsificazón d'a persoalidade xigantesca e profunda d'o home máis logrado e máis cabal d'a nosa terra.

:: ::: ::

Ainda acontece que os mesmos demócratas hespañoes troquen a persoalidade de Castelao, ollando somentes a figura d'un artista —dibuxante e literato— sin proiección politeca e nazonal nos futuros destinos de Galiza.

Son ós mesmos de que il fala:

“Este son os que me decían: ¿Por qué te metiches en políteca? A políteca e unha cochizada e ti mellor estarían na tua casa facendo arte”.

Agora tamén as bruxas de Makbec, susurran nos ouvidos das xentes inocentes: “Hai que ol'ar a Castelao somentes como un gran artista *cristiano e ouccidental*” ¡Mais nos ben sabemos o que quere decir o *cristianismo ouccidental* dos que mataron a Alexandro Bovéda, que si era un verdadeiro cristiano!

:: ::: ::

Tivemos a sorte de vivir, hora a hora, con Castelao durante un ano enteiro, cecais no intre de máis trascendencia na vida do noso país, nunha encrucillada hestoreca na que se definián certamente os destinos do mundo do porvir.

Cecais, tamén percisamente n'o intre en que madura e froitifica, chegando a cume xennial, d'a súa obra, a persoalidade politeca, literaria, artística e humán de Castelao.

Por terras e mares, a veira d'il, falamos, escribimos e soñamos. Fomos as zafras, os portos, as veigas, as fábricas, os cafetales e baixamos o fondo das minas, a todos os lugares onde latexa o corazón nazonal da Galiza emigrada.

Dende a súa morte, ficamos calados pola pena e pola emozón, máis hoxe queremos afirmar que vai sendo hora de que os galegos meditemos cumpridamente nos insiños e no exemplo de Castelao qu'estivo sempre fronte a tiranía e que loitou barudamente pola democracia, e xustiza e a liberdade.

:: ::: ::

Hai tamén espíritos cativos que pretenden catalogar a Castelao —cando lle queren conceder algunha categoría politeca— dentro d'un nazonalismo estreito, sin perspectiva e sin universalidade.

Ninguén pode ser internacionalista cabal, sinon comprende a súa terra, que é a pequena fenestra dende a cal pode ollar pra mundo.

Eu recordo unha das moitas anécdotas que me aconteceron a veira de Castelao.

Unha noite chegabamos a Canton, nos Estados Unidos, pra dar un mitin orgaizado pol-o Comité Antifeixista Hespagnol. O teatro xa estaba cheo e na porta agardabamos varios amigos, entriles algus paisanos. Antes de pasar o escenario chamounos aparte un galego forte e lanzal, que falaba unha lingua entreverada de galego, castelán e ingles de Ohio, e dixonos:

“Eu sou de Villagarcía, pero eiqi todos somos internacionalistas e non se pode falar unha sola verba de Galiza. Moito coidadiño, porque sinon desfago o mitin”.

Por unha reacción natural Castelao, aquela noite, adentrouse no seo da Terra e expricou a sinificazón universal d'a feito galego. O noso paisano de Villagarcía, non soupemos si comprendeu ben as cuestiós, más estivo toda noite chora que chora e nin xiquera poido cear.

Ora ben que ledicia ouservar como comprendían o arte ia políteca de Castelao todos os homes de ben: os negros, os chinos, os xudios, xentes de todas as razas e crencias, que arelan un mundo sin opresión e sin orfandade.

:: ::: ::

¡Qu ben exprica Castelao o senso d'a Patrea! ¡Que proyección máis internacionalista y máis xusta!:

“O noso instinto xeneroso é incompatible co chovinismo; pero ninguén pode fanar os nosos anceios patrióticos, que se afincan, simplemente, no amor a Terra-Nai, sempre compatible co desexo de reconstrucción racional do Estado hespagnol e coas arelas de redención humán. Pra nos a patria e un sentimento natural, inspirado en realidades sensibiles aos cinco sentidos. A patria e a Terra”.

A sua vida ia sua obra foi un vieiro de lux infinda. Estivo sempre —dende os seus anos mozos— o carón d'o seu pobo, defendendo os labregos i-os mariñeiros, con valentía e con decisión.

O seu arte endexemais se perdeu pol-o camiño dun arte “puro”, dun arte d'elite, e pol-o tanto deshumanizado e antisocial.

O seu arte foi un arte popular e revolucionario, fincado nas entranas do pobo traballador, que comprendeu e asimilou con xus-

teza a sua obra, até o punto de que ainda hoxe —e sempre— as xentes sixelas pra comentar calquier acontecido con certa ironía, dicen: ¡“Son cousa da vida por Caste'ao”! Añaden sempre, por Castelao, pra sinalar a trascendencia do seu comentario.

Nimigo implacabel do caciquismo, da perpotencia de clase, d'a tiranía feudal. Capitán arriscado de loita pol-a liberdade.

As castas semif feudales que escravizan os pobos de Hespaña foron o branco do seu lápiz de dibuxante, da sua pruma da escritor, da sua verba de tribuno dos servos.

:: ::: ::

¡Os tempos son chegados! A tiranía que asoballa e turtura a Galiza e Hespaña, a pesar de todas as infamias, ten as horas da historia contadas.

O seu Mane, Thezel, Phares, aveciñase con pasos si'enzosos, mais indubitabels.

E perciso cos galegos de ben avizouren o porvir. E indispensabel unha meditazón se'rea e limpa sobor d'a obra de Castelao.

A aportazon dos demócratas galegos, na cultura e no progreso universales entendense somentes na compresión e no amore a sua terra.

Da mesma maneira que Castelao queria.

“Como lle queremos a Terra! Eu de min sei decirvos que se dispois de morto tivese que voar máis ala das estrelas visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaria a inmortalidade para rematar a miña vida debaixo de-unha láxe e convertirme en herbas ventureiras.

Certo que a Terra que amamos tanto ainda e un “val de bágoas”; pero nos, os galegos, superaremos a predición relixiosa a tracarémola en Paradiso”.

:: ::: ::

Non ai que dar voltas soufisticas, nin facer troques reirantes coa verdade refulxente e inmarchitabel.

Somenten existiu un Castelao xenial e revolucionario na arte e na política, que viviu limpanamente, sin unha soia cladicazón, sin un desfalecemento, na devozón pol-a terra, que batalou, infatigabel até a sua morte pol-a liberazón d'oseu pobo e de toda a humanidade, que ainda xeme esclavizada pol-as forzas obscurantistas e afastadas.

Un Galego de Pedra

Pol-o Lic. Armando Rey Romalde

N-iste mes de Xullo, posto por nós os galegos baixo o padroado de Sant-Yago o Maior, deica tal ponto que ao devandito mes chamómoslle xeralmente mes de Sant-Yago e non de Xullo, quero facer un breve estudo, mais ben un deseño, encol d-unha teima como é o do noso Padrono Sant-Yago Apóstol percorrida e xa moitas vegadas tratado Apóstolo a quen eu chamolle o galego enxebre: ¿Vos rides? ¿Decides moitos que Sant-Yago endexamáis estivo na Galiza? Eu tamén facía o mesmo que vos; mais o mesmo Sant-Yago afastou as miñas dúbidas e, certa serán na que, fai xa anos abondo, ía eu, como de costume, a visital-o a Cadeiral e a deliciarme co seu amébele a mui agarimoso sorriso, díxome unhas verbas que me fixeron cavilar e que leredes na acabación d-iste escrito. Cecáis non haxa sido eu o úneco benfadado coas suas verbas, cal ouservéi dempoixas que moitos labregos galegos ían visital-o e saludábano amizosamente decíndolle: ¡Hola paisán!

Sant-Yago o Maior é, pois, o noso paisán e amigo; e como a tal teremos de tratalo. Mais convén coñecer aos amigos e, si se pode, pesquerir algo da sua hestórea. Isto é o que vou a tencionar hoxe, na medida das miñas posibilidades.

Escomecemos...

A chegada do apóstolo Sant-Yago a Hespaña é somente unha tradición. Sabido é qu-ísta atribuía a Sant-Yago a predicazón do cristianismo na Hespaña. E eiquí temos de dar a coñecer algunhas novas encol do Apóstolo.

Xacob —dempóis Sanctus Iacobus, Sant-Iacob, Sant-Yago, Santiago— fói un dos fillos de Zebedeu e Salomé, da tribu de Xudá e da liñaxe de David. Il era curmán entregue do Emmanuel (dempoixas nomeado Xesús, o Cristo) e crése que nasceu na cibdade de Xafa, perto de Nazareth. A maior parte

da sua vida adicóuse a pesca no mar de Galilea e tanto gustou das doutrinas que brillantemente pregoaba o Emmanuel, qu-il se fixo un d-os seus discipols e encomezou tamén a pregoal-as con mui ardente intrés, o que motivou que o Cristo o nomease o Fillo do Trono. Outra causa d-iste derradeiro alcume foi a sua feizón a facer foguetes.

O Cristo encarregou aos seus discipols o pregoamento da sua doutrina a tudol-os pobos e, por conseguinte, os apóstolos —verba grega que significa mensaxeiro— espalláronse pol-as varias rexións do mundo entón coñecido. A tradición afirma que Xacob predicou na Hespaña, especialmente na Galiza, rexión na que estableceu varias sés apostólicas. Cóntase que, de volta a Palestina, ao paso pol-a cibdade que hoxe chamómoslle Zaragoza, aparecéuselle, enriba d-un piar, a nai do Emmanuel (chamada dempóis a Virxe María) e lle encarregou a costruición d-un templo acima do devandito piar. D-eiquí a tradición da Virxe do Piar, da que non hai novas escritas hastra o século XIII e tampouco falan d-ela os meirandes escritores cristiáns dos primeiros séculos. Na Palestina adicóuse a facer novos proseguidores pra a sua fe; mais, caloñado perante o Herodes Agripa, foi esgolado pol-a orde d-iste, o 25 de Marzal dos años 42 ou 44 dos nosos tempos. O seu corpo, sigo coa tradición, foi recollido por dous dos seus discipols, quenés, dendesde Xafa, trasladárono, en sete días, a Iria Flavia (Padrón, Galiza). Siguen dempóis outras novas curiosas encol da sua trazazón dendesde Iria deica o lugar nomeado máis adiant Libredón, mercé ao desprendimento da Lupa, rica viuva. Eiquí a lenda da pena fendida pra o acougo do corpo do Apóstolo. Os discipols deitaron o corpo de Xacob n-un carro turrado por dous touros bravos, que deixáronse axugar, e istos foron por onde quixeron, deica chegar a un lugar

da que a Lupe fixera doendela aos discipuls pra enterral-o cadavre; d-aí o nome de "Liberum donum", Libredón. Construíron n-ill a campá e un altare.

Pasaron anos, séculos, e no ano 813, reinando na Galiza o Rei Alfonso II o Casto, unha estrela mui coruscante dicen que asinaló n-un monte da rexión da Mahía o lugar onde había un sartego que a tradición dicía empechaba os restos do apóstolo Xacob. O Rei Alfonso mandou edificar enriba d-iste xacigo unha sinxela e, perto d-ela, un baptisterio e outra eirexa, con casas pra unha comunidade de freires de San Bento. Pouco dempóis se lles engadiron un pazo bispal e outra casa pra os coengos. Pol-a proteición do bispo Teodomiro, no lugar denantes fragueiro o seodoso, trinta anos dempóis habíase feito un pequeno vilar, con rúas e muradours, que encozézou a nomearse Campus Stellae, Compostela (Campo da Estrela). Denantes chamóuse a primeira eirexa, Ecclesia Sancti Jacobi, isto é, Eirexa de Sant-Jacob ou de Sant-Yago; mais ao adequirir pulo o vilar cercán, deixou de empregarse a verba Ecclesia e encozézou a decirse somente Sancti Jacobi e dempoixas Sant-Yago e Santiago, asegún xa dixen denantes.

A poboanza foi medrando, marchantes, hospedeiros, industriáis e moitos pelengrins que ficaron alí a morar.

D-iste xeito a importancia da cibdade foi arrequentándose deica trocarse na capital relixiosa e cultural do reino de León e un dos máis importantes santuarios da Cristiandada. Entón eran tantos os pelegríns que acodían de tuda a Europa, principalmente da Franza e da Alemaña, que ha moitas probas que testemuñan a infruenza d-iles na formazón da nazonalidade galega. A infruenza francesa foi mui notábele. Na Alemaña coñecían daquela a Hespaña co nome de Jajobland —terra de Sant-Yago— e a nosa rexión tivo sona en tuda a Europa.

O creto de Sant-Yago sigue por tudalas partes e outra tradición refire que no ano 844, reinando na Galiza Ramiro I, íste, dempóis do vencimento das ostes musulmás, co aparecemento e a axuda do apóstolo Sant-Yago na loita de Albelda ou de Clavixo, apodeirouse de Calahorra, o que tivo por resultado qu-o reino ficara ceibe da ominosa peita das cen rapazas, que víñase pagando aos sultás dendesde os tempos de Mauregato. Ramiro istituíu, por iso, unha valiosa peita nazonal ao apóstolo Sant-Yago, que aínda se paga analmente. E posibel qu-ista lenda orixe da peita non sexa outra cousa qu-a apricazón d-un asunto muy espallado na Edade Meia e do cal o modelo máis antigo

e a peita dos rapaces e rapazas pagada pol-os atenienses ao Minotouro.

No século XVI foi agachado o corpo do Sant-Yago, perante o perigo da chegada do pirata inglés Drake, e no ano 1878, feitas algunhas sachadelas, créuse haber atopado cos restos da primeira campá da época romá, así como cos do Apóstolo, feito que somente confirmou o Papa.

Hastra eiquí dixemos o máis importante qu-a tradición conta encol do apóstolo Sant-Yago. ¿Qué avaliamiento hestóreco ten tudó elo? Pra apreزال-o pontoalicemos algúns detáis.

As razóns en que podemos apoiarnos pra afirmar a vinda do Apóstolo a Hespaña son as seguintes:

Unha pasaxe do Dídimos de Alexandría, século IV, no que se indica d-un pouco preciso, qu-un apóstolo predicou na Hespaña e ben poidera ser qu-iste fose o Sant-Yago.

San Xeromo e Teodoreto, no século V, fan unha alusión tamén mui vaga e imprecisa.

E temos de chegar ao século VII pra atopar algunha testemuña tradicional concreta, máis non imparcial; refirímonos ao Catálogo Apostólico, que afirma que Sant-Yago predicou na Hespaña. No mesmo senso exprómese unha obra atribuída ao Sant Isidoro, tituada "De ortu e obitu patrum", aínda que hoxe sabemos que non a escribiu íl. Ha tamén un probábel escrito de Sant Xulián.

Xa no século VII, a tradición estaba feita a entón atopamos datos máis abondo. Non embargante coidemos qu-o feito ao que se refiren había sucedido uns setecentos anos denantes e que hastra pasados uns trescentos do mesmo non se fai, nin d-un xeito pouco direito, a máis pequena refrenza a feito que tivera de ser tan relevante.

Aínda no século XII unha d-as redaições da "Historia Compostelana" non fala ren da predicazón hespañola de Sant-Yago.

No século VIII tampouco sospetábase que o Sant-Yago estivera soterrado na Hespaña. Os catálogos bizantiños dicían qu-o sartego do Apóstolo estaba na Palestina, Cesárea, e algúns d-iles na Marmárica líbica, d-onde algunhas versióis latinas derivaron "in arcis marmaricis ou marmoricis".

En fin, deixemos tudo tal como está e digamos co católico Marcelino Menéndez y Pelayo que "si es temeridad negar la venida del apóstolo Santiago a España, tampoco es muy seguro afirmarla".

Pol-o o que respeta a tradición do traslado do corpo do Apóstolo a Galiza, e

aínda máis recente, xa que as primeiras novas do mesmo datan do século IX.

Os contraditores da chegada do apóstolo Sant-Yago a Galiza son moi numerosos e axiña manifestáronse contra ela. O Arzobispo de Toledo, Rodrigo Ximénez de Rada, no Concelio IX de Letrán, no ano 1215. dixo que, "prescindindo do que na súa nenezza había ouvido contar a algunhas monxas e viúvas piadosas, o que se sabía de certo era que Sant-Yago había sido esgolada sen saír de Xerusalém". O Pai Flórez, o Marqués de Mondéjar e o hestoreador Lafuente tratan de loitar, sin suceso e con argumentazós moi febles, contra esta manifestazón do Ximénez de Rada. Tanto prosperou a negtiva de Ximénez que, asegún cóntanos recentemente o frade F. Montero, O. M. I., un artigo xornaleiro "de esta objeción (refírese a de Ximénez) tan parcial y sospechosa se valieron los adversarios de la tradición en Roma, en el siglo XVII, para tratar de suprimir del Breviario y relegarla a eterno olvido, cosa que por especial Providencia de Dios y por la dirigencia de los Obispos de España, defensores de nuestra gloriosa tradición, no pudieron lograr". Máis adiante dice tamén que "el mismo cardenal Baronio, antes adversario de la tradición, recomendó que se publicaran los testimonios en favor de dicha tradición para que no se engañasen otros como yo estuve engañado".

Non enbargante o devantito pol-o frade Montero O. M. J. no ano 1602, baixo o Papa Clemente VIII, substituíuse no oficio de Sant-Yago do Breviario Romano as verbas afirmativas, pol-as da tradizón sen afirmar categóricamente; e hastra os tempos de Urbano VIII non se voltou as primeiras verbas.

Ha outras razóns en contra d-a tradizón, tamén moi poderosas, antre as cuais podemos menzoar a de que Sant-Yago foi esgolado en Xerusalém denates de qu-os apóstolos se espallaran pra predical e Evenxelio e dando comprimento a orde do Cristo de que non saíran de Xerusalém "denantes de pasados doce anos". Istos derradeiros detáis son testemuñas de Apolonio e Clemente de Alexandria, escritores do século II.

E tamén de muito intrés a testemuña de Sant Paulo. quen manifesta que "predi-

cóu onde non habíase predicado denantes". Isto o decía falando da Hespaña.

Inocencio I, no século V, manifesta as craras, n-unha carta, que na Hespaña ningún apóstolo estableceu eirexas. E os escritores hespañóis Prudencio, Idacio, Orosio e Sant Martiño Dumiense, asín como os meirandes escritores do século VII na Hespaña visigoda, os calendarios mozárabes dos séculos IV e V e San Gorgorio de Tours manteñen un comreto silencio encol d-un feito que tivera de ser tan notábel.

¿De quén son, pois, os restos que se veneran en Sant-Yago de Compostela? Miguel de Unamuno, na súa obra "Andanzas y Visiones Españolas" dice, verba por verba: "El sepulcro de Santiago es sepulcro de España toda. El sepulcro de Galicia acaso sea el de Prisciliano, el gnóstico gallego, obispo de Avila, que en el siglo IV mezcló el paganismo galaico con las doctrinas cristianas. Así, bautizando las supersticiones célticas, trató de cristianizar a su pueblo. Fué decapitado en Tréveris, parece que su cuerpo fué traído a Galicia, su patria y acaso su sepulcro fué lugar de piadosas romerías. ¿No se aprovecharía esto más tarde y, así como él bautizó las supersticiones célticas, se trató acaso de hacer ortodoxas esas romerías con una leyenda nueva? Porque, un hombre moderno, de espíritu crítico, no puede admitir, por católico que sea, que el cuerpo de Santiago el Mayor esté en Compostela. ¿Qué cuerpo es, pues, el que allí se venera y cómo y por qué se inició ese culto?".

Máis non deixémonos asoballar pol-o pesimismo e lembremos hoxe, día de Sant-Yago no que se festexa a data do enterramento d-as suas reliquias (asegún López Ferreiro), que, quenqueira que sexa o que se venera en Compostela, o pobo sigue crendo que alí está Sant-Yago Apóstolo; e a súa imaxe pédrea, a imaxe pódese dicir que sorrinte do Sant-Yago pelengrín, enfeitada con vieiras, acóllenos agarimoasmente, sen fechanda, humaizada, e parece dialogar con nós. Non representa coma as imaxes d-outros santos, a un ser d-abondo diviñizado, mais moi humán; i-eu poido "afirmarvos" que en varias vegadas perescéume que, dirixíndose a mín, bulronamente me dicía:

"Tolean os que me cren xudéu. Eu son galego. ¡Terra a nosa!".



DOUS POEMAS

Por PURA VAZQUEZ

XEOGRAFIAS

Non quero as xeografías vans dos ho-
(mes,
póndolle a terra marcos, gobernandoa...

Eu quero a terra virxe. A fremecida
de séculos caíndo choiva a choiva
sobr-os limos, a pedra, os pinos vellos...

A terra que aínda enxerga o domen
(celta
e os cachoupos sin tempo dos carballos,
dos Castros, vixiando nos tesouros
da inmorredeira lenda da Galiza.

Os cumios d-istas montes me-sinalan
unha roita e seguir, pol-os vieiros
da libre e forte Celtia do pasado.

ORIXEN DA SAUDADE

Na cencia da tristura nos camiños
no sangue novo no sombrizo canle.
Mencer das alboradas primeirizas,
do primeirizo froito, na remota
adicación de Adán, no Paradiso.

Alí naceu o home, pol-a gracia
d-un aza de soberba e rebeldía,
entre anxos de flamíxera espadas
e anatemas de Deus, supetamente.

A vida foi alí, fecunda e forte,
arreitándose humán pol-os recantos
da virxe Terra non asoballada.
O pé d-unha mazaira fondamente
cobizada na ardenza do deseio,
e foi o amor nas doces criaturas...

¡Descuranza de Deus! Crevouise o
(sino
da Humanidade, alén, desraizándose
n-un debalo de noite pol-o mundo...
¡Alí naceu a baga da SAUDADE!

Do libro inédito "MATURIDADE"

Un Home de Concencia

Por Ben-Cho-Shey

Pola parte d'abaixo da casa donde eu nacín había outra mais nova, feita por un brasileiro, no canto dunha vella de soportal que acordaba as loitas dos burgueses contra do bispo da cidade, vira pasar diante de sí as cabalgadas de Pedro Madruga e do Conde de Benavente e presenciara as liortas antre os fidalgos e os coengos polos privilexios dunhos e doutros.

A culpa daquíl atentado contra dos soportaes non fora do brasileiro, que era un home amante da sua terra, pra que voltara co a arela de descensar dos traballos nos duros países tropicaes. Non fora culpa sua senón dos concellos progresistas e dos ténicos, que daquela andaban a esborrallar canto soportal apañaban, coidando que milloraban a cidade cando a estaban afendo e quitándolle a sua enxebreza.

O brasileiro puxera no baixo da sua casa unha tenda pra ter donde pasalo tempo, porque nunca fora nugallao e maldecía da vagancia. Chamábase D. Rosende, nacera nunha aldeña nomeada Gulfariz, e de neno emigrara ao Brasil donde, a forza de sacrificios e de honradeza aforrara algús cartiños, que lle permitieron voltar pra Galicia, facer a sua casa e fundar un fogar, que era modelo de virtudes e de bós costumes.

D. Rosende era home de moi bon humor e de amena conversa, que adoitaba adornar cunha chea de contos e de anécdotas, moitas d-elas persoaes, sempre cheas de gracia e dun san esprito retranqueiro.

Gustábanlle moito os cativos, que íamos de boa gana a lle mercar cousas, porque sempre nos obsequiaba con algún carambello ou con unha cadeliña, co a que logo mercábamos algunha trapallada nun posto que tiña baixo dos soportaes superviventes a tía Micaela de Grallais, a par da banquetta do Sr. Colás, un vello zapateiro remendón, que botaba tombas e bailaba a muiñeira como unha devadoira en totalas festas do arredor.

Nos días de feira sempre había algún veciño da Peroxa na tenda de D. Rosende que viñan, non somentes a lle mercar xéneros, senón tamén a se aconsellar con él ou a lle pedir os axudase nos pleitos que tiñan no Xuzgado, intervindo cos da curia pra que lles arranxase un interdito de augas ou algún lío dunha servidume de camiños, cando non era pedir un permiso pra que deixaran moer unha acea, ou ainda servir de fianza co axente de embarque pra mandar o rapaz as Américas. Porque D. Rosende viña ser como o cónsu, o conselleiro ou o pai dos seus paisanos.

Un día entroulle pola porta un distes seus veciños, home d'arredor dos corenta anos, que tamén estivera veintetantos ganándose a vida pola illa de Cuba, e dirixíndose a él saudouno moi atento:

—Santos e bos días teña V., D. Rosende.

—Deus te traia con ben, amigo Cibrao.

E despois de se intresar pola familia do tendeiro, preguntoulle iste:

—E logo, ¿qué nagocios te traen pol-a capital?

—Pois, señor... eü queriame casar co a rapaza do tío Miguel de Fornelas e viña ver si arranxaba os papés no pazo do Bispo.

—Paréceme ben, e coido que forás boa boda porque a Sabela é unha rapariga moi axeitada e moi formal. ¿E xa estiveches no pazo?

—Estiven, si señor.

—¿E arranxáchelo todo?

—¡Qué máis quixera, santiño! Pro pídenme unha cousa que somentes vostedes ma pode facer.

—Si a cousa depen de min, xa sabes que con moito gusto che botarei una mau. ¿De qué se trata?

—Pois de que, como estiven tantos anos nas Américas, teño que levar un testigo que diga en como son solteiro i endexamais fun casado.

D. Rosende abaneou a testa i enrugando os bicos, un tanto precavido, contestoulle:

—Y eu, ¿cómo vou decir que eres solteiro si non sei da tua vida dende que saiches das Encrobas?

—Señor, se non fora certo eu non viría pedirlle que dixese unha mentira, e menos pra lle facer unha falcatruada a filla do tío Fornelas.

—Home, xa sei que cumples como unha boa persona i es cabal nos teus tratos, pro en cousas de concencia eu fío moi delgado e non son capaz de dar unha testemuña en falso.

—En falso non a da, señor, que eu son solteiro.

—Sí, home, sí; ben te entendo; pro unha cousa eres tí e outra a miña concencia e a conta que teño que dar a Deus dos meus actos.

—¿Entón, d'aquela...?

—Pois d'aquela, vas despois de xantar pola miña casa e alí falaremos.

—Deica, logo, pois, D. Rosende.

—Vai con Deus, Cibrao.

Xa rematara de xantar a D. Rosende i estaba tomando un cheiroso café de San Paulo, único vicio que a noso home trouxera do Brasil, cando lle dixeron que o Cibrao acababa de chegar. Mandouno pasar e, cando estivo diante d'él, espetoulle esta proposición, que dixou suspendo ao cubano:

—Estiven matinando no que me dixeches e, si queres que eu vaia de testigo teu, tés que te poñer a andar da gatas diante de min.

O cibrao coidou que se quería rir d'él e contestoulle entre digno e desconfiado:

—Pro, vostede, ¿fala en serio?

—Completamente en serio. Repítoche

que, si queres levarme de testigo, has de te poñer as catro uñas e andar por ahí da gatas.

Ainda dubidou un intre o Cibrao, máis vendo que D. Rosende non cedía, pousou o sombreiro enriba dunha silla e púxose a andar os catro pés por enriba da gran alfombra que enchía a sala.

O D. Rosende presenciaba o paseo gatuño do Cibrao moi serio e, cando deu un par de voltas, dóxolle:

—Xa te podes erguer e mañá, as once, ves pola tenda que xa irei contigo ao pazo do señor Bispo.

A hora citada estaba o Cibrao na tenda do D. Rosende, que se puxera un traxe mouro antergo co acto que ían celebrar. Sairon ambos i encamiñáronse o despacho da curia eclesiástica, onde o tendeiro era dabondo coñecido como home serio e formal.

—Canta cousa boa por esta casa, díxolle un crego tendéndolle a mau a D. Rosende. E logo, ¿qué trae por acó?

—Pois veño de testigo diste meu veciño, que se quer casar e seica me teñen vostedes que preguntar algo.

—Entón despacharémolo aixiña. E xa con toda a solemnidades do caso preguntoulle o Notario eclesiástico:

—¿Vostede coñece a Cibrao Regueira da Fonte?

—Conozco, sí, señor; contestou D. Rosende.

—¿Sabe si é solteiro ou si estivo casado algunha vez?

—Conozoio fai motos anos e, dende, que o vin andar as a gatas —e baixaba a mau estesa a dous polmos do chau— endexamais soupan que se casara con ninguén. Declaración verdadeira co a que a concencia de D. Rosende ficou tranquilla e o Cibrao deixouno parvo sin atinar a sair do seu asombro.



Poetas Novos

Roxelio Rodríguez de Breaña

NOITE CRUDEL SEN REMATE

Noite crudel sen remate...
A morte chouta nas ponlas...
Antr-os piñeiros percorren,
somas esmirradas... longas...

Montan cabalos do Inferno,
tripando toxos e i-almas,
rezuman as poutas sangue,
dos que morrendo berraban:
Bestas... Borreiros... Canallas.

Seus ollos son dous carbós,
—furchos podres na cara—
no lombo niños de corvos,
grañan co sangue d-Hespaña.

Bigodes de moura cerda.
Na cadro enxuto da cara,
cor apagado de cera.

Pantasmas de morte a sangue,
do medo bastial careta.
A dor, a morte i-as bágoas
d-un Antroido de traxedia.

Brétemas foscas —a Morte—
os fillos do Demo espallan.
Os fillos do Demo fendén,
corpos, lugares e casas.

Noite crudel sen remata...
A morte chouta nas ponlas...
Antr-os piñeiros percorren,
somas esmirradas... longas...

:: :: ::

Pantasmas tripan a gandra.
—Cal somas do Apocalipsis—
que so de velas espantan.

México, 1953.

NON SEI SI É ELA...

Védea magoada
tolleita de frío,
o lombo cangado,
os ollos de vidro.
Na testa unha croa,
no colo un meniño,
tolleito de medo,
de frío mortifío.

.....
Non sei si é Ela
ou é seu espírito.

Nas concas os ollos
—uns ollos doridos—
marguran a i-alma,
magoan seu brillo.

Un berce valdeiro
fundido no limo.

Encheito de cruces,
crebadas en vidro;
ínzase o pranto,
no van do ventifío
tullido de loito,
d-ababas e lírios.

Ciprestes de fondo.
No leito d-un río
de bágoas no seio,
os salaios irtos.

.....
Hai círios de morto.
Solago nas augas,
a i-alma d-un pobo.

.....
Peños espidos,
gaitas sen "aires"
roncóns partidos.

Védea magoada,
tolleita de frío,
o lombo cangado,
os ollos de vidro.
Na testa unha croa,
no colo un meniño,
tolleito de medo,
de frío mortifío.

Galiza...
Non sei si é Ela,
ou é seu espírito.

Sant-Iago, 1953.

Xa é hora de que abramos o testamento de Isabel a Católica para defendelo fronte aos que proclaman, no seu nome, a intanxible unidade nacional de Hespaña. Nós recurrimos á letra d-ese testamento en canto se refire á liberdade dos povos, aínda que a *Raiña Católica*, de su “*propio motu e cierta ciencia e poderío Real absoluto de que quiso usar y usó*”, decretase a *doma e castración* de Galiza, so pretexto de abolir as inxusticias que viñan cometendo os Señores galegos, pero, en realidade, para engrandecer a autoridade real e vengarse *maquiavélicamente* do amparo que a nosa Terra tiña prestado a Infanta Doña Xohana. Os galegos non debemos esquecer que mantivemos doce anos de loita por defendernos os dereitos da “*Esclénte Señora Doña Xphana*”, a quen a *Raiña Católica*, a súa tía, lle usurpara a coroa, valéndose da intriga e da mentira, así, pois, Isabel a Católica non foi nosa *Raiña*, pero recoñecemos a sabiduría que encerra o seu testamento.

Aos hespañoes que, a baruilo, se proclaman compridores da manda de Isabel será cordo decirlles que no famoso testamento non existe o afán de unificar políticaamente a Hespaña. Somentes se alvisca o imperialismo castelán, do que se fai gala no siguiente treito: “...*el dicho Reino de Granada, e las Islas Canarias e Islas de Tierra Firme del Mar Océano, descubiertas e por descubrir, ganadas e por ganar, han de quedar incorporadas en estos mis Reinos de Castilla e León*” (para eso lle foran concebidas por Bula Apostólica de Alexandro VI). Nin o *Tanto Monta* revela unha unidade de Estado e moito menos de Nación, pois a *Raiña Católica* sóio lle cede á Coroa de Aragón a metade nas novas rendas, por “*habernos... ayudado... a cobrar estos mis Reinos, que tan enajenados estaban al tiempo que yo en ellos sucedí*”. Castela e León, pois, eran a metrópoli d-un Imperio, claramente confesado por Isabel sen a hipócrita declaración de *unidade hespañola*, que, baixo a pouta dos Austrias e Barbóns, se trocou en “*pingajo de león*”.

Vexamos os tíduos de soberanía que Isabel a Católica invoca na Carta testamentaria, como tíduos propios ou anexos ao seu matrimonio: *Reina de Castilla, de León, de Aragón, de Sicilia, de Granada, de Toledo, de Valencia, de Galicia, de Mallorca, de Sevilla, de Cerdeña, de Córdoba, de Córcega, de Murcia, de Jáen, de los Algarves, de Algeciras, de Gibraltar e de las Islas Canarias, Condesa de Barcelona e Señora de Vizcaya e de Molina, Duquesa de Atenas e de Neopatria, Condesa de Rosellón e de Cerdaña, Marquesa de Oristán e de Gocéano*”. Eiqui se vé que Isabel foi *Raiña* de Galiza —non certamente a gosto dos galegos—; máis pol-a declaración que xa vimos, Galiza non era serva de Castela senón membro adherido, como pode selo agora calquera Estado libre da Comunidade Británica. A Coroa de Castela non tiña máis atribucións das que Felipe II ostentou máis tarde sobor de Portugal, cando ante as Cortes de Tomar, en 1583, xurou “*gardar os foros e costumes da nación portuguesa, e que o seu goberno, administración i economía marcharían separados do resto das Hespaña*”. Galiza, pol-o tanto, seguía en liberdade, eisistindo de por sí, e con máis categoría que o Señorío de Vizcaya ou o Condado de Barcelona, posto que era un Reino. O que non se pode decir é que Isabel fose *Raiña* de Hespaña, aínda que nunca houbera eisistido unha Hespaña máis grande e máis verdadeira, e así resulta parvo crear un ideal hespañol unitarista baixo a advocación da *Raiña Católica* e do seu testamento.

Isabel miraba pol-o ben común dos seus Reinos e Señoríos e pol-as obrigas que como *Raiña* e Señora d-éles lles debía, e por eso coidaba perigoso que os seus herdeiros violaran a liberdade dos povos e que, por ende, perderan o amor e a lealdade con que, según ela, fora servida. Por eso Isabel ordeaba que os cárregos e oficios que leven anexa calquera xurisdición nos Reinos e Señoríos “*no se den a extranjeros* (eran estranxeiros n-un Reino os naturaes de outro), *así porque no sabrían regir ni gobernar según las leyes e fueros e derechos e usos e costumbres de estos mis Reinos, como porque las ciudades e*

villas e lugares donde los tales extranjeros hubieren de regir e gobernar, no serán bien regidas e gobernadas, e los vecinos e moradores de ellos no serían de ello contentos, de donde cada día se recrecerían muchos escándalos e desórdenes e inconvenientes". Véxase como a letra do testamento de Isabel declara que cada Reino ten leis, foros, dereitos, usos e costumes propios e diferentes, e que, poño, por caso, un castelán en Galiza é un estranxeiro, incapaz de rexirnos a dereitas e culpable, pol-o tanto, dos desordes e descontentos que ali se produxesen. ¡Xúrdia leición de moral política para os que mandan funcionarios públicos a Galiza sen coñeceren, tansiquera, o noso lingoaxe! ¡Xúrdia leición para o absolutismo dos Reis ou da "Gaceta", que pretenden gobernarnos dende Madrid! ¡Lástema que tan santos e prudentes preceptos —no que toca a Galiza— foran consellos póstumos d-unha grande pecadora...!

Non se pode negar que Isabel preveu o que dispóis había de suceder na Hespaña dos Austrias ao casar a súa filla con Felipe el Hermoso "...e viendo como el Príncipe, mi hijo, por ser de otra nación e de otra lengua, si no se conformase con las dichas Leyes e Fueros e costumbres de estos mis Reinos, e él e la Princesa, mi hija, no les gobernasen por las dichas Leyes e Fueros e usos e costumbres, no serán obedecidos como deberían...; e no tenerles el amor que yo querría que les tuviesen...; e conociendo que cada Reino tiene sus Leyes e Fueros e usos e costumbres, e se gobierna por sus naturales... ordeno y mando que de aquí en adelante no se den las dichas Alcaldías e Tenencias de Alcáceres, ni Castillo, ni Fortalezas, ni gober nación, ni cargo ni oficio que tenga en cualquier manera aneja jurisdicción alguna, ni oficio de justicia ni oficio de ciudades ni villas ni lugares de estos mis Reinos e Señoríos, ni los oficios mayores de los dichos Reinos e Señoríos, ni los oficios de la Hacienda de ellos, ni de la Casa o Corte, a persona ni personas algunas de cualquier estado o condición que sean, que no sean naturales de ellos; e que los Secretarios ante los que hubieren de despachar cosas tocantes a estos mis Reinos e Señoríos e a los vecinos e moradores de ellos, sean, naturales de los dichos mis Reinos e Señoríos... E mando a los dichos Príncipe e Princesa, mis hijos, que así guarden e cumplan, e no den lugar a lo contrario". Xa se sabe con que modos e maneiras

foron compridas as ordes da *Raiña Católica*, dendes que o seu neto Carlos I entrou nas terras hispánicas, acompañado de insolentes forasteiros, para abolir, coa decapitación dos vencidos de Villalar, a política tradicional de Castela. "*Con la España austriaca —dinos Cánovas del Castillo— pereció la verdadera, la antigua, la gran España de los Reyes Católicos, no quedando más que el odio, que, a causa de lo pasado, nos han profesado hasta ahora unánimemente los extranjeros*".

Os hespañoes que ven no testamento de Isabel o Evenxeo da unidade hespañola, pretenden que o uniformismo das terras casteláns se estenda a toda Hespaña. Nos ven que os nosos anceios autonomistas caben folgadamente nos preceptos da Carta testamentaria de Isabel, pois ela somentes estableceu a relixión católica como base común, como pensamento unificador; pero en ningunha ordenanza real se defende con máis ardor a variedades política e administrativa de Hespaña. Velahí a súa manda: "*e que guarden e hagan guardar... a todas las ciudades e villas e lugares de los dichos mis Reinos e Señoríos, todos sus privilegios e franquias e mercedes e libertades e fueros e buenos usos e buenas costumbre que tienen de los Reyes pasados e de Nos, según que mejor e más cumplidamente les fueron guardados en los tiempos hasta aquí*". Os que adouran a figura de Isabel I de Castela terían dereito —se os deixaran— a impornos o catolicismo coma base da felicidade humán e como fin do Estado, tal como na URSS se impón o socialismo; pero dispóis de restauraren a Santa Inquisición, para ben da unidade católica e para temor dos herexes, terían de conformarse c-unha unión pactada de todol-os povos que integran a Hespaña, abolindo de raiz o centralismo que nos regalou a *impía* Franza, e deixando que cada povo se rexise con absoluta independencia no que fora propio da súa persoalidade. Este sería o modo de dar comprimento á Carta testamentaria de Isabel.

Nin que decir tén que os republicáns non podemos comprometermos a tan sagro mester, aínda que as estátuas dos *Reis Católicos* estiveran nas Cortes republicáns e o Presidente da República ostentara, como insinia suprema, o *Collar de Isabel la Católica*. Como demócratas e liberaes sóio nos era doado puñar cos *tradicionalistas* (así se chamaban os bulradores da tradición) e decirlles que íamos restaurar a Hespaña civil e verdadeira, a que xace soterrada por catro séculos de estran-



C A S T E L A O

Verba Inmorrente da GALIZA

xeirismos, baixo d-unha morea de fracasos. Este sería ao modo de actualizar a sabiduría de Isabel; establecendo unha República federal, con hespañoes íntegros, de antigo carácter e modernos pensamentos, tan seguros da súa razón e das súas intencións como aqueles que antano, para xuraren fidelidade ao Rei, comenzaban o seu xuramento con estas verbas: "Nós, que somos tanto coma vós e que xuntos valemos máis que vós..." ¿Non eran estas verbas, acaso unha fórmula de unión pactada?

Corre como certo que os *Reis Católicos* fundaron, co seu casamento, a unidade de Hespaña; pero é máis certo que cada un d-eles rexía separadamente os bens anexos á súa coroa, e dispóis de moíta Isabel aínda volveu a casarse Fernando, en busca d-un herdeiro que anulase o compromiso do *Tanto Monta*, é decir, o dobre e forzoso reinado que recaería en *Juana la Loca*, e somentes á esterilidade da segunda muller de Fernando se debe a soldadura de Castela e Aragón. A proba de que non existía unha unidade hespañola está en que o cerra da Reconquista compreuse coa incorporación de Granada á

coroa de Castela, ficando a coroa aragonesa desvencellada d-este novo aporte. Somentes Felipe II creu ter consumado a unificación política da Península ao sentarse no trono portugués. Este feito singular ensanchou politicamente a realidade federalista anterior, convertíndose n-un réxime confederal, que se reflexa no *prudente* tíduo de "*Rey de las Españas*", adoptado por Felipe II e os demais Felipes até a separación de Portugal. Así, pode decirse que os *Reis Católicos* comezaron a unión dos povos hispanos, cuxa unión levou a cabo Felipe II, o Prudente...; pero a unidade hespañola, ou sexa, a Hespaña única, comenza en 1640, coa perda de Portugal e o robustecimento do pulpo madrileño. Dispóis veu o demais.

Nós atopamos no testamento de Isabel algo que debe ser respetado e que pode ser cumprido. Somos federalistas e non esnaquizadores da realidade hespañola, i en acatamento dos feitos que o tempo creou, xa non discutimos que a Capital de Hespaña estéa no Centro ou que a língoa do Estado sexa o idioma de Castela. O que negamos é o Estado unitario e contralistas, sen porvir de xusticia nin asomos de normalidade, cuxo se presenta aos hespañoes en figura de guarda-civil ou de recaudador de contribucións. E con permiso de Doña Isabel de Castela reclamamos a liberdade integral de Galiza para que poida unirse vontariamente e cordialmente ao resto de Hespaña.

As Cruces de Pedra na Galiza

Por Félix Martín Iglesias

Co gallo da publicazon do libro de Marcial Fernández "TRASDENDENCIA Y HONDURA DE CASTELAO" fixéronse moitas crítecas de xeitos distintos, unha d-elas, era sobor de que a persoalidade de Castelao estaba indebidamente agrandurada. Cecaís por un descoñecimento das suas obras, por non estare d-acordo coa sua maneira de escribir e ou si acaso por ferírelles a sátira d-algunhas da suas caricatas; agora ben, non coído que despois da lectura e contempranza do arte apresentado na sua obra "AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA", les quede dúbida de qu'a figura de Castelao agrandúrase, tanto, que total-as biografías e artigos en col da obra do mestre quédansen parvas.

En AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA Castelao é un home distinto. Non é o artista que co trazo do seu lapis meigo fai na nosa maxinación o solace pol-a sua conta, ou o liteirato que coa sorna ou a dozura das suas verbas nos fai sentire a crudeleza d-un problema ou o feitizo d-unha pasaxe aneidóteca. N-iste fermoso traballo Casteao aparece coma un home que xa chegou ao estado plenitude nos coñecimentos de Arcoloxía i-a Pre-Estorea da Galiza, i-ademais, debido ao estudo en comparanza eisténdese por toda Europa e chega aos confíns d-Australia. A procura nos libros sobor da materia até onde é posibel, fai traballos do agro e inquire aos maestros d-estas ciencias i-a pesares de tudo, non esta d-acordo coa sua laboura, il, quixera mais; pro o seu esprito d-artista i-a sua maxinación d-escritore vense trabadas pol-as ríxidas discipriñas científicas. Hoxe n-iste burato que deixan as obras escritas en col da materia i-os traballos de comparanza non se pode botar palla, i-a laboura do mestre é ingrada sen espranza, mais pra nos e froitosa. No libro de Castelao non se creba o feitizo da lenda de que os po-

bos céltigos, non tiveron mais que a tradizon oural, aqui tamen falan as pedras e alan ao traveso da intérpreta d-un d-eles, porque os motivos dos dibuxos de Castelao están feitos no galego e coa sua arte dalle lenidade as asprezas e severidade das ciencias tendo a sixeleza i-a dozura do arte nativo.

En as CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, estan misturadas a seriedade da ciencia i-a Arte meiga de Castelao, n-iste derradeiro senso a laboura e abafante dando gallos d-abondo pra o pintore i-o escultore. Pol-o que conta na Arcoloxía a parte do devandito ten un vaore imprecedeiro, pois moitos dos moimentos e pedras que sinala perdéronse, xa pol-o discoído i-a incuria dos que crendose moi hespañoes escubiron un virus filtrabel que lle chaman o pan-celtismo e que cundía pol-a Penínsua. Pra rematare co iste mal deixan a un costado as reliquies que non teñen un marcado sapore crásico román, e co auxeto de conservare tudal-as características que lle compren nas revistas d-Arcoloxía, non publican ningún artigo en lingua vernácoa, nos veñen escritos en italián i-os nosos sabios en ves de facer traballos eruditos adicanse a traducire do alemán traballos en col da Galiza e Portugal, d-isto si teñen que facera traduzón pois o pobo non lles atura o tido de tanta hispanidade coma: DIE NORDWETSTIBERISCHE VOLKSKULTUR.

A obra de Castelao AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, consultarana xentes que lles cumpra ver fontes de erudición pra Estorea da Hespaña e da Galiza, e non terán necesidade de botar man d-istas traduciones misturadas, porque AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA, e o uneco que se fixo na Hespaña e no mundo sobor d-ista especialidade.

Xullo 1953.

Na morte de Castelao

¿De qué morte morreu a nosa prenda?

Por Ramón Cabanillas

Irmán Daniel:

Na praia de Rianxo
caían como bágoas as estrelas,
espallaban teus aies derradeiros
bruantes ventos das andinas serras,
e ondas galgantes, en cramor, chegadas
da pratense ribeira,
contaban no areiro que te foras
de seriedade pol-a plan vereda...
o camiño que nunca se desanda,
o vieiro sin fin...

Na noite pecha
entrei pinal adiante medoñento
a alma d-un feitizo prisioneira
Fungaban os ramallos un responso,
en velorio de honra ó teu relembro.
Ergueitas cara ó ceo as ponlas, era
cada pino un cruceiro,
labra xenial de túa man maestra,
e aquel forte e lanzal, que tempos idos
escoitou a tua prácida conversa
có sabidor e xurdio,
profundador de voces milagreiras,
inquiréu delorido, en desespero:
¿De qué morte morreu a nosa prenda?

Atravesoume o peito
un dór punxente e esguio de saeita
e díxenlle a verdade crú, tinguindo
c'unha pinga de sangue cada verba:
¡Morreu do mal dos bós e xenerosos!

¡Morreu de amor a Terra!

Un Rifeño Capitán Xeral da Galiza

Madrid.—El único general moro del Ejército Español MOHAMMED BEN MIZZIAN BEN KASHEN, ha sido promovido al rango de Teniente General que es superior al del General Franco. El acuerdo del Gabinete, presidido por el Jefe del Estado General Franco que resolvió el ascenso, decidió además, su traslado desde Marruecos Español, como Comandante de la Región de Galicia.

A notiza que reproducimos pertence aos xornaes d-ísta capital, de non fai moitos días. Aínda se asinalan máis, pondo en craro que: "EL JERARCA RIFEÑO SEGUIRÍA MANTENIÉNDOSE FIEL A LA RELIGION MAHOMETANA".

A notiza de cal a reosimilitude, en ningún intre foi posta en dúbida anduriñou por todos os ambientes facendo causa de eistraneza i-estupore. E por certo que os comentarios n-ista ocasión non poderon sere mais covicentes e con manifestacións xeraes de rechace, por un feito que e considerado totalmente ante políteco así como firente da diñidade i-orgulo de tudol-os hespañoes e principalmente pra nos os galegos.

Dende que os grandes consorcios hespañoes, inventaran aquilo do "PROTECTORADO HESPAÑOL" en Marrocos, incontabeles son a vítimas que a codiza i-o agoiro dos grandes aizoístas soterraron n-aquelas virtas terras. E

moitos son os fogares que aínda hoxe, sinten viva i-apreixante a dorosa lembranza d-aquelas mocedades cheias d-ensoños e vida que morreron en nome d-un patrioteirismos merceario, calcoado na Bolsa Mercantil que controlaba a suba e baixa das ben coidades aicions.

E moitos son tamén os hespañoes e galegos de toda casta e condizón a quenes a inacababel sangrada do Rif botaron a emigrazón lonxe da terra e do garimo dos seus fogares. Todos sabemos que a lealtade rifeña hai que pegal-e e que aínda pagandoa, íla é so-mentes de circostanceas, do intre i-oportunidade. Negalo e descoñecer grandementes a Hestora.

Vaia pois a nosa protesta desconta tamaña feitoria. Que a maldizón sagra dos nosos irmans mortos caía sobor das testas dos novos. D. Opas, que o pobo xa ao seu bebido tempe lles pedirá as debidas contas.



Coma eu a Vexo

Por Xesús Dopico

Pra min Galiza non é un anaco xeográfico calisquera, senon algo de mioto máis vaor e indefinibel, que achega a un profundo máxinar. Pra min, é un anaco de terra onde maxino que o Signore do Universo houbera de escansare no sétimo día.

O seu crima é apacibel, acolledor i-a sua lus bretemosa amostra a moitocromía, d-unha beleza talmentes que semella Sinfonía Inconcusa de gamas interminabels, onde pra podere recoller unha moi pequena impresión ollamos arroubados a maxestusidades das suas perspeitivs subrimadas d-encantos cos ollos moi abertos, pra que ren fuxa da retina da i-alma.

Algunha vegada cumpreume fixare as miñas impresións coa ousesión de deixare unha lixeira tripada d-isa Sinfonía Eterna que é Galiza, mais as Musas non sempre axeitadas son e perferín agardar e seguirei agardando ise intre no que o sopro que coma un conxuro máxico me de o cumprido estro pra realizare algo mais, que un intento e que asimesmo coido ha de estare fora do común.

Galiza leva nome de muller e ceais por elo a nosa tendenza a tenrura i-os sentimenttos do esprito son tan asinalados.

Suas paisaxes coma as sua rías desffian diante dos nosos ollos lenes, ledas, sen contrastes de sopetón que creben a armuña creadora.

Até o cantar nos piñeiros resoa a Cantiga de Berce, esbarada pol-a matroa co seu cativos nos brazos. Aínda no meio das griseiras ou no balbor tremente do trebón inverneiro o viaxeiro

do mundo non trasloce n-elo a faciana d-unha nai que reprende a seu filliño por unha trastada.

Tan característica e a nosa Terra, que non se asemella a ningunha outra, e cando chove non e a orballreira que cai molesta, senon múseca lene, que entoa as sementeiras coma os sensos, i-ao longo da choiva escoitamos o estribiño, arreo da teima ledizosa que non quer deixarnos até encher de melodías inomenables canto nos arrodea. Moita é xente que non acerta a comprendere un estado i-álmico semellante, pro non embargantes gustan de mollarse porque non iñoran que hai algo de ledizoso n-isa choiva.

Marmurio de piñeiros, cantigas de carro son o agridoce da vida que despexa as nosas frebas mais sesibels. E o recollimento i-a ouración, é o abrete d-un novo día mais fremoso, o anceo i-arela de vivire i-o disfroite de canto belido a vida nos achega.

Galiza é coma o carballo que chouta da terra porque se afincoi na i-ama i-enderamais nos deixará. E a subrimanza pol-o sinxela, pol-a sua armuña beleza e sereia melanconía. I-en troques de sere outiva tende o seu mantelo arrolándono no colo da sua infinida tenrura.

Por isto Galiza é a namorada de todol-os acolados no seu colo i-esí coma o seu berce e de granito e basalto, esí tamén de rexo e o noso namoro acugulado, por isa abenzoada terra que o Nososeñor nos deixou.

E esí coma eu a ollo a Galiza.

ESGUELLOS

Por MADOVE

Pra que o espallamento da riqueza sexa mais human e cumpra, por eso, un pouco mellor a función social que debe ter, faise indispensable que o réximen xurídico dun país, ou de unha rexión, troque o seu signo actual por outro que naza inxoiro de privilexios pros poderosos e teña en contra os novos derroteiros do mundo aitual.

Quero deixar ben acrarado que os anteriores conceptos están ditos en términos de economía política pra que non poidan tomarse como desfogos demagóxicos, pois ben lonxe se alcontra da miña intención enfouzarme nese trillado camiño dos irresponsables. Anque tampouco, por medo, ou por temor, de verse un envolto nas lingoas viperinas dos que con solo oír falar de xusticia social erguen o dedo pra sinalar como apestoso a quen parole dise rebulente tema, debe escorregarse o bulto pra toparse en postura acougante deixando co mundo corra. Non. Os problemas hay que prantexalos e debatilos, pois sin esa premisa ¿cómo pode devenir o progreso?

Máis en esta ocasión non vou a desenrolar o que deixo asentado nos primeiros ringlós de este esguello, porque inda que o quixera facer, ¿de donde sacaba esta revista o espacio que se percisa?

Quede, pois no prelo o meu pensamento, e en mellor ocasión votaremos a expricar en que debe consistir o troco de réximen de Galiza, partindo, craro está, do Estatuto, pese a que eu

que, xa decrarados "sitios naturales de interés nacional", abarcan unha visibilidade —dende Ferrol-Finisterre-Santiago-Portugal— que ningún outro de Hespaña ten; balnearios curativos como a Toxa; a cidade de Compostela a uns cantos minutos con automóble; a ría, que e un poema de Virxilio; o clima, no verán, algo que linda co a fantasía; a tamén poucos minutos, a COSTA DA MORTE, ese mar bravo que pros espíritos fortes, con desexos emocionales, ben a ser a alicerce de máis impetuosidades... ¿Pra que seguir describindo ese emporio de beleza variante e suxestiva? Non fai falla, porque quen o conoza, ¿a que decirillo?, e pros que non tiveron esa sorte, mellor que cantarllo e recomendarlle vaian a velo.

:: ::: ::

A creazón dun CENTRO DE TURISMO, non ven a ser encomendar a natureza, senón todo o contrario: servila. E pra servila ben, debe botarse man de canto medio dispón hoxe o home pra lograr unha civilización das mais adiantadas. Hoteles, comunicacións, servicios, comodidades..., e nada de explotación no senso baixo da verba. Sin descoidar a propaganda, ponto neuráxico de tales trafegos.

Esto quere decir, na linguaxe pra todos, que si algún día se acorda poñer en práctica, pra ben de Galiza, o que deixamos rabuñado, que se faga d-unha maneira completa, centífica e

razonas, porque si se pensa en peque-
coido que fai falla ir moito más alá.

Pasando, daquela, o ouxetivo cen-
tral de estas liñas, quero expoñer
unhas cantas ideas que me parecen
totalmente aprobeitables. Trátase de
que en Galiza haxa un outo CENTRO
TURISTICO que compita cos mellores
do mundo. Expoñer razóns pra con-
vencer de que o turismo debe fomen-
tarse e atraerse porque e unha "IN-
DUSTRIA" das mais importantes, pa-
résceme un lugar común. Entón solo
queda elexir, sin bastardos complexos
comarcales, o sitio do emprazamento.
¿Cal reúne todos os mellores acom-
dos pra semellante empresa? Solas-
mentes que me atope moi trabucado,
darei que o único que ten todas as con-
dicións eisixibles, e a ria da Arousa.
En ela hay illas grandes e pequenas,
cheas de ensono; povos de maravilla;
montes como a Curota e a Curotiña

nos pulos, o desastre será a meta. Xa
houbo xentes en outros tempos que, pa-
sándose de listas, dixeron: regalémos-
lle a illa de Cortegada a casa real e da-
quela ésta xa queda abrigada a facelo
todo. E o regalo levouse a cabo... pro
eso foi todo. ¡Canta iñoranza!

:: :: ::

Non sei que acollida recibirá esta
aparente cousa pequena. Eu sempre ti-
ven por derroteiro prantear as miñas
convicións púbricamente, pra descárre-
go de concencia. Quen "predique e non
de trigo", como di a conxexa do povo,
pouco valor ten. Non sempre e verda-
de, porque hoxe por hoxe, non se pode
facer outra cousa, e daquela e peor es-
tar mudo, porque dise xeito e amos-
trarse desleigado da Terra, o que me
parece unha herexia das mais imper-
donables. E a min non quero que me
colguen semellante sambenito.



Poetas Vellos

P E R O M E O G O

(Séculos XIII-XIV)

—Tal vai o meu amigo
con amor que lle eu dei
como cervo ferido
de monteiro de El Rei.

Tal vai o meu amigo,
madre, con meu amor
come cervo ferido
de monteiro maior.

E, se él vai ferido,
irá morrer al mar;
sí fará meu amigo
se eu dél non pesar.

—E guardádevos, filla,
ca xa un atal vi
que se fez mui coitado
por guañar de mi.

E guardádevos, filla,
ca xa un vi atal
que se fez mui coitado
por de min gaañar.

Fose o que for da vida de Pero Meogo, o máis importante d-ela a súa poesía chegou pura e nidia deica nós. E non nos cansaremos de gradescer a Deus o miragre, pois miragre do arte lírico son as nove cantigas de amigo do troveiro.

Non é somentes á paisaxe —fontes, prados, soutos, cervos e cervas, vales e montes—, presente adoito na poesía de Meogo; nin a permanente visión da muller belida de dourados cabelos nin o sentimento amoroso, coma orballado de recendos campesíos, que a inza por enteiro, nin a saudade, nin a tristura, nin os noxos da namorada; non é ningún dos elementos isolados das suas trovas o que define a poesía de Meogo. E, sin máis, a esenza lírica dunha raza e dunha terra, a razón de ser espritoal de un pobo, que se fixo verbo no peito tremante do troveiro.

(Escolma da Poesía Galega)

Poetas Vellos

M E N D I Ñ O

(¿Século XIII?)

Sedíame eu na ermida de San Simón
e cercáronmi as ondas, que grandes son;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Estando na ermida ante o altar,
e cercáronmi as ondas grandes do mar;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

E cercáronmi as ondas, que grandes son;
non hei barqueiro non remador;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

E cercáronmi as onda do alto mar;
non hei barqueiro nen sei remar;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Non hei barqueiro nen remador;
morrerei fremosa no mar maior;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

Non hei barqueiro nen sei remar;
morrerei fremosa no alto mar;
¡eu atendendo o meu amigo,
eu atendendo o meu amigo!

A namorada está na ermida da illa de San Simón, agardando polo amigo. Na-
mentras agarda a mare vi rubindo, cun son alastrado de crecente preamar. A moza
non ten barqueiro nen remador que vaia tirala do seu triste isolamento. O amigo non
ven, e ela sinte a morte chegar pe da ermida, onde ha de finir, fermosa e noviña.
O refrán da contiga é coma tráxica chamada á espranza que fuxe; o ritmo do poema
alastra a ideia de un “de profundis” fadal nunha paisaxe que, de lírica e maina,
trocouse súpetamente en dramática, pra rematar leixándonos a aceda pesadume de
non sabermos o fin da leita. E coma un pesadelo que non se afasta de nós, co feitizo
doente das tráxicas lendas antergas.

En col a Unhas Trasmisións do Patronato da Cultura Galega de México

Domingo a domingo véñense celebrando dende fai máis d-un ano, as trasmisións que baixo o rubro da HORA DA CULTURA GALEGA, orgaíza o PATRONATO DA CULTURA GALEGA DE MEXICO, estabrecido en xeito legal dende apenas ai uns meses.

Non embargantes as nosas discrepancias, no xeito en que está sendo manexada a devandito transmisión radial, i-esto que nos perdoe o noso Editore Responsable Rodríguez de Breña que dirixe a transmisión, tamén fai falla sinalar, que e de loubare a tenacidade e costancia con que se veñen logrando as realizacións do programa da HORA DA CULTURA GALEGA.

E de loubare que ao traveso do programa, se haxan presentado persoalidades da terra nosa e mexicanas disertando brevementes en col a diversas teimas, i-ademais elo siñifica a incorporanza aos núcros galegos de persoalidades galegas, que deica d-agoira non había sido posibel poñer a labourare pol-a causa galega e da galeguidade.

Deica d-agoira pasaron pol-s transmisión o violinista Xesús Dopico, que ao mesmo tempo desempeña o posto de Presidente do Patronato da Cultura Galega, o Inx. Agrónomo Sr. Vázquez Humasqué groria galega no seo d-istas aitividades, o Dr. Amancio Bolaño, galego d-Ourense Prof. da Facultade de Filosofía e Letras, esí coma da Escola Nazonal d-Antropoloxía da Universidade Autónoma de México, e tamén o Dr. Eusebio Dávalos Direitore aitualmente da Escola Nazonal d-Antropoloxía da mesma Universidade i-outrs que se nos sinala ascorreran ao traveso das tresmisiones d-arreo.

Dende logo dixemos que iste Orgaismo SAUDADE, lle agradaría que o programa fose por outros carreiros, máis iso deixamolo de banda, pois cumpre sinalar, que nas labouras a prol de Galiza nos intresan somentes as veiraxes positivas que se fagan sen ter en conta quen as fai, i-o programa en si e d-un outo vaore positivo.

Ogallá que non decaía o entusiasmo e sexa, todo elo pro ben da nosa Terra.

Letras de Loito

ALEXANDRO VIANA.—Morreu en México no curso do ano derradeiro.

CORONEL ARCE.—Morreu no Sanadoiro Hespagnol de México vítima d-un cáncere.

XOSE MARQUEZ.—Morreu na cibdade de Puebla vítima d-un ataque de Uremia.

ELIO FIGUEIRAS.—Morreu despeñado no Estado Chihuahua, cando se adicaba a estabrecere un negocio no cal depositara todas as suas fianzas.

DR. ALEXANDRO OTERO.—Médeco ilustre, ex Reitore da Universidade de Granada, fundador da Sociedade de Ginecología e Oustetricia de México, morreu no curso do presente ano n-ísta cibdade. Habendo seus deudos solicitado permiso pra levalo a Galiza onde había de sere soterrado foilles denegado.

DON MANUEL PORTELA VALLADARES.—Ex Presidente do Consello de Ministros. Ex Direitore, propietario e fundador do PUEBLO GALIGO DE VIGO. Morreu en Franza onde se topaba desterrado. Coa sus perda sofre Galiza a d-un verdadeiro amante das suas cousas e sinceiro defensore da nosa autonomía.

Ao render homaxe a mamoria de tudol-os irmans sinalados facemolo co curazón agrilloado de dor i-esí o facemos sinalar aos seus debedos co noso mais adorido pesar. Que as terras onde están soterrados lle sexan mais mornas que aquelas qu-iles amaran tanto, e que algún día cando as bandeiras da liberdade alen nos confins da nosa terra, as nosas benamadas carballeiras e piñeiraes abalen sobor das suas campas os recendos froitosos d-un porvir ledizoso qu-iles non poideran ollar, e no cal tiveran iles postas a suas máis caras ilusions.

El problema de las nacionalidades hispánicas

Por A. ROVIRA I VIRGILI (I)

(I) A. Rovira i Virgili falleció en diciembre de 1950 en Perpignan, donde vivía exiliado desde la caída de Cataluña. Era uno de los más brillantes y puros escritores en catalán, lengua en la que produjo innumerables artículos y numerosos libros. Cuéntanse entre éstos una *Historia de Catalunya*, una *Historia del moviment nacionalista*, un libro sobre *Els darrers dies de la Catalunya republicana* y diversos e interesantísimos estudios sobre las relaciones entre Cataluña y la Revolución francesa. No podemos dejar de señalar dos de sus obras fundamentales: *Defensa de la Democracia* y *La crisis del régimen*, así como sus ensayos sobre Pi i Margall, Pau Claris y Valentí Almirall. Dirigió en Barcelona el gran diario *La Publicitat* y fué fundador y director del diario de la tarde *La Nau* y de la *Revista de Catalunya*. El artículo que ofrecemos a nuestros lectores, inédito hasta ahora, fué el último, que escribió el gran historiador y pensador político catalán.

1

TRES NACIONALIDADES CONTRA EL ESTADO UNITARIO

EN la época contemporánea se ha visto en el Estado español tres renacimientos particularistas que han finalizado con la reivindicación política de la autonomía: el de Cataluña, el de Galicia y el del País vasco.

¿Renacimientos nacionales, regionales o provinciales? ¿Son estos tres pueblos nacionalidades, regiones o provincias? Cuestión a discutir, si se

quiere. Pero existe un hecho: los catalanes, los vascos y los gallegos han expresado numerosas veces, vigorosamente, su deseo y su voluntad de poseer instituciones que les permita gobernarse a sí mismos en todo aquello que se refiere a su vida interna.

El carácter nacional de estos movimientos no ofrece duda a cuantos conocen suficientemente el pasado y

la realidad actual de la península ibérica. Se trata de manifestaciones ibéricas del movimiento general de las nacionalidades que ha llenado una gran parte de la historia contemporánea de Europa, y gracias al cual han podido levantarse de nuevo reclamando su libertad pueblos enterrados por su hundimiento histórico o dominados por la fuerza.

El movimiento nacional y el movimiento liberal aparecieron como derivados del mismo principio. Si existen derechos para los hombres también para los pueblos, no siendo estos últimos otra cosa que una forma de los primeros. El verdadero sujeto de las libertades humanas es siempre el individuo; la libertad de la lengua, por ejemplo, es una libertad —la más elemental y a la par la más espiritual— de los individuos que la hablan.

Un liberal, un demócrata, tiene un criterio objetivo para juzgar la razón fundada de las aspiraciones autonomistas: la voluntad de las poblaciones. Por lo tanto, si la voluntad de los gallegos, de los vascos y de los catalanes es de restaurar su autonomía adaptándola a las circunstancias de nuestros días, ningún hombre ávido de justicia puede oponerse a sus reivindicaciones. Desde el punto de vista político resulta secundario el que se clasifique a esos pueblos como nacionalidades, regiones o provincias; aunque, a decir verdad, la voluntad persistente de ser libre o autónomo constituye un signo de la nacionalidad, puesto que si esta voluntad existe y persiste es a causa de los factores naturales y humanos que la determinan: geografía, historia, lengua, cultura, consciencia de ser una personalidad colectiva.

España, durante los distintos regímenes políticos que se han sucedido, lejos de ser una nación espiritualmente unificada —y Renan decía que la nación es un alma, un principio espiritual— mantiene una estructura cuadrinacional, que Richelieu, los hombres de la Revolución francesa y Napoleón discernieron. Está compuesta de cuatro nacionalidades diferentes. Existe una nacionalidad occidental, atlántica: Galicia; una nacionalidad nórdica, cantábrica: el País vasco junto con Navarra; una nacionalidad central: Castilla, es decir los países peninsulares de lengua castellana; y, finalmente, una nacionalidad oriental, mediterránea:

Cataluña, o sea los países de lengua castellana.

Castilla es superior por el número de sus habitantes —18 millones, poco más o menos— a las otras tres nacionalidades —5,5 millones de catalanes, 3 de gallegos y 1,5 de vascos; en total 10 millones—. Pero por lo que respecta a la densidad de población, al poder económico y al grado de evolución social, los pueblos no castellanos presentan una ventaja innegable. Hecho a destacar: tienen la mayor parte de litoral de España; son pueblos del mar, mientras Castilla es sobre todo el pueblo de las altas mesetas interiores y constituye esa “España profunda” de que hablaba el cronista medieval catalán Bernat Desclot.

En el triple caso de las nacionalidades hispánicas, la solución liberal del problema resulta tanto más normal por cuanto los pueblos que aspiran a la autonomía, lejos de inclinarse hacia posiciones extremas, son partidarios declarados de las soluciones federativas. Han hecho la demanda, para el futuro próximo, de libertades comparables a las que gozan los Estados particulares de América del Norte o los Cantones helvéticos.

Por lo tanto no puede hablarse de separatismo. Para estos pueblos el separatismo no es otra cosa que la reacción eventual contra el cierre de la vía que conduce a las libertades de tipo federativo. No es que se consideren forzosamente obligados a una limitación de tal naturaleza; pero por afán de concordia, y también por realismo político, tienen interés en establecer una compatibilidad entre su autonomía y su pertenencia al Estado español, un Estado español ampliado y más flexible. Valentí Almirall, primer teórico del movimiento catalán, dijo sin tapujos en su obra *El Catalanisme*: “Si nos detenemos en un punto que no llega a la separación, no es porque nos falte el derecho sino porque creemos que no conviene ejercitarlo”.

El criterio democrático de la voluntad popular facilita, por lo demás, la solución de ciertos problemas latentes en el seno de las nacionalidades ibéricas: inclusión de Navarra en el País vasco autónomo; régimen particular de Valencia y de las islas Baleares. Estos dos países, si bien forman parte de la nacionalidad catalana lingüística e históricamente, no tienen

aun el mismo grado de sentimiento nacional que la Cataluña del antiguo Principado. Muy probablemente, en el caso de una generalización del régimen autonomista en España, tanto Valencia como las Baleares constituirán entidades particulares. Solamente más tarde podría examinarse la cuestión de una federación de los tres países de lengua catalana, federación insertada en el cuadro más amplio de la Federación hispánica, o en el más ambicioso y lejano de una Confederación ibérica. Estas son perspectivas futuras y los catalanes del Principado jamás pensaron en violentar ni tan siquiera presionar a sus hermanos valencianos y mallorquines. Lo esencial es que los tres grupos recuperen la plena conciencia de la personalidad nacional y que se esfuercen, conjuntamente o cada una por su lado, en recuperar en sus modernas formas la antigua libertad.

Este es el problema de estructura de España: tres nacionalidades desconocidas, pero vivas y poderosas, en pie contra el Estado unitario y absorbente surgido de la monarquía absoluta. Estado que sirvió de Castilla como instrumento, tras haberla despojado de las libertades originarias. Contra este Estado, creado por la dinastía austríaca y perfeccionado por la dinastía borbónica, luchan los patriotas vascos, catalanes y gallegos; luchan, no contra la existencia de un Estado español, menos aún contra Castilla en tanto que pueblo. Lo que quieren esos patriotas es que la nacionalidad castellana se junte a ellos en un esfuerzo común para terminar con un Estado artificial que tiene la pretensión de ser uninacional, al objeto de construir el nuevo Estado quadrinacional, la "España poliforme" cantada por el gran poeta hispano-americano Rubén Darío: las Españas, en plural.

II

ESPAÑA EXCEPCION EN EL MUNDO DE HOY

EL movimiento de las nacionalidades, en sus diversas fórmulas, ha triunfado en todas las partes de Europa, del Báltico a los Balcanes y de Irlanda al Ural. Las aplicaciones del principio de la libertad colectiva no han tenido todas el mismo valor, ni

tampoco aparecen todas como totalmente plausibles. Mas se ha reconocido y salvaguardado la personalidad de los grupos lingüísticos e históricos, y se les ha otorgado instituciones autónomas.

Las nacionalidades que, por así decirlo, fueron las "vedettes" del movimiento —Italia, Polonia, Noruega, Hungría, Irlanda, Finlandia, Bohemia— son hoy día Estados independientes. En la URSS la carta política se adapta a la geografía de las nacionalidades, y las múltiples lenguas, estimuladas por su uso oficial, están en pleno desarrollo popular, literario y cultural. (No tenemos ahora porque juzgar aquí los otros aspectos del régimen soviético). Problemas como los de los Balcanes, Creta, Slesvig y Alsacia-Lorena recibieron soluciones inspiradas en la concepción liberal del principio nacional. La influencia de este criterio se deja sentir en Asia mismo, donde ha sonado la hora última de los regímenes coloniales. Y he ahí Israel, la nación disuelta, dispersada, que después de veinte siglos de matanzas y persecuciones vuelve a encontrar el suelo de la patria perdida y la forma libre de un Estado.

Mas en el mapa de las múltiples nacionalidades, hay tres manchas negras: Cataluña, el País vasco y Galicia. Los tres únicos movimientos nacionales que en nuestros días se persigue y se encarna son los del Estado español. España es hoy una excepción irritante en lo que se refiere a la cuestión nacional, así como respecto a otras cuestiones, dicho sea de paso. Es el único Estado del mundo que niega al mismo tiempo las libertades individuales y las libertades colectivas.

Los derechos de la lengua vernácula no son reconocidos a los gallegos, a los catalanes y a los vascos. Se quiere arrinconarla en la vida familiar, etapa hacia la extinción. La dulce lengua gallega, madre de la portuguesa; la lengua vasca, maravillosa herencia prehistórica y la lengua catalana se ven infligir un trato inferior al que reciben las lenguas de las poblaciones semicivilizadas.

¿Es posible que esta vergüenza continúe? ¿Es posible que en un mundo en el que casi todos los problemas nacionales y numerosos problemas coloniales recibieron soluciones más o menos felices sobre la base de la liber-

tad de los pueblos, permanezcan en el extremo sudoeste de Europa, rechazados, agarrotados, doloridos, tres pueblos cultivados, laboriosos y dignos, que tienen un pasado glorioso y cuyo renacimiento se ofrecía rico de esperanzas e incluso de realizaciones? ¿Es qué los catalanes, los vascos y los gallegos, deben permanecer por debajo de los pueblos nacionales y subnacionales que en medio siglo hemos visto elevarse a la categoría de pueblos independientes o autónomos? ¿Deben ser los desgraciados sucesores de la Diaspora judía? ¿Es qué los demócratas de Occidente pueden observar con indiferencia incomprensiva, mientras saborean el jugo azucarado de las naranjas españolas este triple caso que clama y reclama justicia?

III

LA MONARQUÍA Y LA REPÚBLICA FRENTE AL PROBLEMA DE LAS NACIONALIDADES

LA Monarquía española, que trabajó siempre por cercenar y aniquilar las libertades de los pueblos que sometió por la fuerza o por la astucia, no podía acoger las demandas, cada vez más vehementes, de las nacionalidades peninsulares. La Monarquía estaba edificada sobre sus ruínas. Se había acorazado con el dogma de la unidad nacional, que añadía al dogma de la unidad religiosa: *Unus Deus, una grex, una lex*.

En 1907, en el curso de un debate parlamentario sobre la cuestión catalana, el jefe del gobierno español — que era, por triste ironía, un catalán de Mallorca: Antonio Maura — opuso a las reivindicaciones políticas de los catalanes, muy moderadas, una negativa total y feroz invocando la soberanía indivisible e intangible, esa abstracción inventada por los juristas a sueldo de los reyes absolutos y que ni tan siquiera se sabe dónde reside. Maura prometió con indiferencia una ligera reforma administrativa; pero más allá de esos límites, en la esfera política del Estado concebido a la manera unitaria, los catalanes, dijo, no recibirán la menor concesión. *Nunca, nada*, fueron sus palabras textuales. Y lanzó estos adverbios como rayos sobre la cabeza de los diputados autonomistas de Ca-

taluña, que sumaban 41 entre los 44 diputados de las circunscripciones catalanes. Doce años más tarde, otro jefe de gobierno español, el Conde de Romanones, oponía a los diputados catalanes una negativa de la misma naturaleza: “En cuanto a la soberanía, no admito ni el diálogo”.

Poco después la famosa soberanía pasó a manos del general Primo de Rivera, el cual con la complicidad de Alfonso XIII suprimió la Constitución, el Parlamento, las corporaciones de elección popular y naturalmente, la Mancomunidad, especie de federación de las cuatro provincias catalanas autorizada mediante un decreto del año 1913; esta institución tenía para los catalanes el gran valor moral de reconstituir oficialmente la unidad de Cataluña. Alfonso XIII, de paso por Barcelona, hizo el elogio de Felipe V y se declaró orgullosamente su sucesor.

La Monarquía española estranguló los pueblos en lugar de reunirlos; su objetivo principal era el programa que el Conde-Duque de Olivares presentó a Felipe IV en una Memoria: “Reducir estos reinos de que se compone España al estilo y leyes de Castilla”. El rey y el conde intentaron imponer enseguida este programa, ya esbozado por los Reyes Católicos, destructores de las libertades de Galicia. Pero ambos, poco hábiles, rompieron la unidad que querían asegurar: Cataluña se sublevó, seguida por Portugal (1640), y al año siguiente proclamó a Luis XIII de Francia Conde de Barcelona, mediante un pacto que aseguraba las instituciones autónomas. Y si bien el debilitamiento de Francia a causa de la Fronda obligó a los catalanes a volver a entrar en 1652 en el seno de la Monarquía española, que prometió respetar sus libertades, Portugal, sostenido por Inglaterra, permaneció y permanece separado.

Las libertades catalanes, salvadas durante el reinado de Felipe IV, sucumbieron en tiempos de Felipe V. Cataluña, Valencia y Mallorca, desconfiando de nuevo rey, habían luchado al lado de Carlos de Austria durante la guerra de la Sucesión, y no obstante su heroica resistencia, fueron vencidas a consecuencia del deshonesto abandono de que fueron objeto por parte de sus aliados, en primer lugar la tory Inglaterra. Fueron tratados como países conquistados e invocando ex-

plicitamente el derecho de conquista Felipe V estableció en los países de lengua catalana un nuevo régimen, a la vez antinacional y antiliberal. Tal es el origen de la soberanía real respecto a esos países: la conquista por las armas.

Si bien había anexionado por la fuerza Navarra a finales del reinado de Fernando el Católico, la Monarquía respetó durante largo tiempo las libertades del País vasco, comprendida Navarra; más terminó por destruirlas en el último tercio del siglo último. Amenazados por las tendencias unitarias de los liberales españoles, los vascos se hicieron en su mayor parte carlistas, y al finalizar las guerras civiles, a pesar de las convenciones establecidas, las leyes de 1839 y de 1876 les despojaron de sus antiguas libertades, a las que el árbol de Guernika había dado su sombra protectora.

No ha sido el pueblo de Castilla el que destruyó en beneficio propio las libres instituciones de Galicia, Cataluña y País vasco. Fué la Monarquía española la que, después de destruir las libertades de Castilla, utilizó esta nacionalidad para destruir las libertades de los demás pueblos de la Corona. La Monarquía quiso favorecer a Castilla utilizando a sus capitales, golillas e inquisidores para imponer la lengua y las leyes castellanas a los demás pueblos. Pero no ha hecho sino cubrir con la púrpura imperial la miseria dolorosa del pueblo castellano.

La República, proclamada en 1931, comprendió mejor el caso de catalanes, vascos y gallegos. Se adentró por la vía de un régimen autonomista basado en Estatutos particulares, partiendo de la iniciativa de cada uno de los pueblos deseosos de un tal régimen. Esto no se hizo sin dificultades. El espíritu unitario de la Monarquía había prendido con hondas raíces en la tierra desecada de la España central. Si el primer partido republicano español tomó una orientación federalista, fué porque su principal inspirador era un catalán: Pi i Margall. La primera República, la de 1873, obra en gran parte de los catalanes, proclamó en sus Constituyentes el principio de la República federal, que la falta de preparación del país y las luchas intestinas hicieron abortar. Las Constituyentes de la segunda República prefirieron el método gradual de los Estatutos al estable-

cimiento general de un régimen federativo. Fué inteligente. Menos inteligente fué el cercenamiento del Estatuto propuesto y votado en referéndum por Cataluña, de manera que la autonomía catalana no fué sino una semi-autonomía, inferior a la de los regímenes federativos que pueden calificarse de clásicos. Sin embargo, los catalanes aceptaron el Estatuto ya podado, puesto que contenía todavía libertades importantes que jamás la Monarquía hubiera concedido; en el mejor de los casos ofrecería una limosna de descentralización administrativa controlada, precaria, siempre a merced del humor variable y a menudo agresivo de los hombres políticos del centro y de los generales ambiciosos.

Tomando como modelo el Estatuto de Cataluña, promulgado en el mes de septiembre de 1932, en octubre de 1936 se votó en las Cortes el Estatuto vasco, con algunas variantes notables; la preparación del Estatuto gallego fué aplazado a consecuencia de la sublevación militar de julio de 1936. Si la segunda República hubiese resultado victoriosa, habríamos asistido en España al funcionamiento ordenado y beneficioso de los tres regímenes autónomos de Cataluña, País vasco y Galicia; y probablemente también de Valencia y Mallorca. El problema de las nacionalidades hispánicas se hallaría en la buena vía; incluso es de creer que las autonomías de los Estatutos se habrían ampliado constitucionalmente hasta los límites del federalismo clásico. Y en la cuestión de las nacionalidades, España no sería una negra excepción en el mundo.

IV

EL VALOR DEL AUTENTICO

ESPIRITU NACIONAL

SE ha relegado finalmente al desván de la tontería demagógica la tesis absurda que presentaba como incompatibles el nacionalismo — en el sentido de la libertad de las naciones — y el universalismo. En el seno de la sociedad civilizada lo humano es una armonía de lo individual, de lo nacional y de lo universal. El auténtico espíritu nacional — que no debe confundirse con el “chauvinisme”, ni

con la ambición de hegemonía, ni siquiera con el egoísmo sagrado— es una gran fuerza creadora. El mundo le debe ricas floraciones en el arte, en la poesía y en el pensamiento. Un pueblo no halla la plenitud de su vigor espiritual más que en la fidelidad a su naturaleza. Si renuncia al signo de su personalidad distintiva, o si es desposeído por la coerción, las luces de su genio palidecerán y se apagarán.

Véase la historia de los pueblos sin soberanía por propio abandono o por agresión de otro pueblo. Su aportación a la obra común de la civilización ha disminuído intensamente o se ha agotado. Pero si en uno de esos pueblos se produce un renacimiento del espíritu nacional, bien pronto su literatura y su arte, su ciencia y su vida, patentizan un nuevo esplendor.

Se ha visto durante la baja Edad Media, que en Europa fué el período durante el cual las nacionalidades tomaron figura y conciencia; se ha visto asimismo en los modernos renacimientos nacionales. Los errores, desviaciones y contradicciones de la política y de la diplomacia no bastan para arrebatar a los movimientos nacionales la gloria de haber dado un impulso a la vida espiritual de los pueblos.

Se ha visto tanto en la península ibérica como en otras partes. El movimiento catalán y el movimiento gallego, que hallan en la lengua su principal fuerza, se iniciaron mediante un renacimiento poético en el que brillaron grandes nombres. En Galicia, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curro Enríquez; en Cataluña, Ja-

cinto Verdager, Angel Guimerá, Joan Maragall, Miquel Costa i Llobera, Joan Alcover. En los otros géneros literarios la cosecha fué igualmente abundante. El renacimiento catalán, el que más ha evolucionado hasta el momento actual, condujo a la restauración del intenso hogar de cultura que ennobleció el nombre de Cataluña en los tiempos en que creó el más amplio y más duradero imperio mediterráneo después del de Roma. El movimiento vasco, por su parte, no solo detuvo el curso de la desaparición progresiva de la lengua vasca, sino que ha iniciado su renacimiento. La renovación del espí-

ritu nacional devuelve la juventud a los pueblos.

Por lo que se refiere a Cataluña, sobre todo, existe el hecho que durante los tres siglos de desnacionalización en el dominio de la lengua escrita, no produjo en castellano más que una producción limitada y mediocre; por el contrario, durante un siglo de renacimiento dió en su lengua una producción muy importante en cantidad y en calidad. Este hecho ha sido reconocido, casi con idénticas palabras, desde lo alto de la tribuna de los Juegos Florales de Barcelona, por dos hombres eminentes, de signo contrario pudiera decirse: un castellano de derecha, Menéndez Pelayo (1888) y un catalán de izquierda, Pi i Margall (1901). La historia literaria muestra que las dificultades para adaptarse a la expresión lingüística castellana son más fuertes aún para un catalán que para un vasco o un gallego; hecho este más psicológico que filológico. Así, la oposición al desarrollo de la lengua catalana es pura pérdida para la cultura humana, sin que la cultura castellana obtenga beneficio alguno. Los mejores espíritus de Castilla han condenado la imposición de la lengua castellana a los pueblos no castellanos.

Los españoles de tendencia verdaderamente democrática y liberal reconocen el hecho fundamental de la diversidad hispánica. La Monarquía española fracasó en su esfuerzo histórico por someter todos los pueblos de la península al estilo y a las leyes de Castilla. La República no puede proseguir este esfuerzo desleal y peligroso; en cambio puede triunfar en la tarea de reconciliar los pueblos peninsulares y llevarlos a una colaboración confiante y constante. Las reivindicaciones autonomistas de los vascos, catalanes y gallegos —tres pueblos de alma liberal y de tradición democrática— se colocan en el campo del federalismo y cuentan, en definitiva, con el apoyo popular. Los tres pueblos pueden tomar por divisa las hermosas palabras catalanas de Angel Guimerá:

“En la vida dels pobles, qui vol viure té rao de viure”.

Fontes e forxas da fala

LOCUCIONS GALEGAS

- Andar á saxota. Pasal-a vida de lacazán ou bocaceiro, sen traballar.
- Andar á lapa. Vivir a conta de outro.
- Andar ao dereito.
- Andar ás maas con alguén.
- Andar aos niños. (Dos paxaros).
- Andar ás voltas con alguén. Abelloar, enfadar.
- Andar coa canga baixa. Andar cabisbaixo, cabiscaído ou encotomiñado.
- Andar có cu ou có lombo. Bater, apouvirar, brear, zorregar, zoupar.
- Andar de cacho para testo. De eiquí pr'alí.
- Andar consigo. Ir ao doutor.
- Andar pola irgera. Ir en romaxe a un Sarrutario pra ceibar os "chemigos"; pedir esconxuros.
- Andar de mal ar (ou aire). Estar de mal xorne ou lecer.
- Andar dereito.
- Andar doente. Estar desesperado, asañado.
- Andar fora da súa nai. Estar tolo, louco, fora de siso.
- Andar no estudo. Seguir unha carreira.
- Andar sen arrendo. Vivir con inteira liberdade.
- Estar en bon andar. Ir ben, adiantar nun traballo.
- Por andar. Por pasar, por decorrer: Cinco días por andar do mes de nadal.
- A este andar. Nesta direición.
- Andar na língoa da xente.
- Andar como a gaita na festa. Andar na língoa da xente.
- Andar como a garde. Andar arrasto.
- Andar polas portas. Id.
- Andar coa areia na zoca. Estar coa mosca na orella.
- Andar ás degateñas.
- Andar a tatas. Id.
- Andar con pés de lá. Andar a modo, con tento.
- Andar con pes de manteiga. Id.
- Andar como a galiña c'os ovos. Andar pisan-do ovos.
- Andar con panxoliñas. Con panos quentes.
- Andar de cacho pra cribo. Andar de cacho para testo.
- Andar. O que anda no muíño acaba enfariñado. Tanto vai a ola á fonte.

(Continuará)

(Do Dic. de Leando Carré Alvarellos, Voc. Das Irmundades da Fala, etc.)

DOS PRONOMES

Os pronomes complementos enclíticos de verbos escribiránse a continuazón d'estes formando unha soia dición: téño, témolo, unilos, vénselle, mercámolla, fóxise.

Póñense diante do verbo:

1o.—Cando antes d'este hai algún pronome negativo, interrogativo ou conxuntivo ou os axetivos calquera, poucos: ninguén o sabe, ¿quén cho dixo?, o que che alcumou foi él, calquera llo dí, poucos che deron, etc.

2o.—Cando o verbo vai precedido de algunha conxunción (esceituando e, pero, pois), ou algún adverbio: nin llo dei nin penso neso, tamén llo a él dixeron; hoxe non che trouxo nada.

Cando se antepoñen ao verbo estas formas pronominaes dalle certo xeito o añadir algunha palabra entre meio das duas: Por falares moito, non coides que ch'eu vou dal-a razón.

Cando os pronomes de que falamos van rexidos por un infinitivo ou un xerundio precedido d'outro verbo, pódense poñer antes ou despois d'estes modos verbaes: Estábame facendo a barba, ou estaba facéndome a barba; foillo levar, ou foi levarllo.

Aconsellamos n-oustante a primeira forma.

Adoutando a forma portuguesa, os pronomes precedidos das preposicións a, de, en, por, escribiranse unidos a estes formando unha soia dición. O mesmo debese facer cos artigos o, a, un, unha, uns, unhas, e os adverbos aquí, aí, alí, acolá, alén, onde, antes. Así escribiráse: ao, da, do, das, dos, pola, polo, de-

la, dele, deste, desa, dese, daquela, daquele, nesta, neste, nesa, nese, noutro, nalgún, nalgunha, no, na, aquí, dalí, daí, dacolá, dalén, dantes, dun, inda que tamén pódese escribir, d'este, d'aquela, etc.

USO DOS INFINITIVOS

A forma indeclinábele do infinitivo emprégase:

1o.—Cando éste tómase en senso astrauto, prescindindo de persoas: O traballar non é pecado. E mester axudar a quen o percisa.

2o.—Cando o infinitivo sirve de complemento directo ou acusativo a outro verbo: Teus pais mándante saír. Queremos loitar polo ben dos nosos fillos.

O infinitivo toma as suas desinencias personales:

1o.—Cando se emprega como suxeito dalgunha oración, principalmente do verbo sustantivo, e exprésase a persoa á quen se alude, ou polo menos quere escital-a idea dela; enxemplo: Fagan o favor de iren hoxe. ¡Canto sinto o non estarmos de acordo! Ao chegares tí, fuxiron todos.

2o.—Cando o infinitivo ten o valor dun complemento circunstancial de causa, fin, desinio, restrición, etc., especialmente se o suxeito do mesmo é tamén suxeito ou réxime da oración principal; enxemplo: Pra loitares ti comigo, tés moi poucas forzas. Teñen tempo de abondo pra falérense.

(Leandro Carré Alvarellos)



HOTEL "PANUCO"

RESTAURANT

COMIDA A LA MEXICANA
Y A LA ESPAÑOLA

Tels.: 12-75-01, 12-75-03 y 35-79-64

Ayuntamiento 148 México, D. F.

HABITACIONES CON BAÑO
PRIVADO Y TELEFONO

Farmacia "LILY"

Esq. Insurgentes y Michoacán

14 21-59 y 37-31-59 México, D. F.

Confíenos sus Recetas

SERAN PREPARADAS COMO
SU MEDICO LAS PRESCRIBE

SERVICIO A DOMICILIO

Responsable:
ANTONIO REYNOSO PUENTE

C A F E

*La
Parroquia*

CAFE Y RESTAURANT

López, 34

México, D. F.

Tel. 21-40-40

Relojería y Joyería

CORNEJO

EXACTITUD ELECTRONICA

*Si su reloj no es reparado
bajo el moderno método
electrónico,
DESCONFIE DE EL*

Victoria No. 110 E
Casi esq. Balderas

Tel. 18-55-44
MEXICO, D. F.

Persianas
y
Cortineros



López No. 154-A Teléfono 10-22-22

IGA, S. A.

TALLERES MECANICOS INDUSTRIALES

Fabricantes de
Mobiliario Médico
y
Mesas, Sillas y Butacas
Metálicas Plegadizos

Fábrica:
Dr. R. Michel 425
GUADALAJARA, JAL.

Oficinas:
Av. Chapultepec 213
MEXICO, D. F.



Bolívar, 31
Despacho 6

Tel. 13-39 84
México, D. F.

ESPECIALISTAS EN TRAJES FINOS
A LA MEDIDA PARA DAMA
Y CABALLERO

Esta Casa ha inaugurado recientemente su nuevo departamento de ropas fabricadas en serie para caballero y niño, bajo la denominación de

EL VARON ELEGANTE

VISITENOS Y QUEDARA SATIS-
FECHO DE NUESTRO SERVICIO

Tintorería

MAYAB

Servicio a Domicilio

Camilo Alvarez

Alonso Cano, 23

MIXCOAC, D. F.

Precio: \$ 10.00

DIXO CABANILLAS:

A lingoa e o noso escudo. Ninguén, seia a que seia a forza asoballante en que se encoste e o poder de que dispoña, conquerrá trocar a espiritualidade d-un pobo nin afogar a sua fala, que e o roteiro da eternidade.

